



# BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

ANO CCCXLIV • VENRES 16 DE XANEIRO DE 2004 • SUPLEMENTO NÚM. 2 EN LINGUA GALEGA

FASCÍCULO SEGUNDO

**23936** *LEI 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. («BOE» 313, do 31-12-2003, e «BOE» 3, do 3-1-2004.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2004 establece determinados obxectivos de política económica; a súa consecución fai necesario ou conveniente a aprobación de diversas medidas normativas que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno, nos distintos ámbitos en que aquel desenvolve a súa acción.



MINISTERIO  
DE LA PRESIDENCIA

Esta é o fin perseguido por esta lei, que, igual ca en anos anteriores, recolle distintas medidas referentes a aspectos tributarios, sociais, de persoal ó servizo das administracións públicas, de xestión e organización administrativa, e de acción administrativa en diferentes ámbitos sectoriais.

## II

No imposto sobre a renda das persoas físicas, en primeiro lugar, establécese a exención das prestacións públicas percibidas por nacemento, parto múltiple, adopción, maternidade e fillo a cargo, entre as que se inclúen as prestacións económicas por nacemento de fillo e por parto múltiple previstas no Real decreto lei 1/2000, do 14 de xaneiro, e esténdese a exención das bolsas para cursar estudos ás concedidas polas entidades sen fins lucrativos acollidas á «Lei de mecenado». Por outro lado, introdúcese unha aclaración no requisito de convivencia que recollen as normas para a aplicación das reducións por idade e asistencia correspondentes ós ascendentes.

En segundo lugar, declárase expresamente a aplicabilidade ás cotas participativas das Caixas de Aforro das previsións contidas na normativa reguladora deste imposto para as accións e participacións en sociedades.

Tamén se establece que no caso de o contribuínte solicita-lo borrador de declaración e a Administración tributaria carecer da información necesaria para a elaboración do borrador, se lle facilitarán os datos necesarios para a confección da súa declaración en lugar do borrador e que se exclúe da obriga de reter e ingresar á conta nas misións diplomáticas ou oficinas consulares en España de Estados estranxeiros.

Finalmente, e como consecuencia da transposición ó ordenamento interno da Directiva 2003/48/CE do Consello, do 3 de xuño de 2003, en materia de fiscalidade dos rendementos do aforro en forma de pagamento de xuros, é necesario efectuar oportunos cambios en relación coas retencións que soportasen os contribuíntes deste imposto, durante o período transitorio establecido na directiva, polas rendas obtidas en Bélxica, Austria e Luxemburgo, cando o beneficiario efectivo resida nun Estado membro distinto do Estado membro en que está establecido o axente pagador, as cales se configuran como un pagamento á conta do imposto.

No imposto sobre sociedades, en primeiro lugar, adáptase a regulación da deducibilidade das contribucións dos promotores de plans de pensións á modificación introducida no artigo 5.3 d) do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, de tal modo que a totalidade das contribucións extraordinarias reguladas no dito precepto sexan deducibles sen necesidade de que se produza a súa imputación fiscal ó partícipe.

Por outro lado, adóptanse unha serie de medidas co obxecto de incentivar a realización de actividades de investigación e desenvolvemento e innovación. Así, a dedución adicional de gastos de persoal en investigadores cualificados e proxectos de investigación contratados con organismos públicos amplíase do 10 ó 20 por cento; o límite da base de dedución dos gastos correspondentes á adquisición de tecnoloxía avanzada auméntase de 500.000 a un millón de euros; e elévase o

límite na cota das deducións correspondentes a estas actividades do 45 ó 50 por cento.

Así mesmo, aclárase a regulación da opción para realiza-los pagamentos fraccionados sobre a parte da base imponible do ano que corre para os casos en que o período impositivo non coincida co ano natural, establecéndose de maneira expresa que nestes supostos o pagamento fraccionado será á conta do período en curso o día anterior a cada período de cálculo e pagamento.

Tamén se efectúan determinadas melloras en relación coas sociedades e fondos de capital risco. Dunha parte, amplíase o prazo da exención do 99 por cento, que pasa a ser desde o ano segundo ata o décimo quinto (ata agora o décimo segundo); tamén se amplía o prazo polo que excepcionalmente se poderá estender este beneficio fiscal (ata un máximo de 20 anos, 17 ata agora) e, finalmente, amplíase de dous a tres anos o tempo que pode transcorrer desde que a participada acceda á bolsa sen perde-la dita exención parcial. Doutra parte, esténdese o tratamento beneficioso para os dividendos e as rendas positivas postas de manifesto na transmisión ou reembolso de accións, previsto ata agora para os socios residentes, ós socios non residentes. Así, os non residentes con establecemento permanente terán o mesmo réxime cós suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades, mentres que para os que non teñan establecemento permanente se establece que se entenderá non obtida en España a renda.

Por último, prevese a non aplicación das normas reguladoras da subcapitalización e do réxime especial de transparencia fiscal internacional cando a entidade vinculada non residente en territorio español (no caso da subcapitalización) ou a entidade non residente en territorio español (no caso do réxime especial) sexa residente noutro Estado membro da Unión Europea, salvo que residan nun territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

No imposto sobre a renda de non residentes introdúcese determinadas modificacións como consecuencia da aprobación da Directiva 2003/49/CE do Consello, do 3 de xuño de 2003, relativa a un réxime fiscal común aplicable ós pagamentos de xuros e canons efectuados entre sociedades asociadas de diferentes Estados membros, que se deberá traspasar ó dereito interno de cada Estado membro antes do 1 de xaneiro de 2004, aínda que no caso de España se regula un réxime transitorio que afecta unicamente os pagamentos por canons.

De acordo con iso, adáptase o concepto de canons ó recollido na directiva e establécese un tipo especial do 10 por cento aplicable ós canons percibidos en España por non residentes sen establecemento permanente que residan na Unión Europea, cumpridos os requisitos establecidos na directiva e que se recollen no novo parágrafo que se engade ó artigo 24.1 da lei reguladora deste imposto.

Por outra parte, en relación coas rendas obtidas sen mediación de establecemento permanente, e en coherencia co establecido para o imposto sobre a renda das persoas físicas, exclúese da obriga de reter e ingresar á conta ás misións diplomáticas ou oficinas consulares en España de Estados estranxeiros.

No imposto sobre o patrimonio, a exención establecida sobre as participacións en entidades que cumpran

determinados requisitos esténdese ó dereito de usufructo vitalicio sobre as ditas participacións.

No imposto sobre sucesións e doazóns establécese que a redución do 100 por cento regulada para as cantidades percibidas polos beneficiarios de contratos de seguros sobre a vida sexa aplicable, sen límite, ós seguros de vida que traian causa en actos de terrorismo ou en servicios prestados en misións internacionais humanitarias ou de paz, sendo extensible a tódolos posibles beneficiarios. Así mesmo, elévase ata o 99 por cento a bonificación na cota de Ceuta e Melilla no caso de adquisicións «mortis causa» e cantidades percibidas polos beneficiarios de contratos de seguro sobre a vida, cando os habentes causa sexan descendentes, adoptados, cónxuxes, ascendentes e adoptantes do causante.

No imposto sobre o valor engadido, por un lado, as operacións de cesión de créditos ou préstamos deixan de constituír un sector diferenciado por disposición expresa desta lei. Por outro, a regulación da modificación da base imponible adáptase ós termos da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, a aprobación da cal supón a desaparición dos procedementos de quebra e suspensión de pagamentos e a súa substitución polo procedemento do concurso de acredores. Así mesmo, permítese a modificación da base imponible por causa de non pagamento da contraprestación nos casos en que o debedor non teña a condición de empresario ou profesional, co que se xeneraliza a dita posibilidade.

No imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados aclárase a regulación das transmisións patrimoniais en relación coas concesións administrativas para defini-lo valor polo que computar bens determinados que o concesionario estea obrigado a reverter á Administración. O dito valor será o neto contable á data de reversión, calculado segundo a porcentaxe media resultante das táboas de amortización do imposto sobre sociedades, máis os gastos da reversión previstos.

Nos impostos especiais modifícanse as normas relativas á fabricación, transformación e tenza nos impostos especiais de fabricación, co obxecto de introducir novas excepcións á prohibición de entrada nas fábricas e os depósitos fiscais de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación polos que xa se devengara o imposto, e de engadir novos supostos dentro dos requisitos para a circulación e tenza de produtos. Así mesmo, no imposto sobre hidrocarburos inclúese unha excepción a unha das prohibicións de uso para o caso de utilización de gas natural nas estacións de compresión dos gasodutos.

No imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos introdúcese unha modificación na regulación das exencións, dentro dos usos a que deberá destina-lo adquirente os produtos, para engadi-la produción de electricidade en centrais combinadas.

No imposto sobre as primas de seguros inclúese entre as súas exencións ás operacións relativas a plans de previsión asegurados, ante a necesidade de conseguir unha adecuada seguridade xurídica, de maneira que se aclaren as dúbidas que xurdiron sobre a súa procedencia e co obxecto de evita-la discriminación deste instrumento de previsión social fronte ós seguros colectivos que instrumenten sistemas alternativos ós plans e fondos de pensións.

En relación ó réxime económico fiscal de Canarias, as medidas introducidas afectan, dun lado, o imposto xeral indirecto canario, e, doutro, a Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias.

No que se refire ó imposto xeral indirecto canario, por un lado, introdúcese diversas modificacións en consonancia coas incorporadas na regulación do imposto sobre o valor engadido, como son as relativas ó lugar de realización das prestacións de servicios, á adaptación da nova lei concursal, e ás excepcións ás exclusións e restricións do dereito a deducir; e, por outro lado, introdúcese melloras técnicas en cuestións como a regulación das cotas tributarias deducibles e as exclusións e restricións do dereito a deducir, ou nas relacións de operacións ás que resultan aplicables os tipos impositivos reducidos e incrementados. Así mesmo, introdúcese como novidade a regulación da devolución das cotas aboadas polos adquirentes nas importacións de bens no suposto de exercicio do dereito de desistencia previsto na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, e incorpórase á norma legal un suposto de causa de exclusión do réxime simplificado, que unicamente se encontraba regulado en vía regulamentaria. Por outra parte, inclúese da aplicación do tipo cero do imposto xeral indirecto canario a partida 481840, por non estar suxeita ó arbitrio sobre a importación e entrega de mercadorías desde o 1 de xaneiro de 2003.

No que se refire á Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, introdúcese diversas melloras técnicas e aclaracións na regulación dos incentivos ó investimento.

En relación ós tributos locais, introdúcese unha modificación na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, co obxecto de lles atribuír ós cabidos insulares das illas Canarias o mesmo tratamento que ás deputacións provinciais, modificación que se introduce con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2003. Tamén, nestes casos con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004, se introducen modificacións que se refiren á incorporación de novas cuestións sobre as que os notarios, nos documentos que autoricen, deben solicitar información e adverti-los comparecentes, tanto no imposto sobre bens inmobles coma no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, e á notificación da base liquidable nos procedementos de valoración colectiva de carácter parcial e simplificado.

Por último, co fin de fomenta-la utilización de sistemas para o aproveitamento da enerxía solar, amplíase o ámbito de aplicación da bonificación existente nesta materia no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre construcións, instalacións e obras, de modo que xa non queda restrinxida a vivenda (como acontecía no primeiro caso) nin se exclúe o autoconsumo.

Polo que se refire ás taxas, incorpóranse, coma cada ano, modificacións de diversa índole. Así, establécense as taxas que constitúen recursos propios da Mancomunidade de Los Canales del Taibilla. Doutra parte, modifícanse as seguintes taxas e canons: taxas fitosanitarias; taxa esixible por especialidades farmacéuticas veterinarias (Lei do medicamento); taxa por inspeccións e controis veterinarios de produtos de orixe animal non destinados a consumo humano, que se introduzan en territorio nacional procedentes de países non comunitarios; e canon de superficie de minas-hidrocarburos.

Así mesmo, establécese unha nova regulación das taxas relativas ó Rexistro de variedades comerciais e da taxa por servizos prestados polo Rexistro da propiedade intelectual.

Pola súa parte, as disposicións adicionais conteñen outras normas de contido tributario.

Así, ademais do indicado máis arriba en relación coas cotas participativas das Caixas de Aforro, dispónse a exención no imposto sobre a renda das persoas físicas das axudas públicas por danos persoais causados polas chuvias torrenciais acaecidas a finais de marzo de 2002 na illa de Tenerife.

Tamén se modifica a Lei sobre réxime fiscal de cooperativas en relación coas organizacións de produtores nos sectores de froitas e hortalizas e de materias graxas e incorpórase a regulación dos beneficios fiscais aplicables en relación cos «XV Xogos do Mediterráneo. Almería 2005».

### III

O título II da Lei ten por obxecto o establecemento de medidas relacionadas coa orde social.

Comeza o título coa inclusión de reformas no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Así, recóllese expresamente a mención ó subsidio de risco durante o embarazo para o seu cómputo para efectos dos distintos períodos previos de cotización esixidos para o dereito ás prestacións. Modifícase a limitación á posibilidade de acumular pensións de viuvez e orfandade, que na actualidade unicamente opera en relación coa concorrencia de pensións de viuvez e orfandade, pero non así respecto das pensións a favor doutros familiares, establecendo un único límite a todo o conxunto das pensións correspondentes, aínda que establecendo unhas prioridades ou preferencias respecto delas, con excepción da pensión de viuvez.

No referente ós réximes especiais de Seguridade Social, modifícase o texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2000, do 9 de xuño. Redúcese de cinco a catro anos o prazo para o dereito á devolución de cotas indebidamente ingresadas ó Instituto Social das Forzas Armadas e regúlase a obriga de comunicación de datos ó ISFAS, co fin de garanti-lo obrigado control respecto ós afiliados e as repercusións que, para a súa cotización a este instituto, teñen as modificacións das súas situacións administrativas.

Dentro do título II, mediante un capítulo específico, establécese diversas medidas para a aplicación do principio de igualdade de trato, medidas que veñen reforzar e complementa-las numerosas normas que xa conforman o noso ordenamento xurídico en tódolos ámbitos en materia de non discriminación por tódalas causas amparadas polo artigo 14 da Constitución.

Coa base xurídica do artigo 13 do Tratado da Comunidade Europea, aprobáronse en 2000 dúas directivas: en primeiro lugar, a Directiva 2000/43/CE do Consello, do 29 de xuño de 2000, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato das persoas independentemente da súa orixe racial ou étnica, que aborda tal principio en diversos ámbitos; en segundo lugar, a Directiva 2000/78/CE do Consello, do 27 de novembro de 2000,

relativa ó establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e a ocupación, que pretende loitar contra as discriminacións baseadas na relixión ou conviccións, a discapacidade, a idade e a orientación sexual.

Mediante as medidas incluídas neste capítulo adécase a lexislación española a estas dúas directivas procedendo á súa transposición ó noso dereito. Ademais, establécese un marco legal xeral para combater a discriminación pola orixe racial ou étnica das persoas en tódolos ámbitos, abórdase a definición legal da discriminación, directa e indirecta, e modernízase a regulación da igualdade de trato e a non discriminación no traballo, modificándose, entre outros, determinados preceptos do Estatuto dos traballadores, da Lei de integración social dos minusválidos, da Lei de procedemento laboral, da Lei sobre infraccións e sancións na orde social e da lexislación en materia de función pública, aínda que estas últimas modificacións, por razóns sistemáticas, se integran no título III.

Ademais apróbese o programa de fomento do emprego para o ano 2004 e introdúcense diversas modificacións no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, e modifícase un precepto de natureza non orgánica da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, incluíndo entre as asociacións de utilidade pública as de promoción e protección da familia.

No atinente ás axudas ós afectados por delitos de terrorismo, amplíase o ámbito temporal de aplicación da Lei 31/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, ata o 31 de decembro de 2004.

### IV

O título III da lei contén diversas medidas que afectan o persoal ó servizo das administracións públicas e do sector público estatal.

En canto ó réxime xeral do persoal funcionario e estatutario, modifícanse diversos preceptos da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

Así fíxase expresamente qué elementos se consideran como características esenciais do posto de traballo que deben figurar na relación de postos de traballo para a Administración xeral do Estado e para o conxunto das administracións públicas.

Harmonízase o fomento da promoción interna cos procesos de cambio de adscrición que actualmente se levan a cabo froito da política global de recursos humanos e prevese a posibilidade para os funcionarios, prevista para o persoal laboral no artigo 37.5 do Estatuto dos traballadores, na súa redacción dada pola Lei 39/1999, para promove-la conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras, de solicitar redución de xornada cando precisen encargarse do coidado directo dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poida valerse por si mesmo, e que non desempeñe actividade retribuída, así como a fixación regulamentaria da diminución da xornada e a redución de retribucións correspondentes a tal xornada. Por último, decláranse a extinguir determinados corpos e escalas.

Modifícase o texto articulado da Lei de funcionarios civís do Estado, aprobado polo Decreto 315/1964, do 7 de febreiro, especificando que ós funcionarios en prácticas que xa estivesen prestando servicios remunerados na Administración, como funcionarios de carreira ou interinos, se lles concederá licencia por estudos, enchendo desta forma un baleiro actualmente existente nesta materia.

En materia de corpos e escalas, modifícase a denominación do corpo do grupo A de vixilancia aduaneira, que pasa a denominarse corpo superior de vixilancia aduaneira, regúlase a integración do persoal do Instituto de Saúde Carlos III nas escalas de investigadores titulares e de técnicos superiores especialistas, e de técnicos especialistas de grao medio, axudantes de investigación, dependentes dos organismos públicos de investigación dependentes do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

No atinente ós funcionarios das entidades locais, modifícase o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, suprimindo o límite de cincuenta e cinco anos para acceder á función pública local.

No referido ó réxime de clases pasivas, modifícase o texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril, reducindo de cinco a catro anos o prazo de caducidade tanto para os efectos económicos derivados do recoñecemento de dereitos de titularidade das prestacións como para exercita-lo dereito ó cobramento.

No concernente a outro persoal do sector público, introdúcese diversas modificacións na Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas. Así, recóllese a posibilidade de que os militares de complemento que estean participando en misións fóra do territorio nacional prorroguen voluntariamente o seu compromiso ata 15 días despois de que conclúa a misión. Amplíase a idade límite para o ingreso e para o compromiso dos reservistas voluntarios.

Igualmente modifícase a Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, regulando a integración nunha única clasificación final dos que se incorporen á escala superior de oficiais por acceso directo ou promoción interna ou ás escalas facultativas por acceso directo ou cambio de escala.

## V

O título IV da lei dedícase á regulación das medidas de xestión e organización administrativa.

En materia de xestión financeira, realízanse diversas modificacións de mellora técnica en preceptos da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Así mesmo, para facer efectivo o cumprimento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, establécese o informe preceptivo da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos para a realización de achegas de capital, con cargo ós orzamentos xerais do Estado, a sociedades mercantís estatais, así como a entidades públicas empresariais e demais entidades de dereito público. O informe ten por obxecto o exame dos efectos das ditas achegas no cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

No concernente á xestión en materia de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas modifícase a Lei 52/1997, do 27 de novembro, previndo a posibilidade de lle atribuír ó Servicio Xurídico do Estado a representación e defensa das entidades do sector público estatal nos procedementos arbitraris e as reclamacións extraxudiciais.

No que afecta a xestión en materia de mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas, introdúcese reformas na Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas.

Amplíanse os supostos que dan dereito a compensación económica ou, con carácter extraordinario, a unha vivenda en réxime de arrendamento especial, por cambio de destino que supoña cambio de localidade ou área xeográfica. Exceptúase da prohibición temporal de dispor que pesa legalmente sobre os adquirentes das vivendas militares, os actos de gravame consistentes na constitución de hipoteca e establecer un dereito legal de adquisición preferente a favor do INVIFAS na ulterior transmisión delas nos 10 anos seguintes á adquisición e facúltase o ministro de Defensa para autorizar excepcionalmente realoxamentos por razóns de carácter humanitario.

En canto á xestión en materia de loterías e apostas do Estado, regúlase a comercialización de xogos de titularidade estatal fóra do territorio nacional. No concernente a xestión en materia de tráfico e seguridade vial, introdúcese modificacións no texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo. No atinente á organización administrativa inclúense normas relativas ó réxime de distintos órganos da Administración xeral do Estado, de organismos públicos e de sociedades mercantís estatais.

Así, modifícase o réxime xurídico do Centro Nacional de Intelixencia, do Consello de Seguridade Nuclear, do Consello da Xuventude de España, TRAGSA e a entidade pública empresarial Aeroportos Españois e Navegación Aérea (AENA).

En materia de procedemento administrativo modifícase a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, fixando en seis meses o prazo de caducidade nos procedementos de declaración de lesividade. Así mesmo, introdúcese modificacións en procedementos especiais.

## VI

O título V da lei contén previsións relativas a diversos aspectos da acción administrativa sectorial, entre as que cabe cita-las seguintes:

En canto á acción administrativa en materia de ordenación económica, no que se refire a seguros, plans e fondos de pensións, introdúcese diversas modificacións no texto refundido da Lei reguladora de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro. Modifícase o artigo 5.3 do dito texto refundido coa finalidade de que as empresas promotoras dos plans de pensións de emprego poidan realizar, sen suxeición ós límites previstos nel, as achegas necesarias para garanti-los dereitos

económicos dos beneficiarios ou os dos partícipes dos plans que inclúan réximes de prestación definida para a xubilación, cando na revisión actuarial se puxese de manifesto un déficit. Así mesmo, adáptase o réxime xeral de investimentos dos fondos de pensións ós criterios da Directiva 2003/41/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de xuño de 2003, relativa ás actividades e á supervisión de fondos de pensións de emprego, publicada no «Diario Oficial da Unión Europea» o 23 de setembro de 2003.

En materia de enerxía, introdúcense modificacións da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, regulando o devengo de xuros no suposto de falta de ingreso polos axentes do sistema eléctrico das cotas con destinos específicos e o devengo de xuros no suposto de falta de pagamento polos axentes do sistema eléctrico das liquidacións.

Así mesmo, refórmase a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. Incorporárase o xestor técnico do sistema gasista ó Consello Consultivo de Hidrocarburos e á súa Comisión Permanente e régúlase o devengo de xuros no suposto de falta de ingreso polos axentes do sistema gasista das cotas con destinos específicos e o devengo de xuros no suposto de falta de pagamento polos axentes do sistema gasista das liquidacións. En fin, modifícase a Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, para regula-lo establecemento dos dispositivos e instalacións experimentais someténdose a réxime de autorización.

En materia de defensa da competencia, trasponse o Regulamento (CE) 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia prevista nos artigos 81 e 82 do Tratado CE modificando para o efecto a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia e a Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación de competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

No concernente ó sistema financeiro régúlase a titulización sintética de préstamos e outros dereitos de crédito, que son operacións que permiten transmiti-lo risco de crédito dunha carteira de activos ó mercado de capitais a través dun fondo de titulización sen que se produza a venda dos activos ó fondo como nunha titulización tradicional, e modifícase a Lei 24/1988, do 28 de xullo, reguladora do mercado de valores, no referente á regulación do comité de auditoría que deberán te-las entidades emisoras de valores admitidas a negociación en mercados secundarios oficiais de valores.

Igualmente modifícase a Lei 13/1985, do 25 de maio, sobre coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, dando cumprimento á Directiva aprobada polo Parlamento e o Consello da Unión Europea pola que se modifican as directivas 78/660/CEE, 83/345/349/CEE, 86/635/CEE e 91/674/CEE do Consello, sobre as contas anuais e consolidadas de determinadas formas de sociedades, bancos e outras entidades financeiras e empresas de seguros.

No que se refire a contabilidade e auditoría de conta modifícanse as normas contables incorporadas na lexislación mercantil. Así, adécuase a regulación contida na Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, en materia contable, recollendo os pronunciamentos do grupo de traballo

intergubernamental de expertos en normas internacionais de contabilidade e presentación de informes, así como co dereito positivo doutros Estados membros da Unión Europea.

Modifícanse o Código de Comercio e o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, en materia de contabilidade, adecuando a normativa interna ó Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello 1606/2002 relativo á aplicación de normas internacionais de contabilidade do 19 de xullo de 2002, así como en transposición de Directiva 2001/65/CE do Parlamento europeo e do Consello do 27 de setembro de 2001, pola que se modifican as directivas 78/660/CEE, 83/349/CEE e 86/635/CEE, no que se refire ás normas de valoración aplicables nas contas anuais e consolidadas de determinadas formas de sociedade, así como dos bancos e outras entidades financeiras.

No concernente á acción administrativa en materia de infraestructuras e transporte, régúlase a garantía financeira a buques que soliciten acceso a lugares de refuxio.

En materia de agricultura, pesca e alimentación decláranse de interese xeral determinadas obras hidráulicas con destino a rega. Igualmente modifícase a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, régúlase a actualización de inscricións no Rexistro de buques e empresas navais de embarcacións de pesca en que o material do casco, a potencia propulsora dos seus motores ou os valores reais de eslora, manga, puntal ou arque non coinciden cos datos anotados no rexistro, e modifícase o réxime de infraccións e sancións aplicables ó réxime da cota láctea e no atinente á regulación da responsabilidade do pagamento da taxa suplementaria da cota láctea.

En materia de ambiente modifícase o texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, para incorporar ó dereito español a Directiva 2000/60/CE pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas en que o prazo de transposición finaliza o 22 de decembro de 2003. A modificación realizada ten como principal obxectivo conseguilo bo estado e a adecuada protección das augas continentais, costeiras e de transición; para os seus efectos régúlase a demarcación hidrográfica como novo ámbito territorial de xestión e planificación hidrolóxica, o que supón igualmente a modificación da disposición adicional décima da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do plan hidrolóxico nacional, sendo un aspecto capital da reforma o establecemento dun único plan hidrolóxico para cada unha das demarcacións hidrolóxicas; créase, para garanti-la adecuada coordinación na aplicación das normas de protección das augas, un novo órgano de cooperación interadministrativa; dáselles unha nova redacción ós artigos que regulan os obxectivos, criterios, contidos e procedementos de elaboración dos plans hidrolóxicos de bacía; fíxanse os obxectivos ambientais para as augas superficiais subterráneas, zonas protexidas e masas de auga artificiais e masas de auga moi modificadas, e establécense os prazos para a súa consecución; créase o rexistro de zonas protexidas; régúlanse as bases e os prazos que deberán presidi-lo procedemento para a participación pública, xustificación igualmente da Lei do plan hidrolóxico nacional. Modifícase o réxime económico financeiro da auga, ó introduci-lo principio de

recuperación dos custos dos servizos relacionados coa xestión das augas.

Regúlase con maior precisión o contido, o alcance e os prazos para a emisión do informe previo municipal á realización de obras de interese xeral. Decláranse de urxente ocupación determinados bens afectados por obras hidráulicas, en particular os referidos ás obras de infraestrutura das transferencias de recursos hídricos que autoriza o artigo 13 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional, e establécese o réxime transitorio de recursos hídricos desde o encoro do Negratín ó de Covas de Almazora.

Por último, modifícanse diversos preceptos do Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental. Explicítase que na avaliación dos efectos previsibles directos e indirectos dun proxecto sobre a poboación, a flora, a fauna, o solo, o aire, a auga, os factores climáticos, a paisaxe e os bens materiais, incluído o patrimonio histórico-artístico e o arqueolóxico, se terá necesariamente en conta a interacción entre todos eses factores; concréntanse con maior precisión as competencias do órgano ambiental na declaración de impacto ambiental, e fíxase o alcance do informe preceptivo das comunidades autónomas na avaliación ambiental dos plans e proxectos ambientais, en que a competencia para emitila declaración de impacto ambiental lle corresponde ó Estado, cando aqueles afecten a zonas de especial conservación da comunidade autónoma.

Remata o título con diversas disposicións en materia de sanidade e consumo. Así, modifícase a Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, no concernente ó réxime das especialidades farmacéuticas en envase para dispensación personalizada, e en materia de infraccións e sancións, e introdúcese modificacións na Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, e na Lei 7/1995, do 23 de marzo, de crédito ó consumo.

## VII

Na parte final recóllense diversas previsións que, por razóns de técnica legislativa, non se consideran susceptibles de inclusión nos títulos anteriormente aludidos.

### TÍTULO I

#### Normas tributarias

##### CAPÍTULO I

##### Impostos directos

###### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS

Artigo 1. *Modificación da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.*

Primeiro. Con efectos desde o día 1 de xaneiro de 2004, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias:

Un. Modifícase a alínea h) do artigo 7, que quedará redactada da seguinte maneira:

«h) As prestacións familiares por fillo a cargo reguladas no capítulo IX do título II do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, e as demais prestacións públicas por nacemento, parto múltiple, adopción e fillos a cargo, así como as pensións e os haberes pasivos de orfandade percibidos dos réximes públicos da Seguridade Social e clases pasivas e demais prestacións públicas por situación de orfandade.

Tamén estarán exentas as prestacións públicas por maternidade percibidas das comunidades autónomas ou entidades locais.»

Dous. Modifícase a alínea i) do artigo 7, que quedará redactada da seguinte maneira:

«i) As prestacións económicas percibidas de institucións públicas con motivo do acollemento de menores, persoas con minusvalidez ou maiores de 65 anos e as axudas económicas outorgadas por institucións públicas a persoas cun grao de minusvalidez igual ou superior ó 65 por cento ou maiores de 65 anos para financiala súa estadia en residencias ou centros de día, sempre que o resto de súas rendas non excedan do dobre do salario mínimo interprofesional.»

Tres. Modifícase a alínea j) do artigo 7, que queda redactada da seguinte maneira:

«j) As bolsas públicas e as bolsas concedidas polas entidades sen fins lucrativos ás que sexa de aplicación o réxime especial regulado no título II da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado, percibidas para cursar estudos regrados, tanto en España coma no estranxeiro, en tódolos niveis e graos do sistema educativo. Así mesmo, as bolsas públicas e as concedidas polas entidades sen fins lucrativos mencionadas anteriormente para investigación no ámbito descrito polo Real decreto 1326/2003, do 24 de outubro, polo que se aproba o Estatuto do bolseiro de investigación, así como as outorgadas por aquelas con fins de investigación ós funcionarios e demais persoal ó servizo das administracións públicas e ó persoal docente e investigador das universidades.»

Catro. Introdúcese un novo número 5 no artigo 9 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, que quedará redactado da seguinte maneira:

«5. As persoas físicas que adquiran a súa residencia fiscal en España como consecuencia do seu desprazamento a territorio español, poderán optar por tributar por este imposto ou polo imposto sobre a renda de non residentes durante o período impositivo en que se efectúe o cambio de residencia e durante os cinco períodos impositivos seguintes, cando se cumpran as seguintes condicións:

Que non fosen residentes en España durante os 10 anos anteriores ó seu novo desprazamento a territorio español.

Que o desprazamento a territorio español se produza como consecuencia dun contrato de traballo.

Que os traballos se realicen efectivamente en España.

Que os ditos traballos se realicen para unha empresa ou entidade residente en España ou para un establecemento permanente situado en España dunha entidade non residente en territorio español.

Que os rendementos do traballo que deriven da dita relación laboral non estean exentos de tributación polo imposto sobre a renda de non residentes.

O contribuínte que opte pola tributación polo imposto sobre a renda de non residentes quedará suxeito por obriga real no imposto sobre o patrimonio.

O ministro de Facenda establecerá o procedemento para o exercicio da opción mencionada neste punto.»

Cinco. Engádesse unha nova alínea g) no número 2 do artigo 43, que quedará redactada da seguinte maneira:

«g) A prestación do servizo de educación pre-escolar, infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional por centros educativos autorizados, ós fillos dos seus empregados, con carácter gratuíto ou por prezo inferior ó normal de mercado.»

Seis. A alínea f) do número 1 do número 1 do artigo 44 queda redactada da seguinte maneira:

«f) Non obstante o previsto nas alíneas anteriores, cando o rendimento de traballo en especie sexa satisfeito por empresas que teñan como actividade habitual a realización das actividades que dan lugar a el, a valoración non poderá ser inferior ó prezo ofertado ó público do ben, dereito ou servizo de que se trate.

Considerarase prezo ofertado ó público o previsto no artigo 13 da Lei 16/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, deducindo os descontos ordinarios ou comúns. Consideraranse ordinarios ou comúns os descontos que sexan ofertados a outros colectivos de similares características ós traballadores da empresa, así como os descontos promocionais que teñan carácter xeral e se encontren en vigor no momento de satisfacerse a retribución en especie ou que, noutro caso, non excedan do 20 por cento.»

Sete. Modifícase o artigo 47 quáter, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 47 quáter. *Normas comúns para a aplicación das reducións por coidado de fillos, idade e asistencia.*

Para a determinación das reducións previstas nos artigos 47, 47 bis e 47 ter, teranse en conta as seguintes normas:

1.<sup>a</sup> Cando dous ou máis contribuíntes teñan dereito á aplicación das reducións respecto dos mesmos ascendentes ou descendentes, o seu importe ratearase entre eles por partes iguais.

Non obstante, cando os contribuíntes teñan distinto grao de parentesco co ascendente ou descendente, a aplicación da redución corresponderalles

ós de grao máis próximo, salvo que estes non teñan rendas anuais, excluídas as exentas, superiores a 8.000 euros; neste caso corresponderalles ós do seguinte grao.

2.<sup>a</sup> Non procederá a aplicación destas reducións cando os ascendentes presenten declaración por este imposto ou a solicitude de devolución prevista no artigo 81 desta lei.

3.<sup>a</sup> A determinación das circunstancias persoais e familiares que se deban ter en conta para efectos do establecido nos artigos 47, 47 bis e 47 ter desta lei realizarase atendendo á situación existente na data de devengo do imposto.

4.<sup>a</sup> Para a aplicación das reducións por idade e por asistencia correspondentes ós ascendentes, será necesario que estes convivan co contribuínte, polo menos, a metade do período impositivo.

Noutros casos, considerarase que conviven co contribuínte os ascendentes discapacitados que, dependendo del, sexan internados en centros especializados.»

Oito. Modifícase a alínea a) do número 5 do artigo 55, que queda redactada da seguinte maneira:

«a) A adquisición de bens do patrimonio histórico español, realizada fóra do territorio español para a súa introducción dentro do dito territorio, sempre que os bens sexan declarados bens de interese cultural ou incluídos no Inventario Xeral de Bens Mobles no prazo dun ano desde súa introducción e permanezan en territorio español e dentro do patrimonio do titular durante polo menos catro anos.

A base desta deducción será a valoración efectuada pola Xunta de Cualificación, Valoración e Exportación de bens do patrimonio histórico español.»

Novo. Modifícase o número 2 do artigo 56, que quedará redactado da seguinte maneira:

«2. Os límites da deducción a que se refire o número 2 do artigo 55 desta lei serán os que estableza a normativa do imposto sobre sociedades para os incentivos e estímulo ó investimento empresarial. Os ditos límites aplicarase sobre a cota que resulte de minora-la suma das cotas íntegras, estatal e autonómica ou complementaria no importe total das deduccións por investimento en vivenda habitual, previstas nos seus artigos 55.1 e 64 bis, e por investimentos e gastos en bens de interese cultural.»

Dez. Engádeselle un número 13 ó artigo 75, que quedará redactado da seguinte maneira:

«13. O previsto neste artigo non será de aplicación cando a entidade non residente en territorio español sexa residente noutro Estado membro da Unión Europea, salvo que resida nun territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.»

Once. Modifícase o número 4 do artigo 79, que quedará redactado da seguinte maneira:

«4. Estarán obrigados a declarar en todo caso os contribuíntes que teñan dereito a deducción por investimento en vivenda, por conta aforro-empresa, por dobre imposición internacional ou que realicen achegas a patrimonios protexidos das persoas con



discapacidade, plans de pensións, plans de previsión asegurados ou mutualidades de previsión social que reduzan a base imponible, nas condicións que se establezan regulamentariamente.»

Doce. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 80 bis, que quedarán redactados da seguinte forma:

«Artigo 80 bis. *Borrador de declaración.*

1. Os contribuíntes obrigados a presentar declaración de acordo co previsto no artigo 79 desta lei poderán solicitar que a Administración tributaria lles remita, para efectos simplemente informativos, un borrador de declaración, sen prexuízo do cumprimento do disposto no número 1 do artigo 80 desta lei, sempre que obteña rendas procedentes exclusivamente das seguintes fontes:

- a) Rendementos do traballo.
- b) Rendementos do capital mobiliario suxeitos a retención ou ingreso á conta, así como os derivados de letras do Tesouro.
- c) Imputación de rendas inmobiliarias sempre que procedan, como máximo de dous inmobles.
- d) Ganancias patrimoniais sometidas a retención ou ingreso á conta, así como as subvencións para a adquisición de vivenda habitual.

2. Cando a Administración tributaria careza da información necesaria para a elaboración do borrador de declaración porá á disposición do contribuínte os datos que poidan facilitarlle a confección da declaración do imposto.

Non poderán subscribir nin confirmalo borrador de declaración os contribuíntes que se encontren nalgunha das situacións seguintes:

- a) Os contribuíntes que obtivesen rendas exentas con progresividade en virtude de convenios para evitaren a dobre imposición subsritos por España.
- b) Os contribuíntes que compensen partidas negativas de exercicios anteriores.
- c) Os contribuíntes que pretendan regularizar situacións tributarias procedentes de declaracións anteriormente presentadas.
- d) Os contribuíntes que teñan dereito á dedución por dobre imposición internacional e exerciten tal dereito.»

Trece. Engádesse un novo parágrafo no número 2 do artigo 82, coa seguinte redacción:

«En ningún caso estarán obrigadas a practicar retención ou ingreso á conta as misións diplomáticas ou oficinas consulares en España de Estados estranxeiros.»

Segundo. Con efectos desde o día 1 de xullo de 2004, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias:

Un. Modifícase o número 5 do artigo 47 sexies, que quedará redactado da seguinte maneira:

«5. A disposición no período impositivo en que se realiza a achega ou nos catro seguintes de calquera ben ou dereito achegado ó patrimonio protexido da persoa con discapacidade determinará as seguintes obrigas fiscais:

- a) Se o achegador foi un contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas, o dito

achegante deberá integrar na base imponible do período impositivo en que se produza o acto de disposición as cantidades reducidas da base imponible correspondentes ás disposicións realizadas máis os xuros de demora que proceden.

b) Calquera que fose o achegante, o titular do patrimonio protexido que recibiu a achega deberá integrar na base imponible do período impositivo en que se produza o acto de disposición, a cantidade que deixase de integrar no período impositivo en que recibiu a achega como consecuencia da aplicación do disposto no número 4 do artigo 16 desta lei, máis os xuros de demora que procedan.

Nos casos en que a achega se realizase ó patrimonio protexido dos parentes, cónxuxes ou persoas a cargo dos traballadores en réxime de tutela ou acollemento, a que se refire o número 1 deste artigo, por un suxeito pasivo do imposto sobre sociedades, a obriga descrita no parágrafo anterior deberá ser cumprida polo dito traballador.

c) Para os efectos do disposto no número 5 do artigo 36 quáter da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, o traballador titular do patrimonio protexido deberalle comunicar ó empregador que efectuou as achegas, as disposicións que se realizasen no período impositivo.

Nos casos en que a disposición se efectuase no patrimonio protexido dos parentes, cónxuxes ou persoas a cargo dos traballadores en réxime de tutela ou acollemento, a comunicación a que se refire o parágrafo anterior tamén a deberá efectualo dito traballador.

A falta de comunicación ou a realización de comunicacións falsas, incorrectas ou inexactas constituirá infracción tributaria leve. Esta infracción sancionárase con multa pecuniaria fixa de 400 euros.

A sanción imposta de acordo co previsto neste punto reducirase conforme o disposto no número 3 do artigo 188 da Lei xeral tributaria.

Para os efectos previstos neste punto, tratándose de bens ou dereitos homoxéneos entenderase que foron dispostos os achegados en primeiro lugar.

Non se aplicará o disposto neste punto en caso de falecemento do titular do patrimonio protexido, do achegante ou dos traballadores ós que se refire o número 2 do artigo 36 quáter da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.»

Dous. Engádeselle un número 10 ó artigo 82, que quedará redactado da seguinte maneira:

«10. Os contribuíntes deberanlle comunicar, ó pagador de rendementos sometidos a retención ou ingreso á conta dos que sexan perceptores, as circunstancias determinantes para o cálculo da retención ou ingreso á conta procedente, nos termos que se establezan regulamentariamente.»

Tres. Modifícase o artigo 89, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 89. *Infraccións e sancións.*

1. As infraccións tributarias neste imposto cualificaranse e sancionaranse conforme o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen prexuízo das especialidades previstas nesta lei.

2. Constitúe infracción tributaria leve a presentación incorrecta das comunicacións previstas no artigo 81 desta lei. Esta infracción sancionárase con multa pecuniaria fixa de 150 euros.

A sanción imposta de acordo co previsto neste punto reducirase conforme o disposto no número 3 do artigo 188 da Lei xeral tributaria.»

Terceiro. Con efectos desde o día 1 de xaneiro de 2005, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias:

Un. Engádeselle unha alínea e) ó artigo 65, que quedará redactada da seguinte maneira:

«e) As retencións a que se refire o número 11 do artigo 82 desta lei.»

Dous. Engádeselle un número 11 ó artigo 82, que quedará redactado da seguinte maneira:

«11. Terán a consideración de pagamentos á conta deste imposto as retencións á conta efectivamente practicadas en virtude do disposto no artigo 11 da Directiva 2003/48/CE do Consello, do 3 de xuño de 2003, en materia de fiscalidade dos rendementos do aforro en forma de pagamento de xuros.»

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES

Artigo 2. *Modificación da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.*

Primeiro. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2004, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 13, que quedará redactado da seguinte maneira:

«3. Serán deducibles as contribucións dos promotores de plans de pensións regulados no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro. As ditas contribucións imputaranse a cada partícipe na parte correspondente, salvo as realizadas de maneira extraordinaria por aplicación do artigo 5.3.d) do citado texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións. Serán igualmente deducibles as contribucións para a cobertura de contingencias análogas á dos plans de pensións, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que sexan imputadas fiscalmente ás persoas a que se vinculen as prestacións.
- b) Que se transmita de forma irrevogable o dereito á percepción das prestacións futuras.
- c) Que se transmita a titularidade e a xestión dos recursos en que consistan as ditas contribucións.»

Dous. Engádeselle un número 4 ó artigo 20, que quedará redactado da seguinte maneira:

«4. O previsto neste artigo non será de aplicación cando a entidade vinculada non residente en territorio español sexa residente noutro Estado membro da Unión Europea, salvo que resida nun

territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.»

Tres. Modifícase a alínea b) do número 1 do artigo 20 bis, que quedará redactado da seguinte maneira:

«b) Que a entidade participada estivese gravada por un imposto estranxeiro de natureza idéntica ou análoga a este imposto no exercicio en que se obtivesen os beneficios que se reparten ou nos que se participa.

Para estes efectos teranse en conta aqueles tributos estranxeiros que tivesen por finalidade a imposición da renda obtida pola entidade participada, aínda que sexa parcialmente, con independencia de que o obxecto do tributo o constitúan a propia renda, os ingresos ou calquera outro elemento indiciario daquela.

Considerarase cumprido este requisito cando a entidade participada sexa residente nun país co que España teña suscrito un convenio para evitala dobre imposición internacional, que lle sexa de aplicación e que conteña cláusula de intercambio de información.

En ningún caso se aplicará o disposto neste artigo cando a entidade participada sexa residente nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.»

Catro. Modifícase o número 2 do artigo 28, que queda redactado da seguinte maneira:

«2. A dedución a que se refire o punto anterior será do 100 por cento cando os dividendos ou participacións en beneficios procedan de entidades nas que a porcentaxe de participación, directa ou indirecta, sexa igual ou superior ó 5 por cento, sempre que a dita porcentaxe se tivese de maneira ininterrompida durante o ano anterior ó día en que sexa esixible o beneficio que se distribúa ou, no seu defecto, que se manteña durante o tempo que sexa necesario para completar un ano. A dedución tamén será do 100 por cento respecto da participación en beneficios procedentes de mutuas de seguros xerais, entidades de previsión social, sociedades de garantía recíproca e asociacións.»

Cinco. Modifícase a alínea c) do número 1 do artigo 33, que quedará redactado da seguinte maneira:

«c) Porcentaxes de dedución.

1.º O 30 por cento dos gastos efectuados no período impositivo por este concepto.

No caso de que os gastos efectuados na realización de actividades de investigación e desenvolvemento no período impositivo sexan maiores que a media dos efectuados nos dous anos anteriores, aplicarase a porcentaxe establecida no parágrafo anterior ata a dita media, e o 50 por cento sobre o exceso respecto dela.

Ademais da dedución que proceda conforme o disposto nos parágrafos anteriores practicarase unha dedución adicional do 20 por cento do importe dos seguintes gastos do período:

a) Os gastos de persoal da entidade correspondentes a investigadores cualificados adscritos en exclusiva a actividades de investigación e desenvolvemento.

b) Os gastos correspondentes a proxectos de investigación e desenvolvemento contratados con universidades, organismos públicos de investiga-

ción ou centros de innovación e tecnoloxía, recoñecidos e rexistrados como tales segundo o Real decreto 2609/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os centros de innovación e tecnoloxía.

2.º O 10 por cento dos investimentos en elementos de inmovilizado material e inmaterial, excluídos os inmoebles e terreos, sempre que estean afectos exclusivamente ás actividades de investigación e desenvolvemento.

A dedución establecida no parágrafo anterior será compatible coa prevista no artigo 36 ter desta lei e incompatible para os mesmos investimentos coas restantes deducións previstas nos demais artigos deste capítulo.

Os elementos en que se materialice o investimento deberán permanecer no patrimonio do suxeito pasivo, salvo perdas xustificadas, ata que cumpran a súa finalidade específica nas actividades de investigación e desenvolvemento, excepto que a súa vida útil conforme o método de amortización, admitido na alínea a) do número 1 do artigo 11, que se aplique, fose inferior.»

Seis. Modifícase a alínea b) do número 2 do artigo 33, que quedará redactada da seguinte forma:

«b) Base da dedución.

A base da dedución estará constituída polo importe dos gastos do período en actividades de innovación tecnolóxica que correspondan ós seguintes conceptos:

1.º Proxectos que se lles encargue realizar a universidades, organismos públicos de investigación ou centros de innovación e tecnoloxía, recoñecidos e rexistrados como tales segundo o citado Real decreto 2609/1996, do 20 de decembro.

2.º Deseño industrial e enxeñería de procesos de produción, que incluírán a concepción e a elaboración dos planos, debuxos e soportes destinados a defini-los elementos descritivos, especificacións técnicas e características de funcionamento necesarios para a fabricación, proba, instalación e utilización dun produto.

3.º Adquisición de tecnoloxía avanzada en forma de patentes, licencias, "know-how" e deseños. Non darán dereito á dedución as cantidades satisfeitas a persoas ou entidades vinculadas ó suxeito pasivo. A base correspondente a este concepto non poderá supera-la contía dun millón de euros.

4.º Obtención do certificado de cumprimento das normas de aseguramento da calidade da serie ISO 9000, GMP ou similares, sen incluír aqueles gastos correspondentes á implantación das ditas normas.

Considéranse gastos de innovación tecnolóxica os realizados polo suxeito pasivo en canto estean directamente relacionados coas ditas actividades e se apliquen efectivamente á realización delas, constando especificamente individualizados por proxectos.

Os gastos de innovación tecnolóxica correspondentes a actividades realizadas no exterior tamén poderán ser obxecto da dedución sempre e cando a actividade de innovación tecnolóxica principal se efectúe en España e non excedan o 25 por cento do importe total investido.

Igualmente terán a consideración de gastos de innovación tecnolóxica as cantidades pagadas

para a realización das ditas actividades en España, por encargo do suxeito pasivo, individualmente ou en colaboración con outras entidades.

Para determina-la base da dedución, o importe dos gastos de innovación tecnolóxica minorarase no 65 por cento das subvencións recibidas para o fomento das ditas actividades e imputables como ingreso no período impositivo.»

Sete. Modifícase a alínea a) do número 1 do artigo 35, que queda redactada da seguinte maneira:

«a) A adquisición de bens do patrimonio histórico español, realizada fóra do territorio español para a súa introducción dentro do dito territorio, sempre que os bens sexan declarados bens de interese cultural ou incluídos no Inventario Xeral de Bens Móbiles no prazo dun ano desde a súa introducción, e permanezan en territorio español e dentro do patrimonio do titular durante polo menos catro anos.

A base desta dedución será a valoración efectuada pola Xunta de Cualificación, Valoración e Exportación de Bens do Patrimonio Histórico Español.»

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 37, que quedará redactado da seguinte forma:

«1. As deducións previstas neste capítulo practícaranse unha vez realizadas as deducións e bonificacións dos capítulos II e III deste título.

As cantidades correspondentes ó período impositivo non deducidas poderanse aplicar nas liquidacións dos períodos impositivos que conclúan nos 10 anos inmediatos e sucesivos. Non obstante, as cantidades correspondentes ás deducións previstas nos artigos 33 e 33 bis desta lei, poderanse aplicar nas liquidacións dos períodos impositivos que conclúan nos 15 anos inmediatos e sucesivos.

O cómputo dos prazos para a aplicación das deducións previstas neste capítulo poderase diferir ata o primeiro exercicio en que, dentro do período de prescrición, se produzan resultados positivos, nos seguintes casos:

a) Nas entidades de nova creación.

b) Nas entidades que saneen perdas de exercicios anteriores mediante a achega efectiva de novos recursos, sen que se considere como tal a aplicación ou capitalización de reservas.

O importe das deducións previstas neste capítulo ás que se refire este punto, aplicadas no período impositivo, non poderán exceder conxuntamente do 35 por cento da cota íntegra minorada nas deducións para evita-la dobre imposición interna e internacional e as bonificacións. Non obstante, o límite elevarase ó 50 por cento cando o importe da dedución prevista nos artigos 33 e 33 bis, que correspondan a gastos e investimentos efectuados no propio período impositivo, exceda do 10 por cento da cota íntegra, minorada nas deducións para evita-la dobre imposición interna e internacional e as bonificacións.»

Nove. O segundo parágrafo do número 3 do artigo 38 quedará redactado da seguinte forma:

«Os suxeitos pasivos nos que o período impositivo non coincida co ano natural realizarán o pagamento fraccionado sobre a parte da base impo-

ñible correspondente ós días transcorridos desde o inicio do período impositivo ata o día anterior ó inicio de cada un dos períodos de ingreso do pagamento fraccionado a que se refire o número 1. Nestes supostos, o pagamento fraccionado será á conta da liquidación correspondente ó período impositivo que estea en curso o día anterior ó inicio de cada un dos citados períodos de pagamento.»

Dez. Engádesse un novo número 3 ó artigo 68 quinquies, pasando os actuais números 3 e 4 a reenumerarse, respectivamente, como números 4 e 5.

O número 3 quedará redactado nos seguintes termos:

«3. Se a entidade adquirise a vivenda mediante transmisión derivada de operacións de fusión, escisión ou achega de activos, e a renda xerada naquela transmisión non se integrase na base imponible do transmitente en virtude do disposto no réxime especial relativo ás ditas operacións, a renda para bonificar derivada da súa transmisión posterior de acordo co disposto no número 1 será exclusivamente a que exceda do valor de mercado na data da adquisición.»

Once. Engádesse un número 6 ó artigo 68 quinquies da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, que quedará redactado nos seguintes termos:

«6. O réxime fiscal previsto neste capítulo tamén poderá ser aplicado, coas especialidades previstas neste punto, polas entidades a que se refire o número 1 do artigo 68 quáter desta lei que arrendan ou ofrezan en arrendamento vivendas que constrúisen, promovesen ou adquirisen. Nestes casos, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

Que o número de vivendas arrendadas ou ofrecidas en arrendamento pola entidade sexa en todo momento igual ou superior a 10.

Que o contrato de arrendamento non incorpore opción de compra.

No caso de vivendas non cualificadas como de protección oficial nin declaradas protexidas, os requisitos segundo e terceiro da alínea c) do número 2 do artigo 68 quáter. Tratándose de vivendas adquiridas, deberase cumprir, ademais, o requisito primeiro do mencionada alínea c).

Que as vivendas permanezan arrendadas ou ofrecidas en arrendamento durante polo menos 15 anos contados desde a data en que foron arrendadas ou ofrecidas en arrendamento por primeira vez pola entidade. No caso de vivendas que figuren no patrimonio da entidade antes do momento de se acolleren ó réxime, o prazo computarase desde a data de inicio do período impositivo en que se comunique a opción polo réxime.

As entidades que cumpran os requisitos previstos neste punto poderán aplicar na cota íntegra unha bonificación do 85 por cento da parte da cota íntegra que corresponda ás rendas derivadas do arrendamento ou da transmisión de vivendas que cumpran os requisitos establecidos neste punto. A aplicación desta bonificación nos casos de transmisión das vivendas esixirá, ademais, o cumprimento dos seguintes requisitos:

Que a vivenda non sexa adquirida polo arrendatario, o seu cónxuxe ou os parentes, incluídos os afíns, ata o terceiro grao inclusive.

Que o importe obtido se reinvesta, no prazo de tres anos desde a transmisión, noutras vivendas que cumpran os requisitos establecidos neste punto.»

Doce. Modifícase o artigo 69, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 69. *Sociedades e fondos de capital-risco.*

1. As sociedades e fondos de capital-risco, reguladas na Lei 1/1999, do 5 de xaneiro, reguladora das entidades de capital-risco e das súas sociedades xestoras, estarán exentas no 99 por cento das rendas que obteñan na transmisión de valores representativos da participación no capital ou en fondos propios das empresas a que se refire o artigo 2.1 da citada lei, en que participen, sempre que a transmisión se produza a partir do inicio do segundo ano de tenza computado desde o momento de adquisición e ata o décimo quinto, inclusive.

Excepcionalmente poderase admitir unha ampliación deste último prazo ata o vixésimo ano, inclusive. Regulamentariamente, determinaranse os supostos, as condicións e os requisitos que habilitan para a dita ampliación.

Con excepción do suposto previsto no parágrafo anterior, non se aplicará a exención no primeiro ano e a partir do décimo quinto.

No caso de que a entidade participada acceda á cotización nun mercado de valores regulado na Directiva 93/22/CEE do Consello, do 10 de maio de 1993, a aplicación da exención prevista nos parágrafos anteriores quedará condicionada a que a sociedade ou o fondo de capital-risco proceda a transmitir a súa participación no capital da empresa participada nun prazo non superior a tres anos, contados desde a data en que se producise a admisión a cotización desta última.

2. As sociedades e os fondos de capital-risco poderán aplica-la deducción prevista no artigo 28.2 desta lei ou a exención prevista no artigo 20 bis.1 desta lei, segundo sexa a orixe das citadas rendas, ós dividendos e, en xeral, ás participacións en beneficios procedentes das sociedades que promovan ou fomenten, calquera que sexa a porcentaxe de participación e o tempo de tenza das accións ou participacións.

3. Os dividendos e, en xeral, as participacións en beneficios percibidos das sociedades e fondos de capital-risco terán o seguinte tratamento:

a) Darán dereito á deducción prevista no artigo 28.2 desta lei calquera que sexa a porcentaxe de participación e o tempo de tenza das accións ou participacións cando o seu receptor sexa un suxeito pasivo deste imposto ou un contribuínte do imposto sobre a renda de non residentes con establecemento permanente en España.

b) Non se entenderán obtidos en territorio español cando o seu receptor sexa unha persoa física ou entidade contribuínte do imposto sobre a renda de non residentes sen establecemento permanente en España.

4. As rendas positivas postas de manifesto na transmisión ou reembolso de accións ou participacións representativas dos fondos propios

das sociedades e fondos de capital-risco terán o seguinte tratamento:

a) Darán dereito á deducción prevista no artigo 28.5 desta lei, calquera que sexa a porcentaxe de participación e o tempo de tenza das accións ou participacións cando o seu perceptor sexa un suxeito pasivo deste imposto ou un contribuínte do imposto sobre a renda de non residentes con establecemento permanente en España.

b) Non se entenderán obtidas en territorio español cando o seu perceptor sexa unha persoa física ou entidade contribuínte do imposto sobre a renda de non residentes sen establecemento permanente en España.

5. O disposto na alínea b) dos números 3 e 4 anteriores non será de aplicación cando a renda se obteña a través dun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.»

Trece. Engádesse un novo número 15 ó artigo 121, que quedará redactado da seguinte maneira:

«15. O previsto neste artigo non será de aplicación cando a entidade non residente en territorio español sexa residente noutro Estado membro da Unión Europea, salvo que resida nun territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.»

Catorce. Modifícase o número 2 da disposición adicional oitava, que quedará redactado nos seguintes termos:

«2. As referencias que o artigo 21 e o artigo 45.1.b).10 da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados fan ás definicións de fusión e escisión do artigo 2, números 1, 2 e 3 da Lei 29/1991, do 16 de setembro, de adecuación de determinados conceptos impositivos ás directivas e regulamentos das comunidades europeas, entenderanse feitas ó artigo 97, números 1, 2, 3 e 5 e ó artigo 108 desta lei, e as referencias ó réxime especial do título I da Lei 29/1991 entenderanse feitas ó capítulo VIII do título VIII desta lei.»

Segundo. Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do día 1 de xullo de 2004, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 77, que quedará redactado da seguinte maneira:

«2. A falta de cumprimento deste requisito terá a consideración de infracción tributaria grave. A sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 3.000 euros, por cada período impositivo en que se dese o incumprimento, sempre que non se realícase requirimento administrativo para o efecto. Se mediase requirimento administrativo, a sanción será de 6.000 euros por cada período impositivo en que persista o incumprimento.

Desta infracción serán responsables subsidiarios os administradores da sociedade, salvo os que propuxesen expresamente as medidas necesarias para lle dar cumprimento ó previsto no parágrafo anterior, sen que fosen aceptadas polos restantes administradores.

A sanción imposta de acordo co previsto neste punto reducirase conforme o disposto no número 3 do artigo 188 da Lei xeral tributaria.»

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 84, que quedará redactado da seguinte maneira:

«4. A falta dos acordos ós que se refiren os números 1 e 2 deste artigo determinará a imposibilidade de aplica-lo réxime de consolidación fiscal.

A falta dos acordos correspondentes ás sociedades que no sucesivo se deban integrar no grupo fiscal constituirá infracción tributaria grave da entidade dominante. A sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 2.000 euros polo primeiro período impositivo en que se aplicase o réxime sen cumprir este requisito e de 4.000 euros polo segundo, e non impedirá a efectiva integración no grupo das sociedades afectadas, determinándose a imposibilidade de aplica-lo réxime de consolidación fiscal se no prazo de dous anos a partir do día en que conclúa o primeiro período impositivo en que deban tributar no réxime de consolidación fiscal, persistise a falta de acordo a que se refire este artigo.

A sanción imposta de acordo co previsto neste punto reducirase conforme o disposto no número 3 do artigo 188 da Lei xeral tributaria.»

Tres. Modifícase o número 4 do artigo 107, que quedará redactado da seguinte maneira:

«4. O incumprimento das obrigas establecidas nos puntos anteriores terá a consideración de infracción tributaria grave. A sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 200 euros por cada dato omitido, en cada un dos primeiros catro anos en que non se inclúa a información, e de 1.000 euros por cada dato omitido, en cada un dos anos seguintes, co límite do cinco por cento do valor polo que a entidade adquirente reflectise os bens e dereitos transmitidos na súa contabilidade.

A sanción imposta de acordo co previsto neste punto reducirase conforme o disposto no número 3 do artigo 188 da Lei xeral tributaria.»

Catro. Modifícase o número 2 do artigo 135 quáter, que quedará redactado da seguinte maneira:

«2. A renda positiva ou negativa que, se é o caso, se poña de manifesto como consecuencia da transmisión dun buque afecto a este réxime, considerase integrada na base imponible calculada de acordo co punto anterior.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, cando se trate de buques nos que xa se tiña a titularidade cando se accedeu a este réxime especial, ou de buques usados adquiridos unha vez comezada a aplicación del, procederase do seguinte modo:

No primeiro exercicio en que sexa de aplicación este, ou no que se adquirisen os buques usados, dotarase unha reserva indisponible por un importe equivalente á diferenza positiva existente entre o valor normal de mercado e o valor neto contable de cada un dos buques afectados por esta regra, ou ben especificarase a citada diferenza, separadamente para cada un dos buques e durante todos os exercicios nos que se manteña a titularidade deles, na memoria das súas contas anuais. No caso de buques adquiridos mediante unha operación a que se lle aplicase o réxime especial do capítulo VIII do título VIII desta lei, o valor neto contable

determinarase partindo do valor de adquisición polo que figurase na contabilidade da entidade transmitente.

O incumprimento da obriga de non disposición da reserva ou da obriga de mención na memoria constituirá infracción tributaria grave, e sancionárase cunha multa pecuniaria proporcional do cinco por cento do importe da citada diferenza.

A sanción imposta de acordo co previsto neste punto reducirase conforme o disposto no número 3 do artigo 188 da Lei xeral tributaria.

O importe da citada reserva positiva, xunto coa diferenza positiva existente na data da transmisión entre a amortización fiscal e contable do buque alleado, engadirase á base imponible a que se refire a regra primeira deste artigo cando se produciase a mencionada transmisión. De igual modo se procederá se o buque se transmite, de forma directa ou indirecta, con ocasión dunha operación a que resulte de aplicación o réxime especial do capítulo VIII do título VIII desta lei.»

Cinco. Modifícase o número 2 do artigo 141, que quedará redactado da seguinte maneira:

«2. Constituirá infracción tributaria grave o incumprimento da obriga establecida no punto anterior.

A dita infracción sancionárase, por unha soa vez, cunha multa pecuniaria proporcional do cinco por cento do importe da revalorización, e o seu pagamento non determinará que o citado importe se incorpore, para efectos fiscais, ó valor do elemento patrimonial obxecto da revalorización.

A sanción imposta de acordo co previsto neste punto reducirase conforme o disposto no número 3 do artigo 188 da Lei xeral tributaria.»

Terceiro. Con efectos desde o día 1 de setembro de 2004, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades:

Un. Modifícase a alínea b) do número 2 do artigo 12, que quedará redactada da seguinte maneira:

«b) Que o debedor estea declarado en situación de concurso.»

Dous. Modifícase a alínea b) do número 4 do artigo 81, que quedará redactada da seguinte maneira:

«b) Que ó cerre do período impositivo se encontren en situación de concurso, ou incursas nunha situación patrimonial prevista no número 4.º do número 1 do artigo 260 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, mesmo cando non tivesen a forma de sociedades anónimas, a menos que con anterioridade á conclusión do exercicio en que se aproban as contas anuais esta última situación fose superada.»

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> IMPOSTO SOBRE A RENDA DE NON RESIDENTES

**Artigo 3.** *Modificación da Lei 41/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda de non residentes e normas tributarias.*

Primeiro. Con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2004, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 41/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda de non residentes e normas tributarias:

Un. Modifícase a letra c') da alínea f) do número 1 do artigo 12, que quedará redactada da seguinte maneira:

«c') Os canons ou regalías satisfeitos por persoas ou entidades residentes en territorio español ou por establecementos permanentes situados nel, ou que se utilicen en territorio español.

Teñen a consideración de canons ou regalías as cantidades de calquera clase pagadas polo uso, ou a concesión de uso de:

Dereitos sobre obras literarias, artísticas ou científicas, incluídas as películas cinematográficas.

Patentes, marcas de fábrica ou de comercio, debuxos ou modelos, planos, fórmulas ou procedementos secretos.

Dereitos sobre programas informáticos.

Informacións relativas a experiencias industriais, comerciais ou científicas.

Dereitos persoais susceptibles de cesión, tales como os dereitos de imaxe.

Equipos industriais, comerciais ou científicos.

Calquera dereito similar ós anteriores.

En particular, teñen esa consideración as cantidades pagadas polo uso ou a concesión de uso dos dereitos amparados polo Real decreto lexislativo 1/1996, que aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, a Lei 11/1986, de patentes e a Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.»

Dous. Modifícase a alínea b) do número 1 do artigo 13, que quedará redactada da seguinte maneira:

«b) Os xuros e demais rendementos obtidos pola cesión a terceiros de capitais propios a que se refire o artigo 23.2 da Lei 40/1998, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, así como as ganancias patrimoniais derivadas de bens mobles, obtidos sen mediación de establecemento permanente, por residentes noutro Estado membro da Unión Europea ou por establecementos permanentes dos ditos residentes situados noutro Estado membro da Unión Europea.

O disposto na alínea anterior non será de aplicación ás ganancias patrimoniais derivadas da transmisión de accións, participacións ou outros dereitos nunha entidade nos seguintes casos:

a') Cando o activo da dita entidade consista principalmente, directa ou indirectamente, en bens inmobles situados en territorio español.

b') Cando, nalgún momento, durante o período de doce meses precedente á transmisión, o contribuínte participase, directa ou indirectamente, en polo menos o 25 por cento do capital ou patrimonio da dita entidade.»

Tres. Modifícase o primeiro parágrafo do número 5 do artigo 17, que quedará redactado da seguinte maneira:

«5. Tratándose de establecementos permanentes nos que a actividade en territorio español consista en obras de construción, instalación ou montaxe cunha duración que exceda de seis meses, actividades ou explotacións económicas de temporada ou estacionais, ou actividades de exploración de recursos naturais, o imposto esixírase conforme as seguintes regras:»

Catro. Engádeselle un novo parágrafo ó número 1 do artigo 30, coa seguinte redacción:

«En ningún caso estarán obrigadas a practicar retención ou ingreso á conta as misións diplomáticas ou oficinas consulares en España de Estados estranxeiros.»

Segundo. Con efectos desde o día 1 de xullo de 2004 modifícase o número 3 do artigo 9, que quedará redactado da seguinte forma:

«3. O incumprimento da obriga a que se refire o número 1 considerarase infracción tributaria grave e a sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 2.000 euros.

A sanción imposta de acordo co previsto neste punto reducirase conforme o disposto no número 3 do artigo 188 da Lei xeral tributaria.»

Terceiro. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2005, engádeselle unha alínea i) ó número 1 do artigo 24, coa redacción seguinte:

«i) O tipo de gravame aplicable ós canons ou regalías satisfeitos por unha sociedade residente en territorio español ou por un establecemento permanente situado nel dunha sociedade residente noutro Estado membro da Unión Europea a unha sociedade residente noutro Estado membro ou a un establecemento permanente situado noutro Estado membro dunha sociedade residente dun Estado membro será do 10 por cento cando concorran os seguintes requisitos:

a') Que ámbalas sociedades estean suxeitas e non exentas a algún dos tributos mencionados no artigo 3.a).iii) da Directiva 2003/49/CE do Consello, do 3 de xuño de 2003, relativa a un réxime fiscal común aplicable ós pagamentos de xuros e canons efectuados entre sociedades asociadas de diferentes Estados membros.

b') Que ámbalas sociedades revistan algunha das formas previstas no anexo da Directiva 2003/49/CE.

c') Que ámbalas sociedades sexan residentes fiscais na Unión Europea e que, para efectos dun convenio para evita-la dobre imposición sobre a renda concluído cun terceiro Estado, non se consideren residentes dese terceiro Estado.

d') Que ámbalas sociedades sexan asociadas. Para estes efectos, dúas sociedades consideraranse asociadas cando: unha posúa no capital da outra unha participación directa de, polo menos, o 25 por cento, ou unha terceira posúa no capital de cada unha delas unha participación directa de, polo menos, o 25 por cento.

A mencionada participación deberase ter mantido de forma ininterrompida durante o ano anterior ó día en que se satisfíxese o pagamento do rendemento ou, no seu defecto, deberase manter durante o tempo que sexa necesario para completar un ano.

e') Que, se é o caso, tales cantidades sexan deducibles para o establecemento permanente que satisfai os rendementos no Estado en que estea situado.

f') Que a sociedade que reciba tales pagamentos o faga no seu propio beneficio e non como simple intermediaria ou axente autorizado doutra persoa ou sociedade e que, tratándose dun establecemento permanente, as cantidades que reciba

estean efectivamente relacionadas coa súa actividade e constitúan ingreso computable para efectos da determinación de súa base imponible no Estado en que estea situado.

O establecido nesta alínea i) non será de aplicación cando a maioría dos dereitos de voto da sociedade perceptora dos rendementos a posúan, directa ou indirectamente, persoas físicas ou xurídicas que non residan en Estados membros da Unión Europea, excepto cando aquela probe que se constituíu por motivos económicos válidos e non para desfrutar indebidamente do réxime previsto nesta alínea i).»

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO

Artigo 4. *Modificación da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.*

Con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2004, modifícase o número oito do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Oito. Un. Os bens e dereitos das persoas físicas necesarios para o desenvolvemento de súa actividade empresarial ou profesional, sempre que esta a exerza de forma habitual, persoal e directa ou suxeito pasivo e constituía a súa principal fonte de renda. Para efectos do cálculo da principal fonte de renda, non se computarán nin as remuneracións das funcións de dirección que se exerzan nas entidades a que se refire o número dous deste punto, nin calquera outra remuneración que traia a súa causa da participación nas ditas entidades.

Tamén estarán exentos os bens e dereitos comúns a ámbolos membros do matrimonio, cando se utilicen no desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional de calquera dos cónxuxes, sempre que se cumpran os requisitos do parágrafo anterior.

Dous. A plena propiedade, a núa propiedade e o dereito de usufructo vitalicio sobre as participacións en entidades, con ou sen cotización en mercados organizados, sempre que concorran as condicións seguintes:

a) Que a entidade non teña por actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario. Entenderase que unha entidade non xestiona un patrimonio mobiliario ou inmobiliario e que, polo tanto, realiza unha actividade empresarial cando, por aplicación do establecido no artigo 75 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, a dita entidade non reúna as condicións para considerar que máis da metade do seu activo está constituído por valores ou é de simple tenza de bens.

b) Que, cando a entidade revista forma societaria, non concorran os supostos establecidos no artigo 75 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

c) Que a participación do suxeito pasivo no capital da entidade sexa polo menos do cinco por cento computado de forma individual, ou do 20 por cento conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de segundo grao, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción.

d) Que o suxeito pasivo exerza efectivamente funcións de dirección na entidade, percibindo por iso unha remuneración que represente máis do 50 por cento da totalidade dos rendementos empresariais, profesionais e de traballo persoal.

Para efectos do cálculo anterior, non se computarán entre os rendementos empresariais, profesionais e de traballo persoal, os rendementos da actividade empresarial a que se refire o número 1 deste punto.

Cando a participación na entidade sexa conxunta con algunha ou algunhas persoas ás que se refire a letra anterior, as funcións de dirección e as remuneracións derivadas dela deberán cumprir polo menos nunha das persoas do grupo de parentesco, sen prexuízo de que todas elas teñan dereito á exención.

A exención soamente alcanzará o valor das participacións, determinado conforme as regras que se establecen no artigo 16.un desta lei, na parte que corresponda á proporción existente entre os activos necesarios para o exercicio da actividade empresarial ou profesional, minorados no importe das débedas derivadas dela, e o valor do patrimonio neto da entidade.

Tres. Regulamentariamente determinaranse:

a) Os requisitos que deban concorrer para que sexa aplicable a exención en canto ós bens, dereitos e débedas necesarios para o desenvolvemento dunha actividade empresarial ou profesional.

b) As condicións que deberán reuni-las participacións en entidades.»

#### SECCIÓN 5.<sup>a</sup> IMPOSTO SOBRE SUCESIÓNS E DOAZÓNS

##### Artigo 5. *Modificación da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns.*

Primeiro. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2003, modifícase a alínea b) do número 2, do artigo 20, da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, que quedará redactada da seguinte maneira:

«b) Con independencia das reducións anteriores, aplicaráselles unha redución do 100 por cento, cun límite de 9.195,49 euros, ás cantidades percibidas polos beneficiarios de contratos de seguros sobre vida, cando o seu parentesco co contratante falecido sexa de cónxuxe, ascendente, descendente, adoptante ou adoptado. Nos seguros colectivos ou contratados polas empresas a favor de seus empregados, observarase o grao de parentesco entre o asegurado falecido e beneficiario.

A redución será única por suxeito pasivo calquera que fose o número de contratos de seguros de vida dos que sexa beneficiario, e non será aplicable cando este teña dereito á establecida na disposición transitoria cuarta desta lei.

A mesma redución será en todo caso aplicable ós seguros de vida que traian causa en actos de terrorismo, así como en servicios prestados en misións internacionais humanitarias ou de paz de carácter público, e non estará sometida ó límite cuantitativo establecido no primeiro parágrafo desta letra, sendo extensible a tódolos posibles be-

neficiarios, sen que sexa de aplicación o previsto na disposición transitoria cuarta desta lei.»

Segundo. Con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2004 modifícase a Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns.

Un. Engádeselle un parágrafo ó número 1, do artigo 23.bis, coa seguinte redacción:

«Non obstante, a bonificación a que se refire o parágrafo anterior elevarase ó 99 por cento para os habentes causa comprendidos, segundo o grao de parentesco, nos grupos I e II sinalados no artigo 20 desta lei.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 24, que quedará da seguinte forma:

«1. Nas adquisicións por causa de morte e nos seguros sobre a vida, o imposto devengarase o día do falecemento do causante ou do asegurado ou cando adquira firmeza a declaración de falecemento do ausente, conforme o artigo 196 do Código civil. Non obstante, nas adquisicións producidas en vida do causante como consecuencia de contratos e pactos sucesorios, o imposto devengarase o día en que se cause ou celebre o dito acordo.»

Tres. Modifícanse os artigos 31 e 34 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, que quedarán redactados da seguinte maneira:

«Artigo 31. *Declaración e liquidación.*

1. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar unha declaración tributaria, comprensiva dos feitos impositivos a que se refire esta lei, nos prazos e na forma que regulamentariamente se fixen. Non obstante o anterior, poderán optar por presentar unha autoliquidación; neste caso deberán practicalas operacións necesarias para determina-lo importe da débeda tributaria e xunta-lo documento ou declaración no que se conteña ou se constate o feito impositivo.

2. Os suxeitos pasivos deberán aplica-lo réxime de autoliquidación do imposto con carácter obrigatorio nas comunidades autónomas en que así se estableza nesta lei.

Os suxeitos pasivos deberán aplica-lo réxime de autoliquidación polos feitos impositivos nos que o rendimento do imposto se considere producido no territorio das ditas comunidades autónomas en virtude dos puntos de conexión aplicables de acordo co previsto na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía.»

«Artigo 34. *Normas xerais.*

1. A competencia para a xestión e liquidación do imposto corresponderalles ás delegacións e administracións de Facenda ou, se é o caso, ás oficinas con análogas funcións das comunidades autónomas que teñan cedida a xestión do tributo.

2. As comunidades autónomas poderán regular os aspectos sobre a xestión e liquidación deste imposto segundo o previsto na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de finan-



ciamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía. Cando a comunidade autónoma non regulase os ditos aspectos, aplicaranse as normas establecidas nesta lei.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, a competencia para establecer como obrigatorio o réxime de autoliquidación do imposto correspóndelle ó Estado, que introducirá na Lei do imposto as comunidades autónomas nas que se establece o dito réxime.

4. De acordo co disposto no punto anterior, establécese o réxime de autoliquidación do imposto con carácter obrigatorio nas seguintes comunidades autónomas:

Andalucía.  
Castilla y León.  
Rexión de Murcia.»

#### SECCIÓN 6.<sup>a</sup> RÉXIME FISCAL DAS ENTIDADES SEN FINS LUCRATIVOS E DOS INCENTIVOS FISCAIS Ó MECENADO

Artigo 6. *Modificación da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.*

Modifícase a disposición adicional sétima, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional sétima. Réxime tributario dos consorcios Casa de América, Casa de Asia, "Institut Europeu de la Mediterrània" e o Museo Nacional de Arte de Cataluña.

Os consorcios Casa de América, Casa de Asia, "Institut Europeu de la Casa de la Mediterrània" e o Museo Nacional de Arte de Cataluña serán considerados entidades beneficiarias do mecenado para os efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, desta lei.»

## CAPÍTULO II

### Impostos indirectos

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO

Artigo 7. *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido:

Primeiro. Con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2004:

Un. Modifícase a letra d') da alínea c) do número 1.º do artigo 9, que quedará redactada da seguinte maneira:

«d') As operacións de cesión de créditos ou préstamos, con excepción das realizadas no marco dun contrato de "factoring"»

Dous. Modifícanse as alíneas a), h) e i) do número 18.º do número un do artigo 20, que quedarán redactadas da seguinte maneira:

«a) Os depósitos en efectivo nas súas diversas formas, incluídos os depósitos en conta corrente e contas de aforro, e as demais operacións rela-

cionadas con eles, incluídos os servizos de cobramento ou pagamento prestados polo depositario en favor do depositante.

A exención non se estende ós servizos de xestión de cobramento de créditos, letras de cambio, recibos e outros documentos. Tampouco se estende a exención ós servizos prestados ó cedente no marco dos contratos de "factoring", con excepción dos de anticipo de fondos que, se é o caso, se poidan prestar nestes contratos.

Non se considerarán de xestión de cobramento as operacións de aboamento en conta de cheques ou talóns.»

«h) As operacións relativas a transferencias, xiros, cheques, libranzas, obrigas de pagamento, letras de cambio, tarxetas de pagamento ou de crédito e outras ordes de pagamento.

A exención esténdese ás operacións seguintes:

a') A compensación interbancaria de cheques e talóns.

b') A aceptación e a xestión da aceptación.

c') O protesto ou a declaración substitutiva e a xestión do protesto.

Non se inclúe na exención o servizo de cobramento de letras de cambio ou demais documentos que se recibisen en xestión de cobramento. Tampouco se inclúen na exención os servizos prestados ó cedente no marco dos contratos de "factoring", con excepción dos de anticipo de fondos que, se é o caso, se poidan prestar nestes contratos.»

«i) A transmisión dos efectos e ordes de pagamento a que se refire a letra anterior, mesmo a transmisión de efectos descontados.

Non se inclúe na exención a cesión de efectos en comisión de cobranza. Tampouco se inclúen na exención os servizos prestados ó cedente no marco dos contratos de "factoring", con excepción dos de anticipo de fondos que, se é o caso, se poidan prestar nestes contratos.»

Tres. Modifícase o segundo parágrafo do número tres do artigo 80, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Soamente cando se acorde a conclusión do concurso polas causas expresadas no artigo 176.1, números 1.º, 3.º e 5.º da Lei concursal, o acreedor que modifícase a base imponible deberaa modificar novamente á alza mediante a emisión, no prazo que se fixe regulamentariamente, dunha factura rectificativa na que se repercute a cota procedente.»

Catro. Modifícase o número catro do artigo 80, que quedará redactado como segue:

«Catro. A base imponible tamén se poderá reducir cando os créditos correspondentes ás cotas repercutidas polas operacións gravadas sexan total ou parcialmente incobrables.

Para estes efectos, un crédito considerárase total ou parcialmente incobrable cando reúna as seguintes condicións:

1.<sup>a</sup> Que transcorresen dous anos desde o devengo do imposto repercutido sen que se obtivese o cobramento de todo ou parte do crédito derivado del.

2.<sup>a</sup> Que esta circunstancia quedase reflectida nos libros rexistros esixidos para este imposto.

3.<sup>a</sup> Que o destinatario da operación actúe na condición de empresario ou profesional, ou, noutro caso, que a base imponible daquela, imposto sobre o valor engadido excluído, sexa superior a 300 euros.

4.<sup>a</sup> Que o suxeito pasivo instase o seu cobramento mediante reclamación xudicial ó debedor.

A modificación deberase realizar no prazo dos tres meses seguintes á finalización do período de dous anos a que se refire a condición 1.<sup>a</sup> do parágrafo anterior e deberáselle comunicar á Administración tributaria no prazo que se fixe regulamentariamente.

Unha vez practicada a redución da base imponible, esta non se volverá modificar á alza aínda que o suxeito pasivo obtivese o cobramento total ou parcial da contraprestación, salvo cando o destinatario non actúe na condición de empresario ou profesional. Neste caso, entenderase que o imposto sobre o valor engadido está incluído nas cantidades percibidas e na mesma proporción que a parte de contraprestación percibida.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando o suxeito pasivo desista da reclamación xudicial ó debedor, deberá modificar novamente a base imponible á alza mediante a emisión, no prazo dun mes contado desde a desistencia, dunha factura rectificativa na que se repercuta a cota procedente.»

Cinco. Modifícase o número un do artigo 97, que quedará redactado como segue:

«Un. Soamente poderán exercita-lo dereito á dedución os empresarios ou profesionais que estean en posesión do documento xustificativo do seu dereito.

Para estes efectos, unicamente se considerarán documentos xustificativos do dereito á dedución:

1.<sup>o</sup> A factura orixinal expedida por quen realice a entrega ou preste o servizo ou, no seu nome e pola súa conta, polo seu cliente ou por un terceiro, sempre que, para calquera destes casos, se cumpran os requisitos que se establezan regulamentariamente.

2.<sup>o</sup> A factura orixinal expedida por quen realice unha entrega que dea lugar a unha adquisición intracomunitaria de bens suxeita ó imposto, sempre que a dita adquisición estea debidamente consignada na declaración-liquidación a que se refire o número 6.<sup>o</sup> do número un do artigo 164 desta lei.

3.<sup>o</sup> O documento acreditativo do pagamento do imposto á importación.

4.<sup>o</sup> A factura expedida polo suxeito pasivo nos supostos previstos no artigo 165, número un, desta lei.

5.<sup>o</sup> O recibo orixinal asinado polo titular da explotación agrícola, forestal, gandeira ou pesqueira a que se refire o artigo 134, número tres, desta lei.»

Seis. Modifícase o número un do artigo 165, que quedará redactado como segue:

«Un. Nos supostos a que se refiren os artigos 84, número un, números 2.<sup>o</sup> e 3.<sup>o</sup> e 140 quince desta lei, á factura expedida, se é o caso, por quen

efectuou a entrega de bens ou prestación de servizos correspondente ou ó xustificante contable da operación unirase unha factura que conteña a liquidación do imposto. A dita factura axustarase ós requisitos que se establezan regulamentariamente.»

Segundo. Modifícase o número tres do artigo 80 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que quedará redactado como segue:

«Tres. A base imponible poderase reducir cando o destinatario das operacións suxeitas ó imposto non fixese efectivo o pagamento das cotas repercutidas e sempre que, con posterioridade ó devengo da operación, se dicte auto de declaración de concurso. A modificación, se é o caso, non se poderá efectuar despois de transcorrido o prazo máximo fixado no número 5.<sup>o</sup> do número 1 do artigo 21 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Soamente cando por calquera causa se sobresea o expediente do concurso de acredores, o acredor que modifícase a base imponible deberá modificala novamente á alza mediante a emisión, no prazo que se fixe regulamentariamente, dunha factura rectificativa na que se repercuta a cota procedente.»

Terceiro. Con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2004:

Un. Suprímense o número 27.<sup>o</sup> do número un do artigo 20 e o número cinco do artigo 26.

Dous. Engádesse unha nova alínea c) no número 2.<sup>o</sup> do número un do artigo 84, que quedará redactada da seguinte maneira:

«c) Cando se trate de:

– Entregas de refugallos novos da industria, desperdicios e refugallos de fundición, residuos e demais materiais de recuperación constituídos por metais férricos e non férricos, as súas aliaxes, escouras, cinsas e residuos da industria que conteñan metais ou as súas aliaxes.

– As operacións de selección, corte, fragmentación e prensado que se efectúen sobre os produtos citados no guión anterior.

– Entregas de desperdicios ou refugallos de papel, cartón ou vidro.

– Entregas de produtos semielaborados resultantes da transformación, elaboración ou fundición dos metais non férricos referidos no primeiro guión, con excepción dos compostos por níquel. En particular, consideraranse produtos semielaborados, os lingotes, bloques, placas, barras, gran, granalla e fío laminado.

En todo caso, consideraranse comprendidas nos parágrafos anteriores as entregas dos materiais definidos no anexo da lei.»

Tres. Modifícase o número sétimo do anexo, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Sétimo. Desperdicios ou refugallos de fundición, de ferro ou aceiro, chatarra ou lingotes de chatarra de ferro ou aceiro, desperdicios ou refugallos de metais non férricos ou as súas aliaxes, escouras, cinsas e residuos da industria que conteñan metais ou as súas aliaxes.

Consideraranse desperdicios ou refugallos de fundición, de ferro ou aceiro, chatarra ou lingotes

de chatarra de ferro ou aceiro, desperdicios ou refugалlos de metais non férricos ou as súas aliaxes, escouras, cinsas e residuos da industria que conteñan metais ou as súas aliaxes os comprendidos nas partidas seguintes do Arancel de Aduanas:

Cód. NCE	Designación da mercadoría
7204	Desperdicios e refugалlos de fundición de ferro ou aceiro (chatarra e lingotes).

Os desperdicios e refugалlos dos metais férricos comprenden:

a) Desperdicios obtidos durante a fabricación ou o mecanizado da fundición do ferro ou do aceiro, tales como as torneaduras, limaduras, despuntes de lingotes, de pancas, de barras ou de perfís.

b) As manufacturas de fundición de ferro ou aceiro definitivamente inutilizables como tales por roturas, cortes, desgaste ou outros motivos, así como os seus refugалlos, mesmo se algunha das súas partes ou pezas son reutilizables.

Non se comprenden os produtos susceptibles de se utilizaren para o seu uso primitivo tal cal ou despois de reparalos.

Os lingotes de chatarra son xeralmente de ferro ou aceiro moi aliado, toscamente colados, obtidos a partir de desperdicios e refugалlos finos refundidos (pos de amolado ou torneaduras finas) e a súa superficie é rugosa e irregular.

Cód. NCE	Designación da mercadoría
7402	Cobre sen refinar; ánodos de cobre para refinado.
7403	Cobre refinado en forma de cátodos e seccións de cátodo.
7404	Desperdicios e refugалlos de cobre.
7407	Barras e perfís de cobre.
7408.11.00	Arame de cobre refinado, no que a maior dimensión da sección transversal sexa > 6 mm.
7408.19.10	Arame de cobre refinado, no que a maior dimensión da sección transversal sexa de > 05 mm, pero <= 6 mm.
7502	Níquel.
7503	Desperdicios e refugалlos de níquel.
7601	Aluminio en bruto.
7602	Desperdicios e refugалlos de aluminio.
7605.11	Arame de aluminio sen aliar.
7605.21	Arame de aluminio aliado.
7801	Chumbo.
7802	Desperdicios e refugалlos de chumbo.
7901	Zinc.
7902	Desperdicios e refugалlos de cinc (calamina).

Cód. NCE	Designación da mercadoría
8001	Estaño.
8002	Desperdicios e refugалlos de estaño.
2618	Escouras granuladas (area de escouras) da siderurxia.
2619	Escouras (excepto granulados), bataduras e demais desperdicios da siderurxia.
2620	Cinsas e residuos (excepto siderurxia) que conteña metal ou compostos de metal.
47.07	Desperdicios ou refugалlos de papel ou cartón. Os desperdicios de papel ou cartón comprenden as raspaduras, recortes, follas rotas, periódicos vellos e publicacións, maculaturas e probas de imprenta e artigos similares. A definición comprende tamén as manufacturas vellas de papel ou de cartón vendidas para a súa reciclaxe.
70.01	Desperdicios ou refugалlos de vidro. Os desperdicios ou refugалlos de vidro comprenden os residuos da fabricación de obxectos de vidro, así como os producidos polo seu uso ou consumo. Caracterízanse xeralmente polas súas arestas cortantes. Baterías de chumbo recuperadas.

## SECCIÓN 2.<sup>a</sup> IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS

Artigo 8. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004, modifícase a alínea c) do número 3 do artigo 13 do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, que quedará redactada da seguinte maneira:

«c) Cando o concesionario estea obrigado a reverter á Administración bens determinados, computarase o valor neto contable estimado dos ditos bens á data da reversión, máis os gastos previstos para a reversión. Para o cálculo do valor neto contable dos bens aplicaranse as táboas de amortización aprobadas para os efectos do imposto sobre sociedades na porcentaxe media resultante delas.»

## SECCIÓN 3.<sup>a</sup> IMPOSTOS ESPECIAIS

Artigo 9. *Modificación da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais:

Un. Modifícanse os números 5 e 7 do artigo 15, que quedarán redactados da seguinte maneira:

«5. Sen prexuízo do establecido na alínea c) do número 1 do artigo 10, na alínea c) do artigo 22, no número 3 do artigo 40, na alínea d) do artigo 52, na alínea b) do artigo 62, naqueles supostos de reintroducción de produtos no establecemento de orixe que non puidesen ser entregados ó destinatario por causas alleas ó depositario autorizado expedidor e naqueles casos nos que se produza o cesamento de actividade do establecemento onde os produtos se encontren con aplicación dunha exención, non se permitirá a entrada nas fábricas e os depósitos fiscais de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación polos que xa se devengara o imposto.»

«7. A circulación e tenza de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación, con fins comerciais, deberá estar amparada polos documentos establecidos regulamentariamente que acrediten ter satisfeito o imposto en España ou encontrarse en réxime suspensivo, ó abeiro dunha exención ou dun sistema de circulación intracomunitaria ou interna con imposto devengado, sen prexuízo do establecido no número 3 do artigo 44.»

Dous. Modifícase a alínea única que constitúe a letra c) do número 2 do artigo 50 bis, que quedará redactada da seguinte maneira:

«c) Os produtos definidos nos códigos, NC, 1507, 1508, 1510, 1511, 15123, 1513, 1514, 1515 e 1518, xa se utilicen como tales xa logo de modificación química.»

Tres. Modifícase a alínea única que constitúe a letra c) do número 3 do artigo 51, que quedará redactada da seguinte maneira:

«c) Os produtos definidos nos códigos NC 1507, 1508, 1510, 1511, 1512, 1513, 1514, 1515 e 1518, xa se utilicen como tales xa logo de modificación química.»

Catro. Engádesse un segundo parágrafo no número 1 do artigo 54, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Non obstante, o establecido no parágrafo anterior, non será de aplicación á utilización de gas natural nas estacións de compresión dos gasodutos, para lle subministrar ó gas natural a presión adicional necesaria para o transporte do dito gas, para o que non será precisa ningunha autorización. Neste caso, o gas natural así utilizado tributará ó tipo impositivo establecido no epígrafe 1.8 da tarifa 1.<sup>a</sup> do número 1 do artigo 50.»

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> IMPOSTO SOBRE AS VENDAS RETALLISTAS DE DETERMINADOS HIDROCARBUROS

Artigo 10. *Modificación do imposto sobre as vendas retallistas de determinados hidrocarburos.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004, modifícase o número 2.<sup>o</sup> da alínea f) da norma seis.1 do artigo 9 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado da seguinte maneira:

«2.<sup>o</sup> Á produción de electricidade en centrais eléctricas ou á produción de electricidade ou á coxeración de electricidade e calor en centrais combinadas, sempre que o adquirente, que deberá se-lo titular das ditas instalacións, teña previamente recoñecido o dereito á exención do imposto sobre hidrocarburos que establece a alínea c) número 2 do artigo 51 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.»

#### SECCIÓN 5.<sup>a</sup> IMPOSTO SOBRE AS PRIMAS DE SEGUROS

Artigo 11. *Modificación da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004, engádesse unha alínea j) no número 1 da norma cinco do artigo 12 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, polo que se regula o imposto sobre as primas de seguros; a súa redacción será a seguinte:

«j) As operacións relativas ós plans de previsión asegurados.»

#### SECCIÓN 6.<sup>a</sup> RÉXIME ECONÓMICO FISCAL DE CANARIAS

Artigo 12. *Imposto xeral indirecto canario e arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.

Primeiro. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004:

Un. Modifícase o número 10.<sup>o</sup> do artigo 9, que quedaría redactado do modo seguinte:

«10.<sup>o</sup> A constitución de concesións e autorizacións administrativas, excepto as que teñan por obxecto a cesión do dereito a utilizar infraestruturas ferroviarias ou inmobles ou instalacións en portos e aeroportos.»

Dous. Modifícase a alínea e) do punto 5.<sup>o</sup> A) do número 2 do artigo 17, que queda redactada da seguinte maneira:

«e) Os de tratamento de datos e a subministración de informacións, incluídos os procedementos e experiencias de carácter comercial.»

Tres. Modifícase o número 7 do artigo 22, que queda redactado da seguinte maneira:

«7. A base imponible tamén se poderá reducir cando os créditos correspondentes ás cotas repercutidas polas operacións gravadas sexan total ou parcialmente incobrables.

Para estes efectos, un crédito considerárase total ou parcialmente incobrable cando reúna as seguintes condicións:

1.<sup>a</sup> Que transcorresen dous anos desde o devengo do imposto repercutido sen que se obtivese o cobramento de todo ou parte do crédito derivado del.

2.<sup>a</sup> Que esta circunstancia quedase reflectida nos libros rexistros esixidos para este imposto.

3.<sup>a</sup> Que o destinatario da operación actúe na condición de empresario ou profesional, ou, noutro caso, que a base imponible daquela, imposto xeral indirecto canario excluído, sexa superior a 300 euros.

4.<sup>a</sup> Que o suxeito pasivo instase o seu cobramento mediante reclamación xudicial ó debedor.

A modificación deberase realizar no prazo dos tres meses seguintes á finalización do período de dous anos a que se refire a condición 1.<sup>a</sup> do parágrafo anterior e deberáselle comunicar á Administración tributaria canaria no prazo que se fixe regulamentariamente.

Unha vez practicada a redución da base imponible, esta non se volverá modificar á alza aínda que o suxeito pasivo obtivese o cobramento total ou parcial da contraprestación, salvo cando o destinatario non actúe na condición de empresario ou profesional. Neste caso, entenderase que o imposto xeral indirecto canario está incluído nas cantidades percibidas e na mesma proporción que a parte de contraprestación percibida.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando o suxeito pasivo desista da reclamación xudicial ó debedor, deberá modificar novamente a base imponible á alza mediante a emisión, no prazo dun mes contado desde a desistencia, dunha factura rectificativa na que se repercuta a cota procedente.»

Catro. Modifícanse o número 1 e a alínea e) do número 1.<sup>o</sup> do número 4 do artigo 29, que quedan redactados da seguinte maneira:

«1. Os suxeitos pasivos a que se refire o artigo anterior poderán deducir as cotas do imposto xeral indirecto canario devengadas nas illas Canarias que soportasen por repercusión directa nas súas adquisicións de bens ou nos servicios a eles prestados.

Serán tamén deducibles, a partir do momento en que naza o dereito á deducción conforme o disposto no artigo 32 desta lei, as cotas do mesmo imposto devengadas no dito territorio nos supostos seguintes:

1.<sup>o</sup> Nas importacións.

2.<sup>o</sup> Nos supostos de investimento do suxeito pasivo que se regulan no número 2.<sup>o</sup> do número 1 do artigo 19 e no artigo 58 ter.6 desta lei, e no suposto de substitución a que se refire o número 2 do artigo 25 da Lei 19/1994, do 6 de xullo.»

«e) As de seguro, reaseguro, capitalización e servicios relativos a elas, así como as bancarias ou financeiras, que resultasen exentas, de se teren realizado no ámbito territorial de aplicación deste imposto, en virtude do disposto no número 1, números 16.<sup>o</sup> e 18.<sup>o</sup> do artigo 10 desta lei, sempre que o destinatario de tales prestacións non estea establecido na Comunidade Económica Europea ou que as citadas operacións estean directamente relacionadas coas exportacións de bens a países non pertencentes á dita Comunidade e que se efectúen a partir do momento en que os bens se expidan con destino a terceiros países.»

Cinco. Modifícanse os números 2.<sup>o</sup> e 3.<sup>o</sup> do número 1 e o número 2 do artigo 30, que quedan redactados da seguinte maneira:

«2.<sup>o</sup> As cotas soportadas polos servicios de desprazamento ou viaxes, hostalería e restaura-

ción, salvo que o importe deles tivese a consideración de gasto fiscalmente deducible para efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre sociedades.

3.<sup>o</sup> As cotas soportadas nas adquisicións ou importacións de alimentos e bebidas, os servicios de espectáculos e servicios de carácter recreativo, excepto cando se destinen a ser utilizados ou consumidos polos asalariados ou terceiras persoas mediante contraprestación.»

«2. Exceptúanse do disposto no número anterior as adquisicións ou importacións dos bens e servicios seguintes:

1.<sup>o</sup> Os bens que obxectivamente considerados sexan de exclusiva aplicación industrial, comercial, agraria, clínica ou científica.

2.<sup>o</sup> Os bens destinados exclusivamente a seren obxecto de entrega ou cesión de uso a título oneroso, directamente ou mediante transformación, por suxeitos pasivos dedicados con habitualidade á realización das ditas operacións.

3.<sup>o</sup> Os servicios recibidos para seren prestados como tales a título oneroso por suxeitos pasivos dedicados con habitualidade á realización das ditas operacións.»

Seis. Suprímese o número 4 do artigo 38.

Sete. Engádesse un artigo, o 48 bis, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 48 bis. Devolución nas cotas aboadas polos adquirentes nas importacións de bens no suposto de exercicio do dereito de desistencia previsto na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista.

Sen prexuízo do disposto na normativa aduaneira, os suxeitos pasivos importadores que non actúen en condición de empresarios ou profesionais para efectos deste imposto terán dereito á devolución das cotas aboadas nas importacións daqueles bens polos que se exercite o dereito de desistencia previsto na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, sempre que os bens saian do territorio de aplicación do imposto dentro do prazo e coas condicións sinaladas na citada lei.

A devolución prevista neste artigo non xerará xuros de demora.

O exercicio do dereito á devolución no suposto previsto neste artigo será desenvolto regulamentariamente polo Goberno de Canarias.»

Oito. Engádeselle un número, o 5.<sup>o</sup>, ó número 2 do artigo 49, que quedará redactado da seguinte maneira:

«5.<sup>o</sup> Os suxeitos pasivos que superen as magnitudes específicas establecidas para cada actividade pola consellería competente en materia de facenda do Goberno Autónomo de Canarias.»

Nove. Engádeselle un novo parágrafo ó número 6 do artigo 54 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, co seguinte teor:

«Nas operacións efectuadas para outros empresarios ou profesionais, que comprendan exclusivamente entregas de bens ou prestacións de servicios realizadas totalmente no ámbito espacial deste imposto, poderase facer constar

na factura, por solicitude do interesado e baixo a denominación "Cotas do IGIC" incluídas no prezo, a cantidade resultante de multiplica-lo prezo total da operación por 2 e dividi-lo resultado por 100. As ditas cotas terán a consideración de cotas soportadas por repercusión directa para o empresario ou profesional destinatario da operación.»

Dez. Modifícase o número 3 e engádeselle un número 4 ó artigo 85 da Lei 20/1991, que terán as seguintes redaccións:

«3. Será de aplicación o previsto no artigo 48 bis desta lei respecto ás cotas do arbitrio aboadas na importación de bens no suposto de exercicio do dereito de desistencia previsto na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista.

A devolución prevista neste artigo non xerará xuros de demora.

4. A forma e as condicións das devolucions reguladas neste artigo serán desenvolvidas regulamentariamente polo Goberno de Canarias.»

Once. Dáselle unha nova redacción ó número 1 do artigo 85 da Lei 20/1991, que quedaría do seguinte teor:

«1. Os suxeitos pasivos terán dereito á devolución das cotas do arbitrio que, devengadas conforme dereito, soportasen nas adquisicións ou importacións realizadas, na medida en que os bens adquiridos ou importados se utilicen na realización de operacións suxeitas e non exentas do arbitrio, ou ben na realización de operacións descritas nos artigos 71 e 72 desta lei, mesmo cando os envíos ou as exportacións non estean suxeitos ó arbitrio.»

Doce. As disposicións adicionais décima e décimo primeira quedarán redactadas do modo seguinte:

«Disposición adicional décima.

Un. O Goberno, logo de informe da Comunidade Autónoma de Canarias e sen prexuízo do establecido no punto seguinte, dictará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

Dous. A Comunidade Autónoma de Canarias, de conformidade co previsto no artigo 32 do Estatuto de autonomía da Comunidade Autónoma de Canarias, regulará normativamente os aspectos relativos á xestión, liquidación, recadación e inspección do imposto xeral indirecto canario e do arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias, así como os relativos á revisión dos actos dictados en aplicación deles.

Tres. Con independencia do establecido no artigo 88.5 da Lei xeral tributaria, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Canarias a competencia para contesta-las consultas tributarias relativas ó imposto xeral indirecto canario e ó arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias, aínda que naquelas nas que a contestación afecte ou teña transcendencia noutros impostos de titularidade estatal, así como, en todo caso, nas relativas á localización do feito imponible, será necesario informe previo do Ministerio de Facenda.

Catro. Será reclamable en vía económico-administrativa ante os órganos económico-administrativos da Comunidade Autónoma de Canarias a

aplicación dos tributos e a imposición de sancions tributarias que realice a comunidade autónoma respecto ós tributos derivados do réxime económico e fiscal de Canarias.»

«Disposición adicional décimo primeira.

As disposicións interpretativas ou aclaratorias a que se refire o artigo 12 da Lei xeral tributaria e relativas ó imposto xeral indirecto canario e ó arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias serán dictadas polo ministro de Facenda, por instancia ou logo de informe da Comunidade Autónoma de Canarias.»

Trece. Modifícase o número 4.º do número 1 do anexo I, que quedará redactado da seguinte maneira:

«4.º Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire a normativa específica sobre vehículos de motor e as cadeiras de rodas para uso exclusivo de persoas con minusvalidez.»

Catorce. Engádeselle un novo número, o 15.º, ó número 1 do anexo I, coa seguinte redacción:

«15.º As entregas de vivendas que sexan adquiridas polas entidades que apliquen o réxime especial previsto no capítulo III do título VIII da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, sempre que ás rendas derivadas do seu posterior arrendamento lles sexa aplicable a bonificación establecida na alínea b) do número 1 do artigo 68 quinquies da citada lei. Para estes efectos, a entidade adquirente comunicaralle esta circunstancia ó suxeito pasivo con anterioridade ó devengo da operación na forma que se determine regulamentariamente.»

Quince. Dáselle nova redacción ó anexo I bis, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Anexo I bis.

O tipo impositivo incrementado do nove por cento do imposto xeral indirecto canario aplicárase ás seguintes operacións:

1. As entregas ou importacións dos bens que se indican a continuación:

a) Os vehículos accionados a motor con potencia igual ou inferior a 11 CV fiscais, excepto:

a') Os vehículos incluídos nos números 4.º e 5.º do número 1 do anexo I desta lei.

b') Os vehículos de dúas, tres e catro rodas nos que a cilindrada non sexa superior a 50 centímetros cúbicos e que cumpran a definición xurídica de ciclomotor.

c') Os vehículos exceptuados da aplicación do tipo incrementado do 13 por cento contidos no número 3.º do número 1 do anexo II desta lei.

b) Embarcacións e buques na entrega ou importación dos cales non sexa aplicable o tipo incrementado do 13 por cento, excepto as embarcacións olímpicas. En todo caso, tributarán ó tipo incrementado do nove por cento as motos acuáticas.

c) Avións, avionetas e demais aeronaves na entrega ou importación dos cales non sexa aplicable o tipo incrementado do 13 por cento.

2. As prestacións de servizos de execucións de obra mobiliarias que teñan por obxecto os bens a que se refire o número 1 anterior.»

Dezaseis. Proponse unha nova redacción do número 2 do anexo I bis, que tería a seguinte redacción:

«2. As prestacións de servizos de execucións de obras mobiliarias que teñan por obxecto a produción dos bens a que se refire o número 1 anterior.»

Dezasete. Modifícase o número 4.º do número 1 e engádese un número 3.º no número 2 do anexo II, que quedarán redactados da seguinte maneira:

«4.º Caravanas, autocaravanas e remolques deseñados e concibidos para seren remolcados por vehículos de turismo, salvo os que obxectivamente considerados sexan de exclusiva aplicación industrial, comercial, agraria, clínica ou científica.»

«3.º As execucións de obra mobiliarias que teñan por obxecto os bens relacionados no número 1 anterior a entrega ou importación dos cales tributen ó tipo incrementado regulado neste anexo.»

Dezaoito. Modifícase o número 4.º do número 1 e engádese un número 3.º no número 2 do anexo II, que quedarán redactados da seguinte maneira:

«4.º Caravanas e remolques deseñados e concibidos para seren remolcados por vehículos de turismo e autocaravanas, salvo os que obxectivamente considerados sexan de exclusiva aplicación industrial, comercial, agraria, clínica ou científica.»

«3.º As execucións de obras mobiliarias que teñan por obxecto a produción dos bens relacionados no número 1 anterior a entrega ou importación dos cales tributen ó tipo incrementado regulado neste anexo.»

Dezanove. Modifícase o número 1.º do número 2 do anexo II, co seguinte teor:

«1.º O arrendamento dos vehículos accionados a motor, mesmo os de potencia igual ou inferior a 11 CV fiscais. Non obstante, non se inclúe neste número o arrendamento dos vehículos relacionados nas alíneas a), b), d) e e) do número 1.3.º anterior, calquera que sexa a súa potencia fiscal.»

Vinte. Introdúcense as seguintes modificacións nos anexos IV e V:

Un. No anexo IV, as posicións estatísticas 3402, 39231000 e 200980, xunto coas súas descrições e tipos impositivos, quedan redactadas do seguinte modo:

«3402: axentes de superficie orgánica (excepto o xabón); preparacions tensioactivas; preparacions para lavar (incluídas as preparacions auxiliares de lavado) e preparacions de limpeza; aínda que conteña xabón; excepto as da partida 3401. Exclúanse as partidas 340211, 3402120000 e 3402130000: 5.»

«3923100090: as demais (caixas, gaiolas e artigos similares de plástico para o transporte ou envasado): 15.»

«200980: zumes de calquera outra froita ou froito, ou hortaliza, mesmo silvestre. Soamente gravados os produtos de envase inferior a 150 quilos: 5.»

Dous. No anexo V, as posicións estatísticas 3402, 39231000 e 200980, xunto coas súas descrições, quedan redactadas do seguinte modo:

«3402: axentes de superficie orgánica (excepto o xabón); preparacions tensioactivas; preparacions para lavar (incluídas as preparacions auxiliares de lavado) e preparacions de limpeza; aínda que conteña xabón; excepto as da partida 3401. Exclúanse as partidas 340211, 3402120000 e 3402130000.»

«3923100090: as demais (caixas, gaiolas e artigos similares de plástico para o transporte ou envasado).»

«200980: zumes de calquera outra froita ou froito, ou hortaliza, mesmo silvestre. Soamente gravados os produtos de envase inferior a 150 quilos.»

Vinteun. Modifícase o número 1 do anexo VI, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Tipo cero do imposto xeral indirecto canario na importación e entrega dos bens mobles corporais incluídos nas partidas arancelarias 1604, 4418, 6802, 7308, 9401 e 9403, cando, nos dous últimos casos, os mobles sexan de madeira ou de plástico.»

Segundo. Modifícase o número 6 do artigo 22, que queda redactado da seguinte maneira:

«6. A base imponible poderase reducir cando o destinatario das operacións suxeitas ó imposto non fixese efectivo o pagamento das cotas repercutidas, e sempre que, con posterioridade ó devengo da operación, se dicte auto que declare o concurso de acredores daquel. A modificación, se é o caso, non se poderá efectuar despois de transcorrido o prazo máximo establecido no número 5.º do número un do artigo 21 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Soamente cando por calquera causa se sobresea o expediente do concurso de acredores, o acredor que modifícase a base imponible deberaa rectificar novamente á alza mediante a emisión, no prazo que se fixe regulamentariamente, dunha factura rectificativa na que se repercuta a cota procedente.»

Terceiro. Con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2004:

Un. Suprímese o número 30.º do artigo 10.

Dous. Engádese unha nova alínea d) no número 2.º do número 1 do artigo 19, que quedará redactado da seguinte maneira:

«d) Cando se trate de:

— Entregas de refugallos novos da industria, desperdicios e refugallos de fundición, residuos e demais materiais de recuperación constituídos por metais férricos e non férricos, as súas aliaxes, escouras, cinsas e residuos da industria que conteñan metais ou as súas aliaxes.

— As operacións de selección, corte, fragmentación e prensado que se efectúen sobre os produtos citados no guión anterior.

— Entregas de desperdicios ou refugallos de papel, cartón ou vidro.

— Entregas de produtos semielaborados resultantes da transformación, elaboración ou fundición dos metais non férricos referidos no primeiro guión, con excepción dos compostos por níquel. En particular, consideraranse produtos semielaborados.

borados os lingotes, bloques, placas, barras, gran, granalla e fio laminado.

En todo caso, consideraranse comprendidas nos parágrafos anteriores as entregas dos materiais definidos no anexo III bis desta lei.»

Tres. Modifícase o anexo III bis, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Anexo III bis. Desperdicios ou refugалlos de fundición, de ferro ou aceiro, chatarra ou lingotes de chatarra de ferro ou aceiro, desperdicios ou refugалlos de metais non férricos ou as súas aliaxes, escouras, cinsas e residuos da industria que conteñan metais ou as súas aliaxes.

Consideraranse desperdicios ou refugалlos de fundición, de ferro ou aceiro, chatarra ou lingotes de chatarra de ferro ou aceiro, desperdicios ou refugалlos de metais non férricos ou as súas aliaxes, escouras, cinsas e residuos da industria que conteñan metais ou as súas aliaxes os comprendidos nas partidas seguintes do arancel de aduanas:

Cód. NCE	Designación da mercadoría
7204	Desperdicios e refugалlos de fundición de ferro ou aceiro (chatarra e lingotes).

Os desperdicios e refugалlos dos metais férricos comprenden:

a) Desperdicios obtidos durante a fabricación ou o mecanizado da fundición do ferro ou do aceiro, tales como as torneaduras, limaduras, despuntes de lingotes, de pancas, de barras ou de perfís.

b) As manufacturas de fundición de ferro ou aceiro definitivamente inutilizables como tales por roturas, cortes, desgaste ou outros motivos, así como os seus refugалlos, mesmo se algunha das súas partes ou pezas son reutilizables.

Non se comprenden os produtos susceptibles de se utilizaren para o seu uso primitivo tal cal ou despois de reparalos.

Os lingotes de chatarra son xeralmente de ferro ou aceiro moi aliado, toscamente colados, obtidos a partir de desperdicios e refugалlos finos refundidos (pos de amoladura ou torneaduras finas) e a súa superficie é rugosa e irregular.

Cód. NCE	Designación da mercadoría
7402	Cobre sen refinar; ánodos de cobre para refinado.
7403	Cobre refinado en forma de cátodos e seccións de cátodo.
7404	Desperdicios e refugалlos de cobre.
7407	Barras e perfís de cobre.
7408.11.00	Arame de cobre refinado, no que a maior dimensión da sección transversal sexa > 6 mm.
7408.19.10	Arame de cobre refinado, no que a maior dimensión da sección transversal sexa de > 05 mm, pero <= 6 mm.

Cód. NCE	Designación da mercadoría
7502	Níquel.
7503	Desperdicios e refugалlos de níquel.
7601	Aluminio en bruto.
7602	Desperdicios e refugалlos de aluminio.
7605.11	Arame de aluminio sen aliar.
7605.21	Arame de aluminio aliado.
7801	Chumbo.
7802	Desperdicios e refugалlos de chumbo.
7901	Zinc.
7902	Desperdicios e refugалlos de cinc (calamina).
8001	Estaño.
8002	Desperdicios e refugалlos de estaño.
2618	Escouras granuladas (area de escouras) da siderurxia.
2619	Escouras (excepto granulados), bateduras e demais desperdicios da siderurxia.
2620	Cinsas e residuos (excepto siderurxia) que conteña metal ou compostos de metal.
47.07	Desperdicios ou refugалlos de papel ou cartón. Os desperdicios de papel ou cartón comprenden as raspaduras, recortes, follas rotas, periódicos vellos e publicacións, maculaturas e probas de imprenta e artigos similares. A definición comprende tamén as manufacturas vellas de papel ou de cartón vendidas para a súa reciclaxe.
70.01	Desperdicios ou refugалlos de vidro. Os desperdicios ou refugалlos de vidro comprenden os residuos da fabricación de obxectos de vidro, así como os producidos polo seu uso ou consumo. Caracterízanse xeralmente polas súas arestas cortantes. Baterías de chumbo recuperadas.

Artigo 13. *Modificación da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias.*

Un. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004, modifícanse os números 1 e 2 do artigo 25 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, que quedarán redactados da seguinte maneira:

«1. As sociedades domiciliadas en Canarias, que sexan de nova creación ou que, xa constituídas, realicen unha ampliación de capital, amplien, modernicen ou trasladen as súas instalacións, estarán exentas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, na



súa constitución, na ampliación de capital e nas adquisicións patrimoniais de bens de investimento situados en Canarias, durante un período de tres anos a partir do outorgamento da escritura pública de constitución ou de ampliación de capital, cando o rendemento do imposto se considere producido neste territorio.

Na modalidade de operacións societarias, unicamente estará exenta a constitución ou o aumento de capital pola parte que se destine ós investimentos previstos neste artigo. En ningún caso estarán exentas as operacións suxeitas á modalidade de actos xurídicos documentados.

2. Tamén estarán exentas do imposto xeral indirecto canario as entregas de bens ás sociedades a que se refire o punto anterior que teñan a condición de bens de investimento para elas, con dereito á deducción das cotas soportadas nos termos previstos no artigo 29 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, así como as importacións de bens de investimento efectuadas polas ditas sociedades.

No suposto de entrega de bens de investimento, e previamente a esta, a sociedade adquirente deberalle entregar á transmitente unha declaración na que identifique os bens de investimento e manifeste a concorrencia dos requisitos da exención previstos neste punto. As entidades adquirentes terán a condición de suxeitos pasivos substitutos nos termos previstos no artigo 32 da Lei xeral tributaria, no caso de que, téndose expedido o documento a que se refire este parágrafo, non se cumpran os requisitos da exención ou, cumpríndose, quede esta sen efecto de acordo co disposto no número 3. O substituto non poderá esixir do contribuínte o importe das obrigas tributarias satisfeitas.

Para efectos do disposto neste punto, asimílanse a entregas de bens de investimento as execucións de obra que teñan a condición de prestacións de servizos e que teñan como resultado un ben de investimento para a sociedade adquirente.

No suposto de importacións, a sociedade importadora deberá achegar coa declaración de importación a documentación acreditativa da concorrencia dos requisitos da exención.»

Dous. Dáselles unha nova redacción ós números 4 e 5 do artigo 27, que quedarán redactados do modo seguinte:

«4. As cantidades destinadas á reserva para investimentos en Canarias deberanse materializar no prazo máximo de tres anos, contados desde a data do devengo do imposto correspondente ó exercicio en que se dotou esta, na realización dalgún dos seguintes investimentos:

a) A adquisición de activos fixos situados ou recibidos no arquipélago canario, utilizados nel e necesarios para o desenvolvemento de actividades empresariais do suxeito pasivo ou que contribúan á mellora e protección do ambiente no territorio canario. Para tal efecto entenderanse situados e utilizados no arquipélago as aeronaves que teñan a súa base en Canarias e os buques con pavillón español e matriculados en Canarias, incluídos os inscritos no Rexistro especial de buques e empresas navais.

Consideraranse como adquisición de activo fixo os investimentos realizados por arrendatarios en in-

mobles, cando o arrendamento teña unha duración mínima de cinco anos, e os investimentos destinados á rehabilitación dun activo fixo se, en ámbolos casos, cumpren os requisitos contables para seren considerados como activo fixo para o investidor.

Para os efectos deste punto, entenderanse situados ou recibidos no arquipélago canario as concesións administrativas de uso de bens de dominio público radicados en Canarias, as concesións administrativas de prestación de servizos públicos que se desenvolven exclusivamente no arquipélago, así como as aplicacións informáticas, e os dereitos de propiedade industrial, que non sexan simples signos distintivos do suxeito pasivo ou dos seus produtos, e que se vaian aplicar exclusivamente en procesos productivos ou actividades comerciais que se desenvolven no ámbito territorial canario.

O importe dos gastos en investigación que cumpran os requisitos para seren contabilizados como activo fixo considerarase materialización da reserva para investimentos na parte correspondente ós gastos de persoal satisfeitos a investigadores cualificados adscritos en exclusiva a actividades de investigación e desenvolvemento realizadas en Canarias, e na parte correspondente ós gastos de proxectos de investigación e desenvolvemento contratados con universidades, organismos públicos de investigación ou centros de innovación e tecnoloxía, oficialmente recoñecidos e rexistrados e situados en Canarias. Esta materialización será incompatible, para os mesmos gastos, con calquera outro beneficio fiscal.

Tratándose de activos fixos usados, estes non poderán terse beneficiado anteriormente do réxime previsto neste artigo, e deberán supor unha mellora tecnolóxica para a empresa.

O inmovible adquirido para a súa rehabilitación terá a consideración de activo usado apto para a materialización da reserva cando o custo da reforma sexa superior á parte do prezo de adquisición correspondente á construción.

b) A subscripción de accións ou participacións no capital de sociedades que desenvolven no arquipélago a súa actividade, sempre que estas realicen os investimentos previstos na alínea a) anterior, nas condicións reguladas nesta lei. Os ditos investimentos non darán lugar á aplicación de ningún outro beneficio fiscal por tal concepto.

5. Os elementos en que se materialice a reserva para investimentos, cando se trate de elementos dos recollidos na alínea a) do punto anterior, deberán permanecer en funcionamento na empresa do mesmo suxeito pasivo durante cinco anos como mínimo ou durante a súa vida útil se fose inferior, sen ser obxecto de transmisión, arrendamento ou cesión a terceiros para o seu uso.

Cando se trate dos valores ós que se refire a alínea b) do citado punto, deberán permanecer no patrimonio do suxeito pasivo durante cinco anos ininterrompidos.

Os suxeitos pasivos que se dediquen, a través dunha explotación económica, ó arrendamento ou cesión a terceiros para o seu uso de activos fixos poderán desfrutar do réxime da reserva para investimentos, sempre que non exista vinculación, directa ou indirecta, cos arrendatarios ou cesionarios dos ditos bens nin se trate de operacións de arrendamento financeiro.»

SECCIÓN 7.<sup>a</sup> IMPOSTO SOBRE A PRODUCCIÓN, OS SERVICIOS  
E A IMPORTACIÓN PARA AS CIDADES DE CEUTA E MELILLA

Artigo 14. *Modificación da Lei 8/1991, do 25 de marzo, do imposto sobre a produción, os servicios e a importación para as cidades de Ceuta e Melilla.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 8/1991, do 25 de marzo:

Un. Modifícase o número 5 do artigo 18 bis A), que queda redactado da seguinte maneira:

«5. O gravame complementario non será esixible nas mesmas circunstancias que determinarían a non esixibilidade no imposto sobre os elaborados do tabaco no seu ámbito territorial de aplicación. En particular, o devengo do gravame complementario aprazarase respecto dos elaborados do tabaco que se introduzan nos depósitos que se autoricen para tal efecto ata, se é o caso, a súa saída deles.

A autorización dos depósitos a que se refire o parágrafo anterior será efectuada polo Departamento de Aduanas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, logo de informe favorable da respectiva cidade, nas mesmas condicións cás previstas para a autorización de depósitos fiscais de elaborados do tabaco no ámbito territorial de aplicación do imposto sobre os elaborados do tabaco, con excepción do establecido no parágrafo seguinte.

A autorización do depósito fiscal estará condicionada a que a totalidade das saídas del de elaborados de tabaco correspondan a entregas directas ós expendedores da rede de expendedoras de tabaco e timbre situados na respectiva cidade, non sendo esixible o cumprimento do volume mínimo de saídas previsto na normativa do imposto sobre os elaborados do tabaco para a autorización de depósitos fiscais de elaborados do tabaco no seu ámbito territorial de aplicación.

O incumprimento das condicións e requisitos a que se refiren os dous parágrafos anteriores poderá dar lugar á revogación da autorización do depósito fiscal.

Os titulares dos depósitos fiscais autorizados, conforme o previsto neste número 5, terán, en canto ó gravame complementario, a condición de suxeitos pasivos en calidade de substituto do contribuínte.

O control dos depósitos fiscais a que se refire este número 5 será efectuado polos servicios dependentes do Departamento de Aduanas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, en colaboración cos servicios fiscais das respectivas cidades.»

Dous. Modifícase o número 3 do artigo 22, que queda redactado da seguinte maneira:

«3. Nas importacións, con excepción dos casos previstos no parágrafo segundo da alínea b) do artigo 11 desta lei, a liquidación que corresponda e o pagamento resultante deberanse efectuar con anterioridade ó acto administrativo de despacho ou á entrada das mercadorías no territorio de suxeición. Poderase outorgar un prazo máximo de 90 días desde a introducción das mercado-

rías ata o pagamento do imposto se, ó xuízo da Administración ou dos órganos xestores, queda suficientemente garantida a débeda tributaria.»

### CAPÍTULO III

#### Tributos locais

Artigo 15. *Modificación da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.*

Primeiro. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2003, dáselle nova redacción ó artigo 139 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, que quedará redactado como segue:

«Artigo 139.

As entidades locais canarias disporán dos recursos regulados nesta lei, sen prexuízo das peculiaridades previstas na lexislación do réxime económico fiscal de Canarias. Para estes efectos, os cabidos insulares das illas Canarias terán o mesmo tratamento cás deputacións provinciais.

En concreto, ós municipios das illas Canarias ós que se refire o artigo 112 desta lei, así como ós cabidos insulares, unicamente se lles cederá a porcentaxe correspondente do imposto sobre a renda das persoas físicas e dos impostos especiais sobre cervexa, sobre produtos intermedios e sobre alcohol e bebidas derivadas e, en consecuencia, estas contías son as únicas que serán obxecto de deducción para efectos do disposto nos artigos 114 ter e 126 ter desta lei.»

Segundo. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais:

Un. Engádeselle ó parágrafo sexto da alínea c) do número 1 do artigo 24 o seguinte:

«Así mesmo, non se incluírán entre os ingresos brutos procedentes da facturación as cantidades percibidas por aqueles servicios de subministración que vaian ser utilizados naquelas instalacións que estean inscritas na sección 1.<sup>a</sup> ó 2.<sup>a</sup> do Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica do Ministerio de Economía, como materia prima necesaria para a xeración de enerxía susceptible de tributación por este réxime especial.»

Dous. Dáselle nova redacción ó número 1 do artigo 65, que quedará redactado como segue:

«1. Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmoables obxecto dos ditos dereitos quedarán afectos ó pagamento da totalidade da cota tributaria, en réxime de responsabilidade subsidiaria, nos termos previstos na Lei xeral tributaria. Para estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán expresamente os comparecentes nos documentos que autoricen sobre as débedas pendentes polo imposto sobre bens inmoables asociadas ó inmoable que se transmite, sobre o prazo dentro do cal están obrigados os interesados a presentar declaración polo imposto, cando tal obriga subsista por non se ter achegado a referencia catastral do inmoable,

conforme o parágrafo terceiro do artigo 54 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, sobre a afección dos bens ó pagamento da cota tributaria e, así mesmo, sobre as responsabilidades en que incorran pola falta de presentación de declaracións, o non efectualas en prazo ou a presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas, conforme o previsto no artigo 16 da Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario.»

Tres. Engádeselle un segundo parágrafo ó número 2 do artigo 67, coa seguinte redacción:

«Sen prexuízo do anterior, que será aplicable nos procedementos de valoración colectiva de carácter xeral, nos de carácter parcial e simplificado, a motivación consistirá na expresión dos datos indicados no parágrafo anterior, referidos ó exercicio en que se practique a notificación.»

Catro. Dáselle nova redacción ó número 5 do artigo 75, que quedará redactado da seguinte maneira:

«5. As ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación de ata o 50 por cento da cota íntegra do imposto para os bens inmobles nos que se instalasen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente. Os demais aspectos substantivos e formais desta bonificación especificaranse na ordenanza fiscal.»

Cinco. Dáselle nova redacción ó número 4 do artigo 83, que quedará redactado da seguinte maneira:

«4. As exencións previstas nas alíneas e) e f) do número 1 deste artigo terán carácter rogado e concederanse, cando proceda, por instancia de parte.»

Seis. Dáselle nova redacción á alínea b) do número 2 do artigo 104, que quedará redactada da seguinte maneira:

«b) Unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras en que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

A bonificación prevista neste parágrafo aplicarase á cota resultante de aplicar, se é o caso, a bonificación a que se refire a alínea a) anterior.»

Sete. Engádeselle un novo parágrafo ó número 7 do artigo 111, co seguinte contido:

«Os notarios advertirán expresamente os comparecentes nos documentos que autoricen sobre o prazo dentro do cal están obrigados os interesados a presentar declaración polo imposto e, así mesmo, sobre as responsabilidades en que incorran pola falta de presentación de declaracións.»

## CAPÍTULO IV

### Taxas

Artigo 16. *Recursos propios da Mancomunidad dos Canales del Taibilla.*

Constitúen recursos propios da Mancomunidad de los Canales del Taibilla:

a) Taxas por gastos de dirección e inspección de obras que realice o organismo con cargo ó seu orzamento, así como aquelas a dirección facultativa das cales lles sexa encomendada.

b) Taxas por informes e outras actuacións con ocasión da xestión do servizo público de abastecemento de auga potable que ten ó seu cargo.

Artigo 17. *Modificación da Lei de sanidade vexetal.*

Dáselle redacción ó encabezamento do número 1 do artigo 67 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, co seguinte texto:

«1. Exportación de vexetais, produtos vexetais e obxectos conexos.»

Artigo 18. *Exención de taxas fitosanitarias por probas e controis oficiais previos á exportación na apertura de novos mercados.*

Engádeselle un parágrafo final ó número 1 do artigo 67 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, co seguinte texto:

«A taxa prevista nas alíneas c) e d) non se aplicará durante as tres primeiras campañas de exportación cando se trate da apertura dun novo mercado para un determinado produto e un país concreto. A determinación do produto e o país levarase a efecto en cada caso por orde do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación.»

Artigo 19. *Taxa esixible por especialidades farmacéuticas veterinarias.*

Engádesese un novo epígrafe, no grupo IX do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, coa seguinte redacción:

«Artigo 117, grupo IX. Especialidades farmacéuticas veterinarias:

9.08 Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dunha especialidade farmacéutica de uso veterinario destinada de forma específica a especies menores. 2.157,00 euros.»

Artigo 20. *Modificación da taxa por inspeccións e controis veterinarios de produtos de orixe animal non destinados a consumo humano, que se introduzan en territorio nacional procedentes de países non comunitarios.*

Modifícase o número sete do artigo 29 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado nos seguintes termos:

«Sete. As contías da taxa por inspeccións e controis veterinarios de produtos de orixe ani-

mal non destinados a consumo humano, que se introduzan en territorio nacional procedentes de países non comunitarios, quedan establecidas nas cantidades recollidas a continuación:

a) Carnes frescas, refrixeradas ou conxeladas de calquera especie animal, incluídos os seus miúdos e vísceras, destinados á alimentación animal; produtos cárnicos, preparados cárnicos e preparacións alimenticias, que conteñan carne de calquera especie animal, destinada á alimentación animal: a cota tributaria será a resultante de aplicar cinco euros por tonelada, cun mínimo de 29 euros por partida e un máximo de 4.820 euros por partida.

b) Produtos da pesca e subprodutos da pesca destinados á alimentación animal: a cota tributaria será a resultante de aplicar:

1.º Ás primeiras 100 toneladas: cinco euros por tonelada.

2.º A partir de 100 toneladas, o importe para as cantidades adicionais reducirase a 1,48 euros por tonelada, para produtos pesqueiros que non fosen obxecto de ningunha preparación excepto a evisceración, e a 2,53 euros por tonelada, para os demais produtos pesqueiros.

Cun mínimo, en ámbolos casos, de 29 euros por partida e un máximo de 4.820 euros por partida.

c) Leite cru, leite tratado termicamente, leite destinado á elaboración de produtos lácteos, e produtos lácteos: a cota tributaria será a resultante de aplicar cinco euros por tonelada, cun mínimo de 29 euros por partida e un máximo de 4.820 euros por partida.

d) Ovos para incubar: a cota tributaria será a resultante de aplicar 10 euros por cada unidade, sendo unha unidade ata 10.000 ovos (inclusive), cun mínimo de 29 euros por partida.

e) Proteínas animais elaboradas: a cota tributaria será a resultante de aplicar cinco euros por tonelada, cun mínimo de 29 euros por partida e un máximo de 4.820 euros por partida.

f) Alimentos para animais de compañía: a cota tributaria será a resultante de aplicar cinco euros por tonelada, cun mínimo de 29 euros por partida e un máximo de 4.820 euros por partida.

g) Graxas animais: a cota tributaria será a resultante de aplicar cinco euros por tonelada, cun mínimo de 29 euros por partida e un máximo de 4.820 euros por partida.

h) Peles, pelos, sedas, la, plumas: a cota tributaria será a resultante de aplicar cinco euros por tonelada, cun mínimo de 29 euros por partida e un máximo de 4.820 euros por partida.

i) Trofeos de caza: a cota tributaria será a resultante de aplicar cinco euros por tonelada, cun mínimo de 29 euros por partida e un máximo de 4.820 euros por partida.

j) Esterco: a cota tributaria será a resultante de aplicar cinco euros por tonelada cun mínimo de 29 euros por partida e un máximo de 4.820 euros por partida.

k) Esperma de calquera especie animal: a cota tributaria será a resultante de aplicar 10 euros por cada unidade, sendo unha unidade ata 1.000 palletas (inclusive), cun mínimo de 29 euros por partida.

l) Óvulos e embrións de calquera especie animal: a cota tributaria será a resultante de aplicar 10 euros por cada unidade, sendo unha unidade ata

10 óvulos ou 10 embrións (inclusive), cun mínimo de 29 euros por partida.

m) Outros produtos de orixe animal, non recollidos nos puntos anteriores: a cota tributaria será a resultante de aplicar cinco euros por tonelada, cun mínimo de 29 euros por partida e un máximo de 4.820 euros por partida.»

#### Artigo 21. *Taxas relativas ó rexistro de variedades comerciais.*

Engádesse un artigo 17 bis na Lei 11/1971, do 30 de marzo, de sementes e plantas de viveiro, coa seguinte redacción:

«Artigo 17 bis. *Taxas relativas ó rexistro de variedades comerciais.*

##### 1. Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos destas taxas os solicitantes da inscrición dunha variedade no Rexistro de Variedades Comerciais e as persoas, físicas ou xurídicas, en favor das cales se realice a prestación dos servicios que constitúen os seus feitos impositivos.

As taxas establecidas neste artigo rexeranse polo disposto nos seus puntos e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, en especial no relativo ós suxeitos obrigados ó pagamento das taxas como responsables tributarios.

##### 2. Taxa por tramitación e resolución.

Constitúe o feito impositivo desta taxa a tramitación do procedemento administrativo e a súa resolución.

O devengo da taxa producirase no momento en que se inicie a tramitación do procedemento pola Administración xeral do Estado.

O importe da taxa pola tramitación e resolución do expediente é de 300,51 euros.

##### 3. Taxa pola realización do ensaio de identificación.

Constitúe o feito impositivo desta taxa a realización das probas, ensaios e calquera outra actividade comprendida no ensaio de identificación necesario para a inscrición dunha variedade, conforme a súa lexislación específica.

Para os efectos deste artigo, as especies ou grupos de especies a que pertencen as variedades vexetais o material das cales vaia ser obxecto do ensaio clasifícanse nos grupos recollidos no anexo 2 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais.

O devengo da taxa producirase, o primeiro ano, no momento da entrega do material vexetal á autoridade competente para a realización do ensaio e no segundo e sucesivos, no momento en que se realicen as sementeiras ou plantacións ou se multiplique o material.

As taxas pola realización dos ensaios de identificación serán as seguintes:

Por cada ano de exame:

Grupo primeiro.....	781,63 euros
Grupo segundo .....	562,76 euros
Grupo terceiro .....	468,98 euros
Grupo cuarto .....	375,18 euros

Cando se trate dunha variedade híbrida, calquera que sexa a especie, e sexa preciso efectuar un estudio dos compoñentes xenealóxicos, o tipo de taxa será o dobre da indicada para a especie correspondente.

4. Taxa pola realización do ensaio de valor agronómico.

Constitúe o feito imponible desta taxa a realización das probas e ensaios de campo e laboratorio necesarios para a determinación do valor agronómico ou de utilización dos materiais vexetais presentados a rexistro.

O devengo da taxa producirase no momento da entrega do material vexetal nas condicións que se establecen na súa regulamentación específica.

As taxas pola realización destes ensaios serán as seguintes:

Por cada ano de exame:

Pataca .....	1.100,52 euros
Millo .....	1.203,69 euros
Os demais cereais, oleaxinosas e téxtiles.....	1.031,73 euros
Remolacha azucreira.....	1.375,64 euros
Alfalfa, trevos e gramíneas forraxeiras e pratense .....	1.100,52 euros

Para as especies non comprendidas no punto anterior, o prezo da taxa queda fixado en 1.100 euros.

5. Xestión e recadación.

Os servizos e actividades constitutivos do feito imponible das taxas previstas nos números 2, 3, neste caso soamente durante o primeiro ano, e 4, non se prestarán ou realizarán mentres non se efectuase o pagamento da contía que resultase esixible e que se deberá facer efectiva polo procedemento de autoliquidación.

Os servizos e actividades constitutivos do feito imponible da taxa prevista no número 3, excepto o primeiro ano, mesmo cando fosen prestados, non serán eficaces mentres non se efectuase o pagamento na contía que fose esixida. Con independencia do anterior, a referida contía será esixible pola vía de constrinximento.

A xestión e recadación en vía ordinaria destas taxas correspóndelle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

A falta de pagamento en período voluntario das taxas relativas ós ensaios de identificación do segundo ano e sucesivos motivarán o arquivo do expediente.

6. De acordo co principio de equivalencia recollido no artigo 7 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, o Goberno, mediante real decreto, poderá modifica-las contías das taxas establecidas neste artigo.»

#### Artigo 22. *Taxas por servizos prestados polo Rexistro da Propiedade Intelectual.*

Modifícase o artigo 20 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Un. As taxas por servizos prestados polo Rexistro Central da Propiedade Intelectual rexeranse por esta lei e polas demais fontes normativas

que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

Dous. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos seguintes servizos:

1. Tramitación de expedientes de solicitude de inscrición rexistral.

2. Anotacións, cancelacións e demais modificacións dos asentos rexistrais, incluídos os traslados.

3. Expedición de certificados, notas simples, copias de obras —en calquera tipo de soportes— e autenticación de sinaturas.

Tres. O devengo da taxa producirase cando se presente a solicitude que inicie a actuación do rexistro e será esixido por este con ocasión da prestación dos servizos que constitúen o feito imponible da taxa.

Catro. Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas e xurídicas que soliciten os servizos mencionados no número dous deste artigo.

Cinco. A contía da taxa será a seguinte:

1. Tramitación de expedientes de solicitude.

1.1 Sendo titular dos dereitos o propio autor, ou persoa física ou xurídica distinta do autor, por cada creación orixinal, así como por anotación preventiva, cancelación, modificación, ou traslado de asentos rexistrais: 11,26 euros.

2. Publicidade rexistral.

2.1 Por expedición de certificados positivos ou negativos, por cada un: 13,38 euros.

2.2 Por expedición de notas simples positivas ou negativas, por cada unha: 3,75 euros.

2.3 Por expedición de copia certificada de obras en calquera soporte, por cada unha: 10,00 euros.

2.4 Por autenticación de sinaturas: 3,75 euros.

Seis. A liquidación da taxa será realizada ó solicita-lo servizo de que se trate o rexistrador central ou o funcionario responsable da oficina provincial correspondente.

Sete. O pagamento da taxa realizarase ó se presenta-la solicitude, mediante o ingreso en efectivo en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Facenda. A xustificación do aboamento da taxa será requisito necesario para inicia-la tramitación do expediente.

Oito. A xestión da taxa levarana a cabo os servizos competentes do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.»

#### Artigo 23. *Canon de superficie de minas-hidrocarburos.*

Un. Introdúcese unha disposición derradeira terceira no Decreto 3059/1966, do 1 de decembro, polo que se aproba o texto refundido de taxas fiscais, do seguinte teor:

«A Lei de orzamentos xerais do Estado poderá modificar, de conformidade co previsto no número 7 do artigo 134 da Constitución española, as bases e os tipos contidos nas tarifas do artigo 10 deste texto refundido.»

Dous. Introdúcese unha disposición derradeira terceira na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos (pasando a actual terceira a se-la cuarta), coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira terceira.

A Lei de orzamentos xerais do Estado poderá modificar, de conformidade co previsto no número 7 do artigo 134 da Constitución española, as escalas contidas na disposición adicional primeira desta lei, así como as do artigo 44 da Lei 21/1974, do 27 de xuño, sobre réxime xurídico da exploración, investigación e explotación de hidrocarburos, na medida en que resultan aplicables en virtude do disposto na disposición transitoria primeira desta lei.»

## TÍTULO II

### Do social

#### CAPÍTULO I

##### Normas laborais

Artigo 24. *Modificación do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.*

Modifícase o parágrafo segundo da alínea d) do número 1 do artigo 15 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, que pasará a te-la seguinte redacción:

«Os servizos públicos de emprego competentes, financiarán, a través das partidas de gasto que correspondan, os custos salariais e de Seguridade Social destas contratacións subvencionando, para efectos salariais, a contía equivalente á base mínima do grupo de cotización ó que corresponda a categoría profesional desempeñada polo traballador así como os complementos salariais de residencia regulamentariamente establecidos e, para efectos de Seguridade Social, as cotas derivadas dos ditos salarios. Todo iso con independencia da retribución que finalmente perciba o traballador. O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais informará con carácter trimestral a Comisión Delegada do Goberno sobre as subvencións concedidas e satisfeitas no dito período así como sobre o seguimento e control delas.»

#### CAPÍTULO II

##### Seguridade Social

###### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> NORMAS XERAIS DA SEGURIDADE SOCIAL

Artigo 25. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

Modifícanse os seguintes preceptos do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Un. Introdúcese unha alínea d) no número 1 do artigo 31 do Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que pasará a te-la seguinte redacción:

«d) Aplicación indebida das bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social, previstas regulamentariamente para o financiamento das accións formativas do subsistema de formación profesional continua.»

Dous. Modifícase o número 3 do artigo 124 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que queda redactado nos termos seguintes:

«3. As cotas correspondentes ás situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo ou de maternidade serán computables para efectos dos distintos períodos previos de cotización esixidos para o dereito ás prestacións.»

Tres. Dáselle nova redacción ó número 1 do artigo 172 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, nos termos seguintes:

«1. Poderán causar dereito ás prestacións enumeradas no artigo anterior:

a) As persoas integradas no réxime xeral que cumpran a condición xeral esixida no artigo 124.

b) Os perceptores dos subsidios de incapacidade temporal, risco durante o embarazo ou maternidade, que cumpran o período de cotización que, se é o caso, estea establecido.

c) Os pensionistas por incapacidade permanente e xubilación, ambos na súa modalidade contributiva.»

Catro. Modifícase o número 4 do artigo 179 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, nos termos seguintes:

«4. A suma das contías das pensións por morte e supervivencia non poderá exceder do importe da base reguladora que corresponda, conforme o previsto no número 2 do artigo 120, en función das cotizacións efectuadas polo causante. Esta limitación aplicaráselle á determinación inicial das expresadas contías, pero non afectará as revalorizacións periódicas das pensións que procedan no sucesivo, conforme o previsto no artigo 48 desta lei.

Para os efectos da limitación establecida neste punto, as pensións de orfandade terán preferencia sobre as pensións a favor doutros familiares. Así mesmo, e polo que respecta a estas últimas prestacións, establécese a seguinte orde de preferencia:

1.º Netos e irmáns, menores de 18 anos ou maiores incapacitados, do causante.

2.º Pai e nai do causante.

3.º Avós e avoas do causante.

4.º Fillos e irmáns do pensionista de xubilación ou incapacidade permanente, na súa modalidade contributiva, maiores de 45 anos e que reúnan os demais requisitos establecidos.»

###### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> NORMAS RELATIVAS ÓS RÉXIMES ESPECIAIS DA SEGURIDADE SOCIAL

Artigo 26. *Modificación do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2000, do 9 de xuño.*

Modifícanse os seguintes preceptos do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2000, do 9 de xuño.

Un. Engádeselle un novo número, o 8, ó artigo 7 do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, coa redacción seguinte:

«8. Os asegurados obrigados a cotizar terán dereito á devolución total ou parcial das cotas ingresadas indebidamente. O prazo para exercer este dereito será de catro anos a partir da data en que se fixesen efectivas. Formarán parte da cotización a devolver, as recargas, os xuros e as custas que se satisfixesen cando o ingreso indebido se realizara por vía de constrinximento, así como o xuro legal aplicado, se é o caso, ás cantidades ingresadas desde a data do seu ingreso ou desconto en nómina ata a proposta de pagamento, e o custo das garantías achegadas para suspender a execución dunha débeda co Instituto Social das Forzas Armadas.»

Dous. Modifícase a alínea a) do número 5 do artigo 22 do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, que queda coa seguinte redacción:

«a) Se a solicitude se efectúa dentro do prazo de catro anos contados a partir da data de retiro ou xubilación e o grao de incapacidade absoluta e permanente quedou acreditado entón, os efectos económicos retrotraeranse ó día primeiro do mes seguinte á dita data.»

O resto do punto continúa coa mesma redacción.

Tres. O número 3 da disposición adicional sexta do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas terá a redacción seguinte:

«3. Co fin de facilita-la xestión do control do colectivo de ISFAS, e coa exclusiva finalidade de comproba-la concordancia dos seus datos cos que figuren nos correspondentes rexistros de persoal, o Rexistro Central de Persoal dos funcionarios públicos, os órganos encargados da xestión do persoal militar do Ministerio de Defensa, e a Dirección Xeral da Garda Civil, remitirán mensualmente ó Instituto Social das Forzas Armadas a información do persoal incluído no seu campo de aplicación, en relación cos actos de toma de posesión, cambio de situacións administrativas, perda da condición de funcionario, militar, ou garda civil, ou pase a xubilación ou retiro.»

O actual número 3 da disposición adicional sexta do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas pasa a denominarse número 4, e queda coa seguinte redacción:

«4. Os datos que se faciliten deberán identificar, se é o caso, nome e apelidos, documento nacional de identidade e domicilio.»

O resto da disposición adicional mantense coa mesma redacción.

### CAPÍTULO III

#### Medidas para a aplicación do principio de igualdade de trato

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 27. *Obxecto e ámbito de aplicación deste capítulo.*

1. Este capítulo ten por obxecto establecer medidas para a aplicación real e efectiva do principio de igual-

dade de trato e non discriminación, en particular por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual, nos termos que en cada unha das súas seccións se establecen.

2. Este capítulo será de aplicación a tódalas persoas, tanto no sector público coma no sector privado.

Artigo 28. *Definicións.*

1. Para os efectos deste capítulo entenderase por:

a) Principio de igualdade de trato: a ausencia de toda discriminación directa ou indirecta por razón da orixe racial ou étnica, a relixión ou conviccións, a discapacidade, a idade ou a orientación sexual dunha persoa.

b) Discriminación directa: cando unha persoa sexa tratada de maneira menos favorable ca outra en situación análoga por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual.

c) Discriminación indirecta: cando unha disposición legal ou regulamentaria, unha cláusula convencional ou contractual, un pacto individual ou unha decisión unilateral, aparentemente neutros, lle poidan ocasionar unha desvantaxe particular a unha persoa respecto doutras por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual, sempre que obxectivamente non respondan a unha finalidade lexítima e que os medios para a consecución desta finalidade non sexan adecuados e necesarios.

d) Acoso: toda conducta non desexada relacionada coa orixe racial ou étnica, a relixión ou conviccións, a discapacidade, a idade ou a orientación sexual dunha persoa, que teña como obxectivo ou consecuencia atentar contra a súa dignidade e crear un contorno intimidatorio, humillante ou ofensivo.

2. Calquera orde de discrimina-las persoas por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual considerárase en todo caso discriminación.

O acoso por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual considéranse en todo caso actos discriminatorios.

##### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> MEDIDAS EN MATERIA DE IGUALDADE DE TRATO E NON DISCRIMINACIÓN POLA ORIXE RACIAL OU ÉTNICA DAS PERSOAS

Artigo 29. *Ámbito de aplicación da sección 2.<sup>a</sup>*

1. Esta sección ten por obxecto establecer medidas para que o principio de igualdade de trato e non discriminación por razón da orixe racial ou étnica das persoas sexa real e efectivo na educación, a sanidade, as prestacións e os servizos sociais, a vivenda e, en xeral, a oferta e o acceso a todo tipo de bens e servizos.

O principio de igualdade de trato e non-discriminación por razón da orixe racial ou étnica das persoas no acceso ó emprego, á actividade por conta propia e ó exercicio profesional, a afiliación e a participación nas organizacións sindicais e empresariais, as condicións de traballo, a promoción profesional e a formación profesional ocupacional e continua rexeráse polo establecido na sección 3.<sup>a</sup> deste capítulo.

2. Para efectos do disposto no punto anterior, o principio de igualdade de trato supón a ausencia de toda discriminación directa ou indirecta por razón da orixe racial ou étnica das persoas.

**Artigo 30. *Medidas de acción positiva en relación coa orixe racial ou étnica.***

Para garantir na práctica a plena igualdade por razón da orixe racial ou étnica, o principio de igualdade de trato non impedirá que se manteñan ou se adopten medidas específicas a favor de determinados colectivos destinadas a previr ou compensa-las desvantaxes que os afecten por razón da súa orixe racial ou étnica.

**Artigo 31. *Lexitimación das persoas xurídicas en relación coa orixe racial ou étnica.***

As persoas xurídicas que estean legalmente habilitadas para a defensa dos dereitos e intereses lexítimos colectivos poderán actuar nos procesos xudiciais en nome do demandante que así o autorice coa finalidade de facer efectivo o principio de igualdade de trato das persoas pola súa orixe racial ou étnica.

**Artigo 32. *Carga da proba en relación coa orixe racial ou étnica.***

Naqueles procesos da orde xurisdiccional civil e da orde xurisdiccional contencioso-administrativa en que das alegacións da parte demandante se deduza a existencia de indicios fundados de discriminación por razón da orixe racial ou étnica das persoas, corresponderalle ó demandado a achega dunha xustificación obxectiva e razoable, suficientemente probada, das medidas adoptadas e da súa proporcionalidade.

**Artigo 33. *Creación do Consello para a promoción da igualdade de trato e non-discriminación das persoas pola orixe racial ou étnica.***

1. Créase o Consello para a promoción da igualdade de trato e non-discriminación das persoas pola orixe racial ou étnica na educación, a sanidade, as prestacións e os servizos sociais, a vivenda e, en xeral, a oferta e o acceso a todo tipo de bens e servizos, así como o acceso ó emprego, á actividade por conta propia e ó exercicio profesional, a afiliación e a participación nas organizacións sindicais e empresariais, as condicións de traballo, a promoción profesional e a formación profesional ocupacional e continua.

O Consello configúrase como un órgano colexiado dos previstos no número 2 do artigo 22 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e estará adscrito ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

2. O Consello a que se refire o punto anterior terá as seguintes competencias:

a) Prestarlles asistencia ás vítimas de discriminación pola súa orixe racial ou étnica á hora de tramitaren as súas reclamacións.

b) Realizar estudos e publicar informes sobre a discriminación das persoas pola orixe racial ou étnica.

c) Promover medidas que contribúan a elimina-la discriminación das persoas pola orixe racial ou étnica,

formulando, se é o caso, recomendacións sobre calquera cuestión relacionada coa dita discriminación.

3. Formarán parte do Consello os ministerios con competencias nas materias a que se refire o número 1. Así mesmo, deberase asegura-la participación das comunidades autónomas, das entidades locais, das organizacións empresariais e sindicais máis representativas, así como doutras organizacións que representen intereses relacionados coa orixe racial ou étnica das persoas.

4. A composición e o funcionamento do Consello para a promoción da igualdade de trato e non-discriminación das persoas pola orixe racial ou étnica regularase mediante real decreto, que será aprobado polo Consello de Ministros no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei.

5. O Instituto de Migracións e Servizos Sociais prestaralle ó Consello para a promoción da igualdade de trato e non-discriminación das persoas pola orixe racial ou étnica o apoio necesario para o desempeño das súas funcións.

6. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo das competencias do Defensor do Pobo establecidas pola Lei orgánica 3/1981, do 6 de abril.

O Defensor do Pobo poderá establecer co Consello para a promoción da igualdade de trato e non-discriminación das persoas pola orixe racial ou étnica os mecanismos de cooperación e colaboración que se consideren oportunos.

**SECCIÓN 3.<sup>a</sup> MEDIDAS EN MATERIA DE IGUALDADE DE TRATO E NON-DISCRIMINACIÓN NO TRABALLO**

**Artigo 34. *Ámbito de aplicación da sección 3.<sup>a</sup>***

1. Esta sección ten por obxecto establecer medidas para que o principio de igualdade de trato e non-discriminación sexa real e efectivo no acceso ó emprego, a afiliación e a participación nas organizacións sindicais e empresariais, as condicións de traballo, a promoción profesional e a formación profesional ocupacional e continua, así como no acceso á actividade por conta propia e ó exercicio profesional e a incorporación e participación en calquera organización na que os membros desempeñen unha profesión concreta.

2. Para efectos do disposto no punto anterior, o principio de igualdade de trato supón a ausencia de toda discriminación directa ou indirecta por razón da orixe racial ou étnica, a relixión ou conviccións, a discapacidade, a idade ou a orientación sexual dunha persoa.

As diferencias de trato baseadas nunha característica relacionada con calquera das causas a que se refire o parágrafo anterior non suporán discriminación cando, debido á natureza da actividade profesional concreta de que se trate ou ó contexto en que se leve a cabo, a dita característica constituía un requisito profesional esencial e determinante, sempre que o obxectivo sexa lexítimo e o requisito proporcionado.

**Artigo 35. *Medidas de acción positiva.***

Para garantir na práctica a plena igualdade por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade e orientación sexual, o principio de igualdade de trato non impedirá que se manteñan ou se adopten medidas específicas a favor de determinados colectivos destinadas a previr ou compensa-las desvan-



taxes que os afecten relativas ás materias incluídas no ámbito de aplicación desta sección.

#### Artigo 36. *Carga da proba.*

Naqueles procesos da orde xurisdiccional civil e da orde xurisdiccional contencioso-administrativa en que das alegacións da parte demandante se deduza a existencia de indicios fundados de discriminación por razón da orixe racial ou étnica, a relixión ou conviccións, a discapacidade, a idade ou a orientación sexual das persoas respecto das materias incluídas no ámbito de aplicación desta sección, corresponderalle ó demandado a achega dunha xustificación obxectiva e razoable, suficientemente probada, das medidas adoptadas e da súa proporcionalidade.

#### Artigo 37. *Modificacións do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.*

Un. A alínea c) do número 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores queda redactada da seguinte forma:

«c) A non ser discriminados directa ou indirectamente para o emprego, ou unha vez empregados, por razóns de sexo, estado civil, idade dentro dos límites marcados por esta lei, orixe racial ou étnica, condición social, relixión ou conviccións, ideas políticas, orientación sexual, afiliación ou non a un sindicato, así como por razón de lingua, dentro do Estado español.

Tampouco poderán ser discriminados por razón de discapacidade, sempre que se encontrasen en condicións de aptitude para desempeñaren o traballo ou emprego de que se trate.»

Dous. A alínea e) do número 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores queda redactada nos seguintes termos:

«e) Ó respecto da súa intimidade e á consideración debida á súa dignidade, comprendida a protección fronte a ofensas verbais e físicas de natureza sexual e fronte ó acoso por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual.»

Tres. O número 2 do artigo 16 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores queda redactado da seguinte forma:

«2. Prohíbese a existencia de axencias de colocación con fins lucrativos. O servizo público de emprego poderá autorizar, nas condicións que se determinen no correspondente convenio de colaboración e logo de informe do Consello Xeral do Instituto Nacional de Emprego, a existencia de axencias de colocación sen fins lucrativos, sempre que a remuneración que reciban do empresario ou do traballador se limite exclusivamente ós gastos ocasionados polos servizos prestados. As ditas axencias deberán garantir, no seu ámbito de actuación, o principio de igualdade no acceso ó emprego, non podendo establecer ningunha discriminación baseada en motivos de orixe, incluída a racial ou étnica, sexo, idade, estado civil, relixión ou conviccións, opinión política, orientación sexual, afiliación sindical, condición social, lingua dentro do Estado e discapacidade, sempre

que os traballadores se encontrasen en condicións de aptitude para desempeñaren o traballo ou emprego de que se trate.»

Catro. O número 1 do artigo 17 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores queda modificado da seguinte maneira:

«1. Entenderanse nulos e sen efecto os preceptos regulamentarios, as cláusulas dos convenios colectivos, os pactos individuais e as decisións unilaterais do empresario que conteñan discriminacións directas ou indirectas desfavorables por razón de idade ou discapacidade ou favorables ou adversas no emprego, así como en materia de retribucións, xornada e demais condicións de traballo por circunstancias de sexo, orixe, incluída a racial ou étnica, estado civil, condición social, relixión ou conviccións, ideas políticas, orientación sexual, adhesión ou non a sindicatos e ós seus acordos, vínculos de parentesco con outros traballadores na empresa e lingua dentro do Estado español.

Serán igualmente nulas as decisións do empresario que supoñan un trato desfavorable dos traballadores como reacción ante unha reclamación efectuada na empresa ou ante unha acción xudicial destinada a esixir o cumprimento do principio de igualdade de trato e non-discriminación.»

Cinco. Introdúcese unha nova alínea g) no número 2 do artigo 54 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores coa seguinte redacción:

«g) O acoso por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual ó empresario ou ás persoas que traballan na empresa.»

#### Artigo 38. *Modificacións da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos.*

Un. O artigo 37 da Lei 13/1982, do 7 de abril, queda redactado da seguinte forma:

«1. Será finalidade primordial da política de emprego de traballadores con discapacidade a súa integración, en condicións que garantan a aplicación do principio de igualdade de trato, no sistema ordinario de traballo ou, no seu defecto, a súa incorporación ó sistema productivo mediante a fórmula especial de traballo protexido que se menciona no artigo 41.

2. Para efectos do disposto no punto anterior, entenderase por principio de igualdade de trato a ausencia de toda discriminación directa e indirecta baseada na discapacidade.

3. Existirá discriminación directa cando unha persoa sexa tratada de maneira menos favorable ca outra en situación análoga por motivo da súa discapacidade.

Existirá discriminación indirecta cando unha disposición legal ou regulamentaria, unha cláusula convencional ou contractual, un pacto individual ou unha decisión unilateral do empresario, aparentemente neutros, poidan ocasionar unha desvantaxe particular ás persoas con discapacidade respecto doutras persoas, sempre que obxectivamente non respondan a unha finalidade lexítima e que os medios para a consecución desta finalidade non sexan adecuados e necesarios, ou salvo que

o empresario veña obrigado a adoptar medidas adecuadas, en función das necesidades de cada situación concreta e de acordo co artigo 37 bis desta lei, para elimina-las desvantaxes que supón esa disposición, cláusula, pacto ou decisión.»

Dous. Introdúcese un novo artigo 37 bis na Lei 13/1982, do 7 de abril, coa seguinte redacción:

«1. Para garanti-la plena igualdade no traballo, o principio de igualdade de trato non impedirá que se manteñan ou adopten medidas específicas destinadas a previr ou compensa-las desvantaxes ocasionadas por motivo de discapacidade.

2. Os empresarios están obrigados a adoptar as medidas adecuadas para a adaptación do posto de traballo e a accesibilidade da empresa, en función das necesidades de cada situación concreta, co fin de lles permitir ás persoas con discapacidade accederen ó emprego, desempeñaren o seu traballo, progresaren profesionalmente e accederen á formación, salvo que esas medidas supoñan unha carga excesiva para o empresario.

Para determinar se unha carga é excesiva terase en conta se é paliada en grao suficiente mediante as medidas, axudas ou subvencións públicas para persoas con discapacidade, así como os custos financeiros e doutro tipo que as medidas impliquen e o tamaño e o volume de negocios total da organización ou empresa.»

**Artigo 39.** *Modificacións da Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre o desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servicios transnacional.*

A alínea c) do número 1 do artigo 3 da Lei 45/1999, do 29 de novembro, queda redactada da seguinte forma:

«c) A igualdade de trato e a non-discriminación directa ou indirecta por razón de sexo, orixe, incluída a racial ou étnica, estado civil, idade dentro dos límites legalmente marcados, condición social, relixión ou conviccións, ideas políticas, orientación sexual, afiliación ou non a un sindicato e ós seus acordos, vínculos de parentesco con outros traballadores na empresa, lingua ou discapacidade, sempre que os traballadores se encontrasen en condicións de aptitude para desempeñaren o traballo ou emprego de que se trate.»

**Artigo 40.** *Modificacións do texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril.*

Un. O artigo 96 do texto refundido da Lei de procedemento laboral queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 96.

Naqueles procesos en que das alegacións da parte demandante se deduza a existencia de indicios fundados de discriminación por razón de sexo, orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual, corresponderalle ó demandado a achega dunha xustificación obxectiva e razoable, suficientemente probada, das medidas adoptadas e da súa proporcionalidade.»

Dous. O artigo 181 do texto refundido da Lei de procedemento laboral queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 181.

As demandas de tutela dos demais dereitos fundamentais e liberdades públicas, incluída a prohibición de tratamento discriminatorio e do acoso, que se susciten no ámbito das relacións xurídicas atribuídas ó coñecemento da orde xurisdiccional social, tramitaranse conforme as disposicións establecidas neste capítulo. Nas ditas demandas expresaranse o dereito ou dereitos fundamentais que se consideren infrinxidos.»

**Artigo 41.** *Modificacións do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

Un. O número 12 do artigo 8 da Lei sobre infraccións e sancións na orde social queda redactado da seguinte forma:

«12. As decisións unilaterais do empresario que impliquen discriminacións directas ou indirectas desfavorables por razón de idade ou discapacidade ou favorables ou adversas en materia de retribucións, xornadas, formación, promoción e demais condicións de traballo, por circunstancias de sexo, orixe, incluída a racial ou étnica, estado civil, condición social, relixión ou conviccións, ideas políticas, orientación sexual, adhesión ou non a sindicatos e ós seus acordos, vínculos de parentesco con outros traballadores na empresa ou lingua dentro do Estado español, así como as decisións do empresario que supoñan un trato desfavorable dos traballadores como reacción ante unha reclamación efectuada na empresa ou ante unha acción xudicial destinada a esixilo cumprimento do principio de igualdade de trato e non discriminación.»

Dous. Engádeselle un número 13 bis ó artigo 8 da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, que queda redactado da seguinte forma:

«13 bis. O acoso por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade e orientación sexual, cando se produzan dentro do ámbito a que alcanzan as facultades de dirección empresarial, calquera que sexa o seu suxeito activo, sempre que, coñecido polo empresario, este non adoptase as medidas necesarias para impedirlo.»

Tres. O número 2 do artigo 16 da Lei sobre infraccións e sancións na orde social queda redactado nos seguintes termos:

«2. Establecer condicións, mediante a publicidade, difusión ou por calquera outro medio, que constitúan discriminacións favorables ou adversas para o acceso ó emprego por motivos de sexo, orixe, incluída a racial ou étnica, idade, estado civil, discapacidade, relixión ou conviccións, opinión política, orientación sexual, afiliación sindical, condición social e lingua dentro do Estado.»

Artigo 42. *Fomento da igualdade na negociación colectiva.*

Os convenios colectivos poderán incluír medidas dirixidas a combater todo tipo de discriminación no traballo, a favorece-la igualdade de oportunidades e a previ-lo acoso por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual.

Artigo 43. *Fomento de plans de igualdade.*

Os poderes públicos fomentarán a adopción polas empresas e polas organizacións sindicais e empresariais de plans de igualdade a favor das persoas con discapacidade, mediante os incentivos e medidas de apoio establecidos para iso.

#### CAPÍTULO IV

##### Outras normas en materia social

Artigo 44. *Programa de fomento do emprego para o ano 2004.*

Un. *Ámbito de aplicación.*

1. Poderanse acoller ás bonificacións establecidas para o programa de fomento de emprego:

1.1 As empresas que contraten indefinidamente, incluída a contratación de traballadores fixos descontínuos e de acordo cos requisitos e coas condicións que se sinalan nesta norma, a traballadores desempregados, inscritos na oficina de emprego e incluídos nalgúns dos colectivos seguintes:

- a) Mulleres desempregadas, entre 16 e 45 anos.
- b) Mulleres desempregadas, cando se contraten para prestaren servizos en profesións ou ocupacións con menor índice de emprego feminino.
- c) Desempregados inscritos ininterrompidamente na oficina de emprego durante seis ou máis meses.
- d) Desempregados maiores de 45 anos e ata 55.
- e) Desempregados maiores de 55 anos e ata 65.
- f) Desempregados perceptores de prestacións ou subsidios por desemprego, ós que lles reste un ano ou máis de percepción no momento da contratación.
- g) Desempregados perceptores do subsidio por desemprego a favor dos traballadores incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, así como ós perceptores da renda agraria.
- h) Desempregados admitidos no programa que establece a axuda específica denominada renda activa de inserción.
- i) Mulleres desempregadas inscritas na oficina de emprego que sexan contratadas nos vintecatro meses seguintes á data do parto.

1.2 Os traballadores incluídos no campo de aplicación do réxime especial da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou autónomos, dados de alta nel polo menos desde o 1 de xaneiro de 2003, que contraten indefinidamente, incluída a contratación de traballadores fixos descontínuos, traballadores desempregados inscritos na oficina de emprego incluídos nalgún dos colectivos definidos no punto anterior.

1.3 As empresas e as entidades sen ánimo de lucro que contraten, indefinidamente, incluída a contratación de traballadores fixos descontínuos, ou temporalmente, traballadores desempregados en situación de exclusión social, poderanse acoller ás bonificacións previstas nesta norma nos termos que nela se indican. A situación de exclusión social será acreditada polos servizos sociais competentes e queda determinada pola pertenza a algún dos seguintes colectivos:

a) Perceptores de rendas mínimas de inserción, ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza, segundo a denominación adoptada en cada comunidade autónoma.

b) Persoas que non poidan acceder ás prestacións ás que se fai referencia no parágrafo anterior, por algunha das seguintes causas:

1.<sup>a</sup> Falta de período esixido de residencia ou empadramento, ou para a constitución da unidade perceptora.

2.<sup>a</sup> Ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido.

c) Mozos maiores de 18 anos e menores de 30, procedentes de institucións de protección de menores.

d) Persoas con problemas de drogadicción ou alcoholismo que se encontren en procesos de rehabilitación ou reinserción social.

e) Internos de centros penitenciarios a situación penitenciaria dos cales lles permita acceder a un emprego, así como liberados condicionais e ex reclusos.

f) Menores internos incluídos no ámbito de aplicación da Lei orgánica 5/2002, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, a situación dos cales lles permita acceder a un emprego, así como os que se encontran en situación de liberdade vixiada e os ex internos.

1.4 As cooperativas ou sociedades laborais ás que se incorporen desempregados incluídos nalgún dos colectivos establecidos nos números 1.1 e 1.3 deste número un, como socios traballadores ou de traballo, con carácter indefinido e sempre que a entidade optase por un réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea.

1.5 Os empregadores ós que se refiren os números 1.1, 1.2, 1.3 e 1.4 que contraten ou incorporen indefinidamente, incluída a contratación de traballadores fixos descontínuos, ou temporalmente, persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.

2. Igualmente, incentivarase, nos termos previstos nesta norma, a transformación en indefinidos, incluída a modalidade de fixo descontínuo, dos contratos de duración determinada ou temporais, celebrados con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2004. Ademais, incentivarase a transformación en indefinidos dos contratos formativos, de relevo e de substitución por anticipación da idade de xubilación, calquera que sexa a data da súa celebración.

3. Así mesmo, os contratos de traballo de carácter indefinido, subscritos con traballadores de 60 ou máis anos e cunha antigüidade na empresa de cinco ou máis anos, darán dereito ás bonificacións previstas neste artigo.

As cooperativas terán dereito ás ditas bonificacións respecto ós seus socios traballadores ou de traballo, con vínculo de carácter indefinido, maiores de 60 anos e coa antigüidade establecida no parágrafo anterior, sempre que a entidade optase por un réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea.

4. Os contratos de traballo, de carácter indefinido ou de duración determinada ou temporais, das mulleres traballadoras que sexan suspendidos por maternidade e por excedencia por coidado de fillo, así como a transformación dos contratos de duración determinada ou temporais en indefinidos, darán dereito ás bonificacións previstas neste artigo cando se produza a reincorporación efectiva da muller ó traballo nos dous anos seguintes á data do parto, sempre que este se producise con posterioridade á entrada en vigor desta disposición.

As cooperativas e as sociedades laborais terán dereito ás ditas bonificacións respecto das súas socias traballadoras ou de traballo, con vínculo de carácter indefinido, sempre que a entidade optase por un réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea.

#### Dous. Requisitos dos beneficiarios.

Os beneficiarios das axudas previstas nesta norma deberán reuni-los seguintes requisitos:

a) Encontrarse ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social tanto na data da concesión das bonificacións coma durante a percepción delas. A falta de ingreso en prazo regulamentario das ditas obrigas dará lugar á perda automática das bonificacións reguladas neste programa, respecto das cotas correspondentes a períodos non ingresados no dito prazo.

b) Non ter sido excluídos do acceso ós beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego pola comisión de infraccións moi graves non prescritas, todo iso de conformidade co previsto no artigo 46.2 da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, texto refundido aprobado no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

#### Tres. Incentivos.

1. Os contratos indefinidos iniciais, incluídos os fixos descontínuos, a tempo completo ou parcial, celebrados durante o ano 2004, darán dereito, a partir da data da contratación, ás seguintes bonificacións da cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns:

a) Contratación de mulleres desempregadas entre 16 e 45 anos: 25 por 100 durante o período dos vinte e catro meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato.

b) Contratación de mulleres para prestaren servizos en profesións e ocupacións establecidas na Orde ministerial do 16 de setembro de 1998, para o fomento do emprego estable de mulleres nas profesións e ocupacións con menor índice de emprego feminino, que reúnan, ademais, o requisito de permaneceren inscritas ininterrompidamente na oficina de emprego, por un período mínimo de seis meses, ou ben sexan maiores de 45 anos: 70 por cento durante o primeiro ano de vixencia do contrato; 60 por cento durante o segundo ano de vixencia del. Se non reunisen algún dos anteriores requisitos adicionais, a bonificación será do 35 por cento durante o período dos 24 meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato.

c) Contratacións de desempregados inscritos ininterrompidamente na oficina de emprego durante un período mínimo de seis meses: 20 por cento durante o período dos vinte e catro meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato.

d) Contratacións de desempregados maiores de 45 anos e ata os 55 anos: 50 por cento durante o primeiro ano de vixencia do contrato; 45 por cento durante o resto da vixencia deste.

e) Contratacións de desempregados maiores de 55 e ata os 65 anos: 55 por cento durante o primeiro ano de vixencia do contrato; 50 por cento durante o resto da vixencia deste.

f) Contratación de perceptores de prestacións ou subsidios por desemprego, ós que lles reste un ano ou máis de percepción no momento da contratación: 50 por cento durante o primeiro ano de vixencia do contrato; 45 por cento durante o segundo ano de vixencia deste.

g) Contratacións de desempregados perceptores do subsidio por desemprego a favor dos traballadores incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, así como ós perceptores da renda agraria: 90 por cento durante o primeiro ano de vixencia do contrato; 85 por cento durante o segundo ano de vixencia deste.

h) Contratación de desempregados admitidos no programa que establece a axuda específica denominada renda activa de inserción: 65 por cento durante 24 meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato; 45 por cento durante o resto de vixencia do mesmo no caso de traballadores maiores de 45 anos e ata os 55; ou 50 por cento durante o resto de vixencia deste no caso de traballadores maiores de 55 anos e ata os 65.

i) Contratación de mulleres desempregadas inscritas na oficina de emprego que sexan contratadas nos vinte e catro meses seguintes á data de parto: 100 por cento durante os 12 meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato.

2. A contratación indefinida a tempo completo ou parcial, incluída a contratación de traballadores fixos descontínuos, que realice un traballador autónomo dos referidos no número 1.2 do número un cun traballador desempregado dará lugar á aplicación das bonificacións na cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns previstas no punto 1 deste número, cun incremento de cinco puntos respecto do previsto para cada caso, excepto no suposto da alínea i).

3. A incorporación ás cooperativas ou sociedades laborais como socios traballadores ou de traballo, con carácter indefinido e encadrados nun réxime por conta allea de Seguridade Social que se produzan ata o 31 de decembro de 2004 darán dereito a partir da data de incorporación ás bonificacións da cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns establecidas nos puntos 1, 5, 6, 7 e 8 deste número tres, segundo proceda en cada caso.

4. Cando as contratacións iniciais previstas nas alíneas c), d), e), f) e h) do número 1 e nos puntos 2, 3, 5 e 6 deste número se realicen a tempo completo con mulleres desempregadas, as bonificacións de cotas incrementaranse en 10 puntos.

5. As empresas e entidades que contraten indefinidamente, incluída a contratación de traballadores fixos descontínuos, ou temporalmente, ben mediante contratacións a tempo completo ben parcial, traballadores desempregados en situación de exclusión social,

nos termos do punto 1.3 do número un, poderán aplicar unha bonificación na cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns do 65 por cento, durante un máximo de 24 meses. Cando un mesmo traballador celebre distintos contratos de traballo, xa sexa cunha mesma empresa ou entidade, ou con outra distinta, con ou sen solución de continuidade, aplicarase igualmente o máximo de 24 meses desde a data inicial do primeiro contrato.

6. Os empregadores ós que se refiren os puntos 1.1, 1.2, 1.3 e 1.4 do número un que contraten ou incorporen indefinidamente, incluída a contratación de traballadores fixos descontinuos, ou temporalmente, persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, poderán aplicar unha bonificación na cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns do 65 por cento, durante un máximo de 24 meses. Cando un mesmo traballador celebre distintos contratos de traballo, xa sexa cun mesmo empregador ou con outro distinto, con ou sen solución de continuidade, aplicarase igualmente o máximo de 24 meses desde a data inicial do primeiro contrato.

7. As transformacións en indefinidos, incluídas as que se acorden á modalidade de fixo descontinuo que se realicen ata o 31 de decembro de 2004, dos contratos de duración determinada ou temporais celebrados a tempo completo ou parcial con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2004, así como a dos contratos formativos, de relevo e de substitución por anticipación da idade de xubilación concertados, de acordo co disposto na súa normativa reguladora, a tempo completo ou parcial, calquera que sexa a data da súa celebración, darán lugar a unha bonificación do 25 por cento durante o período dos 24 meses seguintes ó inicio da vixencia do novo contrato.

Darán dereito á mesma bonificación as transformacións de contratos de prácticas e de relevo celebrados inicialmente a tempo parcial, en indefinidos a tempo parcial. Neste suposto a xornada do novo contrato indefinido será como mínimo igual á do contrato de prácticas ou de relevo que se transforma.

8. Os contratos de traballo de carácter indefinido que estean subscritos con traballadores de sesenta ou máis anos e cunha antigüidade na empresa de cinco ou máis anos, darán dereito durante 2004 a unha bonificación sobre as cotas correspondentes á achega empresarial na cotización á Seguridade Social por continxencias comúns, salvo por incapacidade temporal derivada delas, da seguinte contía:

50 por cento para os que reúnan os requisitos por primeira vez en 2004.

60 por cento para os que xa reunían os requisitos en 2003.

70 por cento para os que xa reunían os requisitos en 2002.

As ditas porcentaxes incrementaranse nun 10 por cento en cada exercicio ata alcanzar un máximo do 100 por cento.

Se ó cumprir 60 anos de idade o traballador non tiver a antigüidade na empresa de cinco anos, a bonificación a que se refire o parágrafo anterior será aplicable a partir da data en que alcance a citada antigüidade.

As mesmas bonificacións se aplicarán no caso de cooperativas respecto ós seus socios traballadores ou de traballo, con vínculo de carácter indefinido, maiores de 60 anos e coa antigüidade establecida no parágrafo

primeiro deste punto, sempre que a entidade optase por un réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea.

9. Os contratos de traballo e relacións a que se refire o número 4 do número un deste artigo darán dereito a unha bonificación na cota empresarial por continxencias comúns do 100 por cento durante os doce meses seguintes á reincorporación efectiva da muller ó traballo tralo período de suspensión do contrato por maternidade e por excedencia por coidado de fillo, de acordo co establecido no citado número 4.

No suposto de contratos de duración determinada ou temporais subscritos con anterioridade á entrada en vigor desta disposición, cando se produza a reincorporación nos termos sinalados no parágrafo anterior e antes de ter transcorrido un ano desde ela, se transforme o contrato en indefinido, a duración da bonificación a que se refire o parágrafo anterior será de 18 meses.

A bonificación a que se refiren os parágrafos anteriores non será acumulable a outras bonificacións previstas por transformación de contratos.

10. Os contratos de traballo acollidos a este programa de fomento de emprego estable formalizaranse no modelo oficial que dispoña o Instituto Nacional de Emprego, excepto no suposto de contratos xa existentes, a que se refiren os números 3 e 4 do número un.

#### Catro. Concorrenza de bonificacións.

No suposto en que a contratación indefinida dun traballador desempleado ou a súa incorporación como socio traballador ou socio de traballo a unha cooperativa ou sociedade laboral celebrada en virtude deste programa de fomento de emprego puidese dar lugar simultaneamente á súa inclusión en máis dun dos supostos para os que están previstas bonificacións, soamente será posible aplicalas respecto dun deles, correspondendo a opción ó beneficiario das deducións previstas nesta norma.

Non obstante o sinalado no parágrafo anterior, as bonificacións nas cotizacións previstas para os contratos indefinidos con traballadores de 60 ou máis anos e cunha antigüidade na empresa de cinco ou máis anos, serán compatibles coas bonificacións establecidas con carácter xeral nos programas de fomento de emprego e serán por conta do Instituto Nacional de Emprego, sen que en ningún caso a suma das bonificacións aplicables poida supera-lo 100 por cento sen prexuízo, se é o caso, do disposto no artigo 112 bis do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

#### Cinco. Exclusiones.

1. As bonificacións previstas neste programa non se aplicarán nos seguintes supostos:

a) Relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2 da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, ou outras disposicións legais, coa excepción da relación laboral de carácter especial dos penados en institucións penitenciarias e da relación laboral especial dos menores en centro de internamento, ás que se pode aplica-lo réxime de bonificacións establecidas para os traballadores desempeados en situación de exclusión social.

b) Contratacións que afecten o cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario

ou dos que desempeñen cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das entidades ou das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.

c) Contratacións realizadas con traballadores que nos vinte e catro meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, grupo de empresas ou entidade mediante un contrato por tempo indefinido.

O disposto no parágrafo precedente será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador con empresas ás que o solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

d) Traballadores que finalizen a súa relación laboral de carácter indefinido nun prazo de tres meses previos á formalización do contrato.

e) Incorporacións de socios traballadores ou de traballo a cooperativas ou sociedades laborais cando mantivesen un vínculo contractual previo coas ditas sociedades superior ós 12 meses.

2. As empresas ou entidades que extinguisen ou extingan, por despedimento declarado improcedente ou por despedimento colectivo, contratos bonificados ó abeiro desta norma e do Real decreto lei 9/1997, do 17 de maio, polo que se regulan incentivos en materia de Seguridade Social e de carácter fiscal para o fomento e a estabilidade no emprego e da Lei 64/1997, do 26 de decembro; así como da Lei 50/1998, do 30 de decembro; da Lei 55/1999, do 29 de decembro; da Lei 14/2000, do 29 de decembro; da Lei 12/2001, do 9 de xullo; da Lei 24/2001, do 27 de decembro; do Real decreto lei 16/2001, do 27 de decembro; da Lei 35/2002, do 12 de xullo, e da Lei 53/2002, do 30 de decembro, quedarán excluídas por un período de 12 meses, das bonificacións recollidas nesta disposición. A citada exclusión afectará un número de contratacións igual ó das extinguidas.

O período de exclusión contarase a partir da declaración de improcedencia do despedimento ou da extinción derivada do despedimento colectivo.

3. Non serán aplicables ás achegas empresariais relativas a traballadores que presten os seus servizos nas administracións públicas ou nos organismos públicos regulados no título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado:

a) As bonificacións dos contratos indefinidos con traballadores de 60 ou máis anos e cunha antigüidade na empresa de cinco ou máis anos.

b) As bonificacións dos contratos de traballo das mulleres traballadoras que sexan suspendidos por maternidade e por excedencia por coidado de fillo.

#### Seis. Incompatibilidades.

As bonificacións aquí previstas non poderán, en concorrencia con outras medidas de apoio público establecidas para a mesma finalidade, supera-lo 60 por cento do custo salarial anual correspondente ó contrato que se bonifica.

#### Sete. Financiamento e control dos incentivos.

1. As bonificacións previstas para a contratación establecidas nesta norma financiaranse con cargo á correspondente partida orzamentaria do Instituto Nacional de Emprego.

2. A Tesourería Xeral da Seguridade Social facilitaralle mensualmente ó Instituto Nacional de Emprego o número de traballadores obxecto de bonificacións de cotas á Seguridade Social, detallados por colectivos, coas súas respectivas bases de cotización e as deducións que se apliquen como consecuencia do previsto nesta norma.

3. Coa mesma periodicidade, a Dirección Xeral do Instituto Nacional de Emprego, facilitaralle á Dirección Xeral de Inspección de Traballo e Seguridade Social a información necesaria sobre o número de contratos comunicados obxecto de bonificacións de cotas, detallados por colectivos, así como canta información relativa ás cotizacións e deducións aplicadas a eles sexa precisa, para o efecto de lle facilitar a este centro directivo a planificación e programación da actuación inspectora que permita vixia-la adecuada aplicación das bonificacións previstas nesta norma polos suxeitos beneficiarios dela.

#### Oito. Reintegro dos beneficios.

1. Nos supostos de obtención das bonificacións sen reuni-los requisitos esixidos, procederá a devolución das cantidades deixadas de ingresar por bonificación de cotas á Seguridade Social coa recarga correspondente.

2. A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do previsto na Lei sobre infraccións e sancións na orde social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 5/2002, do 4 de agosto.

#### Nove. Mantemento de bonificacións.

Poderanse mante-las bonificacións das cotas á Seguridade Social que se viñesen desfrutando pola contratación indefinida dun traballador cando este extinguiuse voluntariamente un contrato, acollido a medidas previstas nos programas anuais de fomento do emprego de aplicación a partir do 17 de maio de 1997, e sexa contratado sen solución de continuidade mediante un novo contrato indefinido, a tempo completo ou parcial, incluída a modalidade de fixo discontinuo, por outra empresa ou entidade, dentro do mesmo grupo de empresas.

Neste caso, ó novo contrato seranlle de aplicación as bonificacións das cotas á Seguridade Social que respecto do traballador viñese desfrutando o anterior empregador, na mesma contía e polo tempo que reste para completa-lo período total previsto no momento da súa contratación indefinida inicial.

Se o primeiro empregador percíbise algunha outra axuda de fomento do emprego pola mesma contratación, non estará obrigado á súa devolución, nin se terá dereito a unha nova axuda, se é o caso, polo novo contrato.

#### Artigo 45.

Un. Modifícase o parágrafo primeiro do número 2 do artigo 1 da Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. O número de horas-ano traballadas polos traballadores contratados por tempo indefinido que non sexan socios, non poderá ser superior ó 15 por cento do total de horas-ano traballadas polos socios traballadores. Se a sociedade tivese

menos de 25 socios traballadores, a referida porcentaxe non poderá ser superior ó 25 por cento do total de horas-ano traballadas polos socios traballadores; para o cálculo destas porcentaxes non se terán en conta os traballadores con contrato de duración determinada e os traballadores con discapacidade psíquica en grao igual ou superior ó 33 por cento con contrato indefinido.»

Dous. En relación co encadramento do persoal do servizo de practicaxe, introdúcese as seguintes modificacións legais:

1. O número 4 da alínea a) do artigo 2 do Decreto 2864/1974, do 30 agosto, polo que se aproba o texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, queda redactado nos seguintes termos:

«4. Tráfico interior de portos, embarcacións deportivas e de recreo e practicaxe.»

2. Incorpórase un parágrafo segundo ó artigo 4 do Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, polo que se aproba o texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, co seguinte contido:

«Así mesmo, asimílanse a traballadores por conta allea os prácticos de porto que, para a realización da súa actividade de practicaxe, se constitúan en corporacións de prácticos de portos ou entidades que as substitúan, tendo os mesmos dereitos e obrigas en canto a este réxime especial se refire que os traballadores por conta allea incluídos na alínea a) do artigo 2, con excepción do dereito ás prestacións por desemprego e do FOGASA das que quedan excluídos. As ditas corporacións de prácticos de portos ou entidades que as substitúan terán a consideración de empresarios para efectos deste réxime especial respecto dos prácticos de porto nelas incluídos e resto de persoal ó seu servizo.»

3. Queda derogada a disposición derradeira terceira da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.

*Artigo 46. Modificación do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

Modifícanse os seguintes preceptos do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Un. Modifícase o título da subsección primeira da sección terceira do capítulo II do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, que queda redactado nos termos seguintes:

«Infraccións dos empresarios, das axencias de colocación e dos beneficiarios de axudas e subvencións en materia de emprego, axudas de fomento do emprego en xeral e formación profesional ocupacional e continua.»

Dous. Introdúcese un novo número 4 no artigo 14 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, coa seguinte redacción:

«4. Incumpriren, os empresarios e os beneficiarios das axudas e subvencións públicas, as obrigas de carácter formal ou documental esixidas na normativa específica sobre formación profesional continua ou ocupacional, sempre que non estean tipificadas como graves ou moi graves.»

Tres. Introdúcese un novo número 6 no artigo 15 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, coa seguinte redacción:

«6. Incumpriren, os empresarios e os beneficiarios de axudas e subvencións públicas, as obrigas establecidas na normativa específica sobre formación profesional continua ou ocupacional seguintes, salvo que dese lugar ó desfrute indebido de bonificacións no pagamento das cotas sociais:

a) Non executa-las accións formativas nos termos, forma e prazos previamente avisados cando non se lle notificase en tempo e forma a súa cancelación ou modificación ó órgano competente.

b) Non establece-lo debido control de asistencia dos participantes nas accións formativas, ou establecelo de maneira inadecuada.

c) Realizar subcontratacións indebidas con outras entidades, tanto no que respecta á xestión como á execución das accións formativas.

d) Expedir certificacións de asistencia ou diplomas que non se axusten ás accións formativas aprobadas e/ou realizadas ou cando non se impartisen as ditas accións, así como negárille-la súa entrega ós participantes nas accións impartidas, malia ter sido requirido en tal sentido polos órganos de vixilancia e control.»

Catro. Introdúcese un novo número 5 no artigo 16 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, coa seguinte redacción:

«5. Incumpriren, os empresarios e os beneficiarios de axudas e subvencións públicas, as obrigas establecidas na normativa específica sobre formación profesional continua ou ocupacional seguintes, salvo que dese lugar ó desfrute indebido de bonificacións no pagamento de cotas sociais:

a) Solicitar cantidades en concepto de formación ós participantes, cando as accións formativas sexan financiadas con fondos públicos e gratuítas para eles.

b) Simula-la contratación laboral coa finalidade de que os traballadores participen en programas formativos.»

Cinco. Modifícase o título da subsección segunda da sección 3.<sup>a</sup> do capítulo II do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, así como o título do artigo 17, que se inclúe na mencionada subsección, que quedan redactados nos termos seguintes:

«Infraccións dos traballadores por conta allea e propia.»

Seis. Suprímese a alínea c) do número 1 do artigo 17 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Sete. Modifícase o número 2 do artigo 17 do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Graves: rexeitar unha oferta de emprego adecuada, xa sexa ofrecida polo servizo público de emprego ou polas axencias de colocación sen fins lucrativos, ou negarse a participar en programas de emprego, incluídos os de inserción profesional, ou en accións de promoción, formación ou reconversión profesional, salvo causa xustificada, ofrecidos polo servizo público de emprego ou polas entidades asociadas dos servizos integrados para o emprego.

Para os efectos previstos nesta lei, entenderase por colocación adecuada a que reúna os requisitos establecidos no número 3 do artigo 231 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, naqueles aspectos en que sexa de aplicación ós demandantes de emprego non solicitantes nin beneficiarios de prestacións por desemprego.»

Oito. Modifícase o número 3 do artigo 17 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, que queda redactado da seguinte maneira:

«3. Moi graves: a non aplicación, ou a desviación na aplicación das axudas, en xeral, de fomento do emprego percibidas polos traballadores, así como a convivencia cos empresarios e os beneficiarios de axudas e subvencións, para a acreditación ou xustificación de accións formativas inexistentes ou non realizadas.»

Nove. Modifícase o número 12 do artigo 22 do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, que queda redactado nos seguintes termos:

«12. Obter ou desfrutar indebidamente reducións ou bonificacións no pagamento das cotas sociais que correspondan, entendendo producida unha infracción por cada traballador afectado, salvo que se trate de bonificacións en materia de formación continua, en que se entenderá producida unha infracción por empresa.»

Dez. Introdúcese unha nova alínea h) no número 1 do artigo 23 do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, coa seguinte redacción:

«h) O falseamento de documentos para a obtención ou desfrute fraudulentos de bonificacións en materia de formación continua.»

Once. Engádeselle un número 6 no artigo 21 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, nos termos seguintes:

«6. Non lle remitir á entidade correspondente as copias dos partes médicos de baixa, confirmación da baixa ou alta de incapacidade temporal facilitadas polos traballadores, ou a súa non transmisión polos obrigados ou acollidos á utilización do sistema de presentación de tales copias, por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos.»

Doce. Introdúcese un novo número 3 no artigo 24 do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. No caso dos solicitantes ou beneficiarios de prestacións por desemprego de nivel contributivo ou asistencial:

a) Non compareceren, logo de requirimento ante o servizo público de emprego, as axencias de colocación sen fins lucrativos ou as entidades asociadas dos servizos integrados para o emprego, ou non renova-la demanda de emprego na forma e datas que se determinen no documento de renovación da demanda, salvo causa xustificada.

b) Non devolver en prazo, salvo causa xustificada, ó servizo público de emprego ou, se é o caso, ás axencias de colocación sen fins lucrativos o correspondente xustificante de ter comparecido no lugar e data indicados para cubri-las ofertas de emprego facilitadas por aqueles.

c) Non cumprí-las esixencias do compromiso de actividade, salvo causa xustificada, sempre que a conducta non estea tipificada como outra infracción leve ou grave nos artigos 24 ou 25 desta lei.

Para os efectos previstos nesta lei, entenderase por compromiso de actividade o que reúna os requisitos establecidos no número 2 do artigo 231 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.»

Trece. Introdúcese un novo número 4 no artigo 25 do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. No caso de solicitantes ou beneficiarios de prestacións por desemprego de nivel contributivo ou asistencial:

a) Rexeitar unha oferta de emprego adecuada, xa sexa ofrecida polo servizo público de emprego ou polas axencias de colocación sen fins lucrativos, salvo causa xustificada.

b) Negarse a participar nos traballos de colaboración social, programas de emprego, incluídos os de inserción profesional, ou en accións de promoción, formación ou reconversión profesional, salvo causa xustificada, ofrecidos polo servizo público de emprego ou polas entidades asociadas dos servizos integrados para o emprego.

Para os efectos previstos nesta lei, entenderase por colocación adecuada e por traballos de colaboración social, os que reúnan os requisitos establecidos, respectivamente, no número 3 do artigo 231 e no número 3 do artigo 213 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.»

Catorce. Introdúcese un novo número 4 no artigo 26 do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. A non aplicación ou a desviación na aplicación das prestacións por desemprego, que se perciban segundo o que establezan programas de fomento de emprego.»

Quince. Engádeselle unha nova disposición adicional ó texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. Competencia sancionadora en materia de prestacións por desemprego.



O disposto no número 4 do artigo 48 desta lei enténdese sen prexuízo das funcións en materia de emprego delimitadas polos reais decretos de traspasos ás comunidades autónomas da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego en materia de traballo, emprego e formación, así como da coordinación entre os servicios públicos de emprego das comunidades autónomas e a entidade xestora das prestacións por desemprego.

A coordinación a que se refire o parágrafo anterior levarase a cabo na Comisión de Coordinación e Seguimento, de composición paritaria, recollida nos reais decretos de traspasos ás comunidades autónomas da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego en materia de traballo, emprego e formación, e constituída para a coordinación da xestión do emprego e a xestión das prestacións por desemprego, sen prexuízo dos convenios que para tal efecto se puidesen subscribir entre os órganos e entidades competentes do Estado e das comunidades autónomas.»

Dezaseis. Modifícase o artigo 47 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 47. Sancións ós traballadores, solicitantes e beneficiarios.

1. No caso dos solicitantes e beneficiarios de pensións ou prestacións de Seguridade Social, incluídas as de desemprego, as infraccións sancionaranse:

a) As leves con perda de pensión durante un mes. No caso das prestacións por desemprego de nivel contributivo ou asistencial, as infraccións leves tipificadas nos números 2 e 3 do artigo 24 sancionaranse conforme a seguinte escala:

- 1.<sup>a</sup> Infracción. Perda de 1 mes de prestacións.
- 2.<sup>a</sup> Infracción. Perda de 3 meses de prestacións.
- 3.<sup>a</sup> Infracción. Perda de 6 meses de prestacións.
- 4.<sup>a</sup> Infracción. Extinción de prestacións.

Aplicarase esta escala a partir da primeira infracción e cando entre a comisión dunha infracción leve e a anterior non transcorresen máis dos 365 días que establece o artigo 41.1 desta lei, con independencia do tipo de infracción.

b) As graves tipificadas no artigo 25 con perda da prestación ou pensión durante un período de tres meses, salvo as dos seus números 2 e 3, respectivamente, nas prestacións por incapacidade temporal e nas prestacións e subsidios por desemprego, en que a sanción será de extinción da prestación.

No caso das prestacións por desemprego de nivel contributivo ou asistencial, as infraccións graves tipificadas no número 4 do artigo 25 sancionaranse conforme a seguinte escala:

- 1.<sup>a</sup> Infracción. Perda de 3 meses de prestacións.
- 2.<sup>a</sup> Infracción. Perda de 6 meses de prestacións.
- 3.<sup>a</sup> Infracción. Extinción de prestacións.

Aplicarase esta escala a partir da primeira infracción e cando entre a comisión dunha infracción grave e a anterior non transcorresen máis dos 365 días que establece o artigo 41.1 desta lei, con independencia do tipo de infracción.

c) As moi graves, con perda da pensión durante un período de seis meses ou con extinción da prestación ou subsidio por desemprego.

Igualmente, poderanse excluír do dereito a percibir calquera prestación económica e, se é o caso, axuda de fomento de emprego durante un ano, así como do dereito a participar durante ese período en accións formativas en materia de formación profesional ocupacional e continua.

d) Non obstante as sancións anteriores, no suposto de que a transgresión das obrigas afecte o cumprimento e a conservación dos requisitos que dan dereito á prestación, poderá a entidade xestora suspender cautelarmente esta ata que a resolución administrativa sexa definitiva.

2. No caso de traballadores por conta propia ou allea, e demandantes de emprego non solicitantes nin beneficiarios de prestacións por desemprego, as infraccións sancionaranse:

a) No caso de desempregados inscritos como demandantes de emprego no servicio público de emprego, non solicitantes nin beneficiarios de prestacións por desemprego, as infraccións leves, graves e moi graves tipificadas no artigo 17 sancionaranse co cambio da situación administrativa da súa demanda de emprego da de alta á de baixa, situación na que permanecerá durante un, tres e seis meses respectivamente. Nesta situación estes demandantes non participarán en procesos de intermediación laboral nin serán beneficiarios das accións de mellora da ocupabilidade previstas nas políticas activas de emprego.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, estes demandantes, cando traballen e queden en situación de desemprego, poderanse inscribir novamente no servicio público de emprego e, nese caso, solicita-las prestacións e os subsidios por desemprego se reúnen os requisitos esixidos para iso.

b) No caso de traballadores por conta propia ou allea que cometan as infraccións tipificadas no artigo 17.3, excluíranse do dereito a percibir axudas de fomento de emprego e a participar en accións formativas en materia de formación profesional ocupacional e continua durante seis meses.

3. As sancións a que se refire este artigo enténdense sen prexuízo do reintegro das cantidades indebidamente percibidas.

4. A imposición das sancións polas infraccións previstas nesta subsección levarase a efecto de acordo co previsto no artigo 48.4 desta lei, respectando a competencia respectiva do órgano sancionador e establecendo a cooperación necesaria para a execución da sanción imposta, cando esta corresponda á competencia doutro órgano.»

Dezasete. Modifícase o parágrafo primeiro do número 4 do artigo 48 do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. A imposición das sancións por infraccións leves e graves ós traballadores en materia de emprego, formación profesional e axudas para o fomento do emprego correspóndelle ó servicio público de emprego competente; e en materia de Seguridade Social correspóndelle á entidade xestora da Seguridade Social competente, salvo que

a sanción afecte as prestacións por desemprego; neste caso a competencia correspóndelle á entidade xestora delas; a das moi graves á autoridade competente por proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Cando a sanción imposta consista na extinción da prestación por desemprego pola comisión dunha infracción moi grave, a autoridade competente que impuxese a sanción dará traslado á entidade xestora da dita prestación para os efectos procedentes para a súa aplicación.

O servizo público de emprego comunicará, no momento en que se produzan ou coñezan, as infraccións contidas nos artigos 24.3 e 25.4 desta lei, á entidade xestora das prestacións por desemprego, para os efectos sancionadores que a esta lle corresponden».

Dezaioito. Engádeselle unha nova alínea, a d), ó número 4 do artigo 50 do texto refundido da Lei de infraccións e sancións da orde social, coa seguinte redacción:

«d) O incumprimento do deber de colaboración cos funcionarios do sistema da Inspección de Traballo e Seguridade Social ó non entrega-lo empresario en soporte informático a información requirida para o control das súas obrigas en materia de réxime económico da Seguridade Social, cando estea obrigado ou acollido á utilización de sistemas de presentación dos documentos de cotización por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos.»

O resto do artigo mantense coa mesma redacción.

Dezanove. Modifícase o título da subsección 3.<sup>a</sup> da sección 2.<sup>a</sup> do capítulo VI, que queda redactado da seguinte forma:

«Sancións accesorias ós empresarios en materia de emprego, axudas de fomento do emprego, formación ocupacional e continua e protección por desemprego.»

Artigo 47. *Modificación da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.*

Modifícase a alínea a) do número 1, do artigo 32 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, que queda redactado do seguinte modo:

«a) Que os seus fins estatutarios tendan a promover-lo interese xeral, nos termos definidos polo artigo 31.3 desta lei, e sexan de carácter cívico, educativo, científico, cultural, deportivo, sanitario, de promoción dos valores constitucionais, de promoción dos dereitos humanos, de asistencia social, de cooperación para o desenvolvemento, de promoción da muller, de promoción e protección da familia, de protección da infancia, de fomento da igualdade de oportunidades e da tolerancia, de defensa do ambiente, de fomento da economía social ou da investigación, de promoción do voluntariado social, de defensa de consumidores e usuarios, de promoción e atención ás persoas en risco de exclusión por razóns físicas, sociais, económicas ou culturais, e calquera outro de similar natureza.»

O resto do número e artigo quedan coa actual redacción.

Artigo 48. *Incremento da multa que se lle imporá a quen empregue un traballador estranxeiro sen a preceptiva autorización de traballo.*

1. Cando se sancione un empregador que utilice un traballador estranxeiro sen a preceptiva autorización de traballo, o importe da multa establecido na Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, incrementarase na contía que resulte de calculalo que correspondería ingresar por cotas de Seguridade Social e demais conceptos de recadación conxunta, desde o comezo da prestación do traballo do traballador estranxeiro ata o último día en que se constate a dita prestación de servizos.

2. Na acta de infracción que a Inspección de Traballo e Seguridade Social levante para o efecto, a proposta de sanción especificará os parámetros utilizados para o cálculo da contía total da multa segundo o indicado no punto anterior.

3. O importe correspondente ó incremento desta sanción farase efectivo na Tesourería Xeral da Seguridade Social conforme o procedemento regulamentariamente establecido en execución da citada Lei orgánica 4/2000.

## CAPÍTULO V

### Axudas ós afectados por delitos de terrorismo

Artigo 49. *Modificación da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Modifícase a disposición adicional novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, na redacción dada a esta polo artigo 48 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, co seguinte texto:

«Disposición adicional novena. *Ámbito de aplicación da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo.*

Un. O ámbito temporal de aplicación da Lei 32/1999 esténdese ós feitos previstos na dita lei, acaecidos entre o 1 de xaneiro de 2004 e o 31 de decembro de 2004, sen prexuízo das demais axudas que puidesen corresponder por eles conforme o ordenamento xurídico.

Dous. Cando en virtude de sentenza firme se recoñese unha indemnización en concepto de responsabilidade civil por feitos acaecidos con posterioridade ó 10 de outubro de 1999, superior á cantidade global percibida polos conceptos recollidos na Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e na Lei 32/1999, a Administración xeral do Estado aboaralle ó interesado a diferenza.

Tres. O prazo para solicita-las axudas previstas na Lei 32/1999 por feitos ocorridos entre o 1 de xaneiro de 2004 e o 31 de decembro de 2004 será dun ano contado a partir da data en que se producisen.»

## TÍTULO III

**Do persoal ó servizo  
das administracións públicas**

## CAPÍTULO I

**Persoal funcionario e estatutario**SECCIÓN 1.<sup>a</sup> NORMAS XERAIS

Artigo 50. *Modificación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

Un. Modifícase a alínea b) do número 1 do artigo 15, da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, que queda redactado nos seguintes termos:

«b) As relacións de postos de traballo indicarán, en todo caso, a denominación, tipo e sistema de provisión deles; os requisitos esixidos para o seu desempeño; o nivel de complemento de destino e, se é o caso, o complemento específico que lles corresponda, cando deban ser desempeñados por persoal funcionario, ou a categoría profesional e réxime xurídico aplicable cando sexan desempeñados por persoal laboral.»

Dous. Modifícase a redacción do artigo 16 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, nos seguintes termos:

«Artigo 16.

As comunidades autónomas e a Administración local formarán tamén a relación dos postos de traballo existentes na súa organización, que deberá incluír, en todo caso, a denominación, tipo e sistema de provisión dos postos, as retribucións complementarias que lles correspondan e os requisitos esixidos para o seu desempeño. Estas relacións de postos serán públicas.»

Tres. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 22 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, que quedan redactados da seguinte maneira:

Número 1.

Modifícase o primeiro parágrafo do número 1 do artigo 22, que queda redactado da seguinte maneira:

«As administracións públicas facilitarán a promoción interna consistente no ascenso desde corpos ou escalas dun grupo de titulación a outros do inmediato superior. Os funcionarios deberán para iso posuí-la titulación esixida para o ingreso nos últimos, ter prestado servizos efectivos, durante polo menos dous anos, como funcionario de carreira en corpos ou escalas do grupo de titulación inmediatamente inferior ó do corpo ou escala ó que pretendan acceder, así como reuni-los requisitos e supera-las probas que para cada caso estableza o Ministerio de Administracións Públicas ou o órgano competente das demais administracións públicas.»

O resto do número continúa coa mesma redacción.

Número 2.

Modifícase o primeiro parágrafo do número 2 do artigo 22, que queda redactado da seguinte maneira:

«Por proposta do ministro de Administracións Públicas, o Goberno poderá determina-los corpos e as escalas da Administración do Estado a que poderán acceder-los funcionarios pertencentes a outros do seu mesmo grupo sempre que desempeñen funcións substancialmente coincidentes ou análogas no seu contido profesional e no seu nivel técnico, deriven vantaxes para a xestión dos servizos, se encontren en posesión da titulación requirida, prestasen servizos efectivos durante polo menos dous anos como funcionarios de carreira en corpos ou escalas do mesmo grupo de titulación ó do corpo ou escala a que pretendan acceder e superen as correspondentes probas.»

O resto do número continúa coa mesma redacción.

Número 3.

Modifícase o número 3 do artigo 22 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, que queda redactado da seguinte maneira:

«Por proposta do ministro de Administracións Públicas, o Goberno poderá determina-los corpos e as escalas de funcionarios a que poderá acceder-lo persoal laboral dos grupos e categorías profesionais equivalentes ó grupo de titulación correspondente ó corpo ou escala a que se pretende acceder, sempre que desempeñen funcións substancialmente coincidentes ou análogas no seu contido profesional e no seu nivel técnico, se deriven vantaxes para a xestión dos servizos, se encontren en posesión da titulación requirida, prestasen servizos efectivos durante polo menos dous anos como persoal laboral fixo en categorías do grupo profesional a que pertencen ou en categorías doutro grupo profesional para acceso ó cal se esixa o mesmo nivel de titulación e superen as correspondentes probas.»

Catro. Engádeselle un último parágrafo ó número 3 do artigo 29 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, coa seguinte redacción:

«Non obstante o disposto no parágrafo anterior, computarase para efectos de trienios, o período de prestación de servizos en organismos ou entidades do sector público, coa excepción dos prestados en sociedades mercantís no capital do cal sexa maioritaria a participación directa ou indirecta das administracións públicas.»

O resto do número continúa coa mesma redacción.

Cinco. Modifícase a alínea g) do número 1 do artigo 30 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, que queda redactado da seguinte maneira:

«O funcionario que, por razóns de garda legal, teña ó seu coidado directo algún menor de seis anos, ancián que requira especial dedicación, ou un diminuído psíquico ou físico, que non desempeñe actividade retribuída, terá dereito á diminución da súa xornada de traballo.»

Terá o mesmo dereito o funcionario que precise encargarse do coidado directo dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non se poida valer por si mesmo e que non desempeñe actividade retribuída.

Regulamentariamente, determinarase a diminución de xornada de traballo e a redución das retribucións que correspondan á dita redución de xornada.»

O resto do número continúa coa mesma redacción.

Seis. A alínea b) do número 1 do artigo 31 da Lei de medidas para a reforma da función pública queda redactado da seguinte forma:

«b) Toda actuación que supoña discriminación por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual, sexo, lingua, opinión, lugar de nacemento ou veciñanza, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, así como o acoso por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual e o acoso sexual.»

Sete. Engádeselle un novo número, o cinco, á disposición adicional novena da Lei 30/1984, do 2 de agosto, que queda redactado da seguinte maneira:

«Cinco. Decláranse a extinguir os seguintes corpos e escalas de funcionarios da Administración do Estado:

Grupo	Código	Corpo/Escala
A	0106	C. prof. num. Inst. Polite. Nal. Mart. Pesq.
A	0300	C. arquitectos.
A	0600	C. sup. inspectores finanzas do Estado.
A	0602	C. enxeñeiros de minas Facenda Pública.
A	1002	C. enxeñeiros de vivenda.
A	1003	C. enx. industriais Ministerio Fomento.
A	1005	C. secretarios contadores de portos.
A	1104	C. enx. sup. radiodifusión e televisión.
A	1401	C. prof. numer. escolas ofic. náutica.
A	1407	C. técnicos superiores.
A	1409	C. enxeñeiros de Telecomunicación.
A	1701	Subgrupo técnico grupo Admón. xral.
A	5004	Secret. categ. espec. cámaras agrar. IRA.
A	5100	Direc. Inst. Estudios Admón. Local AP.
A	5335	Comis. Portos OO.AA. MOPU Apl. Sentencia.
A	5401	Tec. facul. sup. OO.AA. do MEC.
A	5410	Arquitectos Universidade Complutense.
A	5500	E. redactor económico Caixa Auton. Inform. e Expansión Comercial.
A	5504	E. médico do PMM.
A	5513	E. ofic. marit. Serv. Vixil. Aduaneira.
A	5514	E. maquin. nav. Serv. Vixil. Aduaneira.
A	5553	E. técnica Serv. Vixil. Aduaneira.
A	5800	Médicos OO.AA. Ministerio de Xustiza.
A	5802	Secret. trib. obra protecc. menores.

Grupo	Código	Corpo/Escala
A	5803	E. especialistas de tribunais obra protección menores.
A	5901	E. secretarios contadores xuntas administ. obras públicas.
A	5903	E. técnicos estatística Confed. Hidrográfica Douro
A	5918	E. capitáns mariña mercante de portos.
A	5919	E. maquinistas navais de portos.
A	6100	Facultativos e especialistas de AISNA.
A	6101	Arquitectos de AISNA.
A	6459	Inspectores médicos C. especial ISM
A	6460	Titulados superiores do ICO
A	6461	Oficiais técnicos do ICO
A	6462	E. de analistas do ICO
B	0008	C. carreira de interpretación de linguas.
B	0115	C. inspec. cal. Serv. Defensa contra Fraudes.
B	0116	C. mestres t. Inst. Politec. Nal. Marit. P.
B	0311	C. apareladores.
B	0540	C. directores escol. ensino primario.
B	0709	C. enx. técnicos industriais do Estado.
B	0710	C. enxeñeiros técnicos minas do Estado.
B	0806	C. superior de Policía.
B	0912	C. profesores de EXB institucións penitenciarias.
B	1012	C. apareladores e axudantes de vivenda.
B	1119	C. enx. técnicos radiodifusión e telev.
B	1220	C. enfermeiras puericultoras auxiliares.
B	1221	C. instructores de Sanidade.
B	1223	C. practicantes titulares.
B	1224	C. matronas titulares.
B	1420	C. técnicos medios.
B	1421	C. enxeñeiros técnicos telecomunicación.
B	1426	C. intérpretes-informadores.
B	1508	C. practicantes da beneficencia xeral.
B	1517	C. asistentes sociais.
B	1611	E. programadores do CPO. informática de L.
B	1702	Subgrupo xestión grupo Admón xral.
B	5017	E. axentes de Extensión Agraria Serv. Ext. Agraria.
B	5018	Secret. primeira cat. cámaras agr. IRA.
B	5026	Inspectores provinciais do SENPA.
B	5107	Bibl. Inst. Estudios Admón. Local.
B	5309	Técnico grao medio OO.AA. M. Defensa.
B	5540	Funcionarios ATS do PMM.
B	5707	ATS Xefatura Central de Tráfico.
B	5813	ATS OO.AA. Ministerio de Xustiza.
B	5819	Asistentes sociais OO.AA. Xustiza.
B	5912	E. auxiliares facultativos xuntas administ. obras públicas.
B	5915	E. depositarios pagadores de xuntas P.
B	5916	E. comisarios de portos.

Grupo	Código	Corpo/Escala	Grupo	Código	Corpo/Escala
B	5917	E. contramestres titulados de portos.	C	5319	Espec. aviac. I.N.T. Aeroes. E. Terradas.
B	5920	E. pract. OO.AA. Ministerio de Fomento.	C	5320	Delineantes proxectistas INTA.
B	5921	Xefe grupo Canal Imperial Aragón.	C	5322	Pers. taller I. Nal. Tec. Aer. E. Terradas.
B	5922	E. topógrafos x. do porto de Cartagena.	C	5432	Delineantes organismos autónomos MEC.
B	5923	ATS x. porto de Cartagena.	C	5436	E. colaborad. especial Univ. Barcelona.
B	5924	X. labor. Mancomunidade Canales Taibilla.	C	5527	E. inspect. Servicio Vixil. Aduaneira.
B	5925	X. contab. Mancomunidade Canales Taibilla.	C	5529	Subinspectores do Servicio de Vixilancia.
B	5926	E. subxefe Departamento 1 Padroado Casas MOPU.	C	5616	E. Delineantes OO.AA. M. Ciencia e Tecn.
B	5927	E. xefe Sección Parque Maquinaria.	C	5820	E. delegados profesionais técnicos.
B	6107	Aparelladores e. enx. técnicos de AISNA.	C	5821	Directores instituc. obras protec. men.
B	6108	ATS de AISNA.	C	5822	Educadores instituc. obra protec. men.
B	6117	Asistentes sociais de AISNA.	C	5933	Pat. cab. e fogon. hab. (M. Naval) N. Sent.
B	6312	Inspect. operacións org. trab. port.	C	5934	E. tec. prox. e obras Confederación Hidrog.
B	6313	Facultativo aux. —Aparellador— do INAS.	C	5935	E. delineantes OO.AA. Ministerio M. A.
B	6314	E. técnicos do Servicio de Publicacións.	C	5936	E. contramestres de portos.
B	6324	Asistentes soc. Inst. Español Emigración.	C	5940	E. axudante enxeñeiro Mancom. Canales Taibilla.
B	6464	Programadores aplicacións ICO	C	5941	E. topógrafo 1 Mancom. Canales Taibilla.
C	0414	C. tradutores do Exército do Aire.	C	5943	Axud. obras Confed. Hidrogr. Guadalquivir.
C	0415	C. delineantes do Exército do Aire.	C	5944	Encarg. xral. Confed. Hidrogr. Guadalquivir.
C	0918	C. capeláns instituc. penitenciarias.	C	5946	Traduct. taqu. —grupos 1, 2 e 3— CEDEX.
C	1136	C. delineantes.	C	5947	Programadores do CEDEX.
C	1427	C. administrativos calculad. meteorolox. Est.	C	5948	E. tradutores técnicos do INCE.
C	1428	C. intérpretes-informadores (grupo C).	C	6017	E. analistas laboratorio de organismos.
C	1430	C. especial tec. Telecomunic. Aeronáutica.	C	6114	Mestres de AISNA.
C	1432	C. técnicos especialistas aeronáuticos.	C	6115	E. delineantes de AISNA.
C	1516	C. capeláns da beneficencia xeral.	C	6116	Terapeutas ocupacionais de AISNA.
C	1703	Subgrupo admtvo. grupo Admón. xral.	C	6323	Delin. e medios audiovisuais INEM.
C	5010	E. especialista técnico de OO.AA.	C	6466	Escala de oficiais admtvos. do ICO
C	5027	Delineantes de OO.AA. MAPA.	D	0423	C. Damas aux. Sanidade militar Exército Terra.
C	5029	Xefe silo, centro selección e almacén.	D	1704	Subgrupo auxiliar grupo Admón. Xral.
C	5030	E. técnico electricista do SENPA.	D	5053	Maquinista do SENPA.
C	5032	E. traductor-bibliotecario Serv. Nal. Cultivo e Ferment. Tabaco.	D	5058	Secret. 3 categoría cámaras agr. IRA.
C	5033	Patr. embarc. Inst. Español Oceanografía.	D	5059	Gardas do ICONA.
C	5037	Ag. econ. doméstica, Serv. Ext. Agraria.	D	5060	Proxectistas sen tit. e mestre INIA.
C	5038	Monit. ext. agraria Serv. Ext. Agraria.	D	5061	Preparador primeira e segunda do INIA.
C	5039	Secret. 2 cat. Cámaras Agrarias IRA.	D	5329	Aux. lab. Canal Exper. Hidrodin. Pardo.
C	5041	E. auxiliar de campo do ICONA.	D	5330	Calc. Inst. Nal. Tec. Aeroes. Es. Terradas.
C	5043	E. operador de restitución do IRYDA.	D	5333	Fotogr. x. admva. Fondo Atención Mariña.
C	5044	Auxiliar técnico do IRYDA.	D	5442	Especial. ser. xerais Ensin. Integr.
C	5045	Ins. Campos e Cos. Inst. Sem. Pl. Viv.	D	5444	Aux. tec. Serv. Publicacións do MEC.
C	5046	E. xornalista Inst. Estudios Agr., Pesq. e Aliment.	D	5539	E. axentes invest. Serv. Vix. Aduaneira.
C	5047	Tec. cmis. xral. abastec. e tr. SENPA.	D	5550	E. oper. radiot. Serv. Vixil. Aduaneira.
C	5213	Tec. admtvo. Editora Nacional.	D	5627	Auxiliar técnico do CIEMAT.
C	5214	E. delineantes Padroado Alhambra e Generalife.	D	5628	Calcador do CIEMAT.
C	5317	Delin. OO.AA. do Ministerio de Defensa.	D	5713	E. conduc. e transmisións X.C. Tráfico.

Grupo	Código	Corpo/Escala
D	5949	E. delineantes segunda OO.AA. Min. M.A.
D	5950	E. patróns de cabotaxe.
D	5951	E. fogueiros.
D	5968	Encargado obras Mancom. Can. Taibilla.
D	5969	Topog. segundo Mancomunidade C. Taibilla.
D	5971	E. auxiliar topógrafo Conf. Hidrograf. Ebro.
D	5972	Aux. Cartográfico Confed. Hidrogr. Ebro.
D	5974	Calcador Confed. Hidrogr. Guadalquivir.
D	5975	Fotógrafo Servicio de Publicacións.
D	5976	Aux. labor. Servicio de Publicacións.
D	5977	Axudantes laboratorio do INCE.
D	6124	Profesores educación física de AISNA.
D	6125	Aux. investig. laboratorio de AISNA.
D	6467	Escala de auxiliares do ICO
E	0332	C. subalterno do Museo do Prado.
E	1158	C. xeral subalterno de Admón. do Estado.
E	1236	C. persoal técnico auxiliar de Sanidade.
E	1628	C. subalterno Admón. Seg. Social. E. Xral.
E	1629	C. subalt. Admón. S. Social. E. oficios varios.
E	1705	E. Subalternos da MUNPAL.
E	3055	E. subalt. Admón. xeral Admón. local.
E	5058	Secret. 3 categoría Cámaras Agr. IRA.
E	5067	Telefonistas de OO.AA. do MAPA.
E	5068	Conduct. de OO.AA. do MAPA.
E	5069	Capataces de OO.AA. do MAPA.
E	5070	Mozos de laboratorio de OO.AA. MAPA.
E	5071	E. Especialistas do SENPA.
E	5220	Vendedoras de billetes dos teatros nacionais.
E	5222	Mecánico da Editora Nacional.
E	5339	Ofic. Canal Exp. Hidrodin. Pardo.
E	5450	Axud. serv. xerais Ensin. Integradas.
E	5549	E. Conduct. Serv. Vixil. Aduaneira.
E	5552	E. telefonistas e almaceneiros do PME.
E	5997	Laborantes do INCE.
E	6039	Subalterna de organismos autónomos.
E	6338	Condutores OO.AA. Trab. e S.S.
E	6339	Telef. OO.AA. Traballo e S. Social.
E	6340	Serv. espec. Inst. Nal. Segur. e Hix. Traballo.
E	6341	Azafatas Inst. Nal. Segur. Hix. Traballo.
E	6468	Escala de subalternos do ICO»

O resto da disposición permanece coa mesma redacción.

Artigo 51. *Modificacións do texto articulado da Lei de funcionarios civís do Estado, aprobado polo Decreto 315/1964, do 7 de febreiro.*

Modifícanse os seguintes preceptos do texto articulado da Lei de funcionarios civís do Estado aprobado polo Real decreto 315/1964, do 7 de febreiro.

Un. O parágrafo segundo do número 1 do artigo 63 da Lei de funcionarios civís do Estado queda redactado da seguinte forma:

«Así mesmo, os funcionarios terán dereito ó respecto da súa intimidade e á consideración debida á súa dignidade, comprendida a protección fronte a ofensas verbais ou físicas de natureza sexual e fronte ó acoso por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual.»

Dous. Engádeselle un segundo parágrafo ó artigo 72 do texto articulado da Lei de funcionarios civís do Estado, aprobado polo Decreto 315/1964, do 7 de febreiro, coa seguinte redacción:

«Iguualmente, concederáselles esta licencia ós funcionarios en prácticas que xa estivesen prestando servicios remunerados na Administración como funcionarios de carreira ou interinos durante o tempo que se prolongue o curso selectivo ou período de prácticas, percibindo as retribucións que para os funcionarios en práctica estableza a normativa vixente.»

O resto do artigo continúa coa mesma redacción.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> CORPOS E ESCALAS

Artigo 52. *Cambio de denominación do corpo do grupo A de Vixilancia Aduaneira.*

O corpo técnico do Servicio de Vixilancia Aduaneira pasará a denominarse corpo superior de Vixilancia Aduaneira.

Artigo 53. *Integración do persoal do Instituto de Saúde Carlos III nas escalas de investigadores titulares e de técnicos superiores especialistas dependentes dos organismos públicos de investigación dependentes do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.*

Un. Os funcionarios que, no momento da entrada en vigor desta lei, se encontren en situación de servizo activo no Instituto de Saúde Carlos III, poderanse integrar na escala de investigadores titulares dos organismos públicos de investigación dependente do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título de doutor.
- Pertencer como funcionarios de carreira a corpos, escalas ou prazas do grupo A.
- Ter desempeñado durante os 10 anos anteriores á entrada en vigor desta lei, ou á presentación da solicitude de integración, un mínimo de cinco anos en actividades de investigación no Instituto de Saúde Carlos III.

Dous. Os funcionarios de carreira do grupo A que, no momento da entrada en vigor desta lei, se encontran en servizo activo no Instituto de Saúde Carlos III, desenvolvendo actividades de investigación e non cumplan algún dos requisitos esixidos, terán a consideración de investigadores en funcións, integrándose nunha relación de funcionarios coa dita consideración, o que lles permitirá continuar en servizo activo nos seus corpos, escalas ou prazas no desempeño dos seus actuais postos de traballo, podendo participar nos procedementos

para a provisión de postos de traballo de carácter investigador, conforme o previsto no número 6.

Os que formen parte da relación de investigadores en funcións investigadoras, referida no parágrafo anterior, poderanse integrar na escala de investigadores titulares cando cumbran os requisitos esixidos nas alíneas a) e c) do número 1.

Tres. Poderanse integrar na escala de técnicos superiores especialistas dos organismos públicos de investigación dependente do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, os funcionarios de carreira que no momento de entrada en vigor desta lei se encontren en servizo activo no Instituto de Saúde Carlos III, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto.
- b) Pertencer como funcionario de carreira a corpos, escalas ou prazas do grupo A.
- c) Estar desempeñando actividades de deseño, aplicación, mantemento e mellora en instalacións científicas experimentais ou funcións de asesoramento, análise ou informes nas súas especialidades respectivas.

Catro. A integración en cada unha destas escalas e na relación de investigadores en funcións, segundo proceda, será realizada por petición dos interesados e logo de comprobación dos requisitos esixidos por unha comisión cualificadora integrada por representantes dos ministerios de Sanidade e Consumo, de Administracións Públicas, de Ciencia e Tecnoloxía e do organismo público de investigación Instituto de Saúde Carlos III.

Cinco. Os funcionarios que se integren nestas escalas conservarán o réxime de Seguridade Social que tivesen no momento da integración e continuarán no desempeño dos seus actuais postos de traballo, pasando á situación de excedencia voluntaria a que se refire o artigo 29. 3 a) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos seus corpos, escalas ou prazas de orixe.

As prazas que se creen para a integración dos funcionarios nas escalas de investigadores titulares e de técnicos superiores especialistas financiaranse con cargo ás dotacións orzamentarias correspondentes ós postos desempeñados polos interesados.

Seis. A mobilidade dos funcionarios das escalas e dos investigadores en funcións establecerase regulamentariamente tendo en conta a especialidade das áreas de investigación en que se integren e as titulacións, experiencias e coñecementos.

Sete. A integración prevista neste artigo non suporá incremento de gasto público.

**Artigo 54.** *Integración do persoal do Instituto de Saúde Carlos III nas escalas de técnicos especialistas de grao medio, axudantes de investigación e auxiliares de investigación, dos organismos públicos de investigación dependentes do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.*

Un. Poderanse integrar na escala de técnicos especialistas de grao medio os funcionarios de carreira que, no momento da entrada en vigor desta lei, se encontren en situación de servizo activo no organismo público de investigación Instituto de Saúde Carlos III, dependente do Ministerio de Sanidade e Consumo e cumbran os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título de diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou calquera outro título equivalente.

b) Pertencer como funcionarios de carreira a corpos, escalas ou prazas do grupo B.

c) Estar desempeñando actividades de apoio e colaboración en materia de deseño, aplicación, mantemento e mellora de instalacións científicas; realizar informes, estudos ou análise nas súas especialidades respectivas; e, en xeral, participar na xestión técnica de plans, proxectos, programas ou aplicacións e resultados da investigación.

Dous. Poderanse integrar na escala de axudantes de investigación os funcionarios de carreira que, no momento de entrada en vigor desta lei, se encontren en servizo activo no organismo público de investigación Instituto de Saúde Carlos III dependente do Ministerio de Sanidade e Consumo, e cumbran, así mesmo, os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título de bacharelato superior, BUP, bacharelato, formación profesional de 2º grao ou equivalente.

b) Pertencer como funcionarios de carreira a corpos, escalas ou prazas do grupo C.

c) Estar desempeñando actividades de aplicación en relación con métodos, procesos ou sistemas científicos ou técnicos xa establecidos; realizar ensaios, análises e experimentos de carácter rutineiro; manexar equipos ou instrumentos científicos, ou realizar tomas, preparacións e tratamentos de mostras.

Tres. Poderanse integrar na escala de auxiliares de investigación os funcionarios de carreira que, no momento de entrada en vigor desta lei, se encontren en servizo activo no organismo público de investigación Instituto de Saúde Carlos III, dependente do Ministerio de Sanidade e Consumo e cumbran, así mesmo, os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título de graduado escolar, graduado en educación secundaria, formación profesional de primeiro grao ou equivalente.

b) Pertencer como funcionarios de carreira a corpos, escalas ou prazas do grupo D.

c) Estar desempeñando actividades repetitivas conforme as normas ou pautas científicas ou técnicas previamente establecidas; facer medicións ou cálculos sinxelos, ou desenvolver calquera outro traballo que requira coñecementos ou técnicas de carácter elemental.

Catro. A integración en cada unha das escalas citadas neste artigo realizarase por petición dos interesados e logo de comprobación dos requisitos esixidos por unha comisión de valoración integrada por representantes dos ministerios de Sanidade e Consumo, de Administracións Públicas, Ciencia e Tecnoloxía e do Instituto de Saúde Carlos III.

Cinco. Os funcionarios que se integren nestas escalas conservarán o réxime de Seguridade Social que tiveren no momento da integración e continuarán no desempeño dos seus actuais postos de traballo pasando á situación de excedencia voluntaria a que se refire o artigo 29. 3.a) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, nos seus corpos, escalas ou prazas de orixe.

As prazas que se creen para a integración dos funcionarios nestas escalas financiaranse con cargo

ás dotacións orzamentarias correspondentes ós postos desempeñados polos interesados ou ás prazas que se encontren vacantes nas relacións de postos de traballo dos correspondentes grupos de clasificación.

Seis. A mobilidade dos funcionarios nas escalas establecerase regulamentariamente tendo en conta as respectivas especialidades e as titulacións, experiencias e coñecementos dos interesados.

Sete. As vacantes que se produzan como consecuencia das integracións previstas neste artigo serán amortizadas.

Oito. A integración prevista neste artigo non suporá incremento de gasto público.

**Artigo 55.** *Modificación da Lei 16/2001, do 21 de novembro, pola que se establece un proceso extraordinario de consolidación e provisión de prazas de persoal estatutario nas institucións sanitarias da Seguridade Social dos servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde.*

Introdúcense as seguintes modificacións da Lei 16/2001, do 21 de novembro, pola que se establece un proceso extraordinario de consolidación e provisión de prazas de persoal estatutario nas institucións sanitarias da Seguridade Social dos servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde.

Un. Modifícase o parágrafo segundo da disposición adicional novena da Lei 16/2001, do 21 de novembro, engadido en virtude do artigo 57 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, que queda redactado da seguinte forma:

«O prazo previsto para o desenvolvemento, e execución dos procesos extraordinarios de consolidación e provisión de prazas de persoal estatutario convocadas ó abeiro da Lei 16/2001, do 21 de novembro, queda prorrogado ata o 31 de decembro de 2004.»

O resto da disposición permanece co seu actual contido.

Dous. Introdúcese unha nova disposición adicional, a décima sexta, na Lei 16/2001, do 21 de novembro, co seguinte contido:

«Disposición adicional décima sexta. *Excepcións á simultaneidade da entrevista prevista no artigo 8.2.*

Cando durante o desenvolvemento e a execución da convocatoria se poñan de manifesto circunstancias de índole técnica que dificulten a realización simultánea das entrevistas, nos termos previstos no número 2 do artigo 8, na convocatoria da fase de provisión poderase suprimi-lo citado requisito de simultaneidade das entrevistas, mesmo cando na convocatoria do proceso extraordinario da respectiva especialidade ou categoría profesional non estivese prevista a dita eventualidade. As ditas circunstancias deberán quedar debidamente acreditadas no expediente.»

**Artigo 56.** *Valoración da experiencia profesional dos médicos que obtiveron o título de especialista conforme o Real decreto 1497/1999, do 24 de setembro.*

Non obstante o establecido na disposición adicional segunda do Real decreto 1497/1999, do 24 de setembro,

na fase de concurso das probas de selección para o acceso a prazas de médico especialista dos servizos de saúde que se convoquen a partir do 1 de xaneiro de 2004, a antigüidade como especialista dos que accedesen ó título ó abeiro do dito real decreto valorará, nos termos previstos na convocatoria, a totalidade do exercicio profesional efectivo do interesado dentro do campo propio e específico da especialidade, descontando de tal exercicio e no seu período inicial o 170 por cento do período de formación establecido para a dita especialidade en España. O indicado desconto non se producirá respecto dos que obtivesen o título de especialista de acordo co previsto na disposición adicional terceira do Real decreto 1497/1999.

**Artigo 57.** *Convocatoria extraordinaria para a integración na escala de técnicos superiores especialistas dos organismos públicos de investigación dependentes do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, creada no artigo 35 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Realizarase unha convocatoria extraordinaria para a integración na escala de técnicos superiores especialistas dos organismos públicos de investigación dependentes do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía dos funcionarios que cumprían os requisitos establecidos no número 6 do artigo 35 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social á data da súa entrada en vigor.

A convocatoria extraordinaria a que se refire o punto anterior terá lugar en 2004 e rexerá polo procedemento previsto no número 7 do artigo 35 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, no Real decreto 868/2001, do 20 de xullo, polo que se regula a integración nas escalas de investigadores titulares dos organismos públicos de investigación e de técnicos superiores especialistas dos organismos públicos de investigación e, así mesmo, estará suxeita ó establecido no número 8 do mesmo artigo.

A integración a que se refire este artigo non suporá incremento no gasto público.

#### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> FUNCIONARIOS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

**Artigo 58.** *Modificación do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.*

Modifícase a alínea b) do artigo 135 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que queda redactado como segue:

«b) Para ser admitido ás probas para o acceso á función pública local será necesario:  
Ter cumpridos 18 anos de idade.»

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> RÉXIME DE CLASES PASIVAS

**Artigo 59.** *Modificación do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril.*

Un. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 7 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Esta-



do, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril, que quedan redactados nos seguintes termos:

«2. O dereito á titularidade das prestacións de clases pasivas poderase exercer en calquera momento posterior á ocorrencia do feito que o cause, de acordo co que se di no número 2 do artigo anterior.

Non obstante, se o recoñecemento do dereito á titularidade das prestacións non se puidese efectuar, por causa imputable ó interesado, dentro dos catro anos contados a partir do día en que este se exercitou, caducarán tódolos efectos derivados da petición deducida, e os efectos económicos dese dereito soamente se producirán a partir do día primeiro do mes seguinte ó da emenda polo interesado dos defectos a el imputables.

Igualmente, se o dereito se exercitase despois de transcorridos catro anos contados a partir do día seguinte ó do seu nacemento, os seus efectos económicos só se producirán a partir do día primeiro do mes seguinte ó de presentación da oportuna petición.

3. O dereito ó cobramento das prestacións de clases pasivas poderase exercer en calquera momento posterior ó de recoñecemento do dereito á titularidade delas, conforme o disposto no número 2 do precedente artigo.

Sen prexuízo diso, caducarán os efectos daquel polo non exercicio do dereito durante catro anos, contados a partir do arrinque do dereito á titularidade das prestacións e por falta de presentación, dentro do mesmo prazo, da documentación necesaria para a inclusión en nómina.

Nestes casos a rehabilitación no cobramento ou a inclusión en nómina farase con efectos económicos do primeiro do mes seguinte ó de exercicio dese dereito ou ó da presentación da indicada documentación.»

Dous. O prazo de caducidade a que fai referencia o artigo 7.2 e 3 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, na redacción dada polo número un deste artigo, non resulta de aplicación ós supostos en que o interesado exercitase o dereito á titularidade das prestacións de clases pasivas ou o dereito ó cobramento delas con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2004.

## CAPÍTULO II

### Persoal laboral

Artigo 60. *Procesos selectivos, provisión de vacantes e promoción profesional do persoal laboral da Administración xeral do Estado.*

No marco da planificación global dos recursos humanos, correspóndelle ó Ministerio de Administracións Públicas autoriza-las bases dos procesos de convocatorias de probas selectivas para ingreso, provisión de vacantes e de promoción interna do persoal laboral da Administración xeral do Estado e dos seus organismos autónomos, da Administración de xustiza e da Administración da Seguridade Social.

Así mesmo, correspóndelle ó Ministerio de Administracións Públicas, cando se inclúan prazas ou vacantes pertencentes a diferentes departamentos ou organismos, convocar e resolve-las probas selectivas

para persoal laboral fixo de novo ingreso, de acordo co previsto na oferta de emprego público e convocar e resolve-los concursos de traslados e os procesos de promoción interna de persoal laboral.

## CAPÍTULO III

### Outro persoal

Artigo 61. *Modificación da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.

Un. Inclúese un novo número, o 4, ó artigo 91 da Lei de réxime do persoal das Forzas Armadas, coa seguinte redacción:

«4. Os militares de complemento que formen parte de unidades militares ás que se lles asignen misións fóra do territorio nacional, por un período igual ou superior a tres meses, poderán prorrogalo seu compromiso ata 15 días despois de que conclúa a misión, se así o solicitan cando o seu compromiso previo termine durante o desenvolvemento de tales misións e non solicitasen ou asinasen un novo.»

O actual número 4 pasa a se-lo número 5 coa mesma redacción.

O resto do artigo queda redactado da mesma forma.

Dous. Modifícase o artigo 96 da Lei de réxime do persoal das Forzas Armadas, coa seguinte redacción:

«Artigo 99.

Os militares profesionais de tropa e mariñeira poderán acceder a unha relación de servizos de carácter permanente, nas prazas que se determinen na provisión anual a que se refire o artigo 21 desta lei, conservando o emprego que tivesen. Os procesos de selección axustaranse ó previsto no artigo 63 desta lei. Para participar neles, requirirase un mínimo de tempo de servizos de oito anos, estar en posesión dunha titulación equivalente á de técnico do sistema educativo xeral, ou as esixidas para os procesos selectivos de ingreso ás diferentes escalas das Forzas Armadas, e as demais condicións que se establezan regulamentariamente. O número máximo de convocatorias ás que se poderá optar será de tres.»

Tres. Introdúcese un novo segundo parágrafo ó artigo 101 da Lei 17/1999, de réxime do persoal das Forzas Armadas, coa seguinte redacción:

«Os recoñecementos e as probas poderán comprender análises e comprobacións con carácter obrigatorio, encamiñados a detecta-los estados de intoxicación e o consumo de drogas tóxicas ou substancias similares.»

O actual segundo parágrafo pasa a se-lo terceiro.

O resto do artigo mantense coa mesma redacción.

Catro. Modifícase o número 4.b) do artigo 170 da Lei de réxime do persoal das Forzas Armadas, que queda coa seguinte redacción:

«4.b) Ter cumpridos dezaoto anos e non alcanzar unha idade máxima de cincuenta e cinco anos

para o persoal de tropa e mariñeiría e de cincuenta e oito para os oficiais e suboficiais.»

O resto do artigo queda redactado da mesma forma.

Cinco. Modifícanse os números 1.a) e 1.b) do artigo 171 da Lei de réxime do persoal das Forzas Armadas, que quedan coa seguinte redacción:

«1.a) Oficiais e suboficiais, ata a data en que cumpran 61 anos.»

«1.b) Tropa e mariñeiría, ata a data en que cumpran 58 anos.»

O resto do artigo queda coa mesma redacción.

Seis. Modifícase o artigo 172 da Lei 17/1999, do 18 de maio, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 172. *Empregos dos reservistas voluntarios.*

Os reservistas voluntarios terán os empregos de alférez, sarxento e soldado, segundo a categoría a que accedesen na correspondente convocatoria de prazas. Os que servisen con anterioridade nas Forzas Armadas, poderán mante-lo emprego que alcanzasen nelas.»

Artigo 62. *Modificación da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil.*

Modifícase o número 2 do artigo 40 da Lei 42/1999, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Regulamentariamente determinarase un sistema, baseado en criterios obxectivos, para integrar nunha única clasificación final os que se incorporen á escala superior de oficiais por acceso directo ou promoción interna ou ás escalas facultativas por acceso directo ou cambio de escala.»

O resto do artigo queda coa mesma redacción.

Artigo 63. *Modificación da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España.*

Introdúcese un novo artigo, o 6 bis, na Lei 13/1994, de autonomía do Banco de España, coa seguinte redacción:

«Artigo 6 bis. *Réxime do persoal do Banco de España.*

O persoal do Banco de España está vinculado a el por unha relación de dereito laboral.

O persoal do Banco de España que poida ter acceso a información de carácter confidencial estará obrigado a notificar, conforme o establecido na correspondente disposición interna aprobada pola Comisión Executiva, as operacións que realice nos mercados de valores, ben directamente ou mediante persoa interposta. Esta mesma disposición determinará as limitacións ás que quedará suxeito este persoal respecto á adquisición, venda ou dispoñibilidade de tales valores, así como as obrigas de información e limitacións aplicables ás operacións financeiras que o dito persoal realice por si ou mediante persoa interposta, con entidades suxeitas á supervisión do Banco de España. A infracción ó disposto neste parágrafo será sancio-

nable conforme o disposto no regulamento interno do Banco de España.

Os datos declarados ó abeiro das anteriores obrigas de información conservaranse por un período máximo de cinco anos.»

## TÍTULO IV

### Normas de xestión e organización administrativa

#### CAPÍTULO I

##### Da xestión

###### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> XESTIÓN FINANCEIRA

Artigo 64. *Modificación da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Un. Modifícase o artigo 49 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, que queda coa seguinte redacción:

«Nos termos previstos nesta lei, as entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes e as sociedades mercantís dependentes poderán concertar operacións de crédito en tódalas súas modalidades, tanto a curto coma a longo prazo, así como operacións financeiras de cobertura e xestión do risco do tipo de xuro e do tipo de cambio.»

Dous. Modifícanse o punto 1 e a alínea b da letra A do número 5 do artigo 50 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, que queda da seguinte forma:

##### Punto 1.

«1. Para o financiamento dos seus investimentos, así como para a substitución total ou parcial de operacións preexistentes, as entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes e as sociedades mercantís dependentes, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos de mercado, poderán acudir ó crédito público e privado, a longo prazo, en calquera das súas formas.»

##### Prágrafo b, da letra A do número 5.

«b. Nas operacións de préstamo ou crédito concertadas por organismos autónomos e sociedades mercantís dependentes, con avais concedidos pola Corporación correspondente. Cando a participación social sexa detentada por diversas entidades locais, o aval deberá quedar limitado, para cada partícipe, á súa porcentaxe de participación no capital social.»

O resto do número e artigo quedan coa mesma redacción.

Tres. Modifícanse os números 1, 2 e 5 do artigo 54 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, da seguinte forma:

«1. Non se poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo, incluíndo as operacións que modifiquen as condicións contractuais ou engadan garantías adicionais con ou sen intermediación de terceiros, nin conceder avais,

nin substituír operacións de crédito concertadas con anterioridade por parte das entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes e as sociedades mercantís dependentes, que presten servicios ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos de mercado sen previa autorización dos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda ou, no caso de operacións denominadas en euros que se realicen dentro do espazo territorial dos países pertencentes á Unión Europea e con entidades financeiras residentes nalgún dos ditos países, da comunidade autónoma a que a entidade local pertenza, que teña atribuída no seu Estatuto competencia na materia, cando dos estados financeiros que reflectan a liquidación dos orzamentos, os resultados correntes e os resultados da actividade ordinaria do último exercicio, se deduza un aforro neto negativo.

Para estes efectos entenderase por aforro neto das entidades locais e os seus organismos autónomos de carácter administrativo a diferenza entre os dereitos liquidados polos capítulos un a cinco, ambos inclusive, do estado de ingresos, e das obrigas recoñecidas polos capítulos un, dous e catro do estado de gastos, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización da operación proxectada e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso.

O importe da anualidade teórica de amortización, de cada un dos préstamos a longo prazo concertados e dos avalados pola corporación pendentes de reembolso, así como a da operación proxectada, determinarase en todo caso, en termos constantes, incluíndo os xuros e a cota anual de amortización, calquera que sexa a modalidade e as condicións de cada operación.

Considérase aforro neto nos organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo os resultados correntes do exercicio e, nas sociedades mercantís locais, os resultados da actividade ordinaria, excluídos os intereses de préstamos ou empréstitos, en ámbolos casos, e minorados nunha anualidade teórica de amortización, tal e como se define no parágrafo anterior, igualmente en ámbolos casos.

No aforro neto non se incluírán as obrigas recoñecidas, derivadas de modificacións de créditos, que fosen financiadas con remanente líquido de tesourería.

Non se incluírán no cálculo das anualidades teóricas as operacións de crédito garantidas con hipotecas sobre bens inmobles, en proporción á parte do préstamo afectado pola dita garantía.

Se o obxecto da actividade do organismo autónomo ou sociedade mercantil local é a construción de vivendas, o cálculo do aforro neto obterase tomando a media dos dous últimos exercicios.

Cando o aforro neto sexa de signo negativo, o pleno da respectiva corporación deberá aprobar un plan de saneamento financeiro a realizar nun prazo non superior a tres anos, en que se adopten medidas de xestión, tributarias, financeiras e orzamentarias que permitan como mínimo axustar a cero o aforro neto negativo da entidade, organismo autónomo ou sociedade mercantil. O dito plan deberá ser presentado conxuntamente coa solicitude da autorización correspondente.»

«2. Precisarán de autorización dos órganos citados no número 1 anterior, as operacións de crédito a longo prazo de calquera natureza, incluído o risco deducido dos avais, cando o volume total do capital vivo das operacións de crédito vixentes a curto e longo prazo, incluíndo o importe da operación proxectada, exceda o 110 por cento dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior ou, no seu defecto, no precedente a este último cando o cómputo se deba realizar no primeiro semestre do ano e non se liquidase o orzamento correspondente a aquel, segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados das entidades citadas no número 1 deste artigo.

O cálculo da porcentaxe regulada no parágrafo anterior realizarase considerando as operacións de crédito vixentes, tanto a curto coma a longo prazo, valoradas cos mesmos criterios utilizados para a súa inclusión no balance. O risco derivado dos avais computarase aplicando o mesmo criterio anterior á operación avalada.»

«5. En todo caso precisarán da autorización do Ministerio de Economía e Facenda as operacións de crédito a curto e longo prazo, a concesión de avais, e as demais operacións que modifiquen as condicións contractuais ou engadan garantías adicionais, con ou sen intermediación de terceiros, nos seguintes casos:

a) As que se formalicen no exterior ou con entidades financeiras non residentes en España, calquera que sexa a divisa que sirva de determinación do capital da operación proxectada, incluídas as cesións a entidades financeiras non residentes das participacións, que teñan entidades residentes, en créditos outorgados ás entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes e as sociedades mercantís dependentes, que presten servicios ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos de mercado.

b) As que se instrumenten mediante emisións de débeda ou calquera outra forma de apelación ó crédito público, sen prexuízo do previsto na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

En relación co que se prevé na alínea a) anterior, non se considerarán financiamento exterior as operacións denominadas en euros que se realicen dentro do espazo territorial dos países pertencentes á Unión Europea e con entidades financeiras residentes nalgún dos ditos países. Estas operacións deberán ser, en todo caso, comunicadas previamente ó Ministerio de Facenda.»

O resto dos números e artigo quedan coa mesma redacción.

Catro. Modifícase o artigo 55 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 55.

Os organismos autónomos e os entes e as sociedades mercantís dependentes precisarán a previa autorización do Pleno da Corporación e informe da Intervención para a concertación de operacións de crédito a longo prazo.»

Cinco. Inclúese un novo número, o 4, no artigo 113 ter da Lei 39/1988, do 28 de decembro, que quedará redactado nos seguintes termos:

«4. No suposto de que non estivesen dispoñibles, no ámbito municipal, os índices citados no punto anterior, aplicarase, se é o caso, como método de determinación do rendemento cedido ós municipios, a formulación recollida no número 2 deste artigo, considerando, para estes efectos, e segundo proceda, como índices de consumo os de entregas de gasolinas, gasóleos e fuel óleo ou os de vendas a expendedorías de tabacos, correspondentes ás comunidades autónomas.»

Seis. Modifícase o número 2, do artigo 115 quáter da Lei 39/1988, do 28 de decembro, que quedará redactado nos seguintes termos:

«A participación total de cada un dos municipios turísticos nos tributos do Estado determinarase conforme o disposto no número 4 seguinte e, para o seu cálculo, teranse en conta os seguintes elementos:

- a) Cesión da recadación dos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco, na forma disposta no punto seguinte.
- b) Participación en tributos do Estado na forma prevista no número 1 do artigo 115 ter desta lei.»

Sete. Inclúese un novo número, o 4, no artigo 125 quinquies da Lei 39/1988, do 28 de decembro, que quedará redactado da seguinte forma:

«4. No suposto de que non estivesen dispoñibles, no ámbito provincial, os índices citados no punto anterior, aplicarase, se é o caso, como método de determinación do rendemento cedido ás provincias e entes asimilados, a formulación recollida no número 2 deste artigo, considerando, para estes efectos, e segundo proceda, como índices de consumo os de entregas de gasolinas, gasóleos e fuel óleo ou os de vendas a expendedorías de tabacos, correspondentes ás comunidades autónomas.»

Artigo 65. *Modificación da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais.*

Modifícase o segundo parágrafo do número 2 da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, que queda redactado nos seguintes termos:

«Na recadación líquida non se incluíra a derivada das modificacións incluídas en ordenanzas fiscais que entrasen en vigor con posterioridade ó 31 de decembro de 1998 que afecten os coeficientes, índices e recargas regulados nos artigos 88, 89 e 124 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na redacción anterior á entrada en vigor desta lei, ou que establezan, conforme o regulado no citado artigo 88 segundo a redacción dada polo artigo 27 desta lei, un coeficiente inferior ó que resulte de multiplicar, en cada caso, o coeficiente e o índice vixentes con anterioridade ó 1 de xaneiro de 1999 que vaian substituír.»

Artigo 66. *Achegas de capital con cargo ós orzamentos xerais do Estado.*

Será preceptivo o informe da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos para a realización de achegas

de capital, con cargo ós orzamentos xerais do Estado a sociedades mercantís estatais, así como a entidades públicas empresariais e demais entidades de dereito público.

O citado informe terá por obxecto exclusivamente o exame dos efectos que a achega pretendida puidese ter no cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ó que se refire o artigo 7 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria.

## SECCIÓN 2.<sup>a</sup> XESTIÓN EN MATERIA DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

Artigo 67. *Modificación da Lei de contratos das administracións públicas.*

Dáselles nova redacción ós seguintes preceptos do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño.

Un. Modifícase o número 1 do artigo 2 da Lei de contratos das administracións públicas, que queda coa seguinte redacción.

«1. As entidades de dereito público non comprendidas no ámbito definido no artigo anterior e as sociedades de dereito privado creadas para satisfacer especificamente necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil, sempre que, ademais, concorran algún dos requisitos contidos na alínea b) do número 3 do artigo anterior, quedarán suxeitas ás prescricións desta lei relativas á capacidade das empresas, publicidade, procedementos de licitación e formas de adxudicación para os contratos de obras, subministracións, consultoría e asistencia e servicios de contía igual ou superior, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, a 6.242.028 euros (equivalente a 5.000.000 dereitos especiais de xiro), se se trata de contratos de obras, ou a 249.681 euros (equivalentes a 200.000 dereitos especiais de xiro), se se trata de calquera outro contrato dos mencionados.»

Dous. Dáselle nova redacción á disposición adicional sexta da Lei de contratos das administracións públicas:

«Disposición adicional sexta. *Principios de contratación no sector público.*

As sociedades a que se refire o número 1 do artigo 2, para os contratos non comprendidos nel, axustarán a súa actividade contractual ós principios de publicidade e concorrência, salvo que a natureza da operación que se vaia realizar sexa incompatible con estes principios.»

Tres. Adiciónase un novo artigo 60 bis á Lei de contratos das administracións públicas, coa seguinte redacción:

«Artigo 60 bis. *Medidas provisionais.*

1. Os interesados en concorrer a un procedemento de adxudicación e, en todo caso, os licitadores, poderán solicita-la adopción de medidas provisionais para corrixi-la infracción alegada ou para impedir que se causen outros prexuízos ós intereses afectados, incluídas as medidas desti-

nadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adxudicación do contrato en cuestión, ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

Esta solicitude poderase formular con independencia de que se interpoña o recurso correspondente.

2. Serán órganos competentes para adoptar, se é o caso, tales medidas provisionais os que o sexan para coñecer dos correspondentes recursos, calquera que sexa a súa clase.

3. O prazo para solicita-la adopción das medidas citadas será de cinco días contados desde a data da infracción alegada, debendo resolverse, de forma motivada, nun prazo de 10 días, enténdese denegada no suposto de non recaer resolución expresa.

Contra a dita resolución non caberá recurso, sen prexuízo dos que procedan contra as resolucións que se dicten no procedemento principal.

4. Cando da adopción das medidas provisionais se poidan derivar prexuízos de calquera natureza, a resolución poderá impo-la constitución de caución ou garantía suficiente para responder deles, sen que aquelas produzan efectos ata que a dita caución ou garantía sexa constituída.»

Catro. Introdúcese unha nova disposición adicional décimo sexta co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo sexta. *Recursos en materia de contratos das sociedades suxeitas a esta lei.*

Para efectos de reclamacións e recursos en relación cos contratos a que se refire o número 1 do artigo 2 desta lei terase en conta o disposto no artigo 51 da Lei 48/1998, do 30 de decembro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións, pola que se incorporan ó ordenamento xurídico español as directivas 93/38/CEE e 92/13/CEE.»

Cinco. Os puntos e as disposicións da Lei de contratos das administracións públicas a que se refire este artigo (ou disposición adicional) constituirán lexislación básica dictada ó abeiro do artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución.

#### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> XESTIÓN EN MATERIA DE ASISTENCIA XURÍDICA Ó ESTADO E INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Artigo 68. *Modificación da Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas.*

Modifícase o artigo 9 da Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 9. *Actuacións en procedementos arbitrals e outras reclamacións extraxudiciais.*

Logo de autorización do titular do departamento, organismo público correspondente, e con informe da Dirección do Servizo Xurídico do Estado, os avogados do Estado integrados nos servizos xurídicos do Estado poderán asumir a representación e a defensa do Estado, os seus organismos autónomos, entidades públicas deles dependen-

tes e órganos constitucionais en procedementos arbitrals e outras reclamacións extraxudiciais de natureza nacional ou internacional.»

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> XESTIÓN EN MATERIA DE MOBILIDADE XEOGRÁFICA DOS MEMBROS DAS FORZAS ARMADAS

Artigo 69. *Modificación da Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas.

Un. Modifícase o artigo 2 da Lei 26/1999, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 2.

O Ministerio de Defensa facilitaralle ó militar de carreira das Forzas Armadas, así como ó militar profesional de tropa e mariñeiría que mantén unha relación de servizos de carácter permanente, que se encontre en situación de servizo activo ou na de reserva con destino, cando cambie de destino que supoña cambio de localidade ou área xeográfica, unha compensación económica ou, con carácter extraordinario, unha vivenda en réxime de arrendamento especial, conforme o establecido nesta lei.

Ó militar de complemento e ó militar profesional de tropa e mariñeiría que mantén unha relación de servizos de carácter temporal, que se encontre na situación de servizo activo e cumprise tres anos de tempo de servizos facilitaráselles unha compensación económica cando cambien de destino que supoña cambio de localidade ou área xeográfica.»

Dous. Engádenselles tres novos supostos ó número 2 do artigo 10 da Lei 26/1999, do 9 de xullo, coa seguinte redacción:

«d) Cando fose declarada a ruína técnica, económica ou urbanística da vivenda ou do inmovible en que se localiza, conforme o establecido na lexislación vixente na materia.

e) Coa previa e expresa aceptación por parte do titular do contrato ou, se é o caso, do beneficiario do dereito de uso, cando a conservación da vivenda, debido ó seu estado ou características particulares, sexa manifestamente antieconómica.

f) Cando a vivenda se encontre no interior dunha base, acuartelamento, edificio ou establecemento militar e o titular do contrato ou, se é o caso, o beneficiario do dereito de uso non estea destinado en unidades, centros ou organismos situados neles.

Se o afectado é militar profesional cunha relación de servizos de carácter permanente, o realoxamento poderase realizar noutra vivenda situada no interior dunha base, acuartelamento, edificio ou establecemento militar, só no caso de que aquel estea destinado en unidades, centros ou organismos situados neles. A vivenda así adxudicada rexerese polo réxime establecido para as vivendas militares non alleables, no Real decreto 991/2000, do 2 de xuño.»

O resto do número e artigo quedan coa súa actual redacción.

Tres. Engádenselle catro parágrafos ó número 1, alínea g) da disposición adicional segunda da Lei 26/1999, do 9 de xullo, coa seguinte redacción:

«A hipoteca da vivenda, para os únicos efectos da súa compra, non se entenderá incluída nesta prohibición legal de disposición do ben inmueble.

En todo caso, durante o período de dez anos desde a adquisición da vivenda, a primeira transmisión por actos "inter vivos" dela, de parte dela ou da cota indivisa, deberá ser notificada, de forma que faga fe, ó Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas, con indicación do prezo e condicións en que se pretende realiza-la compravenda. No prazo dun mes desde a recepción da notificación, o referido Instituto deberá autoriza-la transmisión ou exercer-lo dereito de tanteo.

O terceiro adquirente quedará obrigado a lle remitir ó mesmo organismo unha copia da escritura pública en que se efectuou a compravenda. Se a transmisión se efectuase sen ter practicado a citada notificación ou en condicións distintas das indicadas nesta, o Instituto poderá exercer-lo dereito de retracto no prazo dun mes desde a recepción da escritura pública.

Para a inscrición dos referidos títulos de propiedade no correspondente Rexistro da Propiedade, será condición necesaria a acreditación de ter efectuado os trámites previstos nos dous parágrafos anteriores.»

O resto do parágrafo e da disposición permanecen coa mesma redacción.

Catro. Engádeselle un segundo parágrafo á disposición adicional oitava da Lei 26/1999, do 9 de xullo, coa seguinte redacción:

«Co obxectivo de lles facilita-lo exercicio do dereito de uso vitalicio ós usuarios das vivendas militares que o teñan recoñecido legalmente, o ministro de Defensa poderá autoriza-lo realoxamento noutra vivenda de similares características, cando concorran circunstancias excepcionais de carácter humanitario que supoñan graves problemas para exercer-lo citado dereito na que teñan adxudicada. Estas circunstancias estarán referidas, exclusivamente, ó titular, ó seu cónxuxe, e ós fillos que convivan con eles.»

O resto da disposición queda coa mesma redacción.

#### SECCIÓN 5.<sup>a</sup> XESTIÓN EN MATERIA DE LOTERÍAS E APOSTAS DO ESTADO

Artigo 70. *Comercialización de xogos de titularidade estatal fóra do territorio nacional.*

1. Os xogos de titularidade estatal poderanse comercializar fóra do territorio nacional nas condicións que determine o ministro de Facenda.

2. Nos convenios ou contratos que celebre a entidade pública empresarial Loterías e Apostas do Estado ou entidades participadas por esta para o cumprimento dos seus fins, con entidades estranxeiras, o obxecto dos cales garde relación coa participación da entidade pública empresarial Loterías e Apostas do Estado en sorteos comúns con outras Loterías de Estado, coa celebración no estranxeiro de sorteos de xogos a xestión dos cales teña encomendada e, en xeral, coa comercialización dos

ditos xogos fóra do territorio nacional, poderanse incorporar cláusulas tendentes a resolve-las discrepancias que poidan xurdir mediante fórmulas de arbitraje.

#### SECCIÓN 6.<sup>a</sup> XESTIÓN EN MATERIA DE TRÁFICO E SEGURIDADE VIAL

Artigo 71. *Modificación do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo.*

Modifícanse os seguintes artigos do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo.

Un. Modifícase o número 4 do artigo 34 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, que queda redactado da seguinte forma:

«Todo conductor de vehículo automóbil que se propoña realizar un adiantamento a un ciclo ou ciclomotor, ou conxunto deles, deberao realizar ocupando parte ou a totalidade do carril contiguo da calzada, sempre e cando existan as condicións precisas para realizar un adiantamento nas condicións previstas na lei. Queda expresamente prohibido adiantar poñendo en perigo ou entorpecendo ciclistas que circulen en sentido contrario.»

Dous. Introdúcese un novo parágrafo terceiro no número 2 do artigo 67 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, pasando os actuais parágrafos terceiro e cuarto a se-lo cuarto e o quinto, que queda redactado da seguinte forma:

«Ademais, a conducción sen a autorización administrativa levará aparellada a imposibilidade de obte-lo permiso ou a licencia de conducción durante un ano, así como o depósito obrigatorio do vehículo cando este sexa de titularidade do conductor ou dos que teñan a súa custodia ou garda legal ou de persoa que autorizase a súa utilización por un tempo dun mes, que será de tres meses en caso de reincidencia.»

Tres. Modifícase o segundo parágrafo do número 3 do artigo 67, do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, que queda redactado da seguinte forma:

«Para os efectos deste artigo, reputaranse reincidentes os que fosen sancionados en firme en vía administrativa por dúas infraccións moi graves das previstas no artigo 65.5 desta lei, sempre que os seus antecedentes non se cancelasen ou debesen selo no prazo de dous anos nos termos establecidos no artigo 82 desta lei.»

Catro. Modifícase o parágrafo terceiro do número 3 do artigo 67 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, que quedan redactados da seguinte forma:

«Non se procederá á revogación do permiso ou licencia de conducción prevista neste punto cando o titular da autorización solicite a realización dun curso de reciclaxe e sensibilización en centro autorizado para iso e acredite telo superado con apro-

veitamento dentro do prazo e nas condicións que regulamentariamente se determinen. En tal caso, a revogación do permiso ou licenza de condución substituirase pola sanción de suspensión deles durante un ano con carácter continuado.»

Cinco. O actual número 5 do artigo 67 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial pasa a se-lo número 8, e introdúcese un novo número 5, que queda redactado da seguinte forma:

«5. Ós titulares de licencias de condución de ciclomotores que fosen sancionados en firme en vía administrativa por dúas infraccións graves no prazo de dous anos, ou por unha moi grave, seralles revogada a mencionada licenza, sen prexuízo de que poidan obter un permiso de condución.»

Seis. Introdúcese un novo número 6 no artigo 67 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, que queda redactado da seguinte forma:

«6. Durante os dous anos seguintes á obtención do permiso de condución, o ter sido sancionado en firme en vía administrativa pola comisión de tres infraccións graves ou dous moi graves, suporá a revogación do permiso de condución, sen que poida obter un novo permiso ata transcorrido o prazo dun ano desde a firmeza da resolución.»

Sete. Introdúcese un novo número 7 no artigo 67 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, que queda redactado da seguinte forma:

«7. O que no período de dous anos fose sancionado en firme en vía administrativa como autor de tres infraccións, sendo unha delas grave e supoñendo as outras dúas a suspensión do permiso de condución, deberá cumprila sanción de suspensión da autorización administrativa para conducir que lle correspondese pola última infracción, sen posibilidade de fraccionamento.»

Oito. Introdúcese un novo artigo 71 bis no capítulo II do título V do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 71 bis. *Intervención do permiso ou licenza de condución.*

Cando o axente da autoridade comprobe que o conductor infractor ou implicado nun accidente presente, ademais, síntomas evidentes de que perdeu as condicións físicas necesarias para conducir, intervirá de maneira inmediata o permiso ou a licenza de condución, sen prexuízo da iniciación do procedemento para declara-la perda de vixencia de autorizacións, segundo o disposto no artigo 63 e, se é o caso, da iniciación do oportuno expediente sancionador.»

Nove. Engádeselle un parágrafo terceiro ó número 3 do artigo 72, do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, que queda redactado da seguinte forma:

«As empresas de aluguer sen conductor acreditarán o cumprimento da obriga legal de identificaren o conductor responsable da infracción mediante a remisión, ó órgano instructor corres-

pondente, dun duplicado ou copia do contrato de arrendamento onde quede acreditado o concepto de conductor da persoa que figure no contrato.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dez. Modifícase o artigo 82 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 82.

As sancións graves e moi graves firmes en vía administrativa serán anotadas no Rexistro de Conductores e Infractores o día da súa firmeza, e as anotacións cancelaranse de oficio, para efectos de antecedentes, unha vez transcorridos dous anos desde o seu total cumprimento ou prescrición.»

## CAPÍTULO II

### Da organización

Artigo 72. *Modificación da Lei 11/2002, do 6 de maio, reguladora do Centro Nacional de Intelixencia.*

Engádenselle dous novos números, o 5 e o 6, ó artigo 8 da Lei 11/2002, reguladora do Centro Nacional de Intelixencia, coa seguinte redacción:

«5. Autorízase o Centro Nacional de Intelixencia para dispor do 14 por cento do total dos créditos do capítulo destinado a gastos correntes en bens e servizos do seu orzamento de gastos vixente en cada momento, en concepto de anticipo de caixa fixa, co obxecto de poder atender os gastos periódicos ou repetitivos de material non inventariable, mantemento e conservación, tracto sucesivo, indemnizacións por razón do servizo e outros de similares características.

6. Autorízase o Centro Nacional de Intelixencia para dispor do 2,5 por cento do total dos créditos do capítulo de investimentos reais do seu orzamento de gastos vixente en cada momento, en concepto de anticipo de caixa fixa para as adquisicións de material e servizos complementarios no exterior.»

O resto do artigo permanece coa súa actual redacción.

Artigo 73. *Supresión da entidade pública empresarial «Escola Oficial de Turismo».*

En virtude do disposto no artigo 64.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, suprímese a entidade pública empresarial «Escola Oficial de Turismo» desde o día 31 de decembro de 2003, asumindo as súas funcións a Secretaría Xeral de Turismo e subrogándose a Administración xeral do Estado, a través da Secretaría xeral de Turismo, no conxunto de bens, dereitos e obrigas resultantes da extinción.

Artigo 74. *Modificación da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguridade Nuclear.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguridade Nuclear.

Un. Modifícase o artigo 2 da Lei 15/1980, de creación do Consello de Seguridade Nuclear, dando unha nova redacción ó parágrafo «q» e pasando o actual parágrafo «q» ó novo parágrafo «r», do seguinte modo:

«q) Arquivar e custodiar a documentación, que deberán remitir ó Consello de Seguridade Nuclear os titulares das autorizacións de explotación de centrais nucleares, cando se produza o cesamento definitivo nas prácticas e con carácter previo á transferencia de titularidade e á concesión da autorización de desmantelamento delas.

r) Calquera outra que, no ámbito da seguridade nuclear e a protección radiolóxica lle sexa legalmente atribuída.»

O resto do artigo queda coa mesma redacción.

Dous. Engádeselle unha nova disposición adicional, a cuarta, á Lei 15/1980, de creación do Consello de Seguridade Nuclear, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Dispositivos e instalacións experimentais.*

As funcións e facultades que se lle atribúen ó Consello de Seguridade Nuclear nesta lei, referentes a instalacións nucleares e radioactivas, exerceranse nos mesmos termos sobre os dispositivos e instalacións experimentais definidos no artigo 2 da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, salvo que se estableza legalmente para tales dispositivos e instalacións experimentais unha regulación máis específica.»

Artigo 75. *Modificación da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Consello da Xuventude de España.*

Engádense dous parágrafos a continuación do primeiro parágrafo do número 2 do artigo 68 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, coa seguinte redacción:

«Para os mesmos efectos, o presidente e, nos supostos de ausencia, vacante ou enfermidade, os vicepresidentes terán a representación do Consello e exercerán e desenvolverán as actuacións directivas, administrativas, de xestión e calquera outras que, conforme a normativa aplicable, fosen necesarias para o cumprimento dos seus fins.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais ordenará publicar no "Boletín Oficial del Estado" o nomeamento do presidente, dos vicepresidentes e dos demais membros da Comisión Permanente elixidos de acordo co previsto no artigo 6 da citada Lei 18/1983.»

O resto do número e artigo continúan coa mesma redacción.

Artigo 76. *Modificación da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. TRAGSA.*

Modifícase a alínea a) do número tres do artigo 88 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado da seguinte forma:

«a) A realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos agrícolas,

gandeiros, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e ambiental, de acuicultura e de pesca, así como os necesarios para o mellor uso e xestión dos recursos naturais, incluída a execución de obras de conservación ou enriquecemento do patrimonio histórico español no medio rural, ó abeiro do establecido no artigo 68 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Artigo 77. *Modificación da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990. Entidade pública empresarial Aeroportos Españóis e Navegación Aérea (AENA).*

Modifícase a alínea a) do punto dous do artigo 82 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990, conforme a redacción dada a este pola Lei 52/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que terá a seguinte redacción:

«a) Ordenación, dirección, coordinación, explotación, conservación e administración dos aeroportos públicos de carácter civil, aeródromos, heliportos e demais superficies aptas para o transporte aéreo a xestión dos cales se lle encomende e dos servizos afectos a eles; a coordinación, explotación, conservación e administración das zonas civís das bases aéreas abertas ó tráfico civil.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Artigo 78. *Modificación da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Entidade pública empresarial Aeroportos Españóis e Navegación Aérea (AENA).*

Modifícase o primeiro parágrafo do número dous do artigo 82 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que terá a seguinte redacción:

«A entidade pública empresarial "Aeroportos Españóis e Navegación Aérea" (AENA) percibirá, pola utilización por terceiros dos recintos dos aeródromos, heliportos e demais superficies aptas para o transporte aéreo, a xestión dos cales lle sexa encomendada pola Administración xeral do Estado, así como polos servizos que ela preste nos citados recintos, a taxa por prestación de servizos e utilización do dominio público aeroportuario establecida na Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, a taxa de aterraxe regulada na Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, a taxa de seguridade establecida pola Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e a taxa de aproximación regulada na Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.»

Artigo 79. *Axencia Española de Protección de Datos.*

A Axencia de Protección de Datos pasa a denominarse Axencia Española de Protección de Datos.



As referencias á Axencia de Protección de Datos realizadas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como nas normas ás que se refire a súa disposición transitoria terceira e calquera outra que se encontre en vigor deberanse entender realizadas á Axencia Española de Protección de Datos.

**Artigo 80.** *Modificación da disposición adicional 6.ª da Lei 11/1998, xeral de telecomunicacións, relativa, á entidade pública empresarial Red.es e do Real decreto 164/2002, do 8 de febreiro, polo que se aproba o estatuto da dita entidade pública empresarial coa finalidade da asunción das funcións correspondentes á Rede IRIS por parte de Red.es.*

Un. Modifícase a disposición adicional sexta da Lei 11/1998, xeral de telecomunicacións, para engadir no número 4 unha alínea f) coa seguinte redacción:

«f) Ofrecerlle á comunidade académica e científica nacional unha infraestrutura básica de comunicacións mediante servizos de rede e servizos de aplicación a través da Rede IRIS.»

Dous. Inclúese unha nova disposición adicional terceira ó Real decreto 164/2002, polo que se aproba o estatuto da entidade pública empresarial Red.es, coa denominación «Integración do persoal adscrito á Rede IRIS», coa seguinte redacción:

«O persoal funcionario do Consello Superior de Investigacións Científicas que en 1 de xaneiro de 2004 se encontre adscrito á Rede IRIS realizando as funcións encomendadas a ela poderá optar, durante un prazo de dous meses contado a partir da data indicada, por se integrar como persoal laboral na entidade pública empresarial Red.es, quedando nos seus corpos ou escalas de orixe na situación de excedencia voluntaria prevista no artigo 29.3.a) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

O persoal laboral do Consello Superior de Investigacións Científicas que en 1 de xaneiro de 2004 se encontre adscrito á Rede IRIS realizando as funcións encomendadas a ela, incorporárase á entidade pública empresarial Red.es subrogándose a citada entidade nos contratos de traballo concertados con este persoal nos seus propios termos e sen alteración das súas condicións.»

Tres. Engádeselle a alínea f) ó número 1 do artigo 3 do estatuto da entidade pública empresarial Red.es, coa seguinte redacción:

«f) Ofrecerlle á comunidade académica e científica nacional unha infraestrutura básica de comunicacións mediante servizos de rede e servizos de aplicación a través da Rede IRIS.»

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 8 do estatuto da entidade pública empresarial Red.es, que pasa a te-la seguinte redacción:

«1. O Consello de Administración estará formado polo presidente, que o será tamén do Consello, polo director xeral da entidade, por un número de vocais non inferior a 10 nin superior a 18 e polo secretario do Consello.»

Cinco. Modifícase o último parágrafo do artigo 9 do Estatuto da entidade pública empresarial Red.es, que pasará a te-la seguinte redacción:

«Terán a consideración de vocais natos do Consello de Administración o secretario xeral de Política Científica, o director xeral para o Desenvolvemento da Sociedade da Información, o director xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información, o director do Gabinete do ministro de Ciencia e Tecnoloxía, o director do Gabinete do secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, o xefe da Avogacía do Estado do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e o director xeral de Organización Administrativa do Ministerio de Administracións Públicas.»

Seis. Engádeselle unha nova sección 8.ª ó capítulo III do Estatuto da entidade pública empresarial Red.es, coa denominación «Departamento Rede IRIS», coa seguinte redacción:

«Artigo 22 bis. *Creación, obxecto e dirección do departamento:*

Para o desenvolvemento das funcións relativas á Rede IRIS encomendadas á entidade pública empresarial Red.es e ás que se refire o artigo 3.1 e), constitúese dentro dela un departamento, que disporá dos medios humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento das súas funcións; o seu director será nomeado e cesado polo Consello de Administración por proposta do seu presidente.»

«Artigo 22 ter. *Funcionamento e réxime interno:*

No seo do departamento poderanse constituír grupos de traballo, ós que poderán ser invitados representantes das administracións públicas e da comunidade académica e científica, actuando como asesores dos temas que se van tratar.»

Sete. As disposicións introducidas neste artigo poderanse modificar regulamentariamente conforme a normativa específica reguladora delas.

### CAPÍTULO III

#### Dos procedementos administrativos

**Artigo 81.** *Modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

Modifícase o número 3 do artigo 103 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que queda coa seguinte redacción:

«3. Transcorrido o prazo de seis meses desde a iniciación do procedemento sen que se declarase a lesividade, producirase a súa caducidade.»

O resto do artigo mantense coa mesma redacción.

**Artigo 82.** *Modificación da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.*

Un. Engádesese un novo número, o 2, ó artigo 37 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, pasando o texto actual a se converter en número 1, coa seguinte redacción:

«2. As resolucións da Axencia Española de Protección de Datos faranse públicas unha vez que lles fosen notificadas ós interesados. A publicación realizarase preferentemente a través de medios informáticos ou telemáticos.

Regulamentariamente poderanse establecer os termos en que se leve a cabo a publicidade das citadas resolucións.

O establecido nos parágrafos anteriores non será aplicable ás resolucións referentes á inscrición dun ficheiro ou tratamento no Rexistro Xeral de Protección de Datos nin a aquelas polas que se resolva a inscrición nel dos códigos tipo, regulados polo artigo 32 desta lei orgánica.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dous. Engádeselle un novo número 3 ó artigo 48 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, coa seguinte redacción:

«Os procedementos sancionadores tramitados pola Axencia Española de Protección de Datos, en exercicio das potestades que a ela lle atribúan esta ou outras leis, salvo os referidos a infraccións da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, terán unha duración máxima de seis meses.»

**Artigo 83. *Modificación da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.***

Modifícanse diferentes preceptos da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, co seguinte contido:

Un. Engádeselle unha nova disposición adicional, a décimo segunda, á Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo segunda. *Informes de avaliación de solicitudes de axudas do Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.*

No marco dos procedementos de concesión de axudas do Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, serán preceptivos e determinantes, cos efectos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os informes do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI) e da Axencia Nacional de Avaliación e Prospectiva (ANEP).»

Dous. O establecido na disposición adicional décimo segunda da Lei 13/1986, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, enténdese sen prexuízo do previsto no artigo 45.4 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, respecto á intervención das comisións técnicas de avaliación do FIS na execución das actuacións que se deriven das propostas contidas na iniciativa sectorial de investigación en saúde que se incorporen ó Plan Nacional de I+D+I a xestión das cales recaia no Ministerio de Sanidade e Consumo.

**Artigo 84. *Presentación telemática da información que están obrigadas a subministra-las entidades aseguradoras, as entidades xestoras de fondos de pensións, os corredores de seguros e as sociedades de corredoría de seguros.***

O Ministerio de Economía poderá determinar os supostos e as condicións en que as empresas de seguros, as entidades xestoras de fondos de pensións, os corredores de seguros e as sociedades de corredoría de seguros deberán presentar por medios telemáticos ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a documentación e información que están obrigados a subministrar conforme a súa normativa específica.

**Artigo 85. *Modificación da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Control preventivo municipal de obras en zonas de interese para a defensa nacional.***

Modifícase a disposición adicional novena da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional novena.

As obras de nova construción, reparación, conservación e demolición, así como as agrupacións e segregacións de predios, levadas a cabo en zonas declaradas de interese para a defensa nacional ou nas instalacións militares sinaladas no artigo 8 do Real decreto 689/1978, do 10 de febreiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 8/1975, do 12 de marzo, de zonas e instalacións de interese para a defensa nacional e cualificadas como obras públicas que afecten directamente a defensa nacional, non estarán sometidas á obtención de licencias e demais actos de control preventivo municipal, sen prexuízo de esgotar antes, en canto a estes últimos, os mecanismos de cooperación entre administracións públicas.

O ministro de Defensa, por proposta dos xefes de Estado Maior, sinalará aquelas obras de nova construción, reparación e conservación que afecten directamente a defensa nacional e que serán cualificadas como de interese xeral.»

## CAPÍTULO IV

### Do procedemento contencioso-administrativo

**Artigo 86. *Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.***

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Un. Modifícanse os números 7 e 8 do artigo 48 da Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, que quedarán redactados como segue:

«7. Transcorrido o prazo de remisión do expediente sen se ter recibido completo, reiterarase a reclamación, e se non se enviase no termo de 10 días contados como dispón o número 3, tras constatare a súa responsabilidade, logo de apercibimento notificado persoalmente para formulación de alegacións, imporáselle unha multa coercitiva

de 300,50 a 1.202,02 euros á autoridade ou empregado responsable. A multa será reiterada cada vinte días, ata o cumprimento do requirido.

De darse a causa de imposibilidade de determinación individualizada da autoridade ou empregado responsable, a Administración será a responsable do pagamento da multa sen prexuízo de que se repercuta contra o responsable.

8. Contra os autos en que se acorde a imposición de multas ás que se refire o punto anterior poderase interpor recurso de súplica nos termos previstos no artigo 79.»

O resto do artigo permanece co seu actual contido.

Dous. Modifícase o artigo 112 da Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, que quedará redactado como segue:

«Artigo 112.

Transcorridos os prazos sinalados para o total cumprimento da sentenza, o xuíz ou tribunal adoptará, logo de audiencia das partes, as medidas necesarias para lograla efectividade do mandado.

Singularmente, acreditada a súa responsabilidade, logo de apercibimento notificado persoalmente para formulación de alegacións, poderá:

a) Imporlles multas coercitivas de 150,25 a 1.502,53 ás autoridades, funcionarios ou axentes que incumpran os requirimentos do xulgado ou da sala, así como reiterar estas multas ata a completa execución da sentenza xudicial, sen prexuízo doutras responsabilidades patrimoniais a que houber lugar. Á imposición destas multas seralle aplicable o previsto no artigo 48.

b) Deduci-lo oportuno testemuño de particulares para esixi-la responsabilidade penal que puidese corresponder.»

## TÍTULO V

### Da acción administrativa

#### CAPÍTULO I

#### Acción administrativa en materia de ordenación económica

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> SEGUROS, PLANS E FONDOS DE PENSIÓNS

Artigo 87. *Modificación do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro.*

Modifícanse os seguintes preceptos do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro.

Un. Dáselle nova redacción ó número 3 do artigo 5 do texto refundido da Lei 8/1987, de regulación dos plans e fondos de pensións, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. As achegas anuais máximas ós plans de pensións regulados nesta lei adecuaranse ó seguinte:

a) O total das achegas anuais máximas ós plans de pensións regulados nesta lei, sen incluílas contribucións empresariais que os promotores de plans de pensións de emprego lles imputen ós partícipes, non poderá exceder de 8.000 euros.

Non obstante, no caso de partícipes maiores de cincuenta e dous anos o límite anterior incrementarase en 1.250 euros adicionais por cada ano de idade do partícipe que exceda de cincuenta e dous anos, fixándose en 24.250 euros para partícipes de 65 anos ou máis.

b) O conxunto das contribucións empresariais realizadas polos promotores de plans de pensións de emprego a favor dos seus empregados e imputadas a eles terá como límite anual máximo as contías establecidas na alínea a) anterior.

Os empresarios individuais que realicen contribucións empresariais a favor dos seus traballadores como promotores dun plan de pensións de emprego, poderán realizar achegas propias ó citado plan, ata o límite máximo establecido para as contribucións empresariais. Estas achegas non serán cualificadas como contribucións empresariais, salvo para efectos do cómputo de límites.

c) Os límites establecidos nas alíneas a) e b) anteriores aplicaranse de forma independente e individualmente a cada partícipe integrado na unidade familiar.

d) Excepcionalmente, a empresa promotora poderá realizar achegas a un plan de pensións de emprego do que sexa promotor cando sexa preciso para garanti-las prestacións en curso ou os dereitos dos partícipes de plans que inclúan réximes de prestación definida para a xubilación e se puxese de manifesto, a través das revisións actuariais, a existencia dun déficit no plan de pensións.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 16 do texto refundido da Lei reguladora de plans e fondos de pensións, que pasa a te-la seguinte redacción:

«1. O activo dos fondos de pensións estará investido de acordo con criterios de seguridade, rendibilidade, diversificación e de prazos adecuados ás súas finalidades.

Regulamentariamente establecerase o límite mínimo, non inferior ó 70 por cento do activo do fondo, que se investirá en activos financeiros contratados en mercados regulados, en depósitos bancarios, en créditos con garantía hipotecaria e en inmobles.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Artigo 88. *Riscos derivados do comportamento desfavorable dos prezos no mercado.*

Con carácter experimental, para o exercicio 2004, os riscos regulados no artigo 3 da Lei 87/1978, de seguros agrarios combinados, ampliaranse nas condicións previstas no dito artigo ós riscos derivados do desfavorable comportamento dos prezos no mercado. Para a súa aplicación continuarase a experiencia piloto iniciada en 2003, na mesma produción e nun ámbito xeográfico restrinxido, nos termos que estableza o Goberno a tra-

vés do Plan de Seguros Agrarios Combinados para o exercicio 2004.

**Artigo 89.** *Modificación do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo, e modificado pola Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados.*

Engádeselle ó primeiro inciso da alínea c) do artigo 3 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, o seguinte:

«Así mesmo, acordarase o depósito do vehículo polo tempo dun mes, que en caso de reincidencia será de tres meses e no suposto de quebrantamento do depósito, será dun ano, debendo demostrar, ó final do depósito, que se dispón do seguro correspondente. Os gastos que se orixinen como consecuencia do depósito do vehículo serán por conta do propietario, que deberá aboalos ou garantir-lo seu pagamento como requisito previo á devolución do vehículo.»

**Artigo 90.** *Modificación da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.*

Introdúcese un novo artigo 20 bis na Lei 30/1995, de ordenación e supervisión dos seguros privados, coa seguinte redacción:

«1. A obriga establecida no número 2 do artigo anterior para os grupos consolidables de entidades aseguradoras é independente da obriga de formula-las contas anuais consolidadas que establece o Código de comercio para os grupos de sociedades que integren entidades de seguros.

Para o cumprimento do deber de formula-las contas consolidadas que establece o Código de comercio aplicaranse integramente as normas contidas no dito código. Non obstante, cando non se apliquen as normas de contabilidade aprobadas polos regulamentos da Comisión Europea, as normas de consolidación que desenvolve o Código de comercio determinaranse segundo os mesmos procedementos e criterios establecidos no número 1 do artigo 20, respectando os principios que sobre a presentación das contas dos grupos de sociedades se contén no libro primeiro do Código de comercio e as súas disposicións de desenvolvemento, aínda que se poderán introducir as adaptacións de obrigado cumprimento que resulten necesarias para as entidades aseguradoras, nos grupos de sociedades:

- a) nos que a sociedade dominante sexa unha entidade aseguradora,
- b) nos que a sociedade dominante sexa unha entidade en que a actividade principal consista en ter participacións en entidades aseguradoras, e
- c) nos que, incluíndo unha ou máis entidades aseguradoras, a actividade destas sexa a máis importante do grupo.

2. Os estados consolidados previstos no número 2 do artigo anterior deberán ser asinados polos administradores da entidade do grupo consolidable de entidades aseguradoras obrigada á súa

formulación; non obstante, no caso recollido no terceiro guión do número 3.a) do artigo anterior, a entidade obrigada será designada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións entre as entidades de seguros do grupo.

3. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá esixir que os estados consolidados de cerramento de exercicio a que se refire o punto anterior, cando non coincidan cos do grupo de sociedades que establece o Código de comercio, sexan sometidos, co alcance que se determine, ó control dos auditores de contas da entidade obrigada a elaboralos.»

## SECCIÓN 2.<sup>a</sup> ENERXÍA

**Artigo 91.** *Modificación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

Modifícase a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, do seguinte modo:

Un. Incorpórase un segundo parágrafo ó artigo 9.1.b) da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, coa seguinte redacción:

«Cando se trate de autoprodutores de enerxía eléctrica que utilicen a coxeración con alto rendimento enerxético como forma de produción de electricidade, a porcentaxe de autoconsumo a que se refire o parágrafo anterior será do 10 por cento, calquera que sexa a potencia da instalación.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 33 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, modificado pola Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. O operador do mercado, como responsable da xestión económica do sistema, asume a xestión do sistema de ofertas de compra e venda de enerxía eléctrica nos termos que regulamentariamente se establezan.

O operador do mercado exercerá as súas funcións respectando os principios de transparencia, obxectividade e independencia, baixo o seguimento e control do Comité de Axentes do Mercado a que se refire o número 4 deste artigo.

Actuará como operador do mercado unha sociedade mercantil do accionariado da cal poderá formar parte calquera persoa física ou xurídica, sempre que a suma da súa participación directa ou indirecta no capital desta sociedade non supere o 5 por cento. Así mesmo, a suma de participacións, directas ou indirectas, dos suxeitos que realicen actividades no sector eléctrico non deberá superalo 40 por cento, non podendo sindicarse estas accións para ningún efecto.

No caso de que algunha persoa física ou xurídica lle puxese de manifesto á sociedade mercantil que actúa como operador do mercado a súa vontade de participar no capital da dita sociedade, a petición elevarase á xunta xeral de accionistas xunto coa certificación do solicitante de realizar ou non actividades no sector eléctrico.

A xunta xeral deberá acepta-la solicitude presentada por unha cifra máxima de participación equivalente á media das participacións existentes no tramo que lle deba corresponder ó peticionario,

facéndose efectiva a través dalgún ou algúns dos seguintes procedementos:

a) A vontade de venda pola sociedade ou por algún dos seus accionistas das correspondentes accións manifestada na xunta xeral.

b) A ampliación de capital da sociedade mediante a emisión de novas accións sempre que se respecte o límite do 40 por cento que pode ser subscrito por suxeitos que realicen actividades no sector eléctrico.

Cando os solicitantes de participación no capital do operador do mercado realicen actividades no sector eléctrico, co fin de respecta-la porcentaxe mencionada, poderase acordar unha ampliación de capital superior á necesaria, sempre que se manifeste na xunta xeral a vontade de subscripción desas accións por calquera dos accionistas que non exerzan actividades eléctricas.

En todo caso, exclúese o dereito de subscripción preferente dos accionistas sobre as accións que se emitan para atende-las novas peticións de participación.»

Tres. Engádesse unha nova disposición adicional, a décimo sexta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo sexta. *Devengo de intereses no suposto de falta de ingreso polos axentes do sistema eléctrico das cotas con destinos específicos.*

No suposto de que os axentes do sistema eléctrico ós que corresponda efectua-lo ingreso das cotas con destinos específicos de conformidade co disposto no artigo 6.5 do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento ou norma que o substitúa, non cumpriran coa súa obriga de ingresa-las cantidades que lles correspondan, comezarán a se devengar automaticamente xuros de demora que serán equivalentes ó xuro legal do diñeiro incrementado en 1,5 puntos.

Para estes efectos, a Comisión Nacional de Enerxía requiriralles, inmediatamente despois de transcorrido o prazo para efectuaren o pagamento, que procedan ó ingreso dos importes correspondentes, sen prexuízo do devengo automático dos xuros a partir do día seguinte ó da finalización do período establecido para o pagamento.

Queda exceptuado do disposto nos puntos anteriores a taxa aplicable á prestación de servicios e realización de actividades pola Comisión Nacional de Enerxía en relación co sector eléctrico que se rexerá pola súa normativa específica.

Autorízase o ministro de Economía para dictar cantas disposicións sexan necesarias en desenvolvemento e cumprimento do disposto nesta disposición adicional.»

Catro. Engádesse unha nova disposición adicional, a décimo sétima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo sétima. *Devengo de xuros no suposto de falta de pagamento polos axentes do sistema eléctrico das liquidacións.*

No suposto de que os axentes do sistema eléctrico ós que lles corresponda efectuar pagamen-

tos por liquidacións de conformidade co disposto no artigo 8 do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento ou norma que o substitúa, non cumpriran coa súa obriga de ingresar en prazo as cantidades que lles correspondan, comezarán a devengarse, sen necesidade de requirimento previo, xuros de demora que serán equivalentes ó xuro legal do diñeiro incrementado en 1,5 puntos.

Autorízase o ministro de Economía para dictar cantas disposicións sexan necesarias en desenvolvemento e cumprimento do disposto nesta disposición adicional.»

Cinco. Engádeselle unha disposición transitoria, a décimo oitava «Adaptación do operador do mercado», á Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo oitava. *Adaptación do operador do mercado.*

1. Ata o 30 de xuño de 2006, a limitación da participación máxima do 5 por cento do capital establecido no número 1 do artigo 33 desta lei non será aplicable á participación correspondente a outras entidades xestoras de mercados eléctricos suxeitas a compromiso internacional con España, que poderán ter unha participación no capital de ata un 10 por cento. Ata a citada data, esta participación non computará no 40 por cento do capital dos suxeitos que realicen actividades no sector eléctrico establecido no número 1 do artigo 33 desta lei.

Así mesmo, ata a citada data, logo de autorización da Comisión Nacional de Enerxía, o operador do mercado poderá participar no capital doutras entidades xestoras de mercados eléctricos suxeitas a compromisos internacionais con España ata un 10 por cento.

2. Aqueloutros accionistas do operador do mercado que en 31 de decembro de 2003 superasen a limitación da participación máxima do 5 por cento do capital establecido no número 1 do artigo 33 desta lei, deberán adecua-las súas participacións á citada limitación antes do 30 de xuño de 2004.

3. A partir do 30 de xuño de 2004, corresponderalle á sociedade " Operador do Mercado Ibérico de Enerxía-Polo España Sociedad Anónima" realiza-las funcións encomendadas nesta lei ó operador do mercado.»

Artigo 92. *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

Modifícase a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, do seguinte modo:

Un. Modifícase o artigo 64 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, engadindo un novo número, o 4, coa seguinte redacción:

«4. O xestor técnico do sistema, terá un representante no Consello Consultivo de Hidrocarburos da Comisión Nacional de Enerxía e na súa comisión permanente.»

O resto do artigo queda coa mesma redacción.

Dous. Modifícase a disposición adicional décimo segunda, segundo, 1 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, coa seguinte redacción:

«Como órganos de asesoramento da comisión constituiranse dous consellos consultivos presididos polo presidente da Comisión Nacional de Enerxía, o Consello Consultivo de Electricidade, cun número máximo de 36 membros, e o Consello Consultivo de Hidrocarburos, cun número máximo de 37 membros.

Autorízase o Goberno para que, mediante real decreto, dentro dos límites establecidos no parágrafo anterior, modifique a composición dos citados consellos consultivos, incluído o disposto no número 4 do artigo 64 desta lei.»

Tres. Modifícase a disposición adicional vixésima da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, que pasa a te-la seguinte redacción:

«A entidade ENAGAS, Sociedade Anónima, terá a consideración de xestor técnico do sistema gasista.

Ningunha persoa física ou xurídica poderá participar directa ou indirectamente no accionariado de ENAGAS, Sociedade Anónima, nunha proporción superior ó 5 por cento do capital social ou dos dereitos de voto na entidade.

Para efectos de computar a participación no dito accionariado, atribuiranse a unha mesma persoa física ou xurídica, ademais das accións e outros valores posuídos ou adquiridos polas entidades pertencentes ó seu mesmo grupo, tal e como este se define no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, aquelas a titularidade das cales lles corresponda:

a) A aquelas persoas que actúen en nome propio pero por conta daquela, de forma concertada ou formando con ela unha unidade de decisión. Entenderase, salvo proba en contrario, que actúan por conta dunha persoa xurídica ou de forma concertada con ela os membros do seu órgano de administración.

b) Os socios xunto ós que aquela exerza o control sobre unha entidade dominada conforme o previsto no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

En todo caso, terase en conta tanto a titularidade dominical das accións e demais valores coma os dereitos de voto que se desfruten en virtude de calquera título.

Os dereitos de voto correspondentes ás accións ou outros valores que posúan as persoas que participen no capital da dita sociedade excedendo as porcentaxes máximas sinaladas neste precepto quedarán en suspenso mentres non se adecue a cifra de participación no capital ou nos dereitos de voto, estando lexitimada para o exercicio das accións legais tendentes a facer efectivas as limitacións impostas neste precepto a Comisión Nacional de Enerxía.

O incumprimento da limitación na participación no capital a que se refire este artigo considerarase infracción moi grave nos termos sinalados no artigo 109 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, sendo responsables as persoas físicas ou xurídicas que resulten titulares dos valores ou a quen resulte imputable o exce-

so de participación no capital ou nos dereitos de voto, de conformidade co disposto no parágrafo anterior. En todo caso, será de aplicación o réxime sancionador previsto na dita lei.

A adecuación das participacións sociais ó disposto nesta disposición adicional deberase realizar nun prazo máximo de 3 anos contados desde o 1 de xaneiro de 2004, mediante a transmisión de accións ou, se é o caso, de dereitos de subscrición preferentes. Dentro do prazo citado deberanse modificar os estatutos sociais para introducir a limitación de participación máxima establecida.

As transmisións de elementos patrimoniais derivadas da aplicación desta norma seralles aplicable o réxime fiscal das transmisións de activos realizadas en cumprimento de disposicións con rango de lei da normativa de defensa da competencia.»

Catro. Engádeselle unha nova disposición adicional, a vixésimo primeira, á Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo primeira. *Devengo de xuros no suposto de falta de ingreso das cotas con destinos específicos.*

No suposto de que os axentes do sistema gasista ós que lles corresponda efectuar o ingreso das cotas con destinos específicos de conformidade co disposto no artigo 9 da Orde ECO/2692/2002, do 28 de outubro, pola que se regulan os procedementos de liquidación da retribución das actividades reguladas do sector de gas natural e das cotas con destinos específicos e se establece o sistema de información que deben presentar as empresas ou norma que o substitúa, non cumpriran coa súa obriga de ingresaren as cantidades que lles correspondan, comezarán a se devengar automaticamente xuros de demora que serán equivalentes ó xuro legal do diñeiro incrementado en 1,5 puntos.

Para estes efectos, a Comisión Nacional de Enerxía requiriralles, inmediatamente despois de transcorrido o prazo para efectuar o pagamento, que procedan ó ingreso dos importes correspondentes, sen prexuízo do devengo automático dos xuros a partir do día seguinte ó da finalización do período establecido para o pagamento.

Queda exceptuado do disposto nos puntos anteriores a taxa aplicable á prestación de servizos e realización de actividades pola Comisión Nacional de Enerxía en relación co sector de hidrocarburos gasosos, que se rexerá pola súa normativa específica.

Autorízase o ministro de Economía para dictar cantas disposicións sexan necesarias en desenvolvemento e cumprimento do disposto nesta disposición adicional.»

Cinco. Engádeselle unha nova disposición adicional, a vixésimo segunda, á Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo segunda. *Devengo de xuros no suposto de falta de pagamento polos axentes do sistema gasista das liquidacións.*

No suposto de que os transportistas ou distribuidores ós que lles correspondese efectuar pagamentos por liquidacións de conformidade co

disposto nos artigos 7 e 8 da Orde ECO/2692/2002, do 28 de outubro, pola que se regulan os procedementos de liquidación da retribución das actividades reguladas do sector de gas natural e das cotas con destinos específicos e se establece o sistema de información que deben presenta-las empresas ou norma que o substitúa, non cumpriran coa súa obriga de ingresar en prazo as cantidades que lles correspondan, comezarán a se devengar, sen necesidade de requirimento previo, xuros de demora que serán equivalentes ó xuro legal do diñeiro incrementado en 1,5 puntos.

Autorízase o ministro de Economía para dictar cantas disposicións sexan necesarias en desenvolvemento e cumprimento do disposto nesta disposición adicional.»

**Artigo 93. *Modificación da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear.***

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear.

Un. Engádeselle un novo punto, o doce bis, ó artigo 2 da Lei 25/1964, de enerxía nuclear, coa seguinte redacción:

«Doce bis. Outros dispositivos e instalacións experimentais.

Defínense como dispositivos e instalacións experimentais os que utilicen materiais radioactivos con vistas ó desenvolvemento de novas fontes enerxéticas.

Estes dispositivos e instalacións someteranse ó mesmo réxime de autorizacións que se fixe regulamentariamente para as instalacións nucleares.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dous. Engádeselle unha nova disposición adicional, a primeira, á Lei 25/1964, do 29 de abril, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional primeira. *Outros dispositivos e instalacións experimentais.*

1. A regulación contida nesta lei, cando se refire de forma común a instalacións nucleares e radioactivas, entenderase igualmente referida ós dispositivos e ás instalacións experimentais definidos no número 12 bis do artigo 2 desta lei, salvo que legalmente se estableza para eles un réxime distinto.

2. Para os citados dispositivos e instalacións experimentais, a cobertura de seguro esixible será a establecida para as instalacións nucleares no artigo 57 desta lei.»

**Artigo 94. *Modificación da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Participacións públicas no sector enerxético.***

Modifícase a disposición adicional vixésimo sétima da Lei 55/1999, do 29 de decembro, que queda redactada da seguinte forma:

«1. As entidades ou persoas de natureza pública e as entidades de calquera natureza, participadas maioritariamente ou controladas en calquera forma por entidades ou administracións públicas,

calquera que sexa a forma xurídica que adopten, que directa ou indirectamente tomen o control ou adquiran participacións significativas de sociedades de ámbito estatal que realicen actividades nos mercados enerxéticos deberánlle notificar á Secretaría de Estado de Enerxía, Desenvolvemento Industrial e PEMES a toma de control ou adquisición que se efectuou, con especial referencia ás características e condicións da adquisición.

2. A Secretaría de Estado de Enerxía, Desenvolvemento Industrial e PEMES cando fose notificada, ou de oficio no caso en que dándose o suposto do número anterior non tivese lugar a notificación, instruirá un expediente, de conformidade co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en canto teña coñecemento, e no que informará preceptivamente a Comisión Nacional de Enerxía.

3. O Consello de Ministros, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, no prazo máximo de dous meses poderá resolver recoñecendo ou non o exercicio de dereitos políticos correspondentes, ou sometendo o seu exercicio a determinadas condicións en atención, entre outros, ós principios de obxectividade, transparencia, equilibrio e bo funcionamento dos mercados e sistemas enerxéticos.

En todo caso, desde que se produza a toma de control ou a adquisición de participacións significativas de sociedades de ámbito estatal que realicen actividades nos mercados enerxéticos e ata que non se pronuncie o Consello de Ministros, por resolución expresa ou por silencio, se non resolve expresamente dentro do prazo máximo de que dispón, as entidades ou persoas a que se refire o número 1 desta disposición non poderán exercer os dereitos políticos correspondentes ás participacións indicadas nel.

A resolución do Consello de Ministros, que será motivada, terá en conta se a toma de control ou adquisición de participacións significativas ten como consecuencia a existencia de riscos significativos ou efectos negativos, directos ou indirectos, sobre as actividades desenvolvidas polas empresas nos mercados enerxéticos co fin de garanti-la adecuada xestión e prestación de servizos por elas dentro do sistema enerxético, de conformidade cos criterios obxectivos que se especifican no punto seguinte.

A falta de resolución do expediente no prazo a que se refire o parágrafo primeiro deste punto permitirá o exercicio dos dereitos políticos correspondentes a elas.

4. Para os efectos previstos no punto anterior, a existencia de riscos significativos ou efectos negativos apreciarase en función de:

a) A transparencia na estrutura do grupo ó que eventualmente se poida incorpora-la entidade como consecuencia da operación e, en xeral, a existencia de dificultades para obter a información necesaria sobre o desenvolvemento das súas actividades.

b) Os vínculos que, como consecuencia da operación, a entidade en cuestión poida manter con outras persoas físicas ou xurídicas, sempre que tales vínculos poidan obstaculiza-lo bo exer-

cicio da ordenación e supervisión da correspondente entidade.

c) A posibilidade de que a entidade quede exposta, de forma inapropiada, ó risco de calquera outra actividade desenvolvida polos adquirentes.

d) O risco que a estrutura financeira da operación faga recaer sobre as actividades da entidade sometidas a regulación, e sobre os recursos obtidos polas ditas actividades, en especial cando se trate de rendas de orixe reguladas que se transfiren a actividades distintas daquelas que as orixinan.

e) Seguridade da subministración ou da dispoñibilidade física ininterrompida dos produtos ou servicios e, en particular, na necesidade de preservar e desenvolve-la estrutura dos mercados en cuestión cunha calidade adecuada, e de forma accesible a tódolos usuarios con independencia da súa localización xeográfica; en especial, a protección fronte ó risco dun investimento insuficiente en infraestructuras a longo prazo que non permita garantir, de forma continuada, a dispoñibilidade dunha capacidade suficiente.

f) Protección do interese xeral no sector correspondente afectado e, en particular, a garantía dun adecuado mantemento dos obxectivos de política sectorial.

A anterior resolución entenderase sen prexuízo das autorizacións que resulten pertinentes en virtude do ordenamento xurídico vixente.

5. Para os efectos desta disposición consideraranse participacións significativas aquelas que directa ou indirectamente alcancen, polo menos, o 3 por cento do capital social ou dos dereitos de voto da sociedade.

6. Entenderase que existe unha relación de control para os efectos desta disposición sempre que se dea algún dos supostos previstos no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.»

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> DEFENSA DA COMPETENCIA

Artigo 95. *Modificación da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, do seguinte modo:

«Un. Suprímese o número 5 do artigo 10.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dous. Modifícase a alínea c) do artigo 25, ó que se lle dá a seguinte redacción:

«c) Aplicar en España os artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea e do seu dereito derivado, sen prexuízo das competencias que correspondan no ámbito da xurisdicción civil.»

O resto do artigo queda redactado da mesma forma.

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 33, ó que se lle dá a seguinte redacción:

«2. Os funcionarios, no curso das inspeccións, poderán examinar, obter copias ou realizar extrac-

tos de libros, documentos, mesmo contables, calquera que sexa o seu soporte material e, de proceder, retelos por un prazo máximo de 10 días. No curso das inspeccións, os funcionarios poderán, así mesmo, solicitar explicacións verbais in situ.»

Catro. Modifícase o número 4 do artigo 33, ó que se lle dá a seguinte redacción:

«4. A obstrución do labor inspector poderá ser sancionada polo director do servizo cunha multa de ata o 1 por cento do volume de vendas do exercicio económico inmediato anterior.»

Cinco. Introdúcese unha disposición adicional única na Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional única. *Adaptación ó Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado.*

Para efectos do cumprimento do artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea, os xulgados e tribunais remitirán ó Servizo de Defensa da Competencia, ó mesmo tempo da súa notificación ás partes, copia das sentencias recaídas nos procedementos xudiciais civís de aplicación dos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea ós que se refire o artigo 86 ter da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.»

Artigo 96. *Modificación da Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación de competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.*

Modifícase a alínea d) do número 5 do artigo 1 da Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia, ó que se lle dá a seguinte redacción:

«d) A aplicación en España dos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea e do seu dereito derivado, de acordo co disposto ó respecto no artigo 25 c) da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.»

O resto do número continúa coa mesma redacción.

### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> SISTEMA FINANCEIRO

Artigo 97. *Titulización sintética de préstamos e outros dereitos de crédito.*

1. Os fondos de titulización de activos poderán titular de forma sintética préstamos e outros dereitos de crédito, asumindo total ou parcialmente o seu risco de crédito mediante a contratación con un ou máis terceiros de derivados crediticios.

O activo dos fondos de titulización de activos que efectúen operacións de titulización sintética poderá estar integrado por depósitos en entidades de crédito e valores de renda fixa negociados en mercados se-



cundarios oficiais, incluídos os adquiridos mediante operacións de cesión temporal de activos.

Os ditos depósitos e valores poderán ser cedidos, ignorados ou gravados en calquera forma en garantía das obrigas asumidas polo Fondo fronte ós seus acredores, en particular fronte ás contrapartes dos derivados crediticios e cesións temporais de activos.

2. A contraparte do contrato de derivado crediticio deberá ser unha entidade de crédito, unha empresa de servizos de investimento ou unha entidade non residente autorizada para levar a cabo as actividades reservadas na lexislación española ás referidas entidades.

3. As operacións de titulación sintética rexeranse polo disposto no Real decreto 926/1998, do 14 de maio, polo que se regulan os fondos de titulación de activos e as sociedades xestoras de titulación coas adaptacións que sexan necesarias. Para estes efectos, as referencias no dito real decreto a cesións de créditos, cedentes e activos cedidos ou incorporados ó Fondo entenderanse feitas, respectivamente, ós contratos de derivados crediticios, ás contrapartes dos ditos contratos e ós dereitos de crédito de referencia cuxo risco se transmita ó fondo en virtude deles.

4. Autorízase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto neste artigo.

**Artigo 98. *Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.***

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Un. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 94 da Lei 24/1988, que queda redactado da seguinte forma:

«O ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores determinará os casos en que a publicidade das actividades recollidas nesta lei estará sometida a autorización ou a outra modalidade de control administrativo a cargo da Comisión Nacional do Mercado de Valores e aprobará, en xeral, as normas especiais a que ela se deberá suxeitar.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dous. Introdúcese un novo artigo 111 bis á Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, da seguinte forma:

«Artigo 111 bis.

O límite de emisión de obrigas establecido no artigo 282 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, non será de aplicación ás sociedades anónimas cotizadas.»

Tres. Modifícase a disposición adicional décimo oitava da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo oitava. *Comité de auditoría.*

1. As entidades emisoras de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais de valores deberán ter un comité de auditoría.

2. Os membros do comité de auditoría serán, polo menos na súa maioría, conselleiros non

executivos do Consello de Administración ou, no caso de órgano equivalente ó anterior, membros del que non posúan funcións directivas ou executivas na entidade, nin manteñan relación contractual distinta da condición pola que se nomeen. Serán nomeados, en todo caso, polo Consello de Administración ou órgano equivalente, de acordo coa natureza xurídica da entidade.

3. O presidente do comité de auditoría será designado de entre os conselleiros non executivos ou membros que non posúan funcións directivas ou executivas na entidade, nin manteñan relación contractual distinta da condición pola que se nomeen.

O presidente deberá ser substituído cada catro anos, podendo ser reelixido unha vez transcorrido un prazo dun ano desde o seu cesamento.

4. O número de membros, as competencias e as normas de funcionamento do dito comité fixarase estatutariamente ou, se é o caso, polas normas que rexan a entidade, e deberá favorecer a independencia do seu funcionamento. Entre as súas competencias estarán, como mínimo, as seguintes:

1.<sup>a</sup> Informa-la xunta xeral, asemblea xeral ou órgano equivalente da entidade de acordo coa súa natureza xurídica sobre as cuestións que se susciten no seu seo en materia da súa competencia.

2.<sup>a</sup> Propórle ó órgano de administración para o seu sometemento á xunta xeral de accionistas ou órganos equivalentes da entidade, de acordo coa súa natureza xurídica, ó que corresponda, o nomeamento dos auditores de contas externos, de acordo coa normativa aplicable á entidade.

3.<sup>a</sup> Supervisión dos servizos de auditoría interna no caso de que exista o dito órgano dentro da organización empresarial.

4.<sup>a</sup> Coñecemento do proceso de información financeira e dos sistemas de control interno da entidade.

5.<sup>a</sup> Relacións cos auditores externos para recibir información sobre aquelas cuestións que poidan pór en risco a independencia destes e calquera outras relacionadas co proceso de desenvolvemento da auditoría de contas, así como aquelas outras comunicacións previstas na lexislación de auditoría de contas e nas normas técnicas de auditoría.

5. Nas caixas de aforro que emitan valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais de valores, as funcións do Comité de Auditoría poderán ser asumidas pola Comisión de Control.»

**Artigo 99. *Modificación da Lei 26/2003, do 17 de xullo, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.***

Un. Dáselles nova redacción ás alíneas b), c) e d) do número 2 da disposición adicional segunda da Lei 26/2003, do 17 de xullo, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro:

«b) Operacións de crédito aval ou garantía efectuadas, xa sexa directamente ou a través de entidades dotadas, adscritas ou participadas, con descrición das súas condicións, incluídas as financeiras, cos membros do consello de administración e da comisión de control das caixas de aforro e familiares de primeiro grao e con empresas ou entidades en relación coas que os anteriores se encontren nalgunha das situacións previstas no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

c) Operacións de crédito aval ou garantía efectuadas, xa sexa directamente ou a través de entidades dotadas, adscritas ou participadas, con descrición das súas condicións, incluídas as financeiras, cos grupos políticos que teñan representación nas corporacións locais e nas asembleas parlamentarias autonómicas, que participasen no proceso electoral. Ademais, deberase explicitar en caso de crédito a situación deste.

d) Operacións crediticias con institucións públicas, incluídos entes públicos territoriais, que designasen conselleiros xerais.»

**Artigo 100.** *Modificación da Lei 13/1985, do 25 de maio, sobre coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros.*

Modifícanse diferentes artigos da Lei 13/1985, do 25 de maio, sobre coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros.

Un. Modifícase o número 8 do artigo 8 da Lei 13/1985, do 25 de maio, que queda redactado da seguinte forma:

«Para o cumprimento do deber de formula-las contas consolidadas que establece o Código de comercio, cando non se apliquen as normas de contabilidade aprobadas polos regulamentos da Comisión Europea, utilizaranse as normas que se determinen segundo o procedemento e criterios previstos no primeiro parágrafo do número 1 do artigo seguinte nos grupos de sociedades:

nos que a sociedade dominante sexa unha entidade de crédito;

nos que a sociedade dominante teña como actividade principal a tenza de participacións en entidades de crédito;

nos que, incluíndo unha ou máis entidades de crédito, a actividade destas sexa a máis importante dentro do grupo.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 9 da Lei 13/1985, do 25 de maio, que queda redactado da seguinte forma:

«A determinación das normas aplicables na elaboración dos estados consolidados dos grupos consolidables de entidades de crédito ós que se refire o número 1 do artigo oitavo anterior levarase a cabo segundo o procedemento que se estableza de acordo co disposto no número 1 do artigo 48 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito. Esta determinación efectuarase respectando os principios que sobre a

presentación das contas dos grupos de sociedades se conteñen no libro primeiro do Código de comercio e as súas disposicións de desenvolvemento, aínda que se poderán introducir as adaptacións de obrigado cumprimento que resulten necesarias para as entidades de crédito.

A obriga de elaboralos estados consolidados previstos no número 1 do artigo oitavo corresponderalle ó Consello de Administración ou órgano equivalente da entidade dominante do grupo consolidable de entidades de crédito; non obstante, no caso recollido na alínea c) do número 3 do dito artigo, a entidade obrigada será designada polo Banco de España entre as entidades de crédito do grupo.

O Banco de España poderá esixir que os estados consolidables de cerramento de exercicio a que se refire este punto, cando non coincidan cos do grupo de sociedades que establece o Código de comercio, sexan sometidos, co alcance que determine, ó control dos auditores de contas da entidade obrigada a elaboralos.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Tres. Engádeselle un novo número 7 á disposición adicional segunda da Lei 13/1985, do 25 de maio, do seguinte teor:

«7. Ás emisións de instrumentos de débeda ás que se refiren os dous puntos precedentes non lles será de aplicación a limitación imposta, por razóns de capital e de reservas, nos artigos 282 e 289 da Lei de sociedades anónimas nin en relación coa sociedade emisora nin coa sociedade dominante garante da emisión.»

**Artigo 101.** *Modificación da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforro.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforro:

Un. Introdúcese un novo parágrafo no número 3 do artigo 2 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforro.

«Cando as caixas de aforro teñan abertas oficinas en máis dunha comunidade autónoma, a representación na asemblea xeral dos distintos grupos, con excepción dos que, se é o caso, representen as comunidades autónomas e dos previstos no número 1 c) e d) deste artigo, deberá ser, en observancia do principio de igualdade, proporcional á cifra de depósitos entre as diferentes comunidades autónomas en que teñan abertas oficinas, dentro da porcentaxe atribuída a cada un deles.

A lexislación de desenvolvemento axustarase en todo caso ó establecido neste artigo.»

O resto do número continúa coa mesma redacción.

Dous. Modifícase o artigo 20 bis da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforro, introducido pola Lei 26/2003, do 17 de xullo, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e o texto

refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, co fin de reforza-la transparencia das sociedades anónimas cotizadas, que quedará redactado como segue:

«Artigo 20 bis. *Comisión de retribucións das caixas de aforro.*

O consello de administración das caixas de aforro constituirá no seu seo unha comisión de retribucións, que terá a función de informar sobre a política xeral de retribucións e incentivos para os membros do Consello e persoal directivo. A Comisión estará formada por un máximo de tres persoas, que serán designadas de entre os seus membros polo consello de administración. O réxime de funcionamento da Comisión de Retribucións será establecido polos estatutos da caixa e o seu propio regulamento interno.»

Tres. Modifícase o artigo 20 ter da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforro, introducido pola Lei 26/2003, do 17 de xullo, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, co fin de reforza-la transparencia das sociedades anónimas cotizadas, que quedará coa seguinte redacción:

«Artigo 20 ter. *Comisión de investimentos das caixas de aforro.*

O consello de administración das caixas de aforro constituirá no seu seo unha comisión de investimentos, formada por un máximo de tres membros, que terá a función de informa-lo Consello sobre os investimentos e os desinvestimentos de carácter estratéxico e estable que efectúe a caixa, xa sexa directamente ou a través de entidades do seu mesmo grupo, así como a viabilidade financeira dos citados investimentos e a súa adecuación ós orzamentos e plans estratéxicos da entidade. Os membros da comisión serán designados atendendo á súa capacidade técnica e experiencia profesional polo consello de administración de entre os seus membros. A comisión de investimentos remitiralle anualmente ó consello de administración un informe en que, polo menos, se deberá incluír un resumo dos ditos investimentos. Igualmente, incluírase no informe anual relación e sentido dos informes emitidos pola citada comisión. Este informe anual da comisión de investimentos incorporárase ó informe de Goberno corporativo da entidade.

Entenderase como estratéxica a adquisición ou venda de calquera participación significativa de calquera sociedade cotizada ou a participación en proxectos empresariais con presenza na xestión ou nos seus órganos de goberno.

O réxime de funcionamento da comisión de investimentos será establecido polos estatutos da caixa e o seu propio regulamento interno.»

Artigo 102. *Modificación da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Modifícase o artigo 81 da Lei 42/1994, do 30 de decembro, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 81.

A partir de xaneiro de 2004, denominaranse moedas conmemorativas en euros as moedas de 2 euros destinadas á circulación, que terán a cara nacional diferente á habitual e estarán destinadas a conmemorar un acontecemento ou personalidade relevante. As ditas moedas emitiránse coa periodicidade, o volume e nas condicións requiridas pola normativa comunitaria.

Así mesmo, denominaranse moedas de colección en euros, as moedas en euros non destinadas á circulación, cuñadas normalmente en metais preciosos, cun valor nominal e deseño diferente ás destinadas á circulación. Estas moedas deberán diferir perceptiblemente das circulantes en, polo menos, dúas das tres características seguintes: cor, peso e diámetro.

Autorízase con carácter xeral a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, para cuñar e comercializar moedas de colección de todo tipo. A cuñaxe e venda destas moedas serán acordadas por orde do Ministerio de Economía que, de conformidade coas disposicións comunitarias, fixará as características propias das moedas, os seus valores faciais e as datas iniciais de emisión e, se é o caso, os prezos de venda ó público.

Así mesmo, e sen prexuízo das competencias atribuídas á Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda na Lei 10/1975, do 12 de marzo, de regulación de moeda metálica, coas súas modificacións correspondentes, a dita entidade procederá á cuñaxe das moedas conmemorativas de 2 euros, destinadas á circulación, coas lendas e os motivos da cara nacional e o volume de emisión que anualmente se estableza por orde do ministro de Economía, tendo en conta os criterios establecidos na normativa comunitaria.

As moedas que fosen cuñadas, tanto en pesetas coma en euros, de acordo coa lexislación anterior, continuarán co réxime xurídico establecido na dita lexislación.»

Artigo 103. *Modificación da Lei 10/1975, do 10 de marzo, de regulación da moeda metálica.*

Un. Modifícase o número catro do artigo 9 da Lei 10/1975, do 10 de marzo, que queda redactado da seguinte forma:

«Catro. Terá a consideración de infracción administrativa calquera alteración ou modificación das características físicas das moedas de curso legal sen autorización da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, para o seu emprego como soporte de publicidade ou para calquera outro fin distinto ó previsto na norma de emisión.»

Dous. Introdúcese un novo número, o 5, ó artigo 9 da Lei 10/1975, do 10 de marzo, coa seguinte redacción:

«5. Tamén terá a consideración de infracción administrativa a realización de actividades descritas nos números 1, 2, 3 e 4 con incumprimento das condicións impostas pola Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.»

SECCIÓN 5.<sup>a</sup> CONTABILIDADE E AUDITORÍA DE CONTAS**Artigo 104. *Modificación da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas.***

Modifícase a disposición adicional segunda da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, que pasa a te-lo seguinte teor:

«Disposición adicional segunda.

1. O Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, organismo autónomo adscrito ó Ministerio de Economía, rexerá a súa actuación polas leis e disposicións xerais que lle sexan de aplicación e, especialmente, polo que para o dito tipo de organismos públicos dispón a Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e por esta lei.

2. Os órganos rectores do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas son: o presidente, o Comité de Auditoría de Contas e o Consello de Contabilidade:

a) O presidente, con categoría de director xeral, será nomeado polo Goberno, por proposta do ministro de Economía, e terá a representación legal do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, exercendo as facultades que lle asigna esta lei e as que regulamentariamente se determinen.

b) O Comité de Auditoría de Contas é o órgano de asesoramento do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas na dita materia.

Estará presidido polo presidente do dito Instituto e composto, na forma que regulamentariamente se determine, por un máximo de trece membros designados polo ministro de Economía coa seguinte distribución: dous representantes do Ministerio de Economía a través da Comisión Nacional do Mercado de Valores e da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións; un do Ministerio de Facenda a través da Intervención Xeral da Administración do Estado; un representante do Tribunal de Contas; catro representantes das corporacións representativas de auditores; un representante do Banco de España; un membro da carreira xudicial ou fiscal ou avogado do Estado ou rexistrador mercantil; un catedrático de universidade; un analista de investimentos; e un experto de recoñecido prestixio en materia contable e de auditoría de contas.

c) O Consello de Contabilidade é o órgano competente, unha vez oído o Comité Consultivo de Contabilidade, para valora-la idoneidade e adecuación de calquera proposta normativa ou de interpretación de interese xeral en materia contable co Marco Conceptual da Contabilidade regulado no Código de comercio. Para tal efecto, informará os órganos e organismos competentes antes da aprobación das normas de contabilidade, e as súas interpretacións, emitindo o correspondente informe non vinculante. O Consello de Contabilidade estará presidido polo presidente do Instituto, que terá voto de calidade, e formado, xunto con el, por un representante de cada un dos centros, organismos ou institucións restantes que teñan atribuídas competencias de regulación en materia contable do sistema financeiro: Banco de España, Comisión Nacional do Mercado de Valores e Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Asistirá con voz, pero sen voto, como secretario do Consello, un

funcionario do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

Igualmente formará parte do Consello de Contabilidade con voz pero sen voto un representante do Ministerio de Facenda designado polo titular do departamento.

O Comité Consultivo de Contabilidade é o órgano de asesoramento do Consello de Contabilidade. O dito comité estará integrado por expertos contables de recoñecido prestixio en relación coa información económico-financiera en representación tanto das administracións públicas coma dos distintos sectores implicados na elaboración, uso e divulgación da dita información. En calquera caso, deberán estar representados os ministerios de Xustiza; de Economía, a través do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, da Comisión Nacional do Mercado de Valores e do Instituto Nacional de Estatística; de Facenda, a través da Intervención Xeral da Administración do Estado e da Dirección Xeral de Tributos; o Banco de España; o Consello Xeral do Colexio de Economistas; o Consello Superior de Titulares Mercantís; un representante das asociacións ou organizacións representativas dos emisores de información económica das empresas e outro dos usuarios de información contable; das asociacións emisoras de principios e criterios contables; un profesional da auditoría por proposta do Instituto de Censores Xurados de Contas e outro da universidade. Así mesmo, o presidente poderá nomear ata cinco persoas de recoñecido prestixio en materia contable. Adicionalmente, cando a complexidade da materia así o requira, o presidente poderá invitar ás reunións un experto na dita materia.

Á deliberación do Comité Consultivo de Contabilidade someterase calquera proxecto ou proposta normativa ou interpretativa en materia contable.

As facultades de proposta corresponden, na forma e condicións que regulamentariamente se establezan, con carácter xeral ó Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, sen prexuízo das referidas ó sector financeiro que corresponderán en cada caso ó Banco de España, Comisión Nacional do Mercado de Valores e Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións de acordo coas súas respectivas competencias, e sen prexuízo de realizar propostas conxuntas.

A composición e forma de designación dos seus membros e a forma de actuación do Comité serán as que se determinen regulamentariamente.

3. A asistencia ó Comité de Auditoría de Contas e ó Comité Consultivo de Contabilidade dará dereito á correspondente indemnización.

4. O Goberno mediante real decreto, por proposta conxunta dos ministros de Economía e para as administracións públicas procederá á adaptación estatutaria correspondente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.»

**Artigo 105. *Modificación da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.***

Engádeselle unha nova disposición adicional, décimo cuarta, á Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, coa seguinte redacción:

«Décimo cuarta. *Réxime simplificado da contabilidade.*

O réxime simplificado da contabilidade consistirá na posibilidade de formula-las contas anuais en modelos específicos, así como de aplicar criterios de rexistro contable simplificado. En particular, respecto ás operacións de arrendamento financeiro e do gasto por imposto sobre sociedades, sempre que na memoria das contas anuais se inclúa información suficiente.

Nos termos que regulamentariamente se aprobe, en calquera caso, ó abeiro da reducida dimensión económica dos seus destinatarios, poderá ser aplicado por tódalas entidades, calquera que sexa a súa forma xurídica, que, debendo levar contabilidade axustada ó Código de comercio, ou ás normas polas que se rexen, durante dous exercicios consecutivos, reúnan, á data de cerramento de cada un deles, polo menos dúas das circunstancias que se establezan en relación co total das partidas do activo, o importe neto da cifra anual de negocios e o número medio de traballadores empregados.»

Artigo 106. *Modificación do Código de comercio, publicado polo Real decreto do 22 de agosto de 1885.*

Modifícanse os seguintes preceptos do Código de comercio, publicado polo Real decreto do 22 de agosto de 1885.

Un. Modifícase o número 4 do artigo 18 do Código de comercio, que quedará redactado nos seguintes termos:

«4. O prazo máximo para cualificar e inscribir será de 15 días contados desde a data do asento de presentación. Pero se o título fose retirado antes da inscrición, tivese defectos emendables ou existise pendente de despacho un título presentado con anterioridade, o prazo de 15 días computarase desde a data da devolución do título, a emenda ou o despacho do título previo, respectivamente. Nestes casos, a vixencia do asento de presentación entenderase prorrogada ata a terminación do prazo de cualificación e despacho. Por razóns extraordinarias, a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado poderá, por solicitude do rexistrador competente formulada dentro dos dous primeiros días de prazo de despacho, ampliar ata 15 días máis como máximo o dito prazo.»

O resto do artigo permanece coa súa actual redacción.

Dous. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 42 do Código de comercio, que quedan coa seguinte redacción:

«1. Toda sociedade dominante dun grupo de sociedades estará obrigada a formula-las contas anuais e o informe de xestión consolidados na forma prevista nesta sección. Naqueles grupos en que non se poida identificar unha sociedade dominante, esta obriga recaerá na sociedade de maior activo na data de primeira consolidación.

Existe un grupo cando varias sociedades constitúan unha unidade de decisión. En particular, presumirase que existe unidade de decisión cando unha sociedade, que se cualificará como dominan-

te, sexa socio doutra sociedade, que se cualificará como dependente, e se encontre en relación con esta nalgunha das seguintes situacións:

- a) Posúa a maioría dos dereitos de voto.
- b) Teña a facultade de nomear ou destituí-la maioría dos membros do órgano de administración.
- c) Poida dispor, en virtude de acordos celebrados con outros socios, da maioría dos dereitos de voto.
- d) Designase exclusivamente cos seus votos a maioría dos membros do órgano de administración, que desempeñen o seu cargo no momento en que se deban formula-las contas consolidadas e durante os dous exercicios inmediatamente anteriores. Este suposto non dará lugar á consolidación se a sociedade os administradores da cal foron nomeados está vinculada a outra nalgún dos casos previstos nas dúas primeiras letras deste número.

Para estes efectos, ós dereitos de voto da entidade dominante engadiranse os que posúa a través doutras sociedades dependentes ou a través de persoas que actúen no seu propio nome pero por conta da entidade dominante ou doutras dependentes, ou aqueles de que dispoña concertadamente con calquera outra persoa.

2. Presumirase igualmente que existe unidade de decisión cando, por calquera outro medio, unha ou varias sociedades se encontren baixo dirección única. En particular, cando a maioría dos membros do órgano de administración da sociedade dominada sexan membros do órgano de administración ou altos directivos da sociedade dominante ou doutra dominada por esta.»

O resto do artigo continúa coa súa actual redacción.

Tres. Derrógase o número 2 do artigo 43 do Código de comercio, que queda sen contido.

Catro. Inclúese unha nova regra 9.<sup>a</sup> no artigo 46 do Código de comercio, coa seguinte redacción:

«9.<sup>a</sup> Un. Non obstante o disposto nas regras anteriores, valoraranse polo seu valor razoable os seguintes activos e pasivos:

- a) Activos financeiros que formen parte dunha carteira de negociación, ou se cualifiquen como dispoñibles para a venda, ou sexan instrumentos financeiros derivados.
- b) Pasivos financeiros que formen parte dunha carteira de negociación ou sexan instrumentos financeiros derivados.

Dous. En ningún caso se aplicará o valor razoable a:

- a) Os instrumentos financeiros, distintos dos derivados, que van ser mantidos ata o seu vencemento.
- b) Os préstamos e partidas a cobrar orixinalos pola sociedade a cambio de subministrar efectivo, bens ou servicios non mantidos con fins de negociación.
- c) As participacións en sociedades dependentes, en empresas asociadas e en sociedades multigrupo.
- d) Os instrumentos de capital emitidos pola sociedade.

e) Os contratos en que se prevé unha contrapartida eventual nunha adquisición de empresas, motivada por axustes da contraprestación por sucesos futuros.

f) Outros instrumentos financeiros que, polas súas especiais características, se consideren contablemente elementos patrimoniais distintos ós demais instrumentos financeiros.

Tres. O valor razoable calcularase con referencia a un valor de mercado fiable. Naqueles instrumentos financeiros para os que non se poida determinar un valor de mercado fiable, obtérase mediante a aplicación dos modelos e técnicas de valoración nos termos que regulamentariamente se determinen, e se non fose fiable valoráranse polo seu prezo de adquisición.

Catro. Como criterio xeral, as variacións no valor razoable consignáranse na conta de perdas e ganancias.

Cinco. Regulamentariamente desenvolveranse os conceptos contidos neste artigo, así como os casos en que a variación de valor razoable se inclúa directamente nos fondos propios, nunha reserva por valor razoable.»

O resto do artigo permanece coa súa redacción actual.

Cinco. Inclúense dúas novas indicacións, 14.<sup>a</sup> e 15.<sup>a</sup>, no artigo 48 do Código de comercio, coa seguinte redacción:

«14.<sup>a</sup> Cando os instrumentos financeiros se valorasen polo valor razoable, indicarase:

a) Os principais supostos en que se basean os modelos e técnicas de valoración, en caso de que o valor razoable se determinase mediante a aplicación de modelos e técnicas de valoración.

b) Por categoría de instrumentos financeiros, o valor razoable, as variacións no valor rexistradas directamente na conta de perdas e ganancias, así como as consignadas, se é o caso, na reserva por valor razoable.

c) Con respecto a cada categoría de instrumentos financeiros derivados, información sobre o alcance e a natureza dos instrumentos, incluídas aquelas condicións importantes que poidan afectalo importe, o calendario e a certeza dos futuros fluxos de caixa.

d) Un cadro no que se reflectan os movementos da reserva por valor razoable durante o exercicio.

15.<sup>a</sup> Cando os instrumentos financeiros non se valorasen polo valor razoable, para cada clase de instrumento financeiro derivado indicarase:

a) O valor razoable dos instrumentos, en caso de que se poida determinar mediante algún dos métodos previstos no número tres da regra 9.<sup>a</sup> do artigo 46.

b) Información sobre o alcance e a natureza dos instrumentos.»

Seis. Modifícase o número 1 do artigo 49 do Código de comercio, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. O informe de xestión consolidado deberá conte-la exposición fiel sobre a evolución dos negocios e a situación do conxunto das sociedades

incluídas na consolidación, xunto cunha descrición dos principais riscos e incerteza a que se enfrenta.

A exposición consistirá nunha análise equilibrada e exhaustiva da evolución e os resultados dos negocios e a situación das empresas comprendidas na consolidación considerada no seu conxunto, tendo en conta a magnitude e a complexidade da empresa. Na medida necesaria para a comprensión da evolución, os resultados ou a situación da empresa, esta análise incluírá tanto indicadores clave dos resultados financeiros como, cando proceda, non financeiros, que sexan pertinentes respecto da actividade empresarial concreta, con inclusión de información sobre cuestións relativas ó ambiente e ó persoal.

Ó proporcionar esta análise, o informe consolidado de xestión proporcionará, se procede, referencias e explicacións complementarias sobre os importes detallados nas contas consolidadas.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Sete. Inclúese un novo número 3, no artigo 49 do Código de comercio, do seguinte teor:

«3. Con respecto ó uso de instrumentos financeiros, e cando resulte relevante para a valoración dos activos, pasivos, situación financeira e resultados, o informe de xestión incluírá o seguinte:

a) Obxectivos e políticas de xestión do risco financeiro da sociedade, incluída a política aplicada para cubrir cada tipo significativo de transacción prevista para a que se utilice a contabilidade de cobertura.

b) A exposición da sociedade ó risco de prezo, risco de crédito, risco de liquidez e risco de fluxo de caixa.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Artigo 107. *Modificación do texto refundido da Lei de sociedades anónimas aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro.*

Modifícanse os seguintes preceptos do texto refundido da Lei de sociedades anónimas aprobado por Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, da forma seguinte:

Un. Inclúese unha nova indicación, décimo quinta, no artigo 200 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, coa seguinte redacción:

«Décimo quinta. Para cada clase de instrumento financeiro derivado indicarase:

a) O valor razoable dos instrumentos, en caso de que se poida determinar mediante algún dos métodos previstos no número tres da regra 9.<sup>a</sup> do artigo 46 do Código de comercio.

b) Información sobre o alcance e a natureza dos instrumentos.»

Dous. Introdúcese unha nova indicación, a décimo sexta, ó artigo 200 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, coa seguinte redacción:

«Décimo sexta. As sociedades que emitisen valores admitidos a cotización nun mercado re-

gulado de calquera Estado membro da Unión Europea, no sentido do punto 13 do artigo 1 da Directiva 93/22/CEE do Consello, do 10 de maio de 1993, relativa ós servizos de investimento no ámbito dos valores negociables, e que de acordo coa normativa en vigor, unicamente publiquen contas anuais individuais, virán obrigadas a informar na memoria sobre as principais variacións que se orixinarían nos fondos propios e na conta de perdas e ganancias se se aplicasen as normas internacionais de contabilidade aprobadas polos regulamentos da Comisión Europea.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Tres. Dáselle nova redacción ó artigo 201 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, que queda da seguinte forma:

«Memoria abreviada.

As sociedades que poden formular balance abreviado poderán omitir na memoria as indicacións cuarta a décimo primeira e décimo quinta, a que se refire o artigo anterior. Non obstante, a memoria deberá expresar de forma global os datos a que se refire a indicación sexta do dito artigo.»

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 202 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, que queda coa seguinte redacción:

«1. O informe de xestión deberá conter unha exposición fiel sobre a evolución dos negocios e a situación da sociedade, xunto cunha descrición dos principais riscos e incerteza ós que se enfrenta.

A exposición consistirá nunha análise equilibrada e exhaustiva da evolución e os resultados dos negocios e a situación da sociedade, tendo en conta a magnitude e a complexidade dela.

Na medida necesaria para a comprensión da evolución, os resultados ou a situación da sociedade, esta análise incluirá tanto indicadores clave de resultados financeiros como, cando proceda, non financeiros, que sexan pertinentes respecto da actividade empresarial concreta, incluída información sobre cuestións relativas ó ambiente e ó persoal. Exceptúanse da obriga de incluír información de carácter non financeiro, as sociedades que poidan presentar conta de perdas e ganancias abreviada.

Ó proporcionar esta análise, o informe anual de xestión incluirá, se procede, referencias e explicacións complementarias sobre os importes detallados nas contas anuais.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Cinco. Inclúese un novo número, o 4, no artigo 202 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, coa seguinte redacción:

«4. Con respecto ó uso de instrumentos financeiros pola sociedade, e cando resulte relevante para a valoración dos seus activos, pasivos, situación financeira e resultados, o informe de xestión incluirá o seguinte:

a) Obxectivos e políticas de xestión do risco financeiro da sociedade, incluída a política aplicada para cubrir cada tipo significativo de transacción prevista para a que se utilice a contabilidade de cobertura.

b) A exposición da sociedade ó risco de prezo, risco de crédito, risco de liquidez e risco de fluxo de caixa.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

## CAPÍTULO II

### Acción administrativa en materia de infraestructuras e transportes

Artigo 108. *Garantía financeira a buques que soliciten acceso a lugares de refuxio.*

A autorización de entrada dun buque que busque refuxio nun porto ou lugar de abrigo poderá ser condicionada pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, directamente ou a través da Capitanía Marítima correspondente, á concorrencia de determinadas circunstancias que fagan desta medida a máis adecuada para a seguridade das persoas, do tráfico marítimo, do ambiente, así como dos bens, e igualmente poderase condicionarse á prestación dunha garantía financeira por parte do propietario, operador ou cargador do buque para garanti-los posibles danos que o dito buque poida ocasionar.

Para os efectos de levar a cabo o establecido no parágrafo anterior, o Ministerio de Fomento poderá adoptar-las medidas que sexan precisas, e en especial as previstas no artigo 112 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, respecto dos buques afectados.

O anterior enténdese sen prexuízo da normativa nacional ou internacional respecto ó salvamento da vida humana no mar.

O Goberno regulará os criterios, casos, procedemento, contía e demais extremos necesarios para desenvolve-lo previsto neste artigo.

Artigo 109. *Modificación da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

Un. Modifícase o número 4 do artigo 7, da Lei 27/1992, que pasa a te-la seguinte redacción:

«4. O Goberno, no ámbito das competencias do Estado, poderá establecer, se é o caso, que a prestación de todas ou algunha destas navegacións se realice con imposición de obrigas de servizo público co fin de garanti-la suficiencia de servizos de transporte regular con destino a e/ou procedencia das illas Baleares, illas Canarias, Ceuta e Melilla ou baixo o réxime de contrato administrativo especial atendendo á satisfacción de forma directa ou inmediata da finalidade pública que aquelas representan.

A imposición de obrigas de servizo público deberase facer dun xeito obxectivo, transparente, non discriminatorio e coñecido de antemán polos

interesados, co fin de garantir que o servizo se preste en condicións de libre e leal competencia.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 81 da Lei 27/1992, que pasa a te-la seguinte redacción:

«2. A realización, con finalidade mercantil, de navegacións de liña regular de cabotaxe que, a teor do artigo 74 desta lei se considere de interese público, prestarase de acordo co previsto no dito artigo. O Ministerio de Fomento determinará os requisitos que deberán cumprir as empresas navais para acreditar a súa capacidade económica, así como a dos buques para poder dedicarse a este tipo de navegacións.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

### CAPÍTULO III

#### Acción administrativa en materia de cultura

Artigo 110. *Modificación da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.*

Engádeselle un novo número, o 4, ó artigo 32, da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, co seguinte texto:

«4. O disposto nos números 1 e 2 deste artigo non será aplicable ás adquisicións de bens do patrimonio histórico español realizadas fóra do territorio español para a súa importación a el que se acollan ás deducións previstas no artigo 55, número 5, alínea a), da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e no artigo 35, número 1, alínea a), da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.»

### CAPÍTULO IV

#### Acción administrativa en materia de agricultura, pesca e alimentación

Artigo 111. *Declaración de interese xeral de determinadas obras de infraestructuras hidráulicas con destino a rega e outras infraestructuras.*

1. Decláranse de interese xeral as seguintes obras:

a) Obras de modernización e consolidación de regadíos.

Andalucía:

Consolidación e modernización de regadíos das Comunidades de Regantes de San Cristóbal-La Florida, San Isidro Labrador, San Juan, Águila del Viento, Las Palmerillas, San Marcos, Tierras de Almería, Cosagrar y Cuatro Vientos, no termo municipal de El Ejido (Almería).

Consolidación e modernización de regadíos do Sindicato de Riegos de Dalías. Termo Municipal Dalías (Almería).

Consolidación e modernización de regadíos da Comunidade de Regantes San Miguel de Fuentenueva. TT. MM. El Ejido-Dalías (Almería).

Consolidación e modernización de regadíos da Comunidade de Regantes Casablanca. T. M. de Vúcar (Almería).

Mellora e consolidación de regadíos da Comunidade de Regantes Las Cuatro Vegas, TT. MM. Almería e Viator (Almería).

Modernización de regadíos na Comunidade de Regantes Virgen del Saliente. T. M. de Albox (Almería).

Mellora e consolidación de regadíos das Comunidades de Regantes de Sierra de Enmedio e zona norte de Huércal-Overa, no T. M. de Huércal-Overa (Almería).

Modernización de regadíos das Comunidades de Regantes de Cuatro Corrales, Cairos-Zabala e Canal de San Fernando, no T. M. de Adra (Almería).

Mellora e consolidación de regadíos da Comunidade de Regantes San Ramón Nonnato. T. M. de Zurgena (Almería).

Mellora e consolidación de regadíos da Comunidade de Regantes Sindicato de Riegos de Almería e sete poboacións do seu río. TT. MM. Almería, Benahadux, Gádor, Huércal de Almería, Pechina, Rioja, Santa Fe de Mondújar e Viator (Almería).

Modernización e consolidación de regadíos na Comunidade de Regantes marxe esquerda do río Guadalete. T. M. Arcos de la Frontera (Cádiz).

Modernización de regadíos na Comunidade de Regantes Motril-Carchuna e cota 200. T. M. de Motril (Granada).

Modernización e consolidación de regadíos da Comunidade de Regantes Santa María Magdalena, T. M. de Mengíbar (Jaén).

Modernización de regadíos na zona de cota 100 de Salobreña, C. R. de Nuestra Señora del Rosario (Canal de Cota 100), T. M. Salobreña (Granada).

Modernización de regadíos na Comunidade de Regantes do nacemento de Arbuniel, T. M. Arbuniel (Jaén).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «Relámpago, Armíndez, Minilla», T. M. Torreperojil (Jaén).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «Santiago Apóstol», T. M. Villatorres (Jaén).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «Pozo Alcón, Hinojares e Cuevas del Campo», TT. MM. Pozo Alcón e Hinojares (Jaén) e Cuevas del Campo (Granada).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «Jarafe-Casicas», T. M. Mancha Real (Jaén).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «Mancha Norte», T. M. Mancha Real (Jaén).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «Maragatos Plateras», T. M. Torreblascopedro (Jaén).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «Brujuelo Torrebuenavista», T. M. Villatorres (Jaén).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «Puerto de Tiscar», T. M. Quesada (Jaén).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «El Progreso», T. M. Quesada (Jaén).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «Los Cuartos», T. M. Mancha Real (Jaén).



Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «Los Charcones», T. M. Mancha Real (Jaén).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «Las Rejas», T. M. Ubeda (Jaén).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «Fuenmayor», T. M. Torres (Jaén).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «Sector I da zona Medias Vegas del Guadalquivir», TT. MM. Baeza, Bedmar e Jódar (Jaén).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «Casa Blanca, Casa Tejada e Greñena», T. M. Jaén.

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «Pago del Gurullón», T. M. Mancha Real (Jaén).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «San Isidro», T. M. Mancha Real (Jaén).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «Macetas», T. M. Mancha Real (Jaén).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes «Los Llanos», T. M. La Guardia (Jaén).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes do Coto de Bornos, T. M. de Bornos (Cádiz).

Modernización e consolidación de regadíos da Comunidade de Regantes do sector 1 de Vegas Bajas de Jaén, T. M. de Mengíbar (Jaén).

#### Aragón:

Posta en rega á presión da Comunidade de Regantes de Binaced-Valcarca, TT. MM. Binaced, Valcarca e Monzón (Huesca).

Modernización da rede de rega na Comunidade de Regantes de Esplús, TT. MM. de Esplús e Binaced (Huesca).

Modernización da rede de rega na Comunidade de Regantes de Binéfar, TT. MM. Binéfar, Monzón e San Esteban de Litera (Huesca).

Modernización do regadío existente na zona de concentración parcelaria de Pina de Ebro, subperímetro «Huerta Vieja», Comunidade de Regantes da Acequia de Pina, T. M. de Pina de Ebro (Zaragoza).

Modernización das infraestructuras da Comunidade de Regantes de Torres de Barbués, T. M. Torres de Barbués (Huesca).

#### Baleares:

Acondicionamento e consolidación do regadío da Comunidade de Regantes de Son Mesquida, T. M. de Felanitx (Mallorca).

Mellora das redes de rega da zona de Alaró (Mallorca).

#### Canarias:

Acondicionamento e impermeabilización da presa do Capellán e conexión ó sistema de distribución de auga desalgada do norte de Gran Canaria, T. M. de Gáldar (Gran Canaria).

#### Castilla-La Mancha:

Consolidación de regadíos no Acuífero Mancha Oriental, TT. MM. Albacete, Balazote, La Herrera, Barrax e outros (Albacete).

#### Castilla y León:

Consolidación e mellora do regadío da Comunidade de Regantes Canal Toro-Zamora (Zamora).

Consolidación e mellora do regadío da Comunidade de Regantes Canal de San José (Zamora).

Consolidación e mellora do regadío da Comunidade de Regantes Canal de La Vid e Guma (Burgos).

Consolidación e mellora do regadío da Comunidade de Regantes Canal de Florida de Liébana (Salamanca).

Consolidación e mellora do regadío da Comunidade de Regantes da marxe dereita, 1.<sup>a</sup> Elevación do pantano de Águeda, no T. M. de Ciudad Rodrigo (Salamanca).

#### Cataluña:

Mellora de regadíos da Comunidade de Regantes «Sant Jaume» de La Torre de l'Espanyol (Tarragona).

Reparación de varias minas do Camp de Tarragona, C. R. Mina Cabré, Mina Els Gafarrons, Mina S. Lorenzo e Mina Mas del Xulo, en Riudoms e Salou (Tarragona).

Renovación do encanamento do treito inicial da levada C. R. da Riera de Gaià (Tarragona).

Canalización da levada da marxe esquerda do río Gaià C. R. Montferri (Tarragona).

Modernización da rede de rega da SAT «Regantes del Cogoll i Vilasec» de Alcover (Tarragona).

Entubamento da rede de rega da C. R. de Uldecona (Tarragona).

Mellora das levadas da C. R. da Acequia del Molino de la Pardina e da Riera de Osor de la Cellera de Ter (Girona).

Mellora da canle principal da C. R. da Acequia Vinçals, TT. MM. Juià, Flaçà, Celrà, Campdorà, Bordils, Sant Joan de Mollet (Girona).

Mellora de levadas da C. R., de Sant Julià de Ramis, Cervià de Ter, Sant Jordi Desvall, Colomers i Jafre (Girona).

Entubamento e mellora do regadío C. R. de San Llorenç e Gerb en Os de Balaguer e Gerb (Lleida).

Modernización da rede de rega por superficie mediante rega á presión C. R. da Acequia de Torres de Segre (Lleida).

Transformación de rega a manta a rega por goteo C. R. de Llitera de la Villa de Serós (Lleida).

Transformación do regadío a rega á presión C. R. Pla d'Escarp de Massalcoreig toma C-121,8 do Canal e Cataluña, Massalcoreig (Lleida).

Construcción de encoro de regulación C. R. Vincament de la Vila de Aitona (Lleida).

Entubamento da levada C. R. Sifón de Vincamet Toma 112-7, Fraga (Huesca), Serós e Massalcoreig (Lleida).

Construcción dun encoro de 1,5 Hm e encanamento de conexión ata a rede de rega á presión C. R. de Gimnells e Pla da Font (Lleida).

Mellora do regadío da C. R. toma 10.0 dereita de Alpícat. Canal de Aragón e Cataluña, T. M. Alpícat (Lleida).

Transformación de rega a manta a rega á presión na marxe esquerda do río Segre C. R. Olla e Segalés, Arfa, Molí de Alás, Salit, Pla de Sant Tirs, Molí d'Arfa, Molí del Pla de Sant Tirs, e outras, TT. MM. Alás, Cerc, Seo de Urgell e Ribera de Urgellet (Lleida).

Mellora e modernización do regadío C. R. da Conca de Tremp, TT. MM. Castell de Mur, Gravet de la Conca, Llimiana, Talarn e Tremp (Lleida).

Mellora do regadío mediante rega á presión C. R. de Els Plans d'Aitona (Lleida).

Revestimento de 2.670 m da levada principal C. R. da Acequia de Remolins, T. M. Torres de Segre e Soses (Lleida).

Mellora levada dels Molins C. R. de la Cecla dels Molins, T. M. La Pobla de Segur (Lleida).

Modernización do regadío (2.ª fase) C. R. de Coll de Foix Toma C-78 do Canal de Aragón e Cataluña, T. M. Alfarrás (Lleida).

Transformación da rega a manta a rega á presión C. R. da Acequia de Ivars de Noguera, TT. MM. Castillnonroy (Huesca), Ivars de Noguera (Lleida).

Mellora Canal de Aravell e Ballestar C. R. do Canal de Aravell e Ballestar, TT. MM. Valls de Valira, La Seu d'Urgell, Montferrer e Castellbó (Lleida).

Modernización do regadío-encanamento xeral C. R. do Coscollar, núm. 146 de Alcarràs. Canal de Aragón e Cataluña, TT. MM. Lleida e Alcarràs (Lleida).

Revestimento de levadas con formigón da C. R. do canal da dereita do río Llobregat, TT. MM. Santa Coloma de Cervelló, Sant Boi de Llobregat e El Prat de Llobregat (Barcelona).

Transformación a rega por aspersión forzada mediante electrificación, automatización e aparellos de control C. R. de l'Alzinar, Tomas C-79,3 e 80,7 do canal de Aragón e Cataluña, T. M. de Alguaire (Lleida).

Mellora da rede de regas da C. R. do Rec Gros, TT. MM. Prullans e La Cerdanya (Lleida).

#### Extremadura:

Mellora e modernización de regadíos na C. R. de Vegas Altas 3, na zona regable de Orellana, T. M. Santa Amalia (Badajoz).

Mellora e modernización de regadíos na C. R. de Alardos de Madrigal de la Vera (Cáceres). Regadíos tradicionais de La Vera.

Mellora e modernización de regadíos na C. R. de Rincón de Caya, T. M. de Badajoz.

Mellora e modernización de regadíos na C. R. de Canal do Zújar, TT. MM. Villanueva da Serena, Don Benito, Medellín, Mengabril, Guareña, Valdeterres, Alange, A Zarza e Villagonzalo.

#### Murcia:

Ampliación da capacidade de regulación da C. R. de Mazarrón, TT. MM. Mazarrón e Cartagena (Murcia).

Obras de infraestrutura de rega da C. R. Cañada del Judío, T. M. de Jumilla (Murcia).

#### Comunidade Valenciana:

Cambio sistema rega tradicional por localizado da SAT n.º 749 «Pozos El Palmeral», T. M. de Pedralba (Valencia).

#### B) Obras de transformación en rega.

##### Aragón:

Sector XX-Bis da zona regable do Canal do Cinca (Huesca).

Sectores VI, VII, VIII A, IX A, XI A, XIII A, XVII, XVIII, XIX, XX, XXI e XXII da zona regable de Monegros II (Huesca).

Sector II da zona regable de Canal Calanda-Alcañiz (Teruel).

Transformación en regadío na zona regable Mas de las Matas (Teruel).

Transformación en regadío no T. M. de Sarrión (Teruel).

Transformación en regadío da zona regable Dehesa de Ganaderos (Zaragoza).

##### Baleares:

Aproveitamento integral dos recursos hídricos da Comunidade de Regantes de Manacor (Mallorca).

Reutilización das augas rexeneradas para a rega da Comunidade de Regantes de Santa Ponsa, T. M. de Calviá (Mallorca).

Reutilización agrícola das augas procedentes da EDAR de Peguera, T. M. de Calviá (Mallorca).

Reutilización das augas residuais da Comunidade de Regantes de Ca'n Bossa, T. M. de San José (Ibiza).

Eliminación de vertidos de augas residuais e aproveitamento agrícola da Comunidade de Regantes de Muro (Mallorca).

Aproveitamento integral de augas residuais depuradas para a rega no T. M. de San Francisco Javier (Formentera).

##### Cantabria:

Transformación en regadío no T. M. de Valderredible (Cantabria).

##### Castilla-La Mancha:

Regadíos da zona regable Alta Cabecera del Segura, TT. MM. Elche de la Sierra, Férez, Lietor, Letur, Socovos e outros.

Segunda ampliación de regadíos de Hellín, T. M. Hellín (Albacete).

Ampliación de regadíos da zona regable Torre de Abraham. Marxe dereita, TT. MM. El Robledo, Retuerta del Bullaque e Alcoba de los Montes (Ciudad Real).

Regadíos tradicionais do Alto Cabriel, TT. MM. Cañete, Landete, Mira, Cardenete, Enguidanos, Yémeda e outros (Cuenca).

Regadíos tradicionais do Texo. TT. MM. Albalate de las Nogueras, Beteta-El Tobar, Cañaveras, Huete, Ritatajada, Salmeroncillos, Vega de Codorno e outros (Cuenca).

Ampliación de regadíos da zona regable do río Calvache, T. M. Barajas de Melo (Cuenca).

Regadíos da zona regable de Almoguera. Marxe esquerda do Texo, TT. MM. Almoguera e Illana (Guadalajara) e Leganiel (Cuenca).

Regadíos da zona regable de Alto e Medio Tajuña, TT. MM. Cifuentes, Masegoso de Tajuña, Valfermoso de Tajuña, Romanones, Armuña de Tajuña, Aranzueque, Loranca de Tajuña e Fuentenovilla (Guadalajara).

Regadíos da zona regable de Cogolludo, TT. MM. Arbancón, Carrascosa de Henares, Cogolludo, Espinosa de Henares e Membrillera (Guadalajara).

Regadíos da zona regable «Canal de Albacete», primeira parte, TT. MM. Gineta, La Herrera e Montalvos (Albacete).

##### Extremadura:

Transformación en regadío no sector I da zona regable de La Serena, TT. MM. Don Benito, Villanueva de la Serena e La Haba (Badajoz).

Transformación en regadío no sector I da zona regable de Alcollarín-Miajadas, TT. MM. Alcollarín, Campolugar, Escurial e Miajadas (Cáceres).

Transformación en regadío na zona regable ampliación do sector VIII do Zújar, T. M. de Guareña (Badajoz).

Transformación en regadío na Devesa Boyal de Madrigalejo e zona limítrofe, T. M. de Madrigalejo (Cáceres).

Comunidade Valenciana:

Instalación rede de rega localizada para rega de auxilio á vide para a S.A.T. n.º 361 CV Regantes Vega de San Antonio, en TT. MM. de Requena e Utiel (Valencia).

2. As obras incluídas neste artigo levarán implícitas as declaracións seguintes:

a) A de utilidade pública para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

b) A de urxencia para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

3. Esta declaración de interese xeral permitirá as expropiacións forzosas requiridas para as ditas obras e a urxente ocupación dos bens afectados.

Artigo 112. *Modificación da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Un. Engádeselle un novo número, o 5, ó artigo 27 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, coa seguinte redacción:

«5. Para efectos da repartición das posibilidades de pesca asignadas á flota española en augas de países terceiros e co fin de optimizar a utilización delas, os titulares dos buques con licencia para as ditas augas poderán transferir a súa actividade pesqueira desenvolvida historicamente a outro buque con abandeiramento español que o substituirá na actividade pesqueira para todos os efectos, logo de autorización do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. O buque do que se transfere a actividade deberá ser desmantelado, excepto no suposto de que o seu titular teña ou obtivese posibilidades de pesca para o buque noutra pesqueira e solicítase a súa inclusión no censo específico correspondente.»

O resto do artigo queda coa mesma redacción.

Dous. Modifícase a alínea d) do número 1 do artigo 28 da Lei 3/2001, de pesca marítima do Estado, que queda coa seguinte redacción:

«d) Establecer, para efectos de favorecer a libre competencia, a porcentaxe máxima de posibilidades de pesca que poden ser acumulados por unha empresa ou grupo de empresas relacionadas societariamente nunha mesma pesqueira.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Tres. Engádeselle un novo número, o 3, ó artigo 90 da Lei 3/2001, de pesca marítima do Estado, coa seguinte redacción:

«3. Os propietarios de buques ou armadores, no caso de mediar unha denuncia por suposta infracción administrativa de pesca marítima, de-

bidamente requiridos para iso, teñen o deber de identifica-lo patrón responsable da embarcación, e se incumpren esta obriga serán sancionados como autores dunha infracción grave de falta de colaboración ou de obstrución ós labores de inspección.»

O resto do artigo mantense coa mesma redacción.

Catro. Substitúese a redacción do número 3 do artigo 94 da Lei 3/2001, de pesca marítima do Estado, que queda coa seguinte redacción:

«3. As capturas pesqueiras comisadas de tamaño antirreglamentario ou que non reúnan os requisitos necesarios para a súa comercialización, cando sexan aptas para o consumo poderanse distribuír entre entidades benéficas e outras institucións públicas e privadas sen ánimo de lucro, procedéndose, en caso contrario, á súa destrución. No suposto de que as capturas comisadas foran regulamentarias, a autoridade competente poderá dispor que se proceda a poxa pública en lonxa ou lugar autorizado, quedando o importe da dita venda en depósito á disposición do órgano competente para iniciar o procedemento sancionador. No suposto de que non se proceda á poxa pública, o órgano competente para iniciar o citado procedemento sancionador poderá decidir que aquela teña lugar ou ben que se lle devolvan as capturas comisadas ó interesado mediante a constitución dunha fianza.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Cinco. Engádeselle unha nova alínea, a f), ó artigo 95 da Lei 3/2001, de pesca marítima do Estado, coa seguinte redacción:

«f) O incumprimento das preceptivas obrigas de información á Administración xeral do Estado ou a súa comunicación incumprindo os prazos ou as condicións delas, cando non estea tipificada como grave ou moi grave.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Seis. Dáselle nova redacción ó parágrafo v) do número 1 do artigo 96 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, que queda do seguinte modo:

«v) Toda conducta tipificada como leve en materia de pesca marítima cometida polas persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 90 desta lei, suxeitas ó ordenamento interno e vinculadas xuridicamente a buques con pavillón de países cualificados regulamentariamente como de abandeiramento de conveniencia ou a buques de países terceiros identificados polas organizacións rexionais de ordenación pesqueira ou outras organizacións internacionais de pesqueiras por teren incorrido en actividades de pesca ilegal ou contrarias ás medidas de conservación e xestión dos recursos pesqueiros.»

O resto do artigo queda coa mesma redacción.

Sete. Engádeselle unha nova alínea, a x) no número 1 do artigo 96 da Lei 3/2001, de pesca marítima do Estado, coa seguinte redacción:

«x) O incumprimento das obrigas establecidas en virtude dos convenios, acordos ou tratados internacionais en materia de pesca marítima, cando supoña unha vulneración das medidas de conservación e xestión dos recursos pesqueiros.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Oito. Modifícase a alínea i) do artigo 97 da Lei 3/2001, de pesca marítima do Estado, que queda coa seguinte redacción:

«i) Toda conducta tipificada como grave en materia de pesca marítima cometida polas persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 90 desta lei, suxeitas ó ordenamento interno e vinculadas xuridicamente a buques con pavillón de países cualificados regulamentariamente como de abandeiramento de conveniencia ou a buques de terceiros países identificados polas organizacións rexionais de ordenación pesqueira ou outras organizacións internacionais de pesqueiras por ter incorrido en actividades de pesca ilegal ou contrarias ás medidas de conservación e xestión dos recursos pesqueiros.»

O resto do artigo mantén a mesma redacción.

Nove. Engádeselle unha nova alínea, a j), ó artigo 97 da Lei 3/2001, de pesca marítima do Estado, coa seguinte redacción:

«j) O desembarque ou a descarga en calquera parte do territorio nacional de produtos pesqueiros de países terceiros sen ter obtido a previa autorización tralo aviso previo do porto de desembarque ou do lugar de descarga solicitados.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dez. Modifícase a alínea a) do artigo 98 da Lei 3/2001, de pesca marítima do Estado, que queda coa seguinte redacción:

«a) O incumprimento das preceptivas obrigas de información ás administracións públicas ou a súa comunicación incumprindo os prazos ou as condicións delas, cando non estea tipificada como grave ou moi grave.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Once. Modifícanse as alíneas b) e c) do número 1 do artigo 103 da Lei 3/2001, de pesca marítima do Estado, que quedan redactados da seguinte forma:

«b) Incautación de artes, aparellos ou útiles de pesca: as infraccións previstas no artigo 96, números 2.a) e de 3.a) a 3.e).»

«c) Comiso dos produtos ou bens obtidos na comisión das infraccións previstas no artigo 96, números 1.a), 1.b), 1.c), 1.f), 1.g), 1.h), 1.l), 1.m), 1.q), 1.r), 1.s), 2.a), 2.c), 2.d), 2.e), 2.f), 2.g), 3.a), 3.b), 3.c) e 3.d).»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Doce. Modifícase a alínea b) do número 2 do artigo 103 da Lei 3/2001, de pesca marítima do Estado, que queda redactado da seguinte forma:

«b) Incautación de artes, aparellos ou útiles de pesca: as infraccións previstas no artigo 97, alíneas a), b), e) e g).»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Trece. Modifícase a disposición adicional novena da Lei 3/2001, de pesca marítima do Estado, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional novena. *Censos publicados antes da entrada en vigor desta lei.*

1. Á entrada en vigor desta lei seguirán vixentes os censos publicados no "Boletín Oficial del Estado", así como as posibilidades de pesca que neles se lles recoñecen ás empresas ou asociacións de empresas titulares dos buques incluídos nos ditos censos, ata a elaboración dos novos censos de conformidade co establecido no artigo 26 desta lei.

2. Os propietarios ou armadores de buques pesqueiros que non figuran incluídos no Censo da Flota Pesqueira Operativa, creado por Orde ministerial do 30 de xaneiro de 1989, poderán solicitar a reactivación da súa embarcación no prazo máximo de seis meses contados a partir da entrada en vigor da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, sempre que cumpran coas disposicións vixentes establecidas para o efecto.»

Artigo 113. *Actualización das inscricións no Rexistro de Buques e Empresas Navais.*

1. Os armadores ou propietarios de embarcacións de pesca en que o material do casco, a potencia propulsora dos seus motores ou os valores reais de eslora, manga, puntal ou arqueado non coincidan cos datos correspondentes anotados no Rexistro de Buques e Empresas Navais non incorrerán en responsabilidade administrativa sempre que insten a actualización de tales datos ou valores conforme as seguintes regras:

1.<sup>a</sup> A actualización deberá ser solicitada polo armador ou o propietario da embarcación á Capitanía Marítima correspondente, dentro dos seis meses seguintes á entrada en vigor desta lei.

2.<sup>a</sup> A embarcación debe superar un recoñecemento extraordinario, verificado polos servizos da Inspección Marítima, co obxecto de acreditar as súas condicións de flotabilidade e navegabilidade de maneira que non se vexa comprometida a seguridade marítima.

3.<sup>a</sup> A actualización da inscrición deberá contar co previo informe favorable da autoridade pesqueira. Para estes efectos, para o caso de incremento de arqueado ou potencia propulsora deberanse achegar as unidades operativas pesqueiras que compensen os incrementos de acordo cos criterios aplicables á construción e modernización de buques pesqueiros establecidos na normativa nacional e comunitaria vixente.

4.<sup>a</sup> Concluído o recoñecemento, a Administración marítima expedirá, cando proceda, os certificados correspondentes e ordenará a práctica das anotacións no Rexistro de Buques e Empresas Navais.

2. Os expedientes de actualización dos datos rexistrados deberanse resolver e notificar dentro dos nove meses seguintes á finalización do prazo de presentación das solicitudes.

Artigo 114. *Modificación da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.*

Modifícase a disposición transitoria terceira da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, que queda coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria terceira. *Rexistro de explotacións.*

Os titulares de explotacións animais que, no momento da entrada en vigor desta lei, non se encontren rexistradas na comunidade autónoma correspondente de conformidade co disposto no artigo 38, disporán dun prazo máximo de dous anos para solicita-lo citado rexistro, sempre que na normativa específica estatal ou autonómica non se establecesen outros prazos inferiores.»

Artigo 115. *Modificación da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Infraccións e sancións aplicables ó réxime da taxa e da cota láctea.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Un. Modifícase o artigo 97 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado como segue:

«Artigo 97. Infraccións e sancións aplicables no relativo ó réxime da taxa suplementaria da cota láctea.

Un. Consideraranse moi graves as seguintes infraccións administrativas dos compradores:

a) Non presenta-la declaración anual de compras.

b) Non lles reter ós gandeiros produtores os importes correspondentes ás entregas de leite que excedan as súas correspondentes cantidades individuais de referencia ou incumpri-lo seu deber de repercutir e lles cobrar ós ditos gandeiros o importe debido da taxa liquidada, salvo nos supostos en que a normativa aplicable llela impute directamente ós compradores e impida que repercutan o seu importe ós gandeiros.

c) Non ingresa-los importes das cantidades retidas á conta en concepto de anticipo sobre a taxa suplementaria ou o importe debido da taxa.

d) Non conserva-la documentación obrigatoria durante o prazo regulamentariamente establecido.

e) Non presenta-la declaración ou presentar declaracións falsas, incompletas ou inexactas, incluso a título de simple negligencia, sempre que elas se refiran a datos que sexan de transcendencia para a eficacia da xestión do réxime da taxa láctea, e delas se derive un volume non declarado que supere o declarado en máis do 50 por cento.

Dous. Terán a consideración de infraccións administrativas graves para os compradores as seguintes:

a) Presentar declaracións falsas, incompletas ou inexactas, incluso a título de simple negligencia, sempre que elas se refiran a datos que sexan de transcendencia para a eficacia da xestión da taxa láctea.

b) Non identificar documentalmente, na forma que regulamentariamente se estableza, cada entrega individual de leite ou outros produtos lácteos.

c) Ingresar, sen requirimento da Administración, fóra dos prazos e condicións establecidos pola normativa vixente, os importes das cantidades retidas á conta ou o importe debido da taxa, se é o caso.

d) Non lle comunicar á autoridade competente as altas e baixas dos produtores que efectúen as súas entregas.

e) Comprar ou entregar leite ou produtos lácteos destinados á súa comercialización sen contar coa debida autorización administrativa.

f) Non lle comunicar, de maneira fidedigna, á Administración que se deixaron de cumprir-los requisitos necesarios para a concesión da autorización administrativa.

g) Non determinar, polo menos unha vez ó mes, a porcentaxe de materia graxa contida no leite entregado ou non reflectir documentalmente as determinacións efectuadas.

h) A ausencia ou o atraso reiterado na remisión da declaración mensual. Para estes efectos, considérase reiteración tres ausencias ou atrasos na declaración durante un período de doce meses.

i) Non lles facilitar ós produtores os certificados que sexan preceptivos.

j) Non lles esixir ós produtores que efectúen entregas de leite ou outros produtos lácteos a varios compradores durante un período de taxa determinado, un certificado do ou dos outros compradores en que figuren as entregas realizadas a estes e a porcentaxe media de graxa daquelas.

k) A resistencia, escusa ou negativa ás actuacións da autoridade competente relativas á xestión, inspección ou recadación da taxa suplementaria no sector do leite e dos outros produtos lácteos e, en particular, á subministración de datos, informes ou antecedentes.

l) Non conservar durante o período de tempo establecido regulamentariamente a documentación contable preceptiva.

m) O incumprimento da obriga de leva-la contabilidade esixida pola normativa da taxa.

n) A levanza de contabilidades diversas referidas a un mesmo período de taxa que non permitan coñecer-la verdadeira situación do comprador.

Tres. Consideraranse leves as seguintes infraccións administrativas dos compradores de leite e produtos lácteos:

a) Non utiliza-lo seu número de inscrición do Rexistro xeral de compradores nos documentos relacionados coa taxa suplementaria.

b) Non lle facilitar á autoridade competente copia dos certificados das retencións efectuadas ós produtores, cando estes cambien de comprador.

c) Non lle requirir ó produtor que lle entrega leite por primeira vez os documentos esixibles de acordo coa normativa vixente.

d) Non lle comunicar ó gandeiro produtor, polo menos unha vez ó mes, o volume do leite ou dos equivalentes de leite, en función do seu contido de materia graxa, entregados desde o inicio do período de taxa, así como a cantidade de referencia dispoñible para o resto do dito período.

e) Non reflectir nas facturas que lle expida ó produtor o importe da retención á conta aplicada de acordo coa normativa vixente.

f) En xeral, o atraso na presentación de declaracións preceptivas ante a Administración competente ou facilitarlle á Administración datos esixidos pola normativa vixente fóra do prazo establecido para o efecto, cando o feito non constitúa infracción administrativa conforme outro precepto.

g) A presentación de declaracións incompletas ante a Administración pública competente ou a consignación nelas de datos falsos ou inexactos, cando non constitúa infracción grave ou moi grave.

Catro. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 3.000 euros máis a metade do importe que resulte de multiplica-la cantidade de leite a que afecte a comisión da infracción polo importe a que ascenda a taxa suplementaria fixada para o período en que se cometese a infracción.

Cinco. As infraccións graves sancionaranse con multa de 2.000 euros máis a quinta parte do importe que resulte de multiplica-la cantidade de leite a que afecte a comisión da infracción polo importe a que ascenda a taxa suplementaria fixada para o período en que se cometese a infracción, excepto na recollida na alínea c) do número dous, para a cal se aboará unha recarga do 20 por cento máis os xuros de demora correspondentes.

Seis. As infraccións leves serán sancionadas con multa de 1.000 euros máis a décima parte do importe que resulte de multiplica-la cantidade de leite a que afecte a comisión da infracción polo importe a que ascenda a taxa suplementaria fixada para o período en que se cometese a infracción.

Sete. Consideraranse graves as seguintes infraccións administrativas dos produtores de leite e produtos lácteos, con cantidade de referencia para a venda directa:

a) Non leva-la contabilidade que reflecta o volume de leite despachado ó consumo ou vendido a comerciantes por xunto ou retallistas, ou dos produtos lácteos fabricados na explotación.

b) A resistencia, escusa ou negativa ás actuacións da autoridade competente relativas á xestión, inspección ou recadación da taxa suplementaria.

c) Non presenta-la preceptiva declaración anual, incluso cando non se realizasen vendas.

d) Presentar declaracións falsas, incompletas ou inexactas, incluso a título de simple negligencia, sempre que aquelas se refiran a datos que sexan de transcendencia para a eficacia da xestión da taxa láctea.

e) Non conserva-la documentación obrigatoria durante o prazo regulamentariamente establecido.

Oito. Consideraranse graves as seguintes infraccións administrativas dos produtores de leite e produtos lácteos, con cantidade de referencia para entregas a compradores:

a) Non lle facilitar ó comprador ó que realizan entregas a documentación xustificativa da súa cantidade de referencia na forma esixida pola normativa vixente.

b) A non comunicación dos datos preceptivos ou a non presentación dos documentos esixidos pola normativa vixente no caso de cambio de comprador ou cando efectúen entregas a varios compradores nun mesmo período de taxa.

c) A non presentación das declaracións que sexan preceptivas.

d) A presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas, incluso a título de simple negligencia, sempre que aquelas se refiran a datos que sexan de transcendencia para a eficacia da xestión da taxa láctea.

e) Non conserva-la documentación obrigatoria durante o prazo regulamentariamente establecido.

f) A resistencia, escusa ou negativa ás actuacións da autoridade competente relativas á xestión, inspección ou recadación da taxa suplementaria.

g) Realizar entregas de leite ou outros produtos lácteos a un comprador non autorizado.

Nove. Considerarase como infracción leve dos produtores de leite e produtos lácteos a presentación de declaracións incompletas ante a Administración pública competente ou a consignación nelas de datos falsos ou inexactos, cando non constitúa infracción grave.

Dez. As infraccións establecidas nos números sete e oito sancionaranse con multa de 1.000 euros máis a quinta parte do importe que resulte de multiplica-la cantidade de leite a que afecte a comisión da infracción polo importe a que ascenda a taxa suplementaria fixada para o período en que se cometese a infracción.

Once. Será considerado comprador, para os efectos deste artigo, calquera operador do sector que non acredite fidedignamente a orixe do leite ou doutros produtos lácteos que comercializase.

Doce. As sancións reguladas en regulamentos comunitarios que supoñan a retirada da autorización de comprador comportarán a accesoria de inhabilitación para volvela solicitar, por si mesmo ou por terceiros, durante os dous anos seguintes á data da súa retirada efectiva.»

Dous. Modifícase o artigo 98 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, como segue:

«Artigo 98. *Infraccións e sancións aplicables ó réxime da cota láctea.*

Un. Considerarase infracción moi grave o incumprimento polos produtores de leite e de produtos lácteos das obrigas e compromisos derivados da execución dos programas nacionais de abandono indemnizado da produción leiteira.

Dous. Consideraranse graves as seguintes infraccións administrativas:

a) A non presentación dos documentos esixidos pola normativa vixente en caso de que o produtor efectúe entregas a varios compradores durante un período de taxas determinado ou en caso de cambios de comprador ou compradores.

b) A presentación de declaracións ou consignación de datos falsos ou inexactos por negligencia grave ante a Administración pública competente.

c) A transferencia ou cesión da totalidade ou parte da súa cantidade de referencia individual

antes do transcurso de cinco anos desde que recibisen unha asignación da reserva nacional.

d) A transferencia ou o abandono indemnizado de cantidade de referencia polos produtores que non comercializasen leite ou produtos lácteos no período inmediatamente anterior.

e) A transferencia de cantidade de referencia individual polo arrendatario ou figura análoga dunha explotación con cantidade de referencia, sen a conformidade do seu propietario.

f) A transferencia de cantidades de referencia individuais dos produtores que adquirisen cantidades desvinculadas da explotación sen que transcorresen cinco anos desde esa adquisición, salvo casos de forza maior.

g) A realización polo cedente de cantidades de referencia dalgunha das seguintes actuacións durante o período de duración da cesión:

A transferencia inter vivos a terceiros das cantidades de referencia cedidas.

O abandono indemnizado da produción das cantidades de referencia cedidas.

A adquisición mediante transferencia de cantidades de referencia, salvo que a normativa vixente o permita.

h) A transferencia ou cesión polo cesionario de cantidades de referencia durante o período de duración da cesión.

i) A transferencia ou cesión temporal das cantidades procedentes da reserva nacional.

Tres. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 6.010 a 30.050 euros.

Catro. As infraccións graves sancionaranse con multa de 150 a 6.009 euros.

Cinco. As sancións previstas neste artigo entenderanse sen prexuízo da devolución das cantidades indebidamente percibidas, se é o caso.

Seis. O importe das multas previstas nos puntos anteriores modularanse en función da cantidade de referencia asignada a cada produtor e do número de vacas da súa explotación.»

**Artigo 116. Responsabilidade do pagamento da taxa suplementaria da cota láctea.**

Os operadores no sector do leite e produtos lácteos serán os responsables do pagamento da taxa láctea, sen posibilidade de repercusión ó gandeiro polas cantidades de leite ou os seus equivalentes das que non poñan acredita-la súa orixe. Neste suposto consideraranse incluídas as cantidades de leite non declaradas polos compradores autorizados.

Así mesmo, os operadores serán responsables do pagamento da taxa láctea polas cantidades de leite e os seus equivalentes adquiridos a compradores non autorizados.

**Artigo 117. Autorización de cesión de datos sobre a xestión da taxa láctea.**

Autorízase o Fondo Español de Garantía Agraria (FE-GA) para cede-los datos de identificación dos operadores do sector lácteo e os relativos ós movementos de leite procedentes das declaracións e actuacións de control, que obteña o dito organismo no exercicio das súas competencias sobre a xestión da taxa láctea ós órganos

do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que teñan legalmente atribuídas as funcións relativas ó desenvolvemento de sistemas que permitan o seguimento das producións gandeiras desde a explotación ata a súa comercialización.

**Artigo 118. Modificación da Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo agroalimentarios.**

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo agroalimentarios.

Un. Modifícase a redacción do parágrafo primeiro do número 1 do artigo 4, da Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, que queda da seguinte forma:

«1. As comisións de seguimento dotaranse de personalidade xurídica, de acordo co ordenamento xurídico, carecerán de ánimo de lucro, terán carácter representativo e composición paritaria entre as partes proponentes dos contratos tipo. Corresponderalles ás citadas comisións o seguimento, promoción, vixilancia e control dun ou varios contratos tipo homologados sempre que se trate dun mesmo produto agrario, remitindo ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, anualmente, os datos de contratos e calquera outra información relevante requirida por este.»

O resto do número e artigo quedan coa mesma redacción.

Dous. Modifícase a redacción do número 1 do artigo 5, da Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, que queda da seguinte forma:

«1. Poderán solicita-la homologación dun contrato tipo agroalimentario as comisións de seguimento e as organizacións interprofesionais recoñecidas. Así mesmo, poderano solicita-las organizacións representativas da produción, por unha parte, e da transformación e comercialización, por outra, e, en defecto destas últimas, por empresas de transformación e comercialización.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

**Artigo 119. Modificación da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias.**

Dáselles nova redacción ós artigos 8 e 9 da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, que quedan redactados do seguinte modo:

Un. Modifícase a redacción do artigo 8 da Lei 38/1994, do 30 de decembro, que queda da seguinte forma:

«Artigo 8. *Extensión de normas.*

1. Adoptado un acordo no interior da organización interprofesional agroalimentaria, elevarase ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para a súa aprobación, se é o caso, mediante orde ministerial, a proposta de extensión de todas ou algunhas das súas normas ó conxunto total de produtores e operadores do sector ou produto. Cando a dita proposta estea relacionada coa competencia doutros departamentos ministeriais,

a aprobación farase mediante orde ministerial conxunta.

As propostas de extensión de normas deberanse referir a regras relacionadas:

a) Coa calidade dos produtos, incluíndo nela tódolos aspectos relacionados coa sanidade deles ou das súas materias primas, así como a súa normalización, acondicionamento e envasado, sempre e cando non existan disposicións reguladoras sobre a mesma materia ou, no caso de existiren, se coadruve ó seu cumprimento ou se eleven as esixencias delas.

b) A mellor protección do medio.

c) A mellor información e coñecemento sobre as producións e os mercados.

d) As accións promocionais que redunden en beneficio do sector ou produto correspondente.

e) As accións tendentes a promover a investigación, o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica nos diferentes sectores.

f) A elaboración de contratos tipo compatibles coa normativa nacional e comunitaria.

2. Soamente se poderá solicitar a extensión de normas reguladas no punto anterior, nas condicións que se establezan por vía regulamentaria, cando os acordos tomados contén, polo menos, co apoio do 50 por cento dos produtores e operadores das distintas ramas profesionais implicadas, que deben representar, pola súa vez, como mínimo, dúas terceiras partes das producións afectadas.

A acreditación de representatividade será efectuada polas organizacións membros da organización interprofesional correspondente.

3. Regulamentariamente, estableceranse os mecanismos de control e seguimento do cumprimento dos acordos de extensión de normas.

4. O contido deste artigo enténdese, en todo caso, sen prexuízo da aplicación das disposicións contidas no artigo 1 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.»

Dous. Modifícase a redacción do artigo 9 da Lei 38/1994, do 30 de decembro, que queda da seguinte forma:

«Artigo 9. *Achega económica en caso de extensión de normas.*

Cando, nos termos establecidos no artigo anterior, se estendan normas ó conxunto dos produtores e operadores implicados, as organizacións interprofesionais agroalimentarias poderanlle propor ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para a súa aprobación, se é o caso, a achega económica por parte daqueles que non estean integrados nelas, de acordo cos principios de proporcionalidade na contía respecto ós custos das accións e de non discriminación con respecto ós membros das organizacións interprofesionais agroalimentarias. A orde ministerial correspondente fixará a duración dos acordos para os que se solicita a extensión de normas con base na normativa nacional e comunitaria.

Non se poderán repercutir gastos de funcionamento da organización interprofesional agroalimentaria que non correspondan ó custo das accións.»

Artigo 120. *Normativa básica sobre réximes de axuda ós agricultores no marco da política agrícola común.*

1. O réxime de pagamento único das axudas directas previsto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables ós réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda ós agricultores aplicarase en todo o territorio a escala nacional.

2. O réxime de pagamento único parcial a que se refire a sección 2 do capítulo 5 do título III do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, aplicarase a escala nacional para cada un dos pagamentos directos sinalados nos artigos 66, 67 e 68, así como a aplicación opcional para tipos específicos de actividades agrarias e a calidade de produción regulada no artigo 69 do citado regulamento.

3. Habilítase o Goberno para que, por vía de real decreto, desenvolva o establecido neste artigo de conformidade coas previsións do Regulamento (CE) 1782/2003.

Artigo 121. *Fondo de apoio á acuicultura en Galicia.*

1. Créase o Fondo de apoio á acuicultura en Galicia, que terá por obxecto prestarlles apoio financeiro ás empresas de acuicultura en Galicia.

2. O Fondo de apoio á acuicultura en Galicia terá unha dotación de 3 millóns de euros, dos cales a metade será achegada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e a outra metade pola sociedade estatal SEPI Desenvolvemento Empresarial, S.A. (SEPIDES). A dita dotación será desembolsada e transferida a SEPIDES.

Ó longo do ano 2004, a entidade xestora do fondo poderá aprobar operacións por un valor total máximo de 3 millóns de euros.

3. Mediante convenio entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e SEPIDES, estableceranse o procedemento e as condicións aplicables á xestión do fondo, así como os criterios e procedementos de selección, concesión e control das axudas e préstamos aprobados.

4. O apoio financeiro do fondo ás empresas de acuicultura en Galicia prestarase en forma de préstamos participativos e, se é o caso, créditos a longo prazo ou calquera outra fórmula de financiamento internacionalmente recoñecida, para o desenvolvemento desta actividade.

5. Os investimentos do fondo nas empresas beneficiarias poderanse realizar en réxime de cofinanciamento coa entidade xestora, SEPIDES, de acordo coas condicións de mercado.

6. O Fondo de apoio á acuicultura en Galicia será xestionado pola sociedade estatal SEPI Desenvolvemento Empresarial, S.A. (SEPIDES), que analizará a viabilidade dos proxectos presentados e os aprobará, logo da emisión de informes favorables por parte da comisión de seguimento que se creará mediante o convenio citado no número tres e do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. A avaliación dos proxectos farase seguindo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia e obxectividade, conforme o que estableza o convenio de colaboración anteriormente mencionado.



En tódalas actuacións relativas a este fondo, a entidade xestora actuará en nome propio e por conta do citado fondo. De igual maneira, a entidade xestora actuará como depositaria dos contratos representativos das operacións realizadas con cargo ó fondo. Tódalas operacións efectuadas serán rexistradas nunha contabilidade específica, separada e independente da propia entidade xestora, de acordo co establecido na Lei xeral orzamentaria.

7. SEPIDES ingresará no Tesouro Público a dotación percibida con cargo ós orzamentos xerais do Estado, menos o importe correspondente ós préstamos falidos e os gastos derivados da xestión do fondo, máis os rendementos financeiros que poidan xera-las cantidades achegadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación no prazo máximo de 10 anos.

8. Este fondo carece de personalidade xurídica. As responsabilidades do fondo limitaranse exclusivamente a aquelas que a entidade xestora contraese por conta del. Igualmente, os posibles acredores do fondo non poderán facer efectivos os seus créditos contra o patrimonio da entidade xestora, a responsabilidade da cal se limita ó importe das súas achegas ó fondo.

Os posibles falidos que se xeren pola aplicación do fondo reducirán a súa contía no momento da liquidación ó final do prazo de reembolso da dotación.

## CAPÍTULO V

### Acción administrativa en materia de ambiente

Artigo 122. *Modificación do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.*

Engádeselle un novo parágrafo ó número 2 do artigo 127 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, coa seguinte redacción:

«O informe previo será emitido, por petición do Ministerio de Medio Ambiente ou os seus organismos autónomos, polas entidades locais afectadas polas obras. O informe deberase pronunciar exclusivamente sobre aspectos relacionados co planeamento urbanístico e entenderase favorable se non se emite e notifica no prazo dun mes.»

O resto do número e do artigo permanece coa mesma redacción.

Artigo 123. *Declaración de urxente ocupación de determinadas obras hidráulicas.*

1. Para os efectos previstos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase urxente a ocupación de bens afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras que a continuación se relacionan, que foron declaradas de interese xeral do Estado pola Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional:

Confederación Hidrográfica do Norte:

Mellora do saneamento de Lugo: estación depuradora de augas residuais de Lugo.

Mellora do saneamento de Ourense: acondicionamento dos colectores da marxe dereita do río Miño en Ourense, tramos: Ponte Nova-Balneario, Vinteún-Ponte Nova, Eiras Vedras-Tarascón.

Confederación Hidrográfica del Duero:

Canal Bajo de los Payuelos.

Ramais principais do Canal Alto de los Payuelos.

Medidas correctoras dos vertidos ó alto Órbigo.

Confederación Hidrográfica del Tajo:

Saneamento e depuración de La Vera.

Ampliación da ETAP da Mancomunidade de Augas do Sorbe.

Diques inundables para o desenvolvemento recreativo do embalse de Entrepeñas. Dique de Pareja.

Ampliación e mellora do abastecemento á Mancomunidade de Algodor. Treito III.

Confederación Hidrográfica del Guadiana:

Toma no encoro de Andévalo.

Saneamento e depuración de augas residuais urbanas. Marismas de Odiel.

Canalizacións en Puebla de la Calzada. Desvío do regato Cabrillas.

Confederación Hidrográfica del Guadalquivir:

Reconstrucción do azude de El Portal no río Guadalete.

Modernización da zona regable do Genil, marxe esquerda. Estación de bombeo e impulsión de Peñaflo.

Modernización da zona regable do Genil, marxe esquerda. Estación de bombeo e impulsión de Ramblilla.

Confederación Hidrográfica del Sur de España:

Reposición e adecuación da canalización do río Adra. Treito: La Alquería-Puente del Río. T. M. Adra (Almería).

Estación depuradora de augas residuais de Algeciras (Cádiz).

Confederación Hidrográfica del Segura:

Estacións depuradoras de augas residuais e colectores do Mar Menor norte (Murcia).

Presas das ramblas do Puerto de la Cadena, Tabala e Arroyo Grande (Murcia e Alacante).

Modernización dos regadíos da Vega Alta del Segura.

Confederación Hidrográfica del Júcar:

Gran reparación e automatización do canal principal do Campo do Turia.

Confederación Hidrográfica del Ebro.

Abastecemento dos municipios do río Oja.

Abastecemento dos municipios da zona de influencia da Presa de Enciso.

2. Para os efectos previstos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase urxente a ocupación de bens afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras que a continuación se relacionan, que foron declaradas de interese xeral do Estado pola Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social para o ano 2003:

Confederación Hidrográfica del Duero:

Abastecemento mancomunado «Vecindad de Burgos y Bajo Arlanza».

Abastecemento comarcal Araviana-Rituerto.

Abastecemento ás localidades do val de Esgueva 2.<sup>a</sup> Fase.

Abastecemento en alta a Benavente e a outros municipios do Val do Tera.

Artigo 124. *Réxime transitorio da transferencia de recursos hídricos desde o encoro do Negratín, na Bacía Hidrográfica do Guadalquivir, ó de Cuevas de Almanzora, na Bacía Hidrográfica do sur, regulada na disposición adicional vixésimo segunda da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social para o ano 2000.*

1. Mentres non estean realizadas as obras de regulación da bacía do Guadalquivir que permitan incrementa-las disponibilidades actuais do sistema de regulación xeral, de forma que sexa posible equilibra-lo déficit que a transferencia Negratín-Almanzora provoca, poderase autorizar de forma provisional e con carácter anual, logo de acordo da Xunta de Goberno da Confederación Hidrográfica del Guadalquivir, unha transferencia de caudais con cargo a potenciais recursos de augas superficiais e subterráneas da bacía, incluído o posible remanente de auga procedente da distribución de caudais que non fosen obxecto de concesión.

2. A dita transferencia poderase levar a cabo se o déficit que provoca queda cuberto mediante a incorporación dos recursos anteriormente indicados que puidesen resultar dispoñibles, ó sistema de regulación xeral, en substitución dos que se puidesen derivar polo sistema Negratín-Almanzora. Os usuarios da transferencia compensaranlle á Confederación Hidrográfica del Guadalquivir as exaccións que, de acordo co artigo 114 do texto refundido da Lei de augas, correspondan, así como os custos que a dispoñibilidade dos ditos recursos poida supor.

3. As alíneas a), b), c), e) e f) do número 2 da disposición adicional vixésimo segunda da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social para o ano 2000 serán de aplicación a este réxime transitorio.

4. O establecemento dos volumes que se transfiran en cada período concreto e a adopción de cantas decisións sexan precisas para o bo funcionamento da transferencia, neste réxime transitorio, corresponderánlle á comisión de xestión técnica a que se refire o número 3 da citada disposición adicional vixésimo segunda.

Artigo 125. *Declaración de urxente ocupación de bens afectados pola expropiación a que dea lugar a realización do trazado e as obras de infraestrutura que sexan necesarias para a realización das transferencias de recursos hídricos que autoriza a Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrológico Nacional.*

Para os efectos previstos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase urxente a ocupación de bens afectados pola expropiación a que dea lugar a realización do trazado e as obras de infraestrutura que sexan necesarias para a realización das transferencias de recursos hídricos que autoriza o artigo 13 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrológico Nacional.

Artigo 126. *Modificación da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e a fauna silvestres.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e a fauna silvestres.

Un. Modifícase o número 3 do artigo 22 da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e a fauna silvestres, que pasa a te-la seguinte redacción:

«3. Os parques nacionais serán xestionados conxuntamente pola Administración xeral do Estado e a comunidade ou as comunidades autónomas no territorio das cales se encontren situados.

Os parques nacionais serán financiados con cargo ós orzamentos xerais do Estado, a través do organismo autónomo Parques Nacionais e, logo de acordo coas comunidades autónomas afectadas, coas achegas que estas realicen para o dito financiamento no orzamento do organismo autónomo Parques Nacionais.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 23 da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e a fauna silvestres, que pasa a te-la seguinte redacción:

«4. A comisión mixta quedará validamente constituída no momento en que as administracións interesadas designen os seus representantes e se reunise por primeira vez, por iniciativa do Ministerio de Medio Ambiente.

A presidencia desta comisión recaerá cada ano, alternativamente, nun dos representantes da Administración xeral do Estado ou das administracións autonómicas.

A partir do momento da súa constitución, para a realización de reunións e adopción de acordos será precisa a presenza de polo menos a metade dos membros, entre os que se incluírá o presidente.

O presidente dirimirá co seu voto os empates para efectos de adopta-los acordos que deriven do exercicio das funcións reguladas na alínea j) do número 5 deste artigo.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Tres. Modifícase o artigo 23 ter da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e a fauna silvestres, que pasa a te-la seguinte redacción:

«1. A responsabilidade da administración e coordinación das actividades do parque nacional recaerá no seu director-conservador, que será designado por acordo da comisión mixta de xestión.

2. En caso de non se alcanzar acordo para a designación do director-conservador do parque nacional no seo da comisión mixta, elevarase a documentación relativa ós aspirantes ó Consello da Rede de Parques Nacionais que, por maioría dos seus membros, designará o funcionario que así considere.

3. Mentres se resolve o nomeamento, a responsabilidade da dirección do parque nacional

recaerá no director adxunto ou, se é o caso, no funcionario de maior nivel e antigüidade existente no cadro de persoal do parque nacional.

4. O nomeamento de director-conservador recaerá nun funcionario da Administración xeral do Estado ou das administracións autonómicas implicadas.

5. Con posterioridade á citada designación pola comisión mixta, o organismo autónomo Parques Nacionais realizará as actuacións administrativas precisas para posibilita-la incorporación ó seu cadro de persoal.

Os directores-conservadores asistirán ás reunións das comisións mixtas de acordo co previsto no número 6 do artigo 23 desta lei.»

Catro. Modifícase o artigo 28, número 2, alínea f) da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e a fauna silvestres, que pasa a te-la seguinte redacción:

«f) Para permitir, en condicións estritamente controladas e mediante métodos selectivos tradicionais, a captura, retención ou calquera outra explotación prudente de determinadas especies non catalogadas en pequenas cantidades e coas limitacións precisas para garanti-la súa conservación.»

Cinco. Modifícase o segundo parágrafo do punto 2 do artigo 39 da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e a fauna silvestres, que pasa a te-la seguinte redacción:

«As infraccións graves e moi graves comportarán, se é o caso, e atendendo á súa natureza, a prohibición de cazar ou pescar durante un prazo máximo de dez anos, e as menos graves ata un prazo dun ano.»

Seis. Introdúcese un novo número 4 no artigo 39 da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e a fauna silvestres, coa seguinte redacción:

«4. Para efectos do exercicio da potestade sancionadora pola Administración xeral do Estado, e sen prexuízo do que poidan dispor ó respecto leis especiais, as infraccións tipificadas no artigo 38 cualificaranse do seguinte modo:

a) Como moi graves as comprendidas nos números 1, 6 e 7.

b) Como graves as comprendidas nos números 2, 8, 9, 12 e 13.

c) Como menos graves as comprendidas nos números 5, 10, 11 e 14.

d) Como leves as comprendidas nos números 3 e 4.

No suposto de que as ditas infraccións dean lugar a danos sobre as persoas, os bens ou o ambiente de difícil ou imposible reparación, cualificaranse na categoría superior en gravidade á sinalada no parágrafo anterior.

En todo caso, os criterios establecidos no primeiro punto deste artigo teranse en conta para gradua-la sanción que se imponha dentro do intervalo correspondente a cada infracción.»

Os números 4 e 5 do artigo 39 da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e a fauna silvestres, pasan a se-los números 5 e 6.

Sete. Modifícase a disposición adicional quinta da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e a fauna silvestres, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Son normas básicas, para os efectos do previsto no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución, os seguintes artigos e disposicións: 1, 2, 4, 5, 6, 8 ó 19, 20 bis ó 31, 33 ó 41, excepto o número 4 do artigo 39; disposicións adicionais primeira, segunda, cuarta, quinta, disposición transitoria segunda e anexos I e II.»

Oito. Modifícase a disposición adicional oitava da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e a fauna silvestres, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Se non houberse outra solución satisfactoria, e cumprindo os requisitos dos números 3 e 6 do artigo 28, a Administración competente poderá deixar sen efecto a prohibición establecida na alínea b) do artigo 34 respecto das aves migratorias non catalogadas e durante o seu traxecto de regreso ós seus lugares de cría, para permitir, nos lugares tradicionais, en condicións estritamente controladas e dun modo selectivo, a captura, a retención ou calquera outra explotación prudente de determinadas especies en pequenas cantidades e coas limitacións precisas para garanti-la súa conservación.»

Nove. Introdúcese unha nova disposición adicional novena na Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e a fauna silvestres, coa seguinte redacción:

«Para o exercicio da potestade sancionadora en parques nacionais, serán competentes para dictar resolución:

a) O director-conservador do parque, no caso de infraccións leves ou menos graves.

b) O director do organismo autónomo Parques Nacionais, no caso de infraccións graves.

c) O presidente do organismo autónomo Parques Nacionais, no caso de infraccións moi graves. Esta competencia poderá ser delegada no vicepresidente do organismo autónomo.

O prazo para resolver e notifica-la resolución dos expedientes sancionadores será de doce meses. Transcorrido o dito prazo sen que tal notificación se producise, dictarase resolución declarando a caducidade do procedemento, cos efectos previstos na lexislación vixente.»

Dez. O anexo I da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e a fauna silvestres pasa a te-lo seguinte título:

«Anexo I. Principais sistemas naturais españois.»

Once. O anexo II da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e a fauna silvestres pasa a te-lo seguinte título:

«Anexo II. Especies que serán obxecto de medidas de conservación especiais en canto ó seu hábitat, co fin de asegura-la súa supervivencia e a súa reprodución na súa área de distribución.»

**Artigo 127. Modificación do Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.**

Modifícanse os seguintes preceptos do Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.

Un. Modifícase a alínea c) do número 1 do artigo 2 do Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, que queda redactado como segue:

«c) Avaliación dos efectos previsibles directos e indirectos do proxecto sobre a poboación, a flora, a fauna, o solo, o aire, a auga, os factores climáticos, a paisaxe e os bens materiais, incluído o patrimonio histórico-artístico e o arqueolóxico. Así mesmo, atenderase á interacción entre todos estes factores.»

O resto do artigo mantense coa mesma redacción.

Dous. Modifícase o artigo 9 do Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, que queda redactado como segue:

«1. Se un proxecto dos sometidos obrigatoriamente a avaliación de impacto ambiental se comezase a executar sen o cumprimento deste requisito, suspenderase a súa execución por requirimento do órgano administrativo de ambiente competente, sen prexuízo da responsabilidade a que houber lugar.

2. Así mesmo, o órgano substantivo competente acordará a suspensión nos seguintes supostos:

a) cando se acredítase a ocultación de datos ou o seu falseamento ou a manipulación maliciosa no procedemento de avaliación, sempre que influíse de forma determinante no resultado da dita avaliación.

b) cando se incumprisen ou transgredisen de maneira significativa as condicións ambientais impostas para a execución do proxecto.

3. O requirimento do órgano administrativo de ambiente, a que se refire o número 1 deste artigo, pode ser acordado de oficio ou por instancia de parte, unha vez xustificado o suposto a que fai referencia o dito punto.

4. No caso de suspensión de actividades, terase en conta o previsto na lexislación laboral.»

Tres. Engádeselle unha nova disposición adicional, a cuarta, ó Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Avaliación ambiental dos plans e proxectos estatais previstos no artigo 6 do Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garanti-la biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.*

1. A avaliación a que se refire o número 3 do artigo 6 do Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garanti-la biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, relativa a plans e proxectos au-

torizados pola Administración xeral do Estado e sometidos, pola súa vez, a avaliación de impacto ambiental, entenderase incluída no procedemento previsto polo Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.

2. Á vista das conclusións da avaliación de impacto sobre as zonas da Rede Natura 2000, e supeditado ó disposto no número 4 do artigo 6 do citado real decreto, o Ministerio de Medio Ambiente fixará as medidas compensatorias necesarias para garanti-la coherencia global de Natura 2000. Para a súa definición, consultarase preceptivamente o órgano competente da comunidade autónoma en que se localice o proxecto, o parecer do cal poderá ser incorporado á declaración de impacto ambiental que emita o órgano ambiental estatal. O prazo para a evacuación do dito informe será de 30 días. Transcorrido o dito prazo sen que se emitise o informe, o órgano ambiental estatal poderá proseguir as actuacións.

3. A remisión, se é o caso, da información á Comisión Europea sobre as medidas compensatorias que se adoptasen levaraa a cabo o Ministerio de Medio Ambiente nos termos previstos no artigo 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Catro. Modifícase a disposición derradeira terceira do Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, que terá a seguinte redacción:

«Este real decreto legislativo, excepto o previsto no seu artigo 9, ten o carácter de lexislación básica sobre protección do ambiente, de acordo co establecido no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución.»

**Artigo 128. Modificación da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.**

Modifícanse os seguintes preceptos na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, da seguinte forma:

Un. Engádeselle un punto ó artigo 8 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, pasando o seu actual contido a constituí-lo número 1 e incluíndose o novo número 2, que terá a seguinte redacción:

«2. Os sistemas de xestión a que se refire o punto anterior ateranse ás condicións específicas que, se é o caso, establezan as disposicións regulamentarias previstas no número 1 do artigo 7, entre as que se poderán incluí-las seguintes:

a) A atribución da xestión e a responsabilidade do sistema a unha entidade con personalidade xurídica diferenciada e sen ánimo de lucro.

b) A constitución das garantías necesarias para o cumprimento das súas obrigas.

c) O establecemento de obrigas de subministración de información, análises económicas e auditorías sobre a xestión dos residuos.»

Dous. Modifícase o parágrafo segundo do número 4 do artigo 27 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, que queda redactado como segue:

«Os titulares destas actividades, tras unha avaliación preliminar en que o contido será fixado polo Consello de Ministros logo de consulta ás comunidades autónomas, deberán así mesmo

remitir periodicamente á comunidade autónoma correspondente informes de situación nos que figuren os datos relativos ós criterios que sirvan de base para a declaración de solos contaminados, de acordo co número 1.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Tres. Engádenselle as seguintes alíneas ó número 2 do artigo 34 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos:

«k) A elaboración de produtos ou a utilización de envases polos axentes económicos a que se refire a alínea a) do artigo 7.1 respecto dos que se adoptase algunha das medidas enumeradas nel e, se é o caso, no artigo 8 desta lei, incumprindo as obrigas indicadas nos mencionados preceptos e na súa normativa de desenvolvemento, cando como consecuencia diso se perturbe gravemente a protección do ambiente, a saúde e hixiene públicas ou a seguridade dos consumidores.

l) A posta no mercado de produtos respecto dos que se adoptase algunha das medidas enumeradas nas alíneas b) e c) do artigo 7.1 e, se é o caso, no artigo 8 desta lei, dunha forma distinta ó establecido nos mencionados preceptos e na súa normativa de desenvolvemento.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Catro. Engádenselle as seguintes alíneas ó número 3 do artigo 34 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos:

«m) A elaboración ou utilización de produtos respecto dos que se adoptase algunha das medidas enumeradas na alínea a) do artigo 7.1 e, se é o caso, no artigo 8 desta lei, incumprindo as obrigas indicadas nos mencionados preceptos e na súa normativa de desenvolvemento, cando como consecuencia diso non se perturbe gravemente a protección do ambiente, a saúde e hixiene públicas ou a seguridade dos consumidores.

n) Non elabora-los plans empresariais de prevención ou de minimización de residuos ou non atende-los requirimentos efectuados polas comunidades autónomas para que sexan modificados ou completados con carácter previo á súa aprobación, cando así se establece de acordo co artigo 7.1 e, se é o caso, co artigo 8 desta lei e na súa normativa de desenvolvemento.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Cinco. Engádeselle o seguinte punto ó artigo 35 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos:

«3. Nos supostos das infraccións reguladas nas alíneas k) e l) do artigo 34.2 e na alínea m) do artigo 34.3, o órgano que exerza a potestade sancionadora poderá acordar tamén, como sanción accesoria, o comiso das mercadorías; neste caso determinará o seu destino final.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Artigo 129. *Modificación do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo*

*1/2001, do 20 de xullo, pola que se incorpora ó dereito español a Directiva 2000/60/CE, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.*

O texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 2 do artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«2. É tamén obxecto desta lei o establecemento das normas básicas de protección das augas continentais, costeiras e de transición, sen prexuízo da súa cualificación xurídica e da lexislación específica que lles sexa de aplicación.»

Dous. Os números 2 e 3 do artigo 1 pasan a se-lo números 3 e 4.

Tres. Engádesse un inciso ó final do actual número 4 que pasa a se-lo 5 e que queda redactado do seguinte modo:

«5. As augas minerais e termiais regularanse pola súa lexislación específica, sen prexuízo da aplicación do disposto no número 2.»

Catro. Modifícase a alínea d) do artigo 2, que queda redactada do seguinte modo:

«d) Os acuíferos, para os efectos dos actos de disposición ou de afección dos recursos hidráulicos.»

Cinco. Modifícase a denominación do capítulo IV, que pasa a ser «Dos acuíferos.»

Seis. Modifícase o artigo 16, que queda redactado do seguinte modo:

«Para os efectos desta lei, enténdese por bacía hidrográfica a superficie de terreo en que a escorrentía superficial flúe na súa totalidade a través dunha serie de correntes, ríos e eventualmente lagos cara ó mar por unha única desembocadura, esteiro ou delta. A bacía hidrográfica como unidade de xestión do recurso considérase indivisible.»

Sete. Engádesse o artigo 16 bis coa denominación de «Demarcación hidrográfica» que se redacta do seguinte modo:

«1. Enténdese por demarcación hidrográfica a zona terrestre e mariña composta por unha ou varias bacías hidrográficas veciñas e as augas de transición, subterráneas e costeiras asociadas ás ditas bacías.

Son augas de transición as masas de auga superficial próximas á desembocadura dos ríos que son parcialmente salinas como consecuencia da súa proximidade ás augas costeiras pero que reciben unha notable influencia de fluxos de auga doce.

Son augas costeiras as augas superficiais situadas cara á terra desde unha liña en que a totalidade de puntos se encontra a unha distancia dunha milla náutica mar adentro desde o punto máis próximo da liña de base que serve para medi-lo largo das augas territoriais e que se estenden, se é o caso, ata o límite exterior das augas de transición.

2. As augas costeiras especificaranse e incluíranse na demarcación ou demarcacións hidrográficas máis próximas ou máis apropiadas.

3. Os acuíferos que non correspondan plenamente a ningunha demarcación en particular, incluíranse na demarcación máis próxima ou máis apropiada, podendo atribuírse a cada unha das demarcacións a parte de acuífero correspondente ó seu respectivo ámbito territorial, e debendo garantirse, neste caso, unha xestión coordinada mediante as oportunas notificacións entre demarcacións afectadas.

4. A demarcación hidrográfica, como principal unidade a efectos da xestión de bacías, constitúe o ámbito espacial ó que se aplican as normas de protección das augas recollidas nesta lei sen prexuízo do réxime específico de protección do medio mariño que poida establece-lo Estado.

5. O Goberno, por real decreto, oídas as comunidades autónomas, fixará o ámbito territorial de cada demarcación hidrográfica que será coincidente co do seu plan hidrolóxico.»

Oito. Modifícase a alínea c) do número 1 do artigo 20, que queda redactada do seguinte modo:

«c) Os proxectos das disposicións de carácter xeral de aplicación en todo o territorio nacional relativas á protección das augas e á ordenación do dominio público hidráulico.»

Nove. Modifícase a denominación da sección segunda do capítulo III do título II, que pasa a se-la seguinte:

«Sección 2.<sup>a</sup> Órganos de goberno, administración e cooperación.»

Dez. Modifícase a denominación do artigo 26, que pasa a se-la seguinte:

«Órganos de goberno, administración e cooperación.»

Once. O número 3 do artigo 26 queda redactado do seguinte modo:

«3. É órgano de participación e planificación o Consello da Auga da demarcación.

É órgano para a cooperación, en relación coas obrigas derivadas desta lei para a protección das augas, o Comité de Autoridades Competentes.»

Doce. Modifícanse as alíneas d), e), f) e k) do artigo 28, que quedan redactadas nos seguintes termos:

«d) Prepara-los asuntos que se deban someter ó Consello da Auga da demarcación.»

«e) Aprobar, logo de informe do Consello da Auga da demarcación, as modificacións sobre o largo das zonas de servidume e de policía previstas no artigo 6 desta lei.»

«f) Declarar acuíferos sobreexplotados ou en risco de estalo, determina-los perímetros de protección dos acuíferos, conforme o sinalado no artigo 56 desta lei, aproba-las medidas de carácter xeral recollidas no artigo 55 e ser oída no trámite de audiencia ó organismo de bacía a que se refire o artigo 58. Así mesmo, correspóndelle a adopción das medidas para a protección das augas subterráneas fronte a intrusionés de augas salinas a que se refire o artigo 99 desta lei.»

«k) Proponerlle ó Consello da Auga da demarcación a revisión do plan hidrolóxico correspondente.»

Trece. Modifícase a alínea b) do número 1 do artigo 30, que queda redactada nos seguintes termos:

«b) Presidi-la xunta de goberno, a asemblea de usuarios, a comisión de desaugamento, o consello da auga da demarcación e o comité de autoridades competentes.»

Catorce. O artigo 35 queda redactado do seguinte modo:

«1. Para fomenta-la información, a consulta pública e a participación activa na planificación hidrolóxica créase, nas demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias, o Consello da Auga da demarcación.

2. Correspóndelle ó Consello da Auga da demarcación promove-la información, consulta e participación pública no proceso planificador, e elevar ó Goberno, a través do Ministerio de Medio Ambiente, o plan hidrolóxico da bacía e as súas posteriores revisións. Así mesmo, poderá emitir informe sobre as cuestións de interese xeral para a demarcación e as relativas á protección das augas e á mellor ordenación, explotación e tutela do dominio público hidráulico.

Para tales efectos, regulamentariamente determinarase a organización e o procedemento para facer efectiva a participación pública.

3. As comunidades autónomas, en que o territorio forme parte total ou parcialmente dunha demarcación hidrográfica, incorporaranse nos termos previstos nesta lei ó Consello da Auga correspondente para participar na elaboración da planificación hidrolóxica e demais funcións del.»

Quince. O artigo 36 queda redactado nos seguintes termos:

«1. A composición do Consello da Auga establecerase mediante real decreto, aprobado polo Consello de Ministros, e axustarase ós seguintes criterios:

a) Cada departamento ministerial relacionado coa xestión das augas e o uso dos recursos hidráulicos estará representado por un número de vocais non superior a tres.

b) Os servizos técnicos do organismo de bacía estarán representados por un máximo de tres vocais; cada servizo periférico de costas do Ministerio de Medio Ambiente en que o territorio coincida total ou parcialmente co da demarcación hidrográfica estará representado por un vocal; cada autoridade portuaria e capitánía marítima afectadas polo ámbito da demarcación hidrográfica estarán representadas por un vocal.

c) A representación das comunidades autónomas que participe no Consello, de acordo co previsto no artigo 35, determinarase e distribuirase en función do número de comunidades autónomas da demarcación e da superficie e poboación destas incluídas nela; cada unha das comunidades autónomas participantes deberá estar representada, polo menos, por un vocal.

A representación das comunidades autónomas non será inferior á que lles corresponda ós diversos departamentos ministeriais sinalados no número 1.a).

d) As entidades locais en que o territorio coincida total ou parcialmente co da bacía estarán representadas en función da extensión ou porcen-

taxe do dito territorio afectado pola demarcación hidrográfica, nos termos que regulamentariamente se determine. O número máximo de vocais non será superior a tres.

e) A representación dos usuarios non será inferior ó tercio do total de vocais e estará integrada por representantes dos distintos sectores con relación ós seus respectivos intereses no uso da auga.

f) A representación de asociacións e organizacións de defensa de intereses ambientais, económicos e sociais relacionados coa auga. O número de vocais non será superior a seis.

2. No caso de demarcacións hidrográficas de bacías intracomunitarias, a comunidade autónoma correspondente garantirá a participación social na planificación hidrolóxica, respectando as anteriores representacións mínimas de usuarios e organizacións interesadas nos órganos colexiados que para o efecto se creen, e asegurando que estean igualmente representadas nos ditos órganos todas as administracións públicas con competencias en materias relacionadas coa protección das augas e, en particular, a Administración xeral do Estado en relación coas súas competencias sobre o dominio público marítimo terrestre, portos de interese xeral e mariña mercante.»

Dezaseis. Engádese o artigo 36 bis coa denominación de «Comité de Autoridades Competentes» e co seguinte contido:

«Artigo 36 bis. *Comité de Autoridades Competentes.*

1. Para garanti-la adecuada cooperación na aplicación das normas de protección das augas, créase, no caso de demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias, o Comité de Autoridades Competentes.

A creación do Comité de Autoridades Competentes da demarcación hidrográfica non afectará a titularidade das competencias que nas materias relacionadas coa xestión das augas lles correspondan ás distintas administracións públicas, que continuarán exercéndose de acordo co previsto en cada caso na normativa que resulte de aplicación.

2. O Comité de Autoridades Competentes da demarcación hidrográfica terá como funcións básicas:

a) Favorece-la cooperación no exercicio das competencias relacionadas coa protección das augas que teñan as distintas administracións públicas no seo da respectiva demarcación hidrográfica.

b) Impulsa-la adopción polas administracións públicas competentes en cada demarcación das medidas que esixa o cumprimento das normas de protección desta lei.

c) Proporcionarlle á Unión Europea, a través do Ministerio de Medio Ambiente, a información relativa á demarcación hidrográfica que se requira, conforme a normativa vixente.

3. O Comité de Autoridades Competentes estará integrado por:

a) Os órganos da Administración xeral do Estado con competencias sobre o aproveitamento, protección e control das augas obxecto desta lei,

cun número de representantes que non supere o das comunidades autónomas.

b) Os órganos das comunidades autónomas en que o territorio forme parte total ou parcialmente da demarcación hidrográfica, con competencias sobre a protección e control das augas obxecto desta lei, cun representante por cada comunidade autónoma.

c) Os entes locais en que o territorio coincida total ou parcialmente co da demarcación hidrográfica, con competencias sobre a protección e control das augas obxecto desta lei, representados en función da súa poboación dentro da demarcación, a través das correspondentes federacións territoriais de municipios.

4. No caso de demarcacións hidrográficas de bacías intracomunitarias, as comunidades autónomas competentes garantirán o principio de unidade de xestión das augas, a cooperación no exercicio das competencias que en relación coa súa protección teñan as distintas administracións públicas e, en particular, as que lle corresponden á Administración xeral do Estado en materia de dominio público marítimo terrestre, portuario e de mariña mercante. Así mesmo, proporcionaranlle á Unión Europea, a través do Ministerio de Medio Ambiente, a información relativa á demarcación hidrográfica que se requira conforme a normativa vixente.»

Dezasete. Engádese o artigo 36 ter. coa denominación de «Notificación de autoridades competentes» e co seguinte contido:

«Artigo 36 ter. *Notificación de autoridades competentes.*

O Ministerio de Medio Ambiente facilitaralle á Comisión Europea unha lista das autoridades competentes españolas, e deberá, así mesmo, notificar calquera cambio que se produza nestas designacións.»

Dezaoito. Modifícase o contido e a denominación do artigo 40, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 40. *Obxectivos e criterios da planificación hidrolóxica:*

1. A planificación hidrolóxica terá por obxectivos xerais conseguirlo bo estado e a adecuada protección do dominio público hidráulico e das augas obxecto desta lei, a satisfacción das demandas de auga, o equilibrio e a harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial, incrementando as disponibilidades do recurso, protexendo a súa calidade, economizando o seu emprego e racionalizando os seus usos en harmonía co ambiente e os demais recursos naturais.

2. A política da auga está ó servicio das estratexias e plans sectoriais que sobre os distintos usos establezan as administracións públicas, sen prexuízo da xestión racional e sustentable do recurso que debe ser aplicada polo Ministerio de Medio Ambiente ou polas administracións hidráulicas competentes, que condicionará toda autorización, concesión ou infraestrutura futura que se solicite.

3. A planificación realizarase mediante os plans hidrolóxicos de bacía e o Plan Hidrolóxico Nacional. O ámbito territorial de cada plan hidroló-

xico de bacía será coincidente co da demarcación hidrográfica correspondente.

4. Os plans hidrolóxicos serán públicos e vinculantes, sen prexuízo da súa actualización periódica e revisión xustificada, e non crearán por si sos dereitos en favor de particulares ou entidades, polo que a súa modificación non dará lugar a indemnización, sen prexuízo do disposto no artigo 65.

5. O Goberno, mediante real decreto, aprobará os plans hidrolóxicos de bacía nos termos que considere procedentes en función do interese xeral, sen prexuízo do disposto no punto seguinte.

6. Os plans hidrolóxicos de bacía que fosen elaborados ou revisados ó abeiro do disposto no artigo 18 serán aprobados se se axustan ás prescricións dos artigos 40.1, 3 e 4 e 42, non afectan os recursos doutras bacías e, se é o caso, se acomodan ás determinacións do Plan Hidrolóxico Nacional.»

Dezanove. Engádese o artigo 40 bis coa denominación de «Definicións» e co seguinte contido:

«Artigo 40 bis. Definicións.

Para os efectos da planificación hidrolóxica e da protección das augas obxecto desta lei, entenderase por:

a) augas continentais: tódalas augas na superficie do solo e tódalas augas subterráneas situadas cara á terra desde a liña que serve de base para medi-lo largo das augas territoriais.

b) augas superficiais: as augas continentais, excepto as augas subterráneas; as augas de transición e as augas costeiras, e, no que se refire ó estado químico, tamén as augas territoriais.

c) augas subterráneas: tódalas augas que se encontran baixo a superficie do solo na zona de saturación e en contacto directo co solo ou o subsolo.

d) acuífero: unha ou máis capas subterráneas de rocha ou doutros estratos xeolóxicos que teñen a suficiente porosidade e permeabilidade para permitir xa sexa un fluxo significativo de augas subterráneas ou a extracción de cantidades significativas de augas subterráneas.

e) masa de auga superficial: unha parte diferenciada e significativa de auga superficial, como un lago, un encoro, unha corrente, río ou canal, parte dunha corrente, río ou canal, unhas augas de transición ou un tramo de augas costeiras.

f) masa de auga subterránea: un volume claramente diferenciado de augas subterráneas nun acuífero ou acuíferos.

g) masa de auga artificial: unha masa de auga superficial creada pola actividade humana.

h) masa de auga moi modificada: unha masa de auga superficial que, como consecuencia de alteracións físicas producidas pola actividade humana, experimentou un cambio substancial na súa natureza.

i) servizos relacionados coa auga: tódalas actividades relacionadas coa xestión das augas que posibilitan a súa utilización, tales como a extracción, o almacenamento, a conducción, o tratamento e a distribución de augas superficiais ou subterráneas, así como a recollida e depuración de augas residuais que verten posteriormente nas augas superficiais. Así mesmo, entenderanse como

servizos as actividades derivadas da protección de persoas e bens fronte ás inundacións.

j) usos da auga: as distintas clases de utilización do recurso, así como calquera outra actividade que teña repercusións significativas no estado das augas. Para efectos da aplicación do principio de recuperación de custos, os usos da auga deberán considerar, polo menos, o abastecemento de poboacións, os usos industriais e os usos agrarios.»

Vinte. Modifícase o número 2 do artigo 41, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. O procedemento para a elaboración e revisión dos plans hidrolóxicos de bacía regularase por vía regulamentaria, e deberá recoller, en todo caso, a programación de calendarios, programas de traballo, elementos que hai que considerar e borradores previos para posibilitar unha adecuada información e consulta pública desde o inicio do proceso.

Así mesmo, deberán preve-la elaboración previa, as administracións competentes, dos programas de medidas básicas e complementarias, recollidos no artigo 92. quáter, conducentes á consecución dos obxectivos ambientais previstos nesta lei. Os programas de medidas coordinaranse e integraranse nos plans hidrolóxicos.

De forma expresa, deberanse coordinar, para a súa integración no plan hidrolóxico, os programas relativos ás augas costeiras e de transición elaborados pola Administración xeral do Estado ou polas comunidades autónomas que participen no Comité de Autoridades Competentes da demarcación e que contén con litoral.»

Vinteun. Engádenselle ó artigo 41 os números 3, 4, 5 e 6, que se redactan nos seguintes termos:

«3. Na elaboración e revisión dos plans hidrolóxicos de bacía preverase necesariamente a participación dos departamentos ministeriais interesados, os prazos para a presentación das propostas polos organismos correspondentes e a actuación subsidiaria do Goberno en caso de falta de proposta. Garantírase, en todo caso, a participación pública en todo o proceso planificador, tanto nas fases de consultas previas coma nas de desenvolvemento e aprobación ou revisión do plan. Para tales efectos cumpríranse os prazos previstos na disposición adicional décimo segunda.

4. Os plans hidrolóxicos elaboraranse en coordinación coas diferentes planificacións sectoriais que os afecten, tanto respecto ós usos da auga coma ós do solo, e especialmente co establecido na planificación de regadíos e outros usos agrarios.

5. Con carácter previo á elaboración e proposta de revisión do plan hidrolóxico de bacía, prepararase un programa de traballo que inclúa, ademais do calendario sobre as fases previstas para a dita elaboración ou revisión, o estudo xeral sobre a demarcación correspondente.

O dito estudo xeral incorporará, nos termos que se estableza regulamentariamente, unha descrición xeral das características da demarcación, un resumo das repercusións da actividade humana no estado das augas superficiais e das augas subterráneas, e unha análise económica do uso da auga.



6. O Ministerio de Medio Ambiente remitirá-lles á Comisión Europea e a calquera Estado membro interesado exemplares dos plans hidrolóxicos aprobados, así como do estudo xeral da demarcación a que se alude no punto anterior.»

Vintedous. Modifícase o contido do artigo 42, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 42.

1. Os plans hidrolóxicos de bacía comprenderán obrigatoriamente:

a) A descrición xeral da demarcación hidrográfica, incluíndo:

a') Para as augas superficiais tanto continentais coma costeiras e de transición, mapas cos seus límites e localización, ecorrexións, tipos e condicións de referencia. No caso de augas artificiais e moi modificadas, incluírase así mesmo a motivación conducente a tal cualificación.

b') Para as augas subterráneas, mapas coa localización e límites das masas de auga.

c') O inventario dos recursos superficiais e subterráneos incluíndo os seus réximes hidrolóxicos e as características básicas de calidade das augas.

b) A descrición xeral dos usos, presións e incidencias antrópicas significativas sobre as augas, incluíndo:

a') Os usos e as demandas existentes cunha estimación das presións sobre o estado cuantitativo das augas, a contaminación de fonte puntual e difusa, incluíndo un resumo do uso do solo, e outras afeccións significativas da actividade humana.

b') Os criterios de prioridade e de compatibilidade de usos, así como a orde de preferencia entre os distintos usos e aproveitamentos.

c') A asignación e reserva de recursos para usos e demandas actuais e futuros, así como para a conservación ou recuperación do medio natural.

d') A definición dun sistema de explotación único para cada plan, en que, de forma simplificada, queden incluídos tódolos sistemas parciais, e co que se posibilite a análise global de comportamento.

c) A identificación e mapas das zonas protexidas.

d) As redes de control establecidas para o seguimento do estado das augas superficiais, das augas subterráneas e das zonas protexidas, e os resultados deste control.

e) A lista de obxectivos ambientais para as augas superficiais, as augas subterráneas e as zonas protexidas, incluíndo os prazos previstos para a súa consecución, a identificación de condicións para excepcións e prórrogas, e as súas informacións complementarias.

f) Un resumo da análise económica do uso da auga, incluíndo unha descrición das situacións e motivos que poidan permitir excepcións na aplicación do principio de recuperación de custos.

g) Un resumo dos programas de medidas adoptados para acadalos obxectivos previstos, incluíndo:

a') Un resumo das medidas necesarias para aplica-la lexislación sobre protección da auga, incluíndo separadamente as relativas á auga potable.

b') Un informe sobre as accións prácticas e as medidas tomadas para a aplicación do principio de recuperación dos custos do uso da auga.

c') Un resumo de controis sobre extracción e almacenamento da auga, incluídos os rexistros e a identificación de excepcións de control.

d') Un resumo de controis previstos sobre vertidos puntuais e outras actividades con incidencia no estado da auga, incluíndo a ordenación de vertidos directos e indirectos ó dominio público hidráulico e ás augas obxecto de protección por esta lei, sen prexuízo da competencia estatal exclusiva en materia de vertidos con orixe e destino no medio mariño.

e') Unha identificación de casos en que se autorizasen vertidos directos ás augas subterráneas.

f') Un resumo de medidas tomadas respecto ás substancias prioritarias.

g') Un resumo das medidas tomadas para previr ou reduci-las repercusións dos incidentes de contaminación accidental.

h') Un resumo das medidas adoptadas para masas de auga con poucas probabilidades de acadalos obxectivos ambientais fixados.

i') Detalles das medidas complementarias consideradas necesarias para cumprilos obxectivos ambientais establecidos, incluíndo os perímetros de protección e as medidas para a conservación e recuperación do recurso e contorno afectados.

j') Detalles das medidas tomadas para evitar un aumento da contaminación das augas mariñas.

k') As directrices para recarga e protección de acuíferos.

l') As normas básicas sobre melloras e transformacións en regadío que aseguren o mellor aproveitamento do conxunto de recursos hidráulicos e terreos dispoñibles.

m') Os criterios de avaliación dos aproveitamentos enerxéticos e a fixación dos condicionantes requiridos para a súa execución.

n') Os criterios sobre estudos, actuacións e obras para previr e evita-los danos debidos a inundacións, enchentes e outros fenómenos hidráulicos.

o') As infraestruturas básicas requiridas polo plan.

h) Un rexistro dos programas e plans hidrolóxicos máis detallados relativos a subbacías, sectores, cuestións específicas ou categorías de augas, acompañado dun resumo dos seus contidos. De forma expresa, incluíranse as determinacións pertinentes para o plan hidrolóxico de bacía derivadas do plan hidrolóxico nacional.

i) Un resumo das medidas de información pública e de consulta tomadas, os seus resultados e os cambios conseguintes efectuados no plan.

j) Unha lista das autoridades competentes designadas.

k) Os puntos de contacto e procedementos para obte-la documentación de base e a información requirida polas consultas públicas.

2. A primeira actualización do plan hidrolóxico, e tódalas actualizacións posteriores comprenderán obrigatoriamente:

a) Un resumo de tódolos cambios ou actualizacións efectuados desde a publicación da versión precedente do plan.

b) Unha avaliación dos progresos realizados na consecución dos obxectivos ambientais, incluída a presentación en forma de mapa dos resultados dos controis durante o período do plan anterior e unha explicación dos obxectivos ambientais non alcanzados.

c) Un resumo e unha explicación das medidas previstas na versión anterior do plan hidrolóxico de bacía que non se puxesen en marcha.

d) Un resumo de tódalas medidas adicionais transitorias adoptadas, desde a publicación da versión precedente do plan hidrolóxico de bacía, para as masas de auga que probablemente non alcancen os obxectivos ambientais previstos.»

Vintetrés. Modifícase o último parágrafo do número 4 do artigo 55, que queda redactado nos seguintes termos:

«As medidas previstas neste punto, que terán a consideración dun programa de medidas, poderán ser adoptadas polo organismo competente da Comunidade Autónoma, en coordinación co organismo de bacía, cando así se encomendase.»

Vintecatros. Modifícase a denominación do título V, que pasa a ser «a protección do dominio público hidráulico e da calidade das augas.»

Vintecinco. Modifícase o artigo 92, que se redacta do seguinte modo:

«Artigo 92. Obxectivos da protección.

Son obxectivos da protección das augas e do dominio público hidráulico:

a) Previ-la deterioración, protexer e mellora-lo estado dos ecosistemas acuáticos, así como dos ecosistemas terrestres e zonas húmidas que dependan de modo directo dos acuáticos en relación coas súas necesidades de auga.

b) Promove-lo uso sustentable da auga protexendo os recursos hídricos dispoñibles e garantindo unha subministración suficiente en bo estado.

c) Protexer e mellora-lo medio acuático establecendo medidas específicas para reducir progresivamente os vertidos, as emisións e as perdas de substancias prioritarias, así como para eliminar ou suprimir de forma gradual os vertidos, as emisións e as perdas de substancias perigosas prioritarias.

d) Garanti-la redución progresiva da contaminación das augas subterráneas e evita-la súa contaminación adicional.

e) Palia-los efectos das inundacións e secas.

f) Alcanzar, mediante a aplicación da lexislación correspondente, os obxectivos fixados nos tratados internacionais para previr e elimina-la contaminación do ambiente mariño.

g) Evitar calquera acumulación de compostos tóxicos ou perigosos no subsolo ou calquera outra acumulación que poida ser causa de degradación do dominio público hidráulico.»

Vinteseis. Engádese o artigo 92 bis coa denominación de «Obxectivos ambientais», que se redacta do seguinte modo:

«1. Para conseguir unha adecuada protección das augas, deberanse acadar os seguintes obxectivos ambientais:

a) Para as augas superficiais:

a') Previ-la deterioración do estado das masas de auga superficiais.

b') Protexer, mellorar e rexenerar tódalas masas de auga superficial co obxecto de alcanzar un bo estado delas.

c') Reducir progresivamente a contaminación procedente de substancias prioritarias e eliminar ou suprimir gradualmente os vertidos, as emisións e as perdas de substancias perigosas prioritarias.

b) Para as augas subterráneas:

a') Evitar ou limita-la entrada de contaminantes nas augas subterráneas e evita-la deterioración do estado de tódalas masas de auga subterránea.

b') Protexer, mellorar e rexenera-las masas de auga subterránea e garanti-lo equilibrio entre a extracción e a recarga co fin de conseguilo bo estado das augas subterráneas.

c') Inverte-las tendencias significativas e sostidas no aumento da concentración de calquera contaminante derivada da actividade humana co fin de reducir progresivamente a contaminación das augas subterráneas.

c) Para as zonas protexidas:

Cumpri-las esixencias das normas de protección que resulten aplicables nunha zona e acadar os obxectivos ambientais particulares que nelas se determinen.

d) Para as masas de auga artificiais e masas de auga moi modificadas:

Protexer e mellora-las masas de auga artificiais e moi modificadas para lograr un bo potencial ecolóxico e un bo estado químico das augas superficiais.

2. Os programas de medidas especificados nos plans hidrolóxicos deberán concreta-las actuacións e as previsións necesarias para alcanza-los obxectivos ambientais indicados.

3. Cando existan masas de auga moi afectadas pola actividade humana ou as súas condicións naturais fagan inviable a consecución dos obxectivos sinalados ou esixan un custo desproporcionado, sinalaranse obxectivos ambientais menos rigorosos nas condicións que se establezan en cada caso mediante os plans hidrolóxicos.»

Vinteseite. Engádese o artigo 92 ter coa denominación de «Estados das masas de auga», que se redacta do seguinte modo:

«1. En relación cos obxectivos de protección distinguiranse diferentes estados ou potenciais nas masas de auga, debendo diferenciarse polo menos entre as augas superficiais, as augas subterráneas e as masas de auga artificiais e moi modificadas. Regulamentariamente determinaranse as condicións técnicas definitorias de cada un dos estados e potenciais, así como os criterios para a súa clasificación.»

2. En cada demarcación hidrográfica estableceranse programas de seguimento do estado das augas que permitan obter unha visión xeral coherente e completa do dito estado. Estes programas incorporaranse ós programas de medidas que se deben desenvolver en cada demarcación.»

Vinteito. Engádese o artigo 92 quáter coa denominación de «Programas de medidas», que se redacta do seguinte modo:

«1. Para cada demarcación hidrográfica establecerase un programa de medidas en que se terán en conta os resultados dos estudos realizados para determinar as características da demarcación, as repercusións da actividade humana nas súas augas, así como o estudo económico do uso da auga nela.

2. Os programas de medidas terán como finalidade a consecución dos obxectivos ambientais sinalados no artigo 92 bis desta lei.

3. As medidas poderán ser básicas e complementarias:

a) As medidas básicas son os requisitos mínimos que se deben cumprir en cada demarcación e estableceranse regulamentariamente.

b) As medidas complementarias son aquelas que en cada caso se deban aplicar con carácter adicional para a consecución dos obxectivos ambientais ou para alcanzar unha protección adicional das augas.

4. O programa de medidas será integrado polas medidas básicas e as complementarias que, no ámbito das súas competencias, aproben as administracións competentes na protección das augas.»

Vintenoventa. Modifícase o artigo 93, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 93.

Enténdese por contaminación, para os efectos desta lei, a acción e o efecto de introducir materias ou formas de enerxía, ou inducir condicións na auga que, de modo directo ou indirecto, impliquen unha alteración prexudicial da súa calidade en relación cos usos posteriores, coa saúde humana ou cos ecosistemas acuáticos ou terrestres directamente asociados ós acuáticos; causen danos ós bens; e deterioren ou dificulten o disfrute e os usos do ambiente.

O concepto de degradación do dominio público hidráulico, para efectos desta lei, inclúe as alteracións prexudiciais do contorno afecto ó dito dominio.»

Trinta. Modifícase a denominación do artigo 99, que pasa a ser a seguinte: «Protección das augas subterráneas fronte a intrusionés de augas salinas».

Trinta e un. Engádese o artigo 99 bis coa denominación de «Rexistro de zonas protexidas», que se redacta do seguinte modo:

«1. Para cada demarcación hidrográfica existirá polo menos un rexistro das zonas que fosen declaradas obxecto de protección especial en virtude de norma específica sobre protección de augas superficiais ou subterráneas, ou sobre conservación de hábitats e especies directamente dependentes da auga.

2. No rexistro incluíranse necesariamente:

a) As zonas en que se realiza unha captación de auga destinada a consumo humano, sempre que proporcione un volume medio de polo menos 10 metros cúbicos diarios ou abasteza máis de cincuenta persoas, así como, se é o caso, os perímetros de protección delimitados.

b) As zonas que, de acordo co respectivo plan hidrolóxico, se vaian destinar nun futuro á captación de augas para consumo humano.

c) As zonas que fosen declaradas de protección de especies acuáticas significativas desde o punto de vista económico.

d) As masas de auga declaradas de uso recreativo, incluídas as zonas declaradas augas de baño.

e) As zonas que fosen declaradas vulnerables en aplicación das normas sobre protección das augas contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias.

f) As zonas que fosen declaradas sensibles en aplicación das normas sobre tratamento das augas residuais urbanas.

g) As zonas declaradas de protección de hábitats ou especies en que o mantemento ou mellora do estado da auga constitúa un factor importante da súa protección.

h) Os perímetros de protección de augas minerais e termais aprobados de acordo coa súa lexislación específica.

3. As administracións competentes por razón da materia facilitaránlle ó organismo de bacía correspondente a información precisa para manter actualizado o Rexistro de zonas protexidas de cada demarcación hidrográfica baixo a supervisión do Comité de Autoridades Competentes da demarcación.

O rexistro deberase revisar e actualizar, xunto coa actualización do plan hidrolóxico correspondente, na forma que regulamentariamente se determine.

4. Un resumo do rexistro formará parte do plan hidrolóxico de bacía.»

Trinta e dous. O capítulo II, «Dos vertidos», estrutúrase en dúas seccións «Sección 1.<sup>a</sup>, Vertidos ó dominio público hidráulico», e «Sección 2.<sup>a</sup>, Vertidos mariños».

Trinta e tres. O punto segundo do artigo 100 redáctase do seguinte modo:

«2. A autorización de vertido terá como obxecto a consecución dos obxectivos ambientais establecidos. As ditas autorizacións outorgaranse tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e de acordo coas normas de calidade ambiental e os límites de emisión fixados regulamentariamente. Estableceranse condicións de vertido máis rigorosas cando o cumprimento dos obxectivos ambientais así o requira.»

Trinta e catro. O actual número terceiro e o cuarto do artigo 100 pasan a ser cuarto e quinto e redáctanse do seguinte modo:

«4. Cando se outorgue unha autorización ou se modifiquen as súas condicións, poderanse establecer prazos e programas de redución da contaminación para a progresiva adecuación das

características dos vertidos ós límites que nela se fixen.

5. A autorización de vertido non exime de calquera outra que sexa necesaria, conforme outras leis para a actividade ou instalación de que se trate.»

Trinta e cinco. Créase unha sección 2.<sup>a</sup> no capítulo II do título V, coa denominación de «Vertidos mariños», que se redacta do seguinte modo:

«SECCIÓN 2.<sup>a</sup> VERTIDOS MARIÑOS

Artigo 108 bis. *Principios xerais.*

1. A protección das augas mariñas terá por obxecto interromper ou suprimir gradualmente os vertidos, as emisións e as perdas de substancias perigosas prioritarias, co obxectivo último de conseguir concentracións no medio mariño próximas ós valores básicos polo que se refire ás substancias de orixe natural e próximas a cero polo que respecta ás substancias sintéticas artificiais.

2. Os principios xerais enumerados no punto anterior serán recollidos pola lexislación sectorial aplicable en cada caso.»

Trinta e seis. Engádeselle ó título VI, «Do réxime económico financeiro da utilización do dominio público hidráulico», o artigo 111 bis coa denominación de «Principios xerais», que se redacta do seguinte modo:

«Artigo 111 bis. *Principios xerais.*

1. As administracións públicas competentes terán en conta o principio de recuperación dos custos dos servizos relacionados coa xestión das augas, incluíndo os custos ambientais e do recurso, en función das proxeccións a longo prazo da súa oferta e demanda.

2. A aplicación do principio de recuperación dos mencionados custos deberase facer de maneira que incentive o uso eficiente da auga e, polo tanto, contribúa ós obxectivos ambientais perseguidos.

Así mesmo, a aplicación do mencionado principio deberase realizar cunha contribución adecuada dos diversos usos, de acordo co principio de que o que contamina paga, e considerando polo menos os usos de abastecemento, agricultura e industria. Todo iso con aplicación de criterios de transparencia.

3. Para a aplicación do principio de recuperación de custos teranse en conta as consecuencias sociais, ambientais e económicas, así como as condicións xeográficas e climáticas de cada territorio, sempre e cando iso non comprometa nin os fins nin o logro dos obxectivos ambientais establecidos.

Os plans hidrolóxicos de bacía deberán motivar as excepcións indicadas.»

Trinta e sete. Engádese un novo artigo 121bis, coa denominación de «Responsabilidade comunitaria» e co seguinte contido:

«Artigo 121 bis. *Responsabilidade comunitaria.*

As administracións públicas competentes en cada demarcación hidrográfica, que incumpriran os obxectivos ambientais fixados na planificación hidrolóxica ou o deber de informar sobre estas

cuestións, dando lugar a que o Reino de España sexa sancionado polas institucións europeas, asumirán na parte que lles sexa imputable as responsabilidades que de tal incumprimento se derivasen. No procedemento de imputación de responsabilidade que se tramite garantirase, en todo caso, a audiencia da Administración afectada, podendo compensarse o importe que se determine con cargo ás transferencias financeiras que aquela reciba.»

Trinta e oito. Suprímese a disposición adicional terceira.

Trinta e nove. Incorpórase a disposición adicional décimo primeira coa denominación de «Prazos para acadar los obxectivos ambientais», que se redacta nos seguintes termos:

«Disposición adicional décimo primeira. *Prazos para acadar los obxectivos ambientais.*

1. En relación cos obxectivos ambientais do artigo 92 bis, deberanse satisfacer os prazos seguintes:

a) Os obxectivos deberanse acadar antes do 31 de decembro de 2015, con excepción do obxectivo previsto no número 1.a).a') do artigo 92 bis, que é esixible desde a entrada en vigor desta lei.

b) O prazo para a consecución dos obxectivos poderase prorrogar respecto dunha determinada masa de auga se, ademais de non se producir unha nova deterioración do seu estado, se dá algunha das seguintes circunstancias:

a') Cando as melloras necesarias para obter o obxectivo só se poidan lograr, debido ás posibilidades técnicas, nun prazo que exceda do establecido.

b') Cando o cumprimento do prazo establecido dea lugar a un custo desproporcionadamente alto.

c') Cando as condicións naturais non permitan unha mellora do estado no prazo sinalado.

c) As prórrogas do prazo establecido, a súa xustificación e as medidas necesarias para a consecución dos obxectivos ambientais relativos ás masas de auga incluíranse no plan hidrolóxico de bacía, sen que poidan exceder a data do 31 de decembro de 2027. Exceptuarase deste prazo o suposto en que as condicións naturais impidan lograr os obxectivos.

2. En relación cos programas de medidas do artigo 92 quáter, deberanse satisfacer os prazos seguintes:

a) Deberán estar aprobados antes do 31 de decembro de 2009, requiríndose a súa actualización no ano 2015 e a súa revisión posterior cada seis anos.

b) Tódalas medidas incluídas no programa deberán estar operativas no ano 2012.

3. Os programas de seguimento deberán estar operativos o 31 de decembro de 2006.

4. As análises e os estudos previos ós que se refire o artigo 42.1.f) deberán estar terminados o 31 de decembro de 2004, debéndose actualizar antes do 31 de decembro de 2013, e posteriormente cada seis anos.

5. O Rexistro de zonas protexidas a que se refire o artigo 99 bis deberá estar completado o 31 de decembro de 2004.

6. A revisión dos plans hidrolóxicos de bacía deberá entrar en vigor o 31 de decembro de 2009, debendo desde esa data revisarse cada seis anos.

7. A política de incentivos para o uso eficiente da auga, así como a contribución económica adecuada dos distintos usos, deberá ser efectiva como máis tarde o 31 de decembro de 2010.»

Corenta. Incorpórase a disposición adicional décimo segunda coa denominación de «Prazos para a participación pública», que se redacta nos seguintes termos:

«Disposición adicional décimo segunda. *Prazos para a participación pública.*

1. O organismo de bacía ou administración hidráulica competente da comunidade autónoma publicarán e porán á disposición do público, nos prazos que nesta disposición se establecen, os seguintes documentos:

a) Tres anos antes de se inicia-lo procedemento para a aprobación ou revisión do correspondente plan hidrolóxico, un calendario e un programa de traballo sobre a elaboración do plan, con indicación das fórmulas de consulta que se adoptarán en cada caso.

b) Dous anos antes do inicio do procedemento a que se refire o parágrafo anterior, un esquema provisional dos temas importantes que se suscitan na bacía hidrográfica en materia de xestión das augas.

c) Un ano antes de inicia-lo procedemento, os exemplares do proxecto de plan hidrolóxico de bacía.

2. O organismo de bacía ou administración hidráulica competente da comunidade autónoma concederán un prazo mínimo de seis meses para a presentación de observacións por escrito sobre os documentos relacionados no número 1 desta disposición.

3. Logo de solicitude e nos termos que se estableza regulamentariamente, permitirase o acceso ós documentos e á información de referencia utilizados para elabora-lo plan hidrolóxico de bacía.»

Corenta e un. Incorpórase a disposición adicional décimo terceira coa denominación de «Regulacións internacionais», que se redacta nos seguintes termos:

«Disposición adicional décimo terceira. *Regulacións internacionais.*

O réxime de protección das augas establecido nesta lei aplicarase sen prexuízo do que dispoñan as leis reguladoras das relacións internacionais, os acordos ou os convenios subscritos con outros países.»

Artigo 130. *Plan de investigación enerxética e ambiental en materia de vixilancia radiolóxica.*

1. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno aprobará un plan de investigación enerxética e ambiental que levará a cabo o organismo público de investigación Centro de Investigacións Enerxéticas, Ambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT) nos terreos

que se considere que sexan obxecto de especial vixilancia radiolóxica ambiental.

O dito plan deberá obter previamente informe do Consello de Seguridade Nuclear.

2. Decláranse de interese xeral as actuacións comprendidas no Plan de investigación enerxética e ambiental que realice o organismo público de investigación Centro de Investigacións Enerxéticas, Ambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT).

3. As actuacións incluídas no punto anterior levarán implícita a declaración de utilidade pública para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

4. As actuacións citadas levarán, así mesmo, implícita a declaración de urxencia para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

5. Esta disposición dítase ó abeiro da competencia estatal en materia de fomento e coordinación da investigación científica e técnica, prevista polo artigo 149.1.15.<sup>a</sup> da Constitución.

## CAPÍTULO VI

### Acción administrativa en materia de sanidade e consumo

Artigo 131. *Modificación da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.*

Dáselle nova redacción ó último parágrafo do artigo 82 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, que queda redactado nos seguintes termos:

«Para efectos de coñece-lo importe do financiamento total que se destina á asistencia sanitaria, as comunidades autónomas remitiranlle puntualmente ó Ministerio de Sanidade e Consumo os seus orzamentos, unha vez aprobados, e informaran da execución deles, así como da súa liquidación final.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Artigo 132. *Modificación da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento.

Un. Engádeselle un novo punto, o 6 ter, ó artigo 8 da Lei 25/1990, do medicamento, coa seguinte redacción:

«6 ter. Especialidade farmacéutica en envase para dispensación personalizada: o medicamento de composición e información definidas, de forma farmacéutica e dosificación determinadas, preparado para o seu uso medicinal inmediato, disposto e acondicionado para a súa dispensación ó público a partir dun envase clínico dunha especialidade farmacéutica autorizada, respectando a integridade do acondicionamento primario, e destinado a posibilitar unha dispensación adaptada á prescrición médica naqueles tratamentos en que o Ministerio de Sanidade e Consumo o autorice.»

Dous. Engádeselle un novo número, o 6, ó artigo 85 da Lei 25/1990, do medicamento, coa seguinte redacción:

«6. Nos termos que regulamentariamente se establezan, a receita poderase estender en soporte informático. Non será necesario o consentimento do interesado para o tratamento e a cesión de datos que sexan consecuencia da implantación dun sistema de receita electrónica, de conformidade co disposto nos artigos 7, números tres e seis, 8 e 11, número dous.a), da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 109 da Lei 25/1990, do medicamento, que queda coa seguinte redacción:

«1. As infraccións en materia de medicamentos serán sancionadas de conformidade co establecido no artigo 108, aplicándolle unha gradación de mínimo, medio e máximo a cada nivel de infracción, en función da negligencia e intencionalidade do suxeito infractor, fraude ou conivencia, incumprimento das advertencias previas, cifra de negocios da empresa, número de persoas afectadas, prexuízo causado, beneficios obtidos a causa da infracción e permanencia e transitoriedade dos riscos:

a) Infraccións leves:

Grao mínimo: ata 6.000 euros.

Grao medio: desde 6.001 a 18.000 euros.

Grao máximo: desde 18.001 a 30.000 euros.

b) Infraccións graves:

Grao mínimo: desde 30.001 a 60.000 euros.

Grao medio: desde 60.001 a 78.000 euros.

Grao máximo: desde 78.001 a 90.000 euros.

c) Infraccións moi graves:

Grao mínimo: desde 90.001 a 300.000 euros.

Grao medio: desde 300.001 a 600.000 euros.

Grao máximo: desde 600.001 a 1.000.000 de euros, podendo exceder a dita cantidade ata alcanzarlo quíntuplo do valor dos produtos ou servicios obxecto da infracción.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Artigo 133. *Modificación da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 16/2003, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde.

Un. Modifícase o número 2 do artigo 31 da Lei 16/2003, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Correspóndelle á Dirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios a dirección, o desenvolvemento e a execución da política farmacéutica do departamento, o exercicio das funcións que lle competen ó Estado en materia de financiamento público e fixación do prezo de medicamentos e produtos sanitarios, así como as condicións es-

peciais de prescrición e dispensación de medicamentos no Sistema Nacional de Saúde.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dous. Modifícase a disposición adicional oitava da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional oitava. *Centros de referencia.*

En relación cos criterios para o establecemento dos servicios de referencia consideraranse as comunidades autónomas de Canarias e de Illes Balears como estratéxicas dentro do Sistema Nacional de Saúde, e a atención nos centros de referencia que nelas se sitúen serán tamén financiadas con cargo ó Fondo de cohesión sanitaria.»

Artigo 134. *Modificación da Lei 7/1995, do 23 de marzo, de crédito ó consumo.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 7/1995, do 23 de marzo, de crédito ó consumo, da seguinte forma:

Un. Modifícanse as alíneas a) e d) do número 1 do artigo 2 da Lei 7/1995, de crédito ó consumo, que queda coa seguinte redacción:

«a) Os contratos en que o importe do crédito sexa inferior a 150 euros. Os superiores a 20.000 euros tan só lles será de aplicación o disposto no capítulo III desta lei. Para os efectos anteriores, entenderase como única a contía dun mesmo crédito, aínda que apareza distribuída en contratos diferentes, celebrados entre as mesmas partes e para a adquisición dun mesmo ben ou servicio, mesmo cando os créditos fosen concedidos por diferentes membros dunha agrupación, teña esta ou non personalidade xurídica.»

«d) Os contratos en que o crédito concedido sexa gratuito, ou nos cales, sen se fixar xuro, o consumidor estea obrigado a reembolsar dunha soa vez un importe determinado superior ó do crédito concedido.

No caso de servicios de tracto sucesivo e prestación continuada, non se considerarán gratuítos aqueles créditos nos cales, aínda que a taxa anual equivalente, definida nos termos do artigo 18 desta lei, sexa igual a cero, a súa concesión lle comporte algún tipo de retribución por parte do provedor dos servicios ó empresario prestamista.»

O resto do artigo mantense coa mesma redacción.

Dous. Modifícase a alínea b) do número 1 do artigo 15 da Lei 7/1995, de crédito ó consumo, que queda coa seguinte redacción:

«b) Que entre o concedente do crédito e o provedor dos bens ou servicios, salvo que se trate daqueles previstos no parágrafo seguinte desta letra, exista un acordo previo, concertado en exclusiva, en virtude do cal aquel lles ofrecerá crédito ós clientes do provedor para a adquisición dos bens ou servicios deste.

No caso de que se provexan servicios de tracto sucesivo e prestación continuada, que entre o

concedente do crédito e o provedor deles exista un acordo previo en virtude do cal aquel lles ofrecerá crédito ós clientes do provedor para a adquisición dos servizos deste.

O consumidor disporá da opción de concerta-lo contrato de crédito con outro concedente distinto ó que está vinculado o provedor dos bens e servizos en virtude de acordo previo.»

O resto do artigo mantense coa mesma redacción.

## CAPÍTULO VII

### **Acción administrativa en materia de seguridade xurídica preventiva**

Artigo 135. *Modificación do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobado por decreto do 8 de febreiro de 1946.*

Modifícanse os seguintes preceptos do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobado por decreto do 8 de febreiro de 1946.

Un. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 18 da Lei hipotecaria do 8 de febreiro de 1946, que quedará redactado nos seguintes termos:

«O prazo máximo para cualificar e inscribir será de 15 días, contados desde a data do asento de presentación. Pero se o título fose retirado antes da inscrición, tivese defectos emendables ou existise pendente de despacho un título presentado con anterioridade, o prazo de 15 días computarase desde a data da devolución do título, a emenda ou o despacho do título previo, respectivamente. Nestes casos, a vixencia do asento de presentación entenderase prorrogada ata a terminación do prazo de cualificación e despacho. Por razóns extraordinarias, a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado poderá, por solicitude do rexistrador competente formulada dentro dos dous primeiros días de prazo de despacho, ampliar ata quince días máis como máximo o dito prazo.»

O resto do artigo permanece coa súa actual redacción.

Dous. Modifícase a regra 5.<sup>a</sup> do parágrafo cuarto do artigo 19 bis da Lei hipotecaria, que quedará redactada nos seguintes termos:

«5.<sup>a</sup> Se o rexistrador substituto cualificase negativamente o título, devolveralle este ó interesado para os efectos de interposición do recurso fronte á cualificación do rexistrador substituído ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, o cal se deberá cinguir para os defectos sinalados polo rexistrador substituído cos que o rexistrador substituto manifestase a súa conformidade.

Na cualificación, o rexistrador substituto axustarase para os defectos sinalados polo rexistrador substituído e respecto dos que os interesados motivasen a súa discrepancia no escrito en que soliciten a súa intervención, non podendo versar sobre ningunha outra pretensión baseada noutros motivos ou en documentos non presentados en tempo e forma. Para funda-la súa decisión, poderá pedir informe ó Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España, que o emitirá

a través dos seus servizos de estudos, todo iso baixo responsabilidade do rexistrador e sen que se poida exceder do prazo de cualificación.»

O resto do artigo permanece coa súa actual redacción.

Tres. Engádeselle un parágrafo terceiro ó artigo 248 da Lei hipotecaria do 8 de febreiro de 1946, nos seguintes termos:

«Os documentos presentados por telefax, cando a lei ou o regulamento admitan este medio de presentación, asentarase no diario de conformidade coa regra xeral, coa excepción dos que se reciban fóra das horas de oficina, que se asentarán no día hábil seguinte.

O asento de presentación caducará se, no prazo de 10 días hábiles seguintes, non se presenta no rexistro o título orixinal ou a súa copia autorizada.»

O resto do artigo mantén a súa redacción.

Catro. Dáselle nova redacción ó parágrafo terceiro do artigo 322 da Lei hipotecaria do 8 de febreiro de 1946, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Igualmente, deberase notifica-la cualificación negativa de cláusulas concretas cando a cualificación suspensiva ou denegatoria non afecte a totalidade do título, o cal se poderá inscribir parcialmente por solicitude do interesado. Neste caso, poderanse practicar asentos posteriores, sempre que non impidan no seu día a inscrición das cláusulas suspendidas ou denegadas no caso de que se recorra a cualificación e se estime a impugnación. Interposto o recurso, o rexistrador fará constar por nota á marxe do asento correspondente, unha relación sucinta pero suficiente do contido dos pactos ou cláusulas rexeitadas.»

O resto do artigo mantén o seu contido.

Cinco. Engádeselle un novo parágrafo segundo ó artigo 323 da Lei hipotecaria do 8 de febreiro de 1946 nos seguintes termos:

«A duración da prórroga e do prazo para interpor recurso gubernativo empezará a contar, no caso de que se volva presenta-lo título cualificado durante a vixencia do asento de presentación sen se ter emendado os defectos nos termos resultantes da nota de cualificación, desde a notificación desta.»

O resto do artigo permanece co seu actual contido.

Seis. Modifícase a redacción do penúltimo parágrafo do artigo 327 da Lei hipotecaria do 8 de febreiro de 1946, que queda redactado nos seguintes termos:

«Estimado o recurso, o rexistrador practica-la inscrición nos termos que resulten da resolución. O prazo para practica-los asentos procedentes, se a resolución é estimatoria, ou os pendentes, se é desestimatoria, empezase a contar desde que transcorresen dous meses desde a súa publicación no "Boletín Oficial del Estado"; para este efecto, ata que transcorra o dito prazo, seguirá vixente a prórroga do asento de presentación. En caso de desestimación presunta por silencio administrativo, a prórroga do asento de presentación vencerá cando transcorrese un ano, e un día hábil, desde

a data da interposición do recurso gubernativo. En todo caso, será preciso que non lle conste ó rexistrador interposición do recurso xudicial a que se refire o artigo seguinte.»

O resto do artigo permanece coa súa actual redacción.

Sete. Engádeselle un novo parágrafo ó artigo 328 da Lei hipotecaria do 8 de febreiro de 1946, que pasa a se-lo penúltimo, e quedará redactado nos seguintes termos:

«A interposición do recurso xudicial suspenderá a execución da resolución impugnada ata que sexa firme. Non obstante, en calquera estado do proceso, por instancia de parte, o xuíz ou tribunal, logo de audiencia dos interesados, e tendo en conta os intereses implicados, poderá decreta-la execución da resolución. Neste caso, poderalle esixir ó solicitante a prestación da correspondente fianza.»

O resto do artigo permanece coa súa actual redacción.

Artigo 136. *Modificación da Lei de axuizamento civil do 3 de febreiro de 1881.*

O artigo 955 da Lei de axuizamento civil do 3 de febreiro de 1881 terá a seguinte redacción:

«Sen prexuízo do disposto nos tratados e noutras normas internacionais, a competencia para coñecer das solicitudes de recoñecemento e execución de sentencias e demais resolucións xudiciais e arbitrais estranxeiras correspóndelles ós xulgados de Primeira Instancia do domicilio ou lugar de residencia da parte fronte á que se solicita o recoñecemento ou execución, ou do domicilio ou lugar de residencia da persoa a quen se refiren os efectos daquelas; subsidiariamente a competencia territorial determinarase polo lugar de execución ou onde aquelas sentencias e resolucións deban produci-los seus efectos.»

Disposición adicional primeira. *Exención no imposto sobre a renda das persoas físicas de axudas públicas motivadas por danos persoais causados por determinadas chuvias extraordinarias.*

Un. Estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas as axudas públicas para reparalos danos persoais causados polas chuvias torrenciais acaecidas o 31 de marzo de 2002 en Santa Cruz de Tenerife e en San Cristóbal de La Laguna (illa de Tenerife).

Dous. Estas exencións aplicaráselles ós períodos impositivos de 2003 e anteriores non prescritos.

Disposición adicional segunda. *Réxime de rectificación de bases no imposto sobre o valor engadido e no imposto xeral indirecto canario ata a entrada en vigor da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.*

1. Os supostos de modificación de base imponible correspondentes a operacións suxeitas ó imposto sobre o valor engadido ou ó imposto xeral indirecto canario en que o seu destinatario non fixese efectivo o pagamento das cotas repercutidas, sempre que, con posterioridade ó devengo da operación, se dictase providencia xudicial de admisión a trámite de suspensión de pagamentos ou auto xudicial de declaración de quebra daquel, rexeran-

se, respectivamente, polo disposto no número tres do artigo 80 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, ou no número 6 do artigo 22.º da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, vixentes ata o 31 de agosto de 2004, en canto os citados procedementos de suspensión de pagamentos ou quebra se rexan polo dereito anterior á Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

2. O disposto no número catro do artigo 80 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, así como no número 7 do artigo 22.º da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, resultará aplicable ás operacións en que o devengo se produza a partir do un de xaneiro de 2004.

Disposición adicional terceira. *Modificación da Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais de empresas e de sociedades de desenvolvemento industrial rexional.*

Engádeselle unha disposición transitoria 7.ª á Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais de empresas e de sociedades de desenvolvemento industrial rexional:

«Disposición transitoria 7.ª *Duración máxima das unións temporais de empresas constituídas antes do 1 de xaneiro de 2003.*

1. A duración máxima das unións temporais de empresas constituídas antes do día 1 de xaneiro de 2003 será a establecida na alínea c) do artigo oitavo da Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais de empresas e de sociedades de desenvolvemento industrial rexional, segundo a redacción dada pola Lei 46/2002, do 18 de decembro, de reforma parcial do imposto sobre a renda das persoas físicas, e pola que se modifican as leis dos impostos sobre sociedades e sobre a renda de non residentes.

2. A validez da inscrición das unións temporais de empresas efectuada no Rexistro Especial do Ministerio de Facenda con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2003 estenderase ata a finalización da obra, sempre que non se supere a duración máxima a que se refire o punto anterior, sen necesidade de solicitar prórroga da inscrición.»

Disposición adicional cuarta. *Programas operativos e plans de acción das organizacións de produtores no sector de froitas e hortalizas e no sector de materias graxas.*

Engádesese unha disposición adicional sexta na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Programas operativos e plans de acción das organizacións de produtores no sector de froitas e hortalizas e no sector de materias graxas.*

As actuacións que realicen as organizacións de produtores, as asociacións de organizacións de produtores ou operadores e as súas unións, en cumprimento dos programas operativos e plans de acción en cumprimento da normativa comunitaria reguladora das organizacións comúns de mercado dos sectores de froitas e hortalizas e de



materias graxas non se considerarán, en ningún caso, prestacións de servizos.»

Disposición adicional quinta. *Réxime fiscal das cotas participativas das caixas de aforro.*

O réxime fiscal das cotas participativas das caixas de aforro será o mesmo que se aplique, en tódolos casos e figuras impositivas e para tódolos efectos, ás accións e participacións no capital social ou fondos propios de entidades, de acordo coa normativa legal e de desenvolvemento vixente.

Disposición adicional sexta. *Beneficios fiscais aplicables ós «XV Xogos do Mediterráneo. Almería 2005».*

1. A celebración dos «XV Xogos do Mediterráneo. Almería 2005» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

2. A duración do programa de apoio a este acontecemento alcanzará desde o 1 de xaneiro de 2004 ata o 31 de agosto de 2005.

3. A certificación da adecuación dos gastos e investimentos realizados ós obxectivos e plans do programa será competencia dun consorcio que se creará conforme o disposto no artigo 27.2.b) da citada Lei 49/2002.

4. As actuacións que se van realizar serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas será realizado polo consorcio a que se fixo referencia no número tres.

5. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional sétima. *Non afectación da lexislación de estranxeiría.*

O disposto no capítulo III, «Medidas para a aplicación do principio de igualdade de trato», do título II desta lei enténdese sen prexuízo da regulación establecida en canto á entrada, permanencia, traballo e establecemento dos estranxeiros en España na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro.

Disposición adicional oitava. *Non afectación da lexislación de acceso ó emprego público.*

O disposto no capítulo III, «Medidas para a aplicación do principio de igualdade de trato», do título II, e os artigos 50.seis e 51.un desta lei enténdese sen prexuízo da regulación establecida en canto ó acceso ó emprego público na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, e na Lei 17/1993, do 23 de decembro, de acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea, modificada pola Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición adicional novena. *Préstamos outorgados á Seguridade Social polo Estado.*

1. Amplíase en 10 anos, a partir de 2004, o prazo para a cancelación do préstamo outorgado á Seguridade Social polo Estado, a que se refire o Real decreto lei 6/1992, do 13 de novembro, de concesión dun crédito extraordinario por importe de 280.558.000.000 pesetas (1.686.187.539,81 euros), para cancelar obrigas derivadas do custo da asistencia sanitaria da Seguridade Social.

2. Amplíase en 10 anos, a partir de 2004, o prazo para a cancelación do préstamo outorgado á Seguridade Social polo Estado, a que se refire o artigo 11.catro da Lei 21/1993, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1994.

Disposición adicional décima. *Concepto de pensión pública.*

Modifícase o artigo 37 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Terán a consideración de pensións públicas as seguintes:

a) As aboadas polo réxime de clases pasivas do Estado e, en xeral, as aboadas con cargo a créditos da sección 07 do orzamento de gastos do Estado.

b) As aboadas polo réxime xeral e os réximes especiais da Seguridade Social, así como as de modalidade non contributiva da Seguridade Social.

c) As aboadas polos fondos especiais da Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado, do Instituto Social das Forzas Armadas e da Mutualidade Xeral Xudicial, ou polas propias mutualidades citadas, así como as aboadas polo Fondo Especial do Instituto Nacional da Seguridade Social.

d) As aboadas polos sistemas ou réximes de previsión das comunidades autónomas e das corporacións locais e polos propios entes.

e) As aboadas polas mutualidades, montepíos ou entidades de previsión social que se financien en todo ou en parte con recursos públicos.

f) As aboadas por empresas ou sociedades con participación maioritaria, directa ou indirecta, no seu capital do Estado, das comunidades autónomas ou das corporacións locais ou dos organismos autónomos dun e outras, ben directamente ou mediante a subscripción da correspondente póliza de seguro cunha institución distinta, calquera que sexa a natureza xurídica desta ou ben polas mutualidades ou entidades de previsión daquelas, en que as achegas directas dos causantes da pensión se complementen con recursos públicos, incluídos os da propia empresa ou sociedade.

g) As aboadas pola Administración do Estado ou polas comunidades autónomas en virtude da Lei do 21 de xullo de 1960 e do Real decreto 2620/1981, do 24 de xullo, así como os subsidios económicos de garantía de ingresos mínimos e de axuda por terceira persoa previstos na Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social de minusválidos.

h) Calquera outra non enumerada nas letras anteriores, que se aboen total ou parcialmente con cargo a recursos públicos.

2. Non obstante, como excepción ó preceptuado no número 1 anterior, non terán a consideración de pensións públicas as aboadas a través de plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivo, incluídos os formalizados por mutualidades de previsión social empresarial, promovidos polas administracións, organismos, entidades e empresas, a que se refire a disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, e nos termos expresados nela.»

Disposición adicional décimo primeira. *Bonificacións de cotas respecto de traballadores contratados como consecuencia da celebración da Copa América.*

As persoas xurídicas constituídas con motivo do acontecemento pola entidade organizadora da Copa América 2007 ou polos equipos participantes terá unha bonificación do 100 por cento na cotización á Seguridade Social por continxencias comúns, incapacidade temporal derivada delas, así como polos conceptos de recadación conxunta coas cotas de Seguridade Social, respecto dos traballadores que contraten para a realización de labores directamente relacionados coa súa participación no citado acontecemento.

No prazo de dous meses desde a entrada en vigor da lei aprobarase por real decreto un regulamento en que se establezan os requisitos, os prazos, o procedemento de concesión e as medidas de control relativas á mencionada bonificación.

Disposición adicional décimo segunda. *Indemnizacións por residencia nas cidades de Ceuta e Melilla, e nas illas Baleares.*

O Goberno analizará durante o ano 2004 as condicións que determinan a fixación das indemnizacións por residencia do persoal en activo do sector público estatal destinado nas cidades de Ceuta e Melilla e nas illas Baleares, procedendo á súa revisión e á conseguinte modificación das contías co obxecto de adaptalas á realidade actual. Esta actualización non poderá supor, en ningún caso, unha minoración das cantidades actualmente percibidas neste concepto.

Disposición adicional décimo terceira. *Modificación da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.*

Introdúcese un novo parágrafo á disposición adicional novena da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, co seguinte texto:

«Para os efectos desta lei, as referencias ás comunidades autónomas entenderanse tamén realizadas ás cidades de Ceuta e Melilla nos seus respectivos ámbitos competenciais.»

Disposición adicional décimo cuarta. *Metro de Sevilla.*

Autorízase o Goberno, tralas consultas mantidas de acordo co establecido na disposición adicional décimo segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, e en consideración ás necesidades que concorren no transporte público regular de viaxeiros na cidade de Sevilla, a que subscriba no ano 2004 un convenio, en que, con cargo a recursos orzamentarios da Ad-

ministración xeral do Estado e das administracións andaluzas competentes, se proceda ó financiamento público das obras de infraestrutura do metro de Sevilla nunhas porcentaxes de cofinanciamento similares ó resto de cidades con convenios vixentes da mesma natureza. Os desembolsos correspondentes ó dito financiamento deberán ser coordinados polas citadas administracións para que se produzan simultaneamente.

Disposición adicional décimo quinta. *Fondos de promoción de emprego.*

Un. Antes de finalizar o proceso de liquidación dos fondos de promoción de emprego poderase acordar a cesión de uso, para o cumprimento de fins de formación profesional e emprego, á Fundación Galega para a Dinamización do Emprego, dos bens inmoables propiedade do Fondo de Promoción de Emprego de Construcción Naval seguintes:

Parcela CD-2 do polígono industrial «Enseada da Gándara» de Ferrol (A Coruña).

Inmable situado na avenida Doutor Corbal número 51 de Vigo (Pontevedra).

Dous. A cesión será acordada pola Comisión Liquidadora dos Fondos de Promoción de Emprego, logo de autorización das condicións dela pola Dirección Xeral de Patrimonio do Estado.

Tres. Culminada a liquidación e extinguidos os fondos de promoción de emprego, a propiedade dos bens cedidos en uso pasará ó patrimonio do Estado, manténdose a cesión mentres se cumpran os fins para o cumprimento dos cales se outorgou aquela.

Disposición adicional décimo sexta. *Organización do sistema de avaliación e prospectiva da investigación científica e técnica.*

Durante o ano 2004, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, en consideración ás necesidades que concorren no sistema de avaliación e prospectiva da investigación científica e técnica, formulará unha proposta de organización no marco da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, para o exercicio das funcións de:

a) Avaliación científico-técnica, obxectiva e independente, das accións do Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.

b) Seguimento dos resultados das accións do Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.

c) Realización de estudos e análise prospectivos en materia de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico.

d) Divulgación e coñecemento dos resultados da investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico.

e) Divulgación do coñecemento científico e interrelación entre a ciencia, a tecnoloxía e as empresas.

f) En xeral, calquera outra actividade de avaliación e informe no ámbito das competencias en materia de investigación científica e técnica atribuída polo ordenamento xurídico ó dito departamento.

Disposición adicional décimo sétima. *Transmisión de determinados bens.*

Os bens inmobles, propiedade da Tesourería Xeral da Seguridade Social, incluídos no anexo do Real decreto 46/1993, do 15 de xaneiro, sobre ampliación de medios patrimoniais traspasados da Generalitat de Cataluña en materia de sanidade, servicios e asistencia sociais e de Seguridade Social, doaranse ó Instituto Guttman, logo de acordo do Consello Executivo da Generalitat de Cataluña de retrocedelos.

A doazón realizarase coa expresa afectación deles ós fins de carácter sanitario e social, revertendo os ditos bens automaticamente á Tesourería Xeral da Seguridade Social no caso de que sexan destinados a fins distintos dos mencionados anteriormente.

Disposición adicional décimo oitava. *Réxime fiscal de determinados préstamos de valores.*

1. O previsto nesta disposición resultará de aplicación ós seguintes préstamos de valores:

a) Os regulados no número 7 do artigo 36 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

b) Os non comprendidos na alínea a) anterior que teñan por obxecto valores admitidos a negociación en bolsas de valores, mercados e sistemas organizados de negociación radicados en Estados membros da OCDE que cumpran os requisitos previstos no artigo 30 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, e que reúnan as seguintes condicións:

Que a cancelación do préstamo se efectúe mediante devolución doutros tantos valores homoxéneos ós prestados.

Que se estableza unha remuneración en diñeiro a favor do prestamista e, en todo caso, se conveña a entrega ó prestamista dos importes en diñeiro correspondentes ós dereitos económicos ou que por calquera outro concepto deriven dos valores prestados durante a vixencia do préstamo.

Que o prazo de vencemento do préstamo non sexa superior a un ano.

Que o préstamo se realice ou instrumente coa participación ou mediación dunha entidade financeira establecida en España e os pagamentos ó prestamista se efectúen a través da dita entidade.

2. As operacións de préstamo de valores a que se refire o punto anterior terán o seguinte réxime tributario:

a) Tratamento para o prestamista:

1.º Cando o prestamista sexa un contribuínte polo imposto sobre a renda das persoas físicas estimarase que non existe alteración na composición do patrimonio na entrega dos valores en préstamo nin na devolución doutros tantos valores homoxéneos ó vencemento do préstamo.

No caso de que o prestamista sexa unha entidade suxeita ó imposto sobre sociedades ou un establecemento permanente suxeito ó imposto sobre a renda de non residentes, non se xerarán rendas na entrega dos valores en préstamo nin na devolución doutros tantos valores homoxéneos ó vencemento do préstamo.

2.º A remuneración do préstamo, así como o importe das compensacións polos dereitos económicos

que deriven dos valores prestados durante a vixencia do préstamo, terán para o prestamista a consideración de rendementos obtidos pola cesión a terceiros de capitais propios, de conformidade co disposto no número 2 do artigo 23 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.

Non obstante, os importes das compensacións pola distribución da prima de emisión de accións ou participacións, por reducións de capital con devolución de achegas ou por dereitos de subscrición preferente ou de asignación gratuíta xerados durante a duración do préstamo, terán para o prestamista o tratamento que corresponda conforme a súa imposición persoal e imputaranse no mesmo momento en que teña lugar a distribución da prima, a devolución da achega ou o recoñecemento do dereito de subscrición ou de asignación gratuíta pola entidade emisora dos valores.

3.º Para a aplicación ó prestamista das exencións ou deducións establecidas na Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, entenderase que a porcentaxe de participación e o tempo de tenza en carteira non se ven alterados polas operacións de préstamo de valores.

4.º A provisión por depreciación da conta debedora que substitúa os valores prestados será deducible nas condicións fixadas pola Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, para a dedución da provisión por depreciación dos ditos valores.

b) Tratamento para o prestameiro:

1.º Os dividendos, as participacións en beneficios e os demais rendementos derivados dos valores tomados en préstamo integraranse na renda do prestameiro.

2.º Terá a consideración de rendimento do capital mobiliario derivado da participación nos fondos propios de calquera tipo de entidade, a totalidade do importe percibido polo prestameiro con ocasión dunha distribución da prima de emisión ou dunha redución de capital con devolución de achegas que afecte os valores prestados, ou o seu valor de mercado se fose en especie.

Así mesmo, o prestameiro deberá integrar na súa imposición persoal, polo mesmo concepto, o valor de mercado correspondente ós dereitos de subscrición ou asignación gratuíta adxudicados con ocasión dunha ampliación de capital.

3.º Cando o prestameiro deba compensalo prestamista polos dereitos económicos derivados dos valores prestados, a compensación efectivamente satisfeita terá a consideración de gasto financeiro, co tratamento que corresponda de acordo coa súa imposición persoal.

4.º En relación ás rendas derivadas dos valores tomados en préstamo, o prestameiro terá dereito á aplicación das exencións ou deducións establecidas na súa imposición persoal, nos termos previstos na súa normativa, tendo en conta as seguintes particularidades:

Que, na data de realización do préstamo, o prestamista cumprise os requisitos establecidos pola súa normativa para a aplicación de cada unha delas.

Se, de acordo co sinalado anteriormente, procedese a aplicación da dedución por dobre imposición interna, esta calcularase utilizando o menor dos tipos impositivos correspondentes á entidade prestamista ou á prestameira.

As mesmas regras se aplicarán ós que adquirisen os valores ó prestameiro e se encontren nalgún dos casos previstos no artigo 42 do Código de comercio respecto del ou do prestamista.

Para os exclusivos efectos do previsto no número 5.º seguinte e nos artigos 23.1.b) e 28.4.d) das leis dos impostos sobre a renda das persoas físicas e sobre sociedades, respectivamente, as operacións de préstamo de valores terán a consideración de adquisicións e transmisións.

5.º As transmisións de valores homoxéneos ós tomados en préstamo que se efectúen durante a súa vixencia considerarase que afectan en primeiro lugar os valores tomados en préstamo, e soamente se considerará que afectan a carteira de valores homoxéneos preexistentes no patrimonio do contribuínte, na medida en que o número de valores transmitidos exceda dos tomados en préstamo. As adquisicións que se realicen durante a vixencia do préstamo imputaranse á carteira dos valores tomados en préstamo, salvo que excedan dos necesarios para a completa devolución del.

A renda derivada da transmisión dos valores tomados en préstamo imputaranse ó período impositivo en que teña lugar a posterior adquisición doutros valores homoxéneos, e calcularase pola diferenza entre o valor de transmisión e o valor de adquisición que lles corresponda ós valores homoxéneos adquiridos durante a duración do préstamo e con posterioridade á transmisión.

Cando para facer fronte á devolución dos valores, o prestameiro tome a préstamo novos valores homoxéneos ou entregue valores homoxéneos preexistentes no seu patrimonio, tomarase como valor de adquisición o de cotización na data do novo préstamo ou da cancelación. Así mesmo, o citado valor de cotización tomarase como valor de transmisión para calcula-la renda derivada da devolución efectuada con valores homoxéneos preexistentes.

c) A obriga de practicar pagamentos á conta sobre as rendas a que se refire o número 2.º da alínea a) deste número 2 corresponderalle á entidade prestameira que interviñese na operación, por conta propia ou de terceiros, cando realice o pagamento dos correspondentes importes ó prestamista, salvo que este último sexa unha entidade mediadora ou unha entidade financeira que interviñese na operación por conta de terceiros; neste caso será a dita entidade mediadora ou a dita entidade financeira a obrigada a practicala correspondente retención ou ingreso á conta cando lle aboe as rendas ó seu perceptor.

As rendas a que se refire esta letra estarán suxeitas ó sistema xeral de pagamentos á conta nos supostos e coas excepcións previstos para os préstamos en efectivo.

d) Os valores cedidos en préstamo non se computarán polo prestamista para os efectos da aplicación da exención do número oitavo do artigo 4 da Lei 19/1991, do 9 de decembro, do imposto sobre o patrimonio.

e) Os servizos e operacións relativos a préstamos de valores entenderanse incluídos, en todo caso, no ámbito da exención prevista no artigo 20.1.18.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

3. Sen prexuízo das obrigas de información reguladas no número 3 da disposición adicional cuarta da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre

sociedades e nas súas normas de desenvolvemento, as entidades participantes ou membros do sistema correspondente de compensación e liquidación do mercado onde se negocie o valor obxecto de préstamo e as entidades financeiras que participen ou medien nas operacións de préstamo de valores deberanlle subministrar, se é o caso, á Administración tributaria respecto de tales operacións, xunto coa información prevista nas ditas normas, a relativa ás datas de inicio e de vencemento do préstamo, número de operación do préstamo, remuneración ó prestamista, compensacións polos dereitos derivados dos valores prestados e garantías outorgadas.

A dita información adicional subministrarase coa restante información relativa á operación no mesmo lugar e prazos previstos para esta última e na forma e modelo que determine o ministro de Facenda.

Así mesmo, a Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores ou, se é o caso, a entidade que realice as funcións de rexistro, compensación e liquidación dos mercados ou sistemas organizados de negociación de valores recollidos no número 4 do artigo 31 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, subministraralle á Administración tributaria, a información relativa ó número da operación de préstamo, a identificación e o número dos valores prestados, número de identificación fiscal das entidades financeiras que intermedian ou rexistran a operación, a data de constitución e cancelación, así como ás garantías da operación cando se constituísen ou entregasen a través dos sistemas xestionados por aquela.

Disposición adicional décimo novena. *Modificación da disposición derradeira sétima da Lei 36/2003, do 11 de novembro, de medidas de reforma económica.*

Modifícase a redacción dada á disposición derradeira sétima da Lei 36/2003, do 11 de novembro, de medidas de reforma económica (procedente do Real decreto lei 2/2003, do 25 de abril), que quedará redactada da seguinte forma:

«Disposición derradeira sétima.

A exención contida no número 1.º do número un do artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, aplicarase ó franqueo de envíos postais efectuados por terceiros que operen en nome e por conta do operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal mediante impresións ou estampacións realizadas con máquinas de franquear.»

Disposición adicional vixésima. *Beneficios fiscais aplicables ó «IV Centenario do Quijote».*

1. A celebración do «IV Centenario do Quijote» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

2. A duración do programa de apoio a este acontecemento abarcará desde o 1 de xaneiro de 2004 ata o 31 de decembro de 2005.

3. A certificación da adecuación dos gastos e investimentos realizados ós obxectivos e plans do programa será competencia dun consorcio que dependerá

do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, que se creará conforme o disposto no artigo 27.2.b) da citada Lei 49/2002.

4. As actuacións que se van realizar serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas será realizada polo consorcio ó que se fixo referencia no número tres.

5. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición adicional vixésimo primeira. *Cambio de denominación do corpo de contadores diplomados do Tribunal de Contas, grupo B.*

1. O corpo de contadores diplomados do Tribunal de Contas pasará a denominarse corpo técnico de auditoría e control externo do Tribunal de Contas, grupo B.

2. O persoal que acceda ó Tribunal de Contas a través das probas selectivas para ingreso no corpo de contadores diplomados do dito tribunal, convocadas como consecuencia da oferta de emprego público para o ano 2003, será nomeado funcionario de carreira do novo corpo técnico de auditoría e control externo do Tribunal de Contas.

Disposición adicional vixésimo segunda. *Fondo de Axuda ó Desenvolvemento.*

Un. Obxecto.

O Fondo de Axuda ó Desenvolvemento (FAD) ten por obxecto outorgar créditos e liñas de financiamento en termos concesionais e, excepcionalmente, doazóns a favor de países en desenvolvemento. Tamén con cargo a el se poderán efectuar achegas de capital e contribucións financeiras, xa sexan ordinarias ou ben de carácter extraordinario, a institucións financeiras ou fondos fiduciarios públicos de carácter multilateral das que España sexa membro ou ben subscriba, para o efecto, o correspondente convenio ou acordo de financiamento.

Os obxectivos básicos son contribuír ó desenvolvemento económico e social dos países receptores por medio do financiamento de proxectos que contribúan a tal fin, promove-la internacionalización da economía española a través das relacións económicas e comerciais de España con outros países e zonas de integración económica e da presenza de España nas institucións financeiras multilaterais.

Dous. Financiamento de operacións con cargo ó Fondo de Axuda ó Desenvolvemento.

1. Con cargo ó FAD poderanse conceder préstamos e liñas de financiamento en termos concesionais, e doazóns a estados e institucións públicas estranxeiras e a empresas públicas ou privadas residentes no estranxeiro. Así mesmo, poderanse efectuar achegas de capital e contribucións financeiras, a institucións financeiras ou fondos fiduciarios de carácter multilateral das que España sexa membro ou ben subscriba, para o efecto, o correspondente acordo de financiamento.

2. Os créditos e liñas de financiamento concesionais, así como as doazóns outorgadas a estados, institucións públicas estranxeiras ou empresas públicas ou privadas residentes no estranxeiro con cargo ó Fondo de Axuda ó Desenvolvemento destinaranse ó financiamento de proxectos de desenvolvemento nestes países, para os cales o beneficiario adquiera bens e servizos

españóis, ou alternativamente, de calquera procedencia distinta da española cando haxa razóns, apreciadas polo Ministerio de Economía, que o xustifiquen. Igualmente, poderanse pór á disposición dos países beneficiarios liñas de financiamento co obxecto de impulsar a actividade productiva, en especial a de pequenas e medianas empresas.

Nos créditos outorgados a empresas públicas ou privadas residentes no estranxeiro será necesario que os correspondentes estados garantan directamente a operación crediticia.

As condicións financeiras dos créditos e liñas de financiamento concesionais estableceranse conforme os requisitos establecidos no Acordo da OCDE sobre directrices en materia de crédito á exportación con apoio oficial, ou naqueloutros tratados ou acordos internacionais que substitúan ou complementen aquel.

Cando no país beneficiario acontezan situacións de guerra, terremotos ou catástrofes naturais de singular gravidade ou outras circunstancias excepcionais, o Goberno poderá autorizar a realización de doazóns con cargo ó FAD, sen prexuízo do previsto con carácter xeral no número 3 deste número dous en canto á realización de doazóns para o financiamento de estudos.

3. Así mesmo, con cargo ó Fondo de Axuda ó Desenvolvemento poderanse financiar:

3.1 Doazóns a terceiros países para a realización dos seguintes estudos e proxectos de consultoría:

Estudios de factibilidade, pre-factibilidade ou viabilidade relacionados cun proxecto específico de investimento, necesario para o país beneficiario.

Estudios de ámbito sectorial, relacionados co desenvolvemento e planificación de sectores económicos ou rexións prioritarios para o país beneficiario e para España.

Consultoría para a modernización institucional de carácter económico, en países de especial interese para España.

3.2 Achegas a fondos de asistencia técnica en institucións financeiras multilaterais co obxecto de promover a participación de empresas e profesionais españois nas actividades das ditas institucións.

Tres. Recursos do FAD.

Para a cobertura con carácter anual das necesidades financeiras do FAD, a Lei de orzamentos xerais do Estado consignará unha dotación orzamentaria, á que se deberán suma-los recursos procedentes das devolucións ou cesións onerosas de préstamos e créditos concedidos, así como aqueloutros fluxos económicos procedentes dos xuros e as comisións devengados e cobrados pola realización dos ditos activos financeiros.

A dotación orzamentaria establecida na Lei de orzamentos xerais do Estado será desembolsada e transferida ó Instituto de Crédito Oficial, axente financeiro do Estado, de acordo coas necesidades do Fondo.

Ademais de establece-las dotacións que anualmente se vaian incorporando ó FAD, a Lei de orzamentos xerais do Estado fixará anualmente o importe máximo das operacións que, no seu conxunto, poderán ser autorizadas polo Consello de Ministros no dito exercicio con cargo ó referido Fondo.

Entenderanse excluídas da limitación a que se refire o punto anterior, as autorizacións das operacións de renegociación de créditos concedidos anteriormente con cargo ó Fondo, sempre que se leven a cabo en

cumprimento dos correspondentes acordos bilaterais ou multilaterais de renegociación da débeda exterior dos países prestameiros, nos que España sexa parte. A validez destes acordos de renegociación producirase mediante autorización do Consello de Ministros.

#### Catro. Material militar.

Non se poderá financiar con cargo ó FAD ningunha operación que implique a subministración ós países beneficiarios de armamento ou material militar.

#### Cinco. Xestión do FAD.

A xestión, administración, seguimento e avaliación da actividade do Fondo de Axuda ó Desenvolvemento correspóndelle ó Ministerio de Economía, a través da Secretaría de Estado de Comercio e Turismo, sen prexuízo das competencias específicas que a Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, lle atribúe ó Ministerio de Asuntos Exteriores.

Seis. Identificación, selección e adxudicación de proxectos.

1. Correspóndelles ás autoridades do país beneficiario a selección dos proxectos que se financiarán con cargo ó Fondo de Axuda ó Desenvolvemento de común acordo co Ministerio de Economía de España. Para a identificación de proxectos teranse en conta as necesidades priorizadas polo país e as normas internacionais sobre financiamento de proxectos en termos concesionais.

2. A adxudicación dos proxectos financiados con cargo ó FAD así como a contratación das empresas executoras deles, correspóndelle ó país beneficiario do financiamento, seguindo a súa normativa de contratación, como parte da súa propia estratexia de desenvolvemento.

3. O Ministerio de Economía colaborará coas autoridades dos países beneficiarios, ofrecendo información sobre as empresas que co obxecto social apropiado se acharen inscritas no Rexistro de Licitadores do Ministerio de Economía, ou similar que houbese como substituto do anterior cumprindo as mesmas funcións institucionais.

En todo caso, as empresas españolas que fosen seleccionadas para a execución dun proxecto con cargo ó FAD deberán acreditar como requisito previo para poderen tomar parte no proxecto encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a achega en cada caso e en relación a cada proxecto das correspondentes certificacións acreditativas expedidas polos organismos competentes. Así mesmo, as empresas que desexen acceder á participación en proxectos FAD non se poderán encontrar, en ningún modo, incursas nalgunha das prohibicións establecidas pola lexislación de contratos das administracións públicas. Para o efecto, e por cada operación na que tomen parte, deberán achega-la correspondente declaración responsable. O incumprimento deste requisito poderá dar lugar á revogación do crédito ou axuda, e á imposición da correspondente sanción de acordo co previsto no número nove desta disposición.

4. O Ministerio de Economía, como xestor do Fondo de Axuda ó Desenvolvemento impulsará con tódolos medios ó seu alcance a aplicación dos principios de transparencia e concorrència nos procedementos de adxudicación polos países beneficiarios e poderá pór á disposición destes os recursos necesarios para garanti-la eficiencia no procedemento de identificación, selección e adxudicación de proxectos.

Para iso, poderanse financiar con cargo ó Fondo de Axuda ó Desenvolvemento a contratación de servizos de apoio á identificación e definición daqueles proxectos susceptibles de seren financiados con cargo ó Fondo, así como a asistencia técnica necesaria para a licitación e supervisión de proxectos.

5. O Ministerio de Economía, como xestor do Fondo de Axuda ó Desenvolvemento, impulsará a adopción por organizacións empresariais ou grupos de empresas dun código de comportamento que obrigue a estas a actuaren conforme a principios de boa fe e responsabilidade nas súas actuacións relativas a proxectos que reciban axuda financeira proveniente do FAD.

Sete. Tramitación e aprobación de operacións con cargo ó Fondo de Axuda ó Desenvolvemento.

1. Comisión Interministerial do Fondo de Axuda ó Desenvolvemento.

A Comisión Interministerial do Fondo de Axuda ó Desenvolvemento examinará tódalas propostas de financiamento con cargo ó FAD que lle sexan presentadas polo Ministerio de Economía ben por propia iniciativa, ben por suxestión do Ministerio de Asuntos Exteriores, cando este considere que así coadruva á mellor execución da política exterior e decidirá sobre a oportunidade de que sexan elevadas ó Consello de Ministros. O Ministerio de Economía, a través da Dirección Xeral de Comercio e Investimentos, valorará as propostas de financiamento con cargo ó FAD con carácter previo á súa presentación á Comisión Interministerial do FAD.

A Comisión Interministerial do Fondo de Axuda ó Desenvolvemento estará constituída da seguinte forma:

Presidente: o secretario de Estado de Comercio e Turismo do Ministerio de Economía.

Vicepresidente primeiro: o director xeral de Relacións Económicas Internacionais do Ministerio de Asuntos Exteriores.

Vicepresidente segundo: o director xeral de Comercio e Investimentos do Ministerio de Economía.

Vocais: o director xeral de Financiamento Internacional do Ministerio de Economía, o subdirector xeral de Xestión da Débeda Externa e Avaliación de Proxectos do Ministerio de Economía, o subdirector xeral de Institucións Financeiras Multilaterais do Ministerio de Economía, o xefe de Gabinete do Secretario de Estado de Comercio e Turismo, un representante da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Economía, un representante da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, un representante do Banco de España, un representante da Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica do Ministerio de Asuntos Exteriores, un representante da Axencia Española de Cooperación Internacional do Ministerio de Asuntos Exteriores, un representante do Ministerio de Facenda, un representante do Ministerio de Fomento, un representante do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, un representante do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, un representante do Ministerio do Interior e un representante de Presidencia de Goberno.

Secretario: un representante do Instituto de Crédito Oficial, designado polo seu presidente, quen actuará con voz pero sen voto.

Relator: o subdirector xeral de Fomento Financeiro das Exportacións do Ministerio de Economía, quen actuará con voz pero sen voto.

Tódolos membros da Comisión poderán designar suplentes; neste caso a comparecencia do substituído á reunión equivalerá á asistencia, para tódolos efectos, do membro da Comisión substituído.

A substitución outorgarase por escrito para cada reunión, e deberase acreditar ante o secretario da Comisión ó comezo de cada unha das reunións en que deba producir efecto.

## 2. Consello de Ministros.

Tódalas operacións financiadas con cargo ó FAD, incluíndo a renegociación dos créditos, deberán ser previamente autorizadas polo Consello de Ministros.

A Comisión Interministerial do FAD elevará as súas recomendacións ó Goberno por medio de propostas de Acordo do Consello de Ministros, que serán presentadas polo Ministerio de Economía, salvo as operacións de desenvolvemento social básico, as propostas das cales serán presentadas conxuntamente polo Ministerio de Economía e o Ministerio de Asuntos Exteriores.

### Oito. Proxectos de desenvolvemento social básico.

Os proxectos de desenvolvemento social básico tramitaranse de acordo co establecido no artigo 28.2 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, así como no Real decreto 28/2000 sobre administración conxunta polo Ministerio de Economía e o Ministerio de Asuntos Exteriores dos créditos concesionais destinados a proxectos de desenvolvemento social básico.

Nove. Seguimento e avaliación de proxectos financiados con cargo ó FAD.

O Ministerio de Economía, como xestor do Fondo de Axuda ó Desenvolvemento, garantirá con tódolos medios ó seu alcance a eficaz e eficiente utilización dos fondos, para o cal se poderán contratar con cargo ó FAD o control, seguimento e avaliación dos distintos proxectos e axudas que fosen ou vaian ser financiados con cargo ó dito Fondo.

Para estes efectos, as empresas que resultasen adxudicatarias de proxectos financiados con cargo ó FAD, así como as entidades financeiras que participen na operación, deberán pór á disposición da Administración española canta información lles sexa solicitada sobre o desenvolvemento dos proxectos.

O Estado español reserva para si o dereito a deixar sen efecto o financiamento concedido no suposto de incumprimento das condicións que se establezan. Así mesmo, o Estado español deixará sen efecto os créditos e outras axudas concedidas con cargo ó FAD cando se declare probada a existencia dun delicto de corrupción a funcionarios estranxeiros nos termos previstos no artigo 445 bis do Código penal.

Nestes casos, a empresa española ou adxudicataria responsable do incumprimento ou da clase de infracción por este precepto prevista, poderá ser sancionada cunha prohibición de resultar favorecida coa adxudicación dun proxecto ou operación con financiamento ou axuda con cargo ó FAD por un período de ata cinco anos, sen prexuízo de ter que se facer efectivas en todo caso, a través da vía adecuada e legalmente prevista, as responsabilidades doutra índole en que o infractor puidese incurrir. O alcance da prohibición apreciarase atendendo á existencia de dolo ou manifesta mala fe no empresario e á entidade do dano causado ós inte-

reses públicos españois. O procedemento será iniciado pola Dirección Xeral de Comercio e Investimentos, e será resolto polo secretario de Estado de Comercio e Turismo por proposta da citada dirección xeral. Rexerá supletoriamente o disposto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora da Administración.

A infracción prescribirá ós dous anos desde a súa comisión.

### Dez. Axente financeiro.

O Instituto de Crédito Oficial formalizará, en nome e representación do Goberno español e por conta do Estado, os correspondentes convenios de crédito, préstamo ou doazón. Igualmente prestará os servizos de instrumentación técnica, contabilidade, caixa, control, cobramento e recuperación e, en xeral, tódolos de carácter financeiro relativos ás operacións de activo autorizadas con cargo ó FAD, sen prexuízo das competencias que en materia de control se establecen polo texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro, e demais normativa legal vixente.

Por instrucións do Ministerio de Economía, e na súa calidade de axente financeiro do FAD, o Instituto de Crédito Oficial poderá contratar con cargo ó FAD as operacións recollidas nos números seis, número 4, e nove desta disposición. O procedemento de contratación axustarase ás previsións normativas específicas referentes á contratación do instituto.

Anualmente, con cargo ó FAD, logo de autorización por Acordo de Consello de Ministros, compensarase o Instituto de Crédito Oficial polos gastos en que incorra no desenvolvemento e execución da función que se lle encomenda.

### Once. Control parlamentario.

1. O Goberno informará semestralmente o Congreso dos Deputados e o Senado das operacións autorizadas polo Consello de Ministros con cargo ó FAD.

2. Ademais enviará anualmente ás cámaras legislativas unha memoria das súas actividades con detalle das operacións aprobadas, das operacións formalizadas, das empresas adxudicatarias, dos sectores productivos destinatarios do financiamento con cargo ó Fondo e, en xeral, do desenvolvemento das operacións en curso ó longo do período previsto.

Doce. Inembargabilidade dos fondos procedentes do FAD.

Os tribunais, xuíces e autoridades administrativas non poderán, por débedas dos estados estranxeiros beneficiarios esixibles en territorio español, despachar mandamentos de execución nin dictar providencias de embargo contra os dereitos, fondos e valores produto da realización, liquidación e pagamento por parte da autoridade española concedente ou o seu axente financeiro, dos créditos e préstamos outorgados con cargo ó FAD.

Disposición adicional vixésimo terceira. *Modificación da disposición adicional décima da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional.*

De conformidade co establecido na Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, incorporada á normativa nacional na

Lei de augas, derrógase o número 1.a) da disposición adicional décima da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional.

En consecuencia, o réxime hídrico do río Ebro determinarase de acordo co procedemento legalmente establecido na mencionada Lei de augas e na súa normativa de desenvolvemento para tódalas bacías intercomunitarias de España.

Disposición adicional vixésimo cuarta. *Incompatibilidades.*

A incompatibilidade para o exercicio simultáneo de funcións de cargo público a que se refire o número 2 do artigo 181 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, non resultará de aplicación ós presidentes das sociedades a que se refire o artigo 166.2 da citada lei cando o Consello de Ministros, por proposta do ministro de tutela, declare a compatibilidade para o exercicio das funcións de presidente dunha sociedade e das funcións atribuídas a un alto cargo da Administración xeral do Estado e das entidades de dereito público dependentes daquela, no caso de que a natureza dos fins da sociedade garde conexión coas competencias legalmente atribuídas ó devandito alto cargo.

Disposición adicional vixésimo quinta. *Modificación da Lei 5/1995, do 23 de marzo, sobre réxime xurídico de alleamento de participacións públicas en determinadas empresas.*

Uno. Dáselle unha nova redacción ó artigo 1 co teor seguinte:

«Artigo 1. *Ámbito de aplicación subxectiva.*

1. Esta lei será de aplicación con carácter exclusivo ás entidades de natureza mercantil que no momento da entrada en vigor desta lei contan cunha participación directa ou indirecta do Estado no seu capital social superior ó 25 por cento deste e estean controladas polo socio estatal por calquera dos medios establecidos na lexislación mercantil que resulte aplicable, sempre que na actividade que desenvolva a entidade, por si ou mediante a participación noutras sociedades, conorra algunha das circunstancias seguintes:

- a) Prestar servicios esenciais ou servicios públicos formalmente declarados como tales.
- b) Desenvolver actividades suxeitas por lei e por razóns de interese público a un específico réxime administrativo de control, especialmente dos suxeitos que as realicen.
- c) Estar exenta total ou parcialmente da libre competencia nos termos do artigo 86 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

2. As entidades de natureza mercantil que formen parte dun grupo, determinado conforme o artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, quedan igualmente suxeitas ó establecido nesta lei sempre que calquera das entidades contidas no número 1 anterior teña unha posición dominante e nelas conorra calquera das circunstancias a que se refire.»

Dous. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 2, que queda redactado como segue:

«O réxime definido nos artigos 3 e seguintes desta lei será aplicable cando a participación pública do socio estatal nas entidades a que se refire o artigo anterior se encontre nalgún dos supostos seguintes: (...)»

Tres. Dáselle unha nova redacción ó artigo 3, que queda redactado como segue:

«Artigo 3. *Réxime de notificación.*

1. Cando se produciase algún dos presupostos de aplicación a que se refire o artigo anterior e así se estableza no real decreto a que se refire o número 6, poderán quedar suxeitos ó deber de ser notificados ó órgano competente por razón da materia, sempre que produzan os seus efectos no mercado nacional ou se refiran a activos situados no territorio nacional, os seguintes acordos adoptados polos órganos sociais das entidades mercantís indicadas no artigo 1 desta lei:

- a) A disolución voluntaria, a escisión ou a fusión da entidade.
- b) O alleamento ou o gravame, en calquera forma e por calquera título, dos activos estratégicos ou participacións sociais necesarias para o cumprimento do obxecto social da empresa e que para tal efecto se determinen.
- c) A substitución do obxecto social.

2. Igualmente, cando se produciase algún dos presupostos de aplicación definidos no artigo 2 desta lei, nos termos que estableza o real decreto a que alude o número 6, poderán quedar, así mesmo, suxeitos ó deber de ser notificados ó órgano competente por razón da materia, sempre que desenvolvan os seus efectos no mercado nacional, as operacións seguintes:

- a) As operacións consistentes en actos de disposición sobre o capital social que determinen, nun só acto ou en varios sucesivos, a redución da participación social pública, respecto da empresa suxeita ó réxime especial previsto nesta lei, nunha porcentaxe igual ou superior ó 10 por cento.
- b) A adquisición, directa ou indirecta, mesmo a través de terceiros, fiduciarios ou interpostos, nun só acto ou en varios sucesivos, de participacións sociais ou outros valores que poidan dar dereito, directa ou indirectamente, á subscrición ou adquisición daquelas, cando teña por consecuencia a disposición sobre, cando menos, o 10 por cento do capital social.

3. Serán aplicables ó suposto recollido no punto 2.b) anterior as normas reguladoras das ofertas públicas de adquisición de accións para efectos de:

- a) A cualificación como adquisición das operacións realizadas por grupos de sociedades ou persoas físicas ou xurídicas que actúen concertadamente;
- b) O cómputo de participacións cando se dispoña do dereito a voto por concepto distinto ó da titularidade dominical;
- c) A posesión ou adquisición de valores ou instrumentos que dean dereito á subscrición ou adquisición de participacións sociais.

4. No suposto previsto no número 2.b) deste artigo, cando a operación se materialice mediante a formulación dunha oferta pública de adquisición de accións admitidas a negociación nunha bolsa



de valores, unha vez autorizada a oferta pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, non se publicarán os anuncios relativos a ela nin comezará o prazo de aceptación mentres que o órgano competente non manifieste, de forma expresa ou presunta, a súa non oposición a ela.

5. Para efectos do disposto nesta lei, enténdese por adquirente a persoa física ou xurídica que actúe directamente como parte da operación concreta de que se trate, así como calquera outro pertencente ó mesmo grupo, de acordo co disposto no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Para os efectos previstos nesta lei terá a consideración de participación indirecta na sociedade sometida ó réxime de notificación a que se realice mediante calquera sociedade no capital da cal se participe en máis dun 10 por cento.

6. O real decreto polo que se estableza o réxime a que se refire este artigo, que será acordado en Consello de Ministros, por proposta do ministro competente por razón da materia e co previo dictame do Consello de Estado, deberá estar en vigor con anterioridade á realización dos actos de disposición recollidos no artigo 2 e determinará:

- a) O seu ámbito subxectivo de aplicación.
- b) Os actos de disposición concretos que quedan suxeitos a notificación de entre os recollidos no artigo 3.
- c) O órgano competente para dicta-la correspondente resolución.
- d) O prazo de vixencia.

Excepto no caso establecido no punto 2.d) anterior, poderá ser modificado ou suprimido polos mesmos trámites establecidos no número 1 deste artigo.

7. Na folla aberta no Rexistro Mercantil á entidade suxeita ó réxime establecido nesta lei inscribírase o contido dispositivo dos reais decretos a que se refire a alínea b) do número anterior. Será título bastante para inscribir unha instancia suscrita polo representante da sociedade suxeita ó citado réxime ou unha instancia remitida polo subsecretario do ministerio competente por razón da materia, pola cal se requira o rexistrador mercantil con indicación do seu contido e a data de publicación do correspondente real decreto no "Boletín Oficial del Estado". Suspenderase a inscrición dos actos e acordos sociais inscribíbles suxeitos a notificación conforme esta lei sen que previamente se acredite a non-oposición polo órgano competente por razón da materia.

O anterior enténdese sen prexuízo de que a normativa reguladora do Rexistro Mercantil poida regular especificamente o acceso a el do contido do real decreto a que se refire a letra b) do número 6 deste artigo.»

Catro. Dáselle unha nova redacción ó artigo 4, que queda redactado como segue:

«Artigo 4. *Procedemento.*

1. O órgano competente poderase opor ós actos e acordos que lle fosen notificados no prazo máximo dun mes contado desde a data en que a notificación que, se é o caso, efectúe a entidade ou persoa adquirente teña entrada no rexistro administrativo correspondente, sen prexuízo de que,

no caso de que deba emitirse o informe preceptivo polo organismo regulador a que se refire o número seguinte, por desenvolverse a empresa sometida ó réxime establecido nesta lei, nun mercado e sistema sometido a regulación, se interromperá o prazo sinalado polo tempo que transcorra ata que o informe sexa emitido.

En todo caso, cando excepcionalmente a transcendencia e a complexidade da operación así o xustifiquen, o referido órgano poderá decidir motivadamente dentro dos dez primeiros días do prazo dun mes anterior ampliar este por tempo non superior á súa metade, comunicándollo así ó interesado ou interesados.

2. No expediente que instrúa o órgano competente, de conformidade co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, emitirá informe preceptivamente o organismo regulador do funcionamento dos mercados e sistemas en que desenvolva a súa actividade a empresa sometida ó réxime establecido nesta lei, co obxecto de valora-la concorrencia dos criterios a que se refire o número 2 do artigo 5 desta lei.

3. Durante o prazo a que se refire o número 1, quedará suspendida a eficacia dos acordos e actos a que se refire o artigo 3. No caso dos actos de disposición sobre o capital, durante o referido prazo quedarán suspendidos os dereitos políticos derivados da participación accionarial correspondente.

4. O procedemento administrativo a que se refire o número anterior poderá terminarse mediante subscripción de convenio sobre as características do acordo ou acto social suxeitos a aprobación, por proposta tanto da Administración actuante coma do interesado ou interesados.

5. Suspenden en todo caso o cómputo do prazo disposto no número 1 deste artigo:

a) O requirimento de emenda das deficiencias ou insuficiencias da notificación, en particular nos datos sobre as características dos actos ou acordos sociais de que se trate, ata o seu debido cumprimento. Este requirimento só se poderá practicar unha vez.

b) A formulación de proposta de acordo pola Administración e ata a súa aceptación ou rexeitamento polo interesado ou interesados.

c) A intervención do órgano comunitario europeo competente nos supostos comprendidos no ámbito de aplicación do Regulamento CEE 4064/89, do 21 de decembro, modificado polo Regulamento CEE 2367/90, do 25 de xullo, e para a adopción dalgunha das decisións previstas nas devanditas normas.

d) A formulación de consulta ó órgano comunitario europeo competente por parte do correspondente órgano estatal nos casos de fusión, escisión ou transmisión de propiedade ou de uso de activos empresariais e en aplicación das normas comunitarias europeas a que se refire a alínea c) anterior.

6. Entenderase que o órgano competente non se opón á operación ou decisión notificada se transcorrido o prazo disposto no número 1 deste artigo non se notificou resolución expresa.»

Cinco. Dáselle unha nova redacción ó artigo 5, que queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Criterios de decisión do órgano competente.*

1. Nos casos previstos no artigo 3, o órgano competente, mediante resolución motivada, poderase opor ó acto ou acordo notificado como consecuencia da existencia de riscos significativos ou efectos negativos, directos ou indirectos, sobre as actividades desenvoltas polas empresas, co fin de garanti-la adecuada xestión e prestación de servizos por estas, de conformidade cos criterios obxectivos que se especifican no número seguinte.

2. Para os efectos previstos no número anterior, a existencia de riscos significativos ou efectos negativos apreciarase en función de:

a) Os medios patrimoniais para atender os compromisos de prestación de servizo que lles correspondan de conformidade co establecido na lexislación aplicable.

b) A transparencia na estrutura do grupo a que eventualmente poida incorporarse a entidade como consecuencia da operación e, en xeral, a existencia de dificultades para obter a información necesaria sobre o desenvolvemento das súas actividades.

c) Cando se trate de sectores de actividade sometidos a especiais potestades de ordenación e supervisión polos poderes públicos, os vínculos que, como consecuencia da operación, poidan establecerse pola entidade en cuestión con outras persoas físicas ou xurídicas, impedindo a ordenación e supervisión sobre os servizos que de acordo coa lexislación aplicable estea obrigada a presta-la entidade correspondente.

d) A posibilidade de que a entidade quede exposta, de forma inapropiada, ó risco de calquera outra actividade desenvolta polos adquirentes.

e) O risco de que a estrutura financeira da operación faga recaer sobre as actividades da entidade sometida a regulación, e sobre os recursos obtidos polas ditas actividades, en especial cando se trate de rendas de orixe regulada que se transfiren a actividades distintas daquelas que as orixinan.

3. Co fin de establecer se se garante a adecuada xestión e prestación de servizos polas empresas, terase en conta:

a) Seguridade na continuidade da entrega de bens ou prestación de servizos de acordo coas obrigas establecidas pola lexislación aplicable.

b) Seguridade da subministración ou da dispoñibilidade física ininterrompida dos produtos ou servizos no mercado, a un prezo asequible e de forma compatible coa protección do ambiente e o desenvolvemento sustentable. En particular, a protección fronte ó risco dun investimento ou do mantemento insuficiente en infraestruturas que non permita garantir, de forma continuada, un conxunto mínimo de servizos acordados co establecido na lexislación aplicable.

c) Protección do interese xeral no sector correspondente afectado e, en particular, a garantía dun adecuado mantemento dos obxectivos de política sectorial.»

Seis. Modifícase o artigo 6, que queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Efectos.*

1. Non producirán ningún efecto:

a) Os actos e acordos que non se notificasen de acordo co disposto nesta lei.

b) Os actos e acordos que se leven a efecto coa oposición do órgano competente de acordo co previsto nesta lei.

c) Os acordos adoptados por calquera órgano social, cando para a constitución deste ou a adopción daqueles fose necesario computar participacións sociais a adquisición das cales non fose notificada de acordo co previsto nesta lei, se leven a efecto coa oposición do órgano competente ou os dereitos políticos das cales non sexan exercitables por estaren en suspenso durante o prazo a que se refire o número 2 do artigo 4.

2. Sen prexuízo das demais consecuencias previstas no ordenamento xurídico, no caso das adquisicións de participacións sociais en que se supere o límite fixado para o efecto, o adquirente ou adquirentes non poderán exercer en ningún caso os dereitos políticos correspondentes ó exceso. De producirse unha ulterior transmisión das participacións correspondentes a tal exceso, subsistirá a prohibición de exercicio dos dereitos políticos ata que recaia a preceptiva resolución do órgano competente sobre o terceiro adquirente, que non poderá ser outorgada en caso de actuación concertada con calquera adquirente anterior.

3. A Administración competente para resolver estará lexitimada, en todo caso, para o exercicio das accións de impugnación dos actos e acordos a que se refire o presente artigo, así como para solicita-la súa suspensión, de conformidade co previsto na normativa procesual.»

Sete. A disposición adicional primeira da Lei 5/1995, do 23 de marzo, queda redactada como segue:

«O disposto nesta lei enténdese sen prexuízo do establecido nas normas sectoriais aplicables en cada caso.»

Oito. Modifícanse os números 2 e 3 da disposición derradeira primeira da Lei 5/1995, do 23 de marzo, que quedan redactados como seguen:

«2. Son de aplicación directa os artigos 3, excepto o número 6; 5; 6, excepto no relativo ó órgano administrativo competente previsto no número 3.

3. Decláranse básicos os artigos 1, 2, o número 6 do artigo 3, agás na determinación dos órganos competentes; 4, excepto en canto ó prazo para resolver do número 1; e o número 3 do artigo 6 en canto ó órgano administrativo competente.»

Nove. Introdúcese unha disposición transitoria primeira na Lei 5/1995, do 23 de marzo, co seguinte teor:

«Disposición transitoria primeira.

1. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004 e ata o 6 de febreiro de 2006 quedan sometidas ó réxime establecido nesta lei, en especial no que se refire ó réxime de notificación, procedemento e criterios de decisión do órgano competente, as sociedades que se relacionan a seguir:

- a) "Repsol YPF, Sociedad Anónima"
- b) "Repsol YPF Petróleo, Sociedad Anónima"
- c) "Repsol YPF Comercial de Productos Petrolíferos, Sociedad Anónima"
- d) "Repsol YPF Butano, Sociedad Anónima"

- e) "Petróleos del Norte, Sociedad Anónima"
- f) "Repsol YPF Investigaciones Petrolíferas, Sociedad Anónima"
- g) "Repsol YPF Exploración Alga, Sociedad Anónima"

2. Os acordos sociais suxeitos ó réxime establecido nesta lei, sempre que desenvolvan os seus efectos no mercado nacional, son os seguintes:

- a) Substitución de obxecto social.
- b) Alleamento ou gravame, en calquera forma e por calquera título, dos activos estratéxicos, partes ou cotas indivisas destes, de que sexa titular calquera das entidades a que se refire o número 1, sempre que se encontren situados en territorio nacional, seguintes:

Reservas petrolíferas ou de gas localizadas no territorio nacional.

Instalacións de refinación localizadas no territorio nacional.

Instalacións de almacenamento de gas natural.

Instalacións de almacenamento de produtos petrolíferos e oleodutos.

Instalacións de envasamento de gas licuado do petróleo (GLP), así como de almacenamento de produto en bruto de capacidade superior a 5.000 toneladas.

Exceptúase o alleamento ou gravame destes activos levada a cabo entre as empresas que se recollen no número 1, caso en que abondará simplemente con informar mediante comunicación dirixida ó mesmo órgano que sexa competente para os efectos previstos nesta lei.

c) Alleamento ou gravame, en calquera forma e por calquera título, de accións ou títulos representativos do capital de que sexa titular «Repsol, Sociedad Anónima», en calquera das restantes entidades incluídas no número 1 anterior.

3. Queda igualmente sometida ó réxime establecido nesta lei, sempre que desenvolvan os seus efectos no mercado nacional, a adquisición directa ou indirecta, mesmo a través de terceiros fiduciarios ou interpostos, de accións de "Repsol YPF, Sociedad Anónima", ou de calquera das restantes entidades incluídas no número 1 ou outros valores que poidan dar dereito, directa ou indirectamente, á subscripción ou adquisición daquelas, cando teña por consecuencia a disposición sobre, polo menos, o 10 por cento do capital social correspondente.

4. Sen prexuízo do anterior, dos acordos sociais das sociedades incluídas no número 1, de disolución voluntaria, escisión ou fusión informárase simplemente mediante comunicación dirixida ó mesmo órgano que sexa competente para os efectos previstos nos parágrafos anteriores.

En todo caso, quedan suxeitos ó réxime de notificación establecido nesta lei os actos e acordos sociais de alleamento ou gravame, en calquera forma e por calquera título, dos activos a que se refire a alínea b) do número 2 e que sendo titularidade das sociedades incluídas no número 1 fosen achegados por estas ás sociedades resultantes dunha escisión ou fusión.

Exceptúase do disposto no parágrafo anterior aqueles casos en que a operación societaria se realice dentro do grupo de empresas a que se refire o número 1.»

Dez. Introdúcese unha disposición transitoria segunda na Lei 5/1995, do 23 de marzo, co seguinte teor:

«Disposición transitoria segunda.

1. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004 e ata o 18 de febreiro de 2007 quedan sometidas ó réxime establecido nesta lei, en especial no que se refire ó réxime de notificación, procedemento e criterios de decisión do órgano competente, as sociedades seguintes:

- a) Telefónica, Sociedad Anónima.
- b) Telefónica Móviles, Sociedad Anónima.
- c) Telefónica Móviles España, S.A.U.
- d) Telefónica de España, S.A.U.

2. Os acordos sociais suxeitos ó réxime establecido nesta lei son, sempre que desenvolvan os seus efectos no mercado nacional, os de alleamento ou gravame, en calquera forma e por calquera título, dos activos estratéxicos, partes ou cotas indivisas destes, sempre que se encontren situados en territorio nacional, de que sexan titulares Telefónica de España S.A.U. e Telefónica Móviles de España S.A.U. seguintes:

1.º Conxunto ordenado de equipamentos e portadores de comunicación e a infraestrutura asociada, sempre que aqueles estean en territorio español e formen parte de calquera das seguintes categorías:

- a) Cable coaxial.
- b) Cable de fibra óptica.
- c) Cable interurbano de pares.
- d) Redes de abonado.
- e) Conexións entre nós secundarios de Madrid e Barcelona.

2.º Centrais de tránsito e edificios que as albergan.

3.º Centrais internacionais e edificios que as albergan.

4.º Cables submarinos.

5.º Participacións en sociedades ou consorcios dedicados á explotación de satélites ou cables submarinos.

6.º Estacións terreas de satélites.

7.º Estacións costeiras de amarre de cables submarinos.

3. Exceptúase o alleamento ou gravame destes activos levada a cabo entre as empresas que se recollen no número 1, caso en que abondará simplemente con informar mediante comunicación dirixida ó mesmo órgano que sexa competente para os efectos previstos nesta lei.

4. Alleamento ou gravame, en calquera forma e por calquera título, de accións ou títulos representativos do capital de que sexa titular Telefónica, S.A., en Telefónica de España, S.A.U., que supoña a perda do control dela ou a venda dunha participación superior ó 50 por cento.

5. Alleamento ou gravame, en calquera forma e por calquera título, de accións ou títulos representativos do capital de Telefónica, S. A., en Telefónica Móviles, S. A., que supoñan a perda do control dela ou a venda dunha participación superior ó 50 por cento.

6. Alleamento ou gravame, en calquera forma e por calquera título, de accións ou títulos representativos do capital de Telefónica Móviles, S. A., en Telefónica Móviles España, S.A.U., que supoñan

a perda do control dela ou a venda dunha participación superior ó 50 por cento.

7. Substitución do obxecto social de Telefónica Móviles España, S.A.U., que implique a supresión das actividades necesarias para a prestación dos servizos de telecomunicacións.

8. Sen prexuízo do anterior, queda igualmente sometida ó réxime establecido nesta lei, sempre que desenvolvan os seus efectos no mercado nacional, a adquisición directa e indirecta, ou sobrevida, incluso a través de terceiros fiduciarios ou interpostos, de accións de Telefónica, S. A., ou Telefónica Móviles, S. A., ou outros valores que poidan dar dereito, directa ou indirectamente, á subscripción ou adquisición daquelas, cando teña por consecuencia a disposición sobre, polo menos, o 10 por cento do capital social correspondente.

Non obstante, e como consecuencia da súa condición de sociedades cotizadas, exceptuáse do disposto no número anterior as adquisicións meramente financeiras que non teñan por obxecto a participación no control e/ou a xestión de Telefónica, S. A., e Telefónica Móviles, S. A.

9. Sen prexuízo do establecido nos números anteriores, dos acordos sociais das sociedades incluídas no número 1, de disolución voluntaria, escisión ou fusión informárase simplemente mediante comunicación dirixida ó mesmo órgano que sexa competente para os efectos previstos nos parágrafos anteriores.

En todo caso, quedan suxeitos ó réxime de notificación establecido nesta lei os actos e acordos sociais de alleamento ou gravame, en calquera forma e por calquera título, dos activos a que se refire o número 2 e que sendo titularidade das sociedades incluídas no número 1 fosen achegadas por estas ás sociedades resultantes dunha escisión ou fusión.

Exceptuáse do disposto no parágrafo anterior aqueles casos en que a operación societaria se realice dentro do grupo de empresas a que se refire o número 1.»

Once. Introdúcese unha disposición transitoria terceira na Lei 5/1995, do 23 de marzo, co seguinte teor:

«1. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004 e ata o 8 de xuño de 2007 quedan sometidas ó réxime establecido nesta lei, en especial no que se refire ó réxime de notificación, procedemento e criterios de decisión do órgano competente, as sociedades seguintes:

- a) Endesa, Sociedad Anónima.
- b) Endesa Generación, Sociedad Anónima.
- c) Endesa Distribución Eléctrica, Sociedad Limitada.

2. Quedan sometidos ó réxime establecido nesta lei, sempre que desenvolvan os seus efectos no mercado nacional, os actos e acordos sociais de adquisición directa ou indirecta, mesmo a través de terceiros fiduciarios ou interpostos, de accións de «Endesa, Sociedad Anónima», e das sociedades incluídas no número anterior ou outros valores, títulos ou dereitos que poidan dar dereito, directa ou indirectamente, á subscripción ou adquisición daquelas, cando teña por consecuencia a disposición sobre, ó menos, o 10 por cento do capital de «Endesa, Sociedad Anónima», ou do resto de sociedades que se relacionan no número anterior.

Non obstante o anterior, e como consecuencia da súa condición de sociedades cotizadas, exceptuáanse do disposto no parágrafo anterior as adquisicións meramente financeiras que non teñan por obxecto a participación no control e/ou a xestión das entidades mencionadas no número 1.

Igualmente, quedan suxeitos ó réxime establecido nesta lei os actos e acordos sociais de alleamento ou gravame, en calquera forma e por calquera título, das accións ou títulos representativos do capital de que sexa titular «Endesa, Sociedad Anónima», en calquera das restantes sociedades relacionadas no número anterior. Para estes efectos, equipáranse ás accións calquera outro valor que poida dar dereito, directa ou indirectamente, á subscripción ou adquisición delas.

3. Sen prexuízo do anterior, dos acordos sociais das sociedades incluídas no número 1, de disolución voluntaria, escisión ou fusión informárase simplemente mediante comunicación dirixida ó mesmo órgano que sexa competente para os efectos previstos nos parágrafos anteriores.»

Doce. Introdúcese unha disposición transitoria cuarta na Lei 5/1995, do 23 de marzo, co seguinte teor:

«Disposición transitoria cuarta.

1. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004 e ata o 23 de marzo de 2004, prorrogables por dous anos, quedan sometidas ó réxime establecido nesta lei, en especial no que se refire ó réxime de notificación, procedemento e criterios de decisión do órgano competente, as sociedades seguintes:

- a) «Indra Sistemas, Sociedad Anónima».
- b) «Indra EMAC, Sociedad Anónima».
- c) «Indra Espacio, Sociedad Anónima».

2. En relación con «Indra Sistemas, Sociedad Anónima», sociedade cabeceira do grupo de empresas que se recollen no número anterior, os acordos e actos suxeitos ó réxime establecido nesta disposición, sempre que produzan os seus efectos no mercado nacional ou se refiran ós situados en territorio nacional, entenderanse referidos ós activos estratéxicos ou á parte destes, calquera que sexa a súa natureza, asignados a actividades, produtos, programas ou servizos relacionados coa defensa nacional e aínda que estes poidan ser utilizados tamén para usos distintos dos da propia defensa nacional.

3. As limitacións que se establecen nesta disposición, en canto á adquisición de accións representativas do capital social das compañías sinaladas no número 1, tamén afectan a «Indra Sistemas, Sociedad Anónima».

4. Os acordos sociais suxeitos ó réxime establecido nesta lei son os seguintes:

a) Substitución do obxecto social que implique a supresión das actividades necesarias para a prestación dos servizos relacionados coa defensa nacional.

b) Alleamento ou gravame, en calquera forma e por calquera título, dos activos, materiais ou inmateriais, partes ou cotas indivisas destes que, baixo calquera forma de titularidade, están sendo utilizados por calquera das entidades a que sexa de aplicación esta disposición, sempre que estean incluídos no ámbito de aplicación desta.

Exceptúase o alleamento ou gravame destes activos levada a cabo entre as empresas do grupo que se recollen no número 1, caso en que abondará simplemente con informar mediante comunicación dirixida ó mesmo órgano que sexa competente para os efectos previstos nesta lei.

c) En todo caso, o alleamento de activos a que se refire o número 2 desta disposición, tanto da propia "Indra Sistemas, Sociedad Anónima", como das sociedades a que se refire o número 1, sempre que afecte a máis dun 10 por cento dos activos totais consolidados do grupo Indra, segundo o seu último balance aprobado pola xunta xeral, excepto que o alleamento destes activos levada a cabo entre as empresas do grupo de empresas que se recolle no número 1, caso en que abondará simplemente con informar mediante comunicación dirixida ó mesmo órgano que sexa competente para os efectos previstos nesta lei.

5. Sen prexuízo do anterior, dos acordos sociais das sociedades incluídas no número 1, de disolución voluntaria, escisión ou fusión informárase simplemente mediante comunicación dirixida ó mesmo órgano que sexa competente para os efectos previstos nos parágrafos anteriores.

En todo caso, quedan suxeitos ó réxime de notificación establecido nesta lei os actos e acordos sociais de alleamento ou gravame, en calquera forma e por calquera título, dos activos a que se refire o número 2 e que sendo titularidade das sociedades incluídas no número 1 fosen achegadas por estas ás sociedades resultantes dunha escisión ou fusión.

Exceptúase do disposto no parágrafo anterior aqueles casos en que a operación societaria se realice dentro do grupo de empresas a que se refire o número 1.

6. Queda igualmente sometida ó réxime establecido nesta lei a adquisición, directa ou indirecta, mesmo a través de terceiros fiduciarios ou interpostos, de accións de "Indra Sistemas, Sociedad Anónima", ou de calquera das restantes entidades incluídas no número 1 ou outros títulos-valores que poidan dar dereito, directa ou indirectamente, á subscrición ou adquisición daquelas, cando teña por consecuencia a disposición sobre, polo menos, o 10 por cento do capital social correspondente, ou permitan a un determinado accionista ou grupo de accionistas, definidos conforme o artigo 42 do Código de comercio, supera-la devandita porcentaxe. Así mesmo, a adquisición de accións por parte de calquera accionista ou grupo de accionistas que xa posúan un 10 por cento do capital social correspondente requirirá idéntica autorización.

Non obstante o anterior, e como consecuencia da súa condición de sociedades cotizadas, exceptúanse do disposto no parágrafo anterior as adquisicións meramente financeiras que non teñan por obxecto a participación no control e/ou a xestión das entidades mencionadas no número 1.

Así mesmo, quedan sometidos ó réxime establecido nesta lei o alleamento ou gravame, en calquera forma e por calquera título, de accións ou títulos representativos do capital de que sexa titular "Indra Sistemas, Sociedad Anónima" en calquera das sociedades do número 1, cando poidan comportar efectos equivalentes ós referidos na alínea b) do número 4.

Para efectos do previsto no parágrafo anterior, equipáranse ás accións calquera outro título-valor que poida dar dereito, directa ou indirectamente, á subscrición ou adquisición delas.»

Trece. Introdúcese unha disposición transitoria quinta na Lei 5/1995, do 23 de marzo, co seguinte teor:

«Disposición transitoria quinta.

1. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004 e ata o 3 de abril de 2006, prorrogables por dous anos, queda sometida ó réxime establecido nesta lei, en especial no que se refire ó réxime de notificación, procedemento e criterios de decisión do órgano competente, a compañía "Iberia, Líneas Aéreas de España, Sociedad Anónima".

2. Os acordos sociais suxeitos ó réxime establecido nesta lei, sempre que desenvolvan os seus efectos no mercado nacional ou se refiran a activos situados en territorio nacional, son os seguintes:

a) Substitución do seu obxecto social.

b) Alleamento ou gravame, en calquera forma e por calquera título, dos activos tanxibles ou intanxibles, partes ou cotas indivisas deles de que sexa titular "Iberia, Líneas Aéreas de España, Sociedad Anónima", sempre que iso impida ou afecte substancialmente a capacidade de "Iberia, Líneas Aéreas de España, Sociedad Anónima", para explora-los servicios de transporte aéreo de pasaxeiros e carga.

3. Queda igualmente sometida ó réxime de notificación ó Ministerio de Economía, nos termos e coas consecuencias previstas nesta lei, a adquisición, directa ou indirecta, mesmo a través de terceiros fiduciarios ou interpostos, de accións de "Iberia, Líneas Aéreas de España, Sociedad Anónima", ou outros valores que poidan dar dereito, directa ou indirectamente, á subscrición ou adquisición daquelas, cando teña por consecuencia a disposición sobre, polo menos, o 10 por cento do capital social correspondente.

Non obstante o anterior, e como consecuencia da súa condición de sociedade cotizada, exceptúase do disposto no parágrafo anterior, as adquisicións meramente financeiras que non teñan por obxecto a participación no control e/ou a xestión da entidade mencionada no número 1.

4. Sen prexuízo do anterior, dos acordos sociais de disolución voluntaria, escisión, ou fusión informárase simplemente mediante comunicación dirixida ó mesmo órgano que sexa competente para os efectos previstos nos parágrafos anteriores.

En todo caso, quedan suxeitos ó réxime de notificación establecido nesta lei os actos e acordos sociais de alleamento ou gravame, en calquera forma e por calquera título, dos activos a que se refire a alínea b) do número 2 e que sendo da súa titularidade fosen achegados ás sociedades resultantes dunha escisión ou fusión.»

Catorce. Introdúcese unha nova disposición transitoria sexta na Lei 5/1995, do 23 de marzo, co seguinte teor:

«Disposición transitoria sexta.

A excepción do réxime de notificación, por concorre-la condición de sociedades cotizadas nas entidades a que se refiren as disposicións transitorias segunda a quinta, das adquisicións de accións ou

outros valores, que permitindo a disposición sobre, polo menos, o 10 por cento do capital social correspondente, se consideren meramente financeiras por non teren por obxecto o control e/ou a xestión da entidade de que se trate, enténdese sen prexuízo de quedar en todo caso sometidas a el, nos termos e coas consecuencias previstas na presente lei, desde o momento en que efectivamente se exerza a toma de control ou a participación na xestión da entidade.»

Quince. Introdúcese unha nova disposición derradeira cuarta na Lei 5/1995, do 23 de marzo, coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira cuarta.

Na folla aberta a cada unha das entidades comprendidas no réxime establecido nas disposicións transitorias primeira, segunda, terceira, cuarta e quinta desta lei inscribíranse os actos de disposición concretos que quedan suxeitos a notificación de entre os recollidos nelas. Será título bastante para inscribir unha instancia suscrita polo representante da sociedade suxeita ó devandito réxime ou unha instancia remitida polo subsecretario do Ministerio competente por razón da materia, pola que se requira o rexistrador mercantil para a consagración do réxime de notificación, con indicación do seu contido. Suspenderase a inscrición dos actos e acordos sociais inscribíbles suxeitos a notificación conforme esta lei sen que previamente se acredite a non-oposición polo órgano competente por razón da materia.

O anterior enténdese sen prexuízo de que a normativa reguladora do Rexistro Mercantil poida regular especificamente o acceso a el dos actos de disposición concretos que quedan suxeitos a notificación conforme o establecido no parágrafo anterior.»

Disposición adicional vixésimo sexta. *Vixencia do réxime establecido pola Lei 5/1995, do 23 de marzo, sobre alleamento de participacións públicas de determinadas empresas.*

Substitúense as referencias ó réxime de autorización que se establezan na normativa vixente que resulte de aplicación polo réxime de notificación previsto na Lei 5/1995, do 23 de marzo, modificada pola disposición adicional vixésimo quinta desta lei.

Non obstante o anterior, mantéñense en vigor as disposicións de rango regulamentario dictadas para o seu desenvolvemento ou execución en canto non se opoña ó establecido na devandita lei modificada conforme ela.

Así mesmo e en canto non se opoña ó establecido na devandita lei modificada pola disposición adicional vixésimo quinta desta lei, serán de aplicación:

Real decreto 3/1996, do 15 de xaneiro, de aplicación a Repsol SA e a determinadas sociedades do seu grupo da Lei 5/1995, do 23 de marzo;

Real decreto 8/1997, do 10 de xaneiro, de aplicación a Telefónica de España, S. A., e a Telefónica Móviles, S. A., da Lei 5/1995, do 23 de marzo;

Real decreto 929/1998, do 14 de maio, de aplicación a Endesa, S. A., e a determinadas sociedades do seu grupo da Lei 5/1995, do 23 de marzo;

Real decreto 482/1999, do 18 de marzo, de aplicación a Indra Sistemas, S. A., e a determinadas sociedades do seu grupo da Lei 5/1995, do 23 de marzo;

Real decreto 343/2000, do 4 de abril, de aplicación a Iberia, Líneas Aéreas de España, S. A., da Lei 5/1995, do 23 de marzo.

En todo caso, o disposto na disposición adicional vixésimo quinta desta lei será de aplicación ás operacións que se encontren en tramitación no momento da súa entrada en vigor.

Disposición adicional vixésimo sétima. *Réxime xurídico dos produtos derivados da uva e do viño.*

A elaboración, circulación e comercio dos produtos derivados da uva e do viño e, en particular, o vinagre de viño, os viños aromatizados, o brandi, a augardente de bagazo e o mosto, rexeráse polas disposicións contidas na súa normativa específica, sendo de aplicación, no que proceda, a Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño.

Disposición adicional vixésimo oitava. *Modificación da Lei 3/1981, de 25 de marzo, de creación do Parque Nacional de Garajonay.*

Modifícase o artigo cuarto da Lei 3/1981, de 25 de marzo, de creación do Parque Nacional de Garajonay, quedando da maneira seguinte:

«Artigo cuarto. *Zona periférica de protección.*

Un. Delimitase unha zona periférica de protección exterior continua e periférica, co fin de garantir unha completa protección dos recursos naturais que xustificaron a súa creación e para evitar os posibles impactos ecolóxicos e paisaxísticos procedentes do exterior. Os seus límites xeográficos son os que se fixan no anexo II desta lei.

Dous. Para tal fin, a Administración competente abordará a ordenación da citada zona periférica de protección, de tal forma que, con carácter xeral, se prohiban as novas construcións, agás as de interese público, así como as obras de conservación e mantemento das edificacións existentes.

Tres. Excepcionalmente, e nos núcleos de poboación existentes, os instrumentos de planeamento correspondentes poderán autorizar novas edificacións destinadas a facer fronte ó crecemento natural das poboacións actualmente asentadas nos devanditos núcleos, así como a rehabilitación de edificacións preexistentes con destino ó turismo rural.

Naqueles núcleos de poboación con edificación concentrada poderanse autorizar novas edificacións que permitan a súa colmatación con igual destino ó previsto no parágrafo anterior.

En tódolos casos será necesario o informe favorable do padroado para a súa autorización, salvo que a dita zona tivese ordenación pormenorizada incluída no instrumento de planeamento correspondente, aprobada e en vigor, suposto en que a Administración concedente da licenza dará traslado dela ó padroado do parque no prazo de dez días, para o seu coñecemento e efectos.

Catro. A Administración competente en materia de planeamento adoptará as medidas necesarias de protección do solo, xeografía, flora, fauna, paisaxe, augas e demais elementos naturais,

impedindo a introducción de especies exóticas animais ou forestais e a transformación das zonas boscosas, que deberán manterse na súa vocación natural.

Cinco. Estas medidas disporán tamén a conservación dos sistemas agrarios tradicionais na zona.»

Disposición adicional vixésimo novena. *Modificación do artigo 32 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

O artigo 32 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 32. *Actividades no subsolo mariño.*

As actividades obxecto deste título que se realicen no subsolo do mar territorial e nos demais fondos mariños que estean baixo a soberanía nacional rexeranse por esta lei, pola lexislación vixente de costas, mar territorial, zona económica exclusiva e plataforma continental, e polos acordos e convencións internacionais dos cales o Reino de España sexa parte.

Cando se produzan actividades neses ámbitos, incidan ou non en zonas terrestres, requirirase informe previo da comunidade autónoma afectada no procedemento de concesión de explotación de xacigos e de almacenamentos subterráneos de hidrocarburos.»

Disposición adicional trixésima. *Obrigas de programación e limitacións á emisión en cadea dos servizos de televisión.*

1. Os titulares de concesións para a prestación do servizo público de televisión de ámbito estatal ou autonómico previstas na disposición adicional cuadraxésima cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e de ámbito local, a que se refire a Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, estarán obrigados a emitir programas televisivos orixinais durante un mínimo de catro horas diarias e 32 semanais.

Para estes efectos, seguiranse as seguintes regras:

a) Non se considerarán programas televisivos as emisións consistentes en imaxes fixas nin os tempos destinados á publicidade, televenda e xogos e concursos promocionais, incluídas as emisións consistentes en consultas e xogos a distancia en directo con participación dos telespectadores.

b) Non se considerarán programas orixinais aqueles que consistan na mera reemisión de programas televisivos a difusión dos cales se realizase ou se estea realizando por outro medio.

c) No caso de servizos de difusión de ámbito de cobertura nacional, computarase tanto a programación emitida cun ámbito de cobertura nacional como aquela cun ámbito de cobertura limitado para cada unha das zonas territoriais que, se é o caso, permita a desconexión, sen que en ningún caso a duración diaria da programación coa devandita cobertura limitada poida exceder a duración diaria da programación con cobertura nacional.

2. Os titulares de concesións para a prestación de servizos públicos de televisión dixital terrea autonómi-

co ou local a que se refire o número 1 anterior, poderán emitir simultaneamente a mesma programación, coas seguintes limitacións:

a) Só poderán conecta-los seus servizos de difusión para emitir simultaneamente unha programación determinada, durante un máximo de cinco horas ó día e vintecinco semanais.

b) Regulamentariamente determinarase cando existe solapamento, nos horarios de emisión dun mesmo programa.

c) Catro das horas de emisión dos programas orixinais a que se refire o número 1 deste artigo, deberán estar comprendidas necesariamente entre as 13 e as 16 horas e entre as 20 e as 23 horas e deberán corresponder a contidos relacionados co ámbito territorial de cobertura do servizo de difusión para o que teñan atribuída a licenza, sen prexuízo doutros contidos que por vía regulamentaria poidan autorizarse para a súa emisión durante os citados períodos de tempo.

Disposición adicional trixésimo primeira. *Modificación da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres.*

Modifícase a disposición transitoria segunda da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, mediante a adición de dous novos números do seguinte teor:

«Disposición transitoria segunda.

5. Os adxudicatarios de concesións para a prestación de servizo público de televisión dixital terrea suxeitos á Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, poderán utilizar tecnoloxía analóxica para a difusión das súas emisións durante dous anos, contados desde o 1 de xaneiro de 2004, sempre que así o permitan as disponibilidades e a planificación do espectro establecida nos plans nacionais de televisión, no marco da normativa reguladora do dominio público radioeléctrico. Para os devanditos efectos, os concesionarios presentarán ante a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información as solucións técnicas necesarias que permitan a emisión con tecnoloxía analóxica, sen que por iso se entendan adquiridos dereitos de uso do dominio público radioeléctrico distintos dos recoñecidos no correspondente título concesional. Finalizado o prazo anteriormente sinalado, aquelas deberán emitir con tecnoloxía dixital e adaptarse ás previsións contidas no Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local.

6. Habilítase o Goberno para modifica-lo prazo a que se refire o parágrafo anterior á vista do estado de desenvolvemento e penetración da tecnoloxía dixital de difusión de televisión por ondas terrestres.»

Disposición adicional trixésimo segunda. *Modificación da Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada.*

Uno. Modifícase o artigo 19, que queda redactado como segue:

«Artigo 19.

1. As persoas físicas ou xurídicas que, directa ou indirectamente, participen no capital ou nos de-

reitos de voto, nunha proporción igual ou superior ó cinco por cento do total, dunha sociedade concesionaria dun servizo público de televisión non poderán ter unha participación significativa en ningunha outra sociedade concesionaria dun servizo público de televisión que teña idéntico ámbito de cobertura e na mesma demarcación.

Ningunha persoa física ou xurídica que, directa ou indirectamente, participe no capital ou nos dereitos de voto, nunha proporción igual ou superior ó cinco por cento do total, dunha sociedade concesionaria dun servizo público de televisión de ámbito estatal, poderá ter unha participación significativa noutra sociedade concesionaria de ámbito de cobertura autonómico ou local, sempre que a poboación das demarcacións cubertas en cada un destes ámbitos polas súas emisións exceda o 25 por cento do total nacional.

Igualmente, as persoas físicas ou xurídicas non incluídas no parágrafo anterior que, directa ou indirectamente, participen no capital ou nos dereitos de voto, nunha proporción igual ou superior ó cinco por cento do total, dunha sociedade concesionaria dun servizo público de televisión de ámbito autonómico non poderán ter unha participación significativa en ningunha outra sociedade concesionaria dun servizo público de televisión local cun ámbito incluído no anterior, sempre que a poboación das demarcacións cubertas polas súas emisións exceda o 25 por cento do total autonómico.

En ningún caso se poderá ter unha participación significativa no capital ou nos dereitos de voto, de sociedades concesionarias de servizos públicos de televisión de ámbito estatal, autonómico e local en caso de que coincidan simultaneamente no mesmo punto de recepción da emisión.

2. Ningún concesionario dun servizo público de televisión poderá ter unha participación significativa doutra sociedade que teña a mesma condición nos supostos a que se refire o número anterior.

3. En todo caso, as persoas físicas ou xurídicas que, directa ou indirectamente, participen no capital ou nos dereitos de voto, nunha proporción igual ou superior ó cinco por cento do total, dunha sociedade concesionaria dun servizo público de televisión, así como os concesionarios dun servizo público de televisión non poderán designar, directa ou indirectamente, membros dos órganos de administración de máis dunha sociedade que teña a condición de concesionaria do servizo público de televisión salvo nos supostos en que resulte admitida a participación significativa nelas conforme o establecido nos números 1 e 2 deste artigo.

4. Para os efectos deste artigo, considérase participación significativa aquela que alcance de forma directa ou indirecta polo menos o cinco por cento de capital ou dos dereitos de voto.

5. Para os efectos previstos neste artigo, consideraranse posuídas ou adquiridas por unha mesma persoa física ou xurídica as accións ou outros valores posuídos ou adquiridos polas entidades pertencentes a un mesmo grupo tal e como este se define no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, así como os posuídos ou adquiridos polas demais persoas que actúen en nome propio pero por conta daquela, de forma concertada ou formando con ela unha unidade de decisión.

Entenderase, salvo proba en contrario, que actúan por conta dunha persoa xurídica ou de forma

concertada con ela os membros do órgano de administración. Igualmente se presumirá que existe actuación concertada nos seguintes supostos:

a) Entre accionistas ou persoas xurídicas entre as cales medie calquera pacto ou acordo de participación recíproca no capital ou nos dereitos de voto;

b) Entre as persoas físicas ou xurídicas entre as que se celebre calquera xénero de acordo ou pacto co fin de adoptar ou bloquear actuacións que poidan influír significativamente na estratexia competitiva dunha sociedade en que participen directa ou indirectamente;

c) Entre accionistas ou titulares de dereitos de voto dunha entidade que poidan controlar unha sociedade mediante o exercicio común dos seus dereitos de voto, por existir entre ambos intereses comúns que favorezan unha acción conxunta para evita-lo prexuízo mutuo ou para a consecución dun beneficio común ó exerce-los seus dereitos sobre a sociedade participada;

d) Entre sociedades matrices ou dominadas de grupos de empresas competidoras entre as que existan intereses cruzados;

e) Entre accionistas ou titulares dos dereitos de voto entre os que exista ou se celebre calquera xénero de pacto ou acordo co obxecto de xestionar conxuntamente, de forma relevante, a programación, a definición ou coordinación da estratexia empresarial, da política comercial de deseño, xestión, fixación de prezos, xestión de actividades de promoción e campañas de publicidade, así como a xestión de instalacións e recursos. A existencia de pactos ou acordos a que se refire esta letra entre os accionistas ou titulares de dereitos de voto e un terceiro determinará, directa ou indirectamente, a existencia de actuación concertada entre os accionistas ou titulares de dereitos de voto que subscribisen estes co referido terceiro.

f) Entre accionistas ou titulares de dereitos de voto en que concorrese algunha das circunstancias anteriores no pasado de maneira que poida entenderse subsistente algún interese común.

En todo caso, terase en conta tanto a titularidade dominical das accións e demais valores como os dereitos de voto que se desfruten en virtude de calquera título.

6. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información ou, se é o caso, a autoridade territorial competente, está lexitimada, dentro das súas respectivas competencias, para o exercicio das accións tendentes a facer efectivas as limitacións impostas neste artigo.

7. Para determina-la poboación da demarcación cuberta polas emisións terase en conta o último padrón de poboación publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

8. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do establecido nas normas sectoriais aplicables en cada caso.»

Dous. Introdúcese un artigo 21 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 21 bis.

1. Cando, como consecuencia de circunstancias sobrevidas se incumpra o disposto no artigo 19 desta lei ou cando, por calquera outra causa, se



superen os límites de poboación previstos no dito precepto, as persoas físicas ou xurídicas que incorran en tal incumprimento deberano comunicar á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información ou, se é o caso, á autoridade territorial competente no prazo dun mes desde que se produza a referida circunstancia.

Á comunicación a que se refire o parágrafo anterior achegaráselle un plan de actuacións para emenda-lo referido incumprimento.

2. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información ou, se é o caso, a autoridade territorial competente poderá introducir no prazo dun mes desde a recepción da comunicación as modificacións necesarias no plan de actuacións para asegura-la emenda do incumprimento.

O plan de actuacións presentado, coas modificacións que, se é o caso, se introduzan, de conformidade co establecido no parágrafo anterior, cumprirse en todo caso dentro do prazo máximo de seis meses contado desde a súa comunicación.

3. Durante o prazo de seis meses a que se refire o número 2, ou transcorrido un mes desde que se producise o incumprimento sen que se realizase a comunicación esixida no número 1, e en todo caso, mentres non se proceda a emenda-lo incumprimento do establecido no artigo 19 desta lei, non se poderán exercer os dereitos de voto ou, se é o caso, a condición de membros do órgano de administración naquela das sociedades das que a titularidade ou participación xerese o incumprimento.

4. Transcorrido o prazo de seis meses a que se refire o número 2 sen que se dese cumprimento ó plan de actuacións, ou cando non se comunicase o incumprimento no prazo dun mes a que se refire o número 1, e en todo caso, mentres non se proceda a emenda-lo incumprimento do establecido no artigo 19 desta lei, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información ou, se é o caso, a autoridade territorial competente poderalle impor á persoa física ou xurídica a quen se imputa o devandito incumprimento multas coercitivas de 10.000 a 100.000 euros por día transcorrido ata que se emende definitivamente o mesmo, sen prexuízo das sancións en que puidese incurrir de acordo co disposto no capítulo IV e da extinción da concesión a que alude o artigo 17 desta lei.»

Tres. Modifícase a disposición transitoria terceira da Lei 10/1988, do 3 de maio, da televisión privada:

«As persoas físicas ou xurídicas que, en 1 de xaneiro de 2004, incumpran o disposto no artigo 19 desta lei, estarán suxeitas ó disposto no seu artigo 21 bis, con excepción das persoas físicas ou xurídicas que participen no capital de actuais concesionarios de servizo público de televisión de ámbito estatal empregando exclusivamente tecnoloxía dixital de difusión e unicamente con relación ás devanditas concesións, ás cales non lles será de aplicación o artigo 21 bis ata o 1 de xaneiro de 2005.»

Disposición adicional trixésimo terceira. *Exención por danos persoais.*

1. Estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas as cantidades percibidas en virtude do previsto na disposición xeral do anexo I do Acordo de

vendas subscrito entre o Estado Maior da Defensa e a Axencia de Mantemento e Aproximación do Tratado do Atlántico Norte, como consecuencia do accidente de aviación acaecido o 26 de maio de 2003.

Así mesmo, estarán exentos os importes percibidos polos beneficiarios que se acollesen ó sistema de anticipos das cantidades a que se refire o parágrafo anterior, previsto no Acordo do Consello de Ministros do 29 de agosto de 2003.

2. O disposto nesta disposición adicional resultará de aplicación ós períodos impositivos iniciados desde o 1 de xaneiro de 2003.

Disposición adicional trixésimo cuarta. *Réxime fiscal do acontecemento «Copa América 2007».*

Un. Declaración da «Copa América 2007» como acontecemento de excepcional interese público.

1. A celebración da «Copa América 2007» en España terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

2. A duración do programa de apoio a este acontecemento alcanzará desde o 1 de xaneiro de 2004 ata 31 de decembro de 2007.

3. A certificación da adecuación dos gastos e investimentos realizados ós obxectivos e plans do programa será competencia do Consorcio Valencia 2007 conforme o disposto no artigo 27.2.b) da citada Lei 49/2002.

4. As actuacións que se realicen serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizarao o Consorcio a que se fixo referencia no número 3.

5. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Dous. Réxime fiscal da entidade organizadora da «Copa América 2007» e dos equipos participantes.

1. As persoas xurídicas residentes en España constituídas con motivo do acontecemento pola entidade organizadora da «Copa América 2007» ou polos equipos participantes, estarán exentas do imposto sobre sociedades polas rendas obtidas durante a celebración do acontecemento e na medida en que estean directamente relacionadas coa súa participación nel.

O establecido no parágrafo anterior aplicarase igualmente ós establecementos permanentes que a entidade organizadora da «Copa América 2007» ou os equipos participantes constituían en España durante o acontecemento con motivo da súa celebración.

2. As entidades sen fins lucrativos constituídas con motivo do acontecemento pola entidade organizadora da «Copa América 2007» ou polos equipos participantes serán, durante a celebración do acontecemento, a consideración de entidades beneficiarias do mecenado para efectos do previsto nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002.

Tres. Réxime fiscal das persoas que presten servizos á entidade organizadora ou ós equipos participantes.

Non se considerarán obtidas en España as rendas que perciban as persoas físicas que presten os seus

servicios á entidade organizadora ou ós equipos participantes, que non sexan residentes en España, obtidas durante a celebración do acontecemento e na medida en que estean directamente relacionadas coa súa participación na «Copa América 2007».

As persoas físicas a que se refire o parágrafo anterior que aduiren a condición de contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas como consecuencia do seu desprazamento a territorio español con motivo deste acontecemento, aplicarán unha redución do 65 por cento sobre a contía neta dos rendementos que perciban da entidade organizadora ou dos equipos participantes, durante a celebración do acontecemento e na medida en que estean directamente relacionados coa súa participación nel.

Catro. Réxime aduaneiro e tributario aplicable ás mercadorías que se importen para afectalas ó desenvolvemento e celebración da «Copa América 2007».

1. Con carácter xeral, o réxime aduaneiro aplicable ás mercadorías que se importen para a súa utilización na celebración e desenvolvemento da «Copa América 2007» será o que resulte das disposicións contidas no Código Aduaneiro Comunitario, aprobado polo Regulamento (CEE) n 2913/92 do Consello, do 12 de outubro de 1992 (DO L 302 do 19 de outubro), e demais normativa aduaneira de aplicación.

2. Sen prexuízo do anterior e conforme o artigo 140 do Código Aduaneiro Comunitario e o artigo 7 do Convenio relativo á importación temporal, feito en Estambul o 26 de xuño de 1990 («Boletín Oficial del Estado» do 14 de outubro de 1997), as mercadorías a que se refire o número 1 deste número que se vinculen ó réxime aduaneiro de importación temporal poderán permanecer ó amparo do dito réxime por un prazo máximo de 48 meses desde a súa vinculación a el e en todo caso antes do 30 de xuño de 2008.

3. Autorízase o Departamento de Aduanas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria para que adopte as medidas necesarias para a execución do disposto neste número.

Cinco. Imposto sobre o valor engadido.

1. Por excepción ó disposto no segundo parágrafo do punto 1.º do número dous do artigo 119 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, non se esixirá o requisito de reciprocidade na devolución a empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade que soporten ou satisfagan cotas do imposto como consecuencia da realización de operacións relacionadas coa celebración da «Copa América 2007».

2. Os empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto que soporten ou satisfagan cotas como consecuencia da realización de operacións relacionadas coa «Copa América 2007» terán dereito á devolución das ditas cotas ó termo de cada período de liquidación.

Para os devanditos empresarios ou profesionais, o período de liquidación coincidirá co mes natural, debendo presentalas súas declaracións-liquidacións durante os 20 primeiros días naturais do mes seguinte ó período de liquidación. Sen embargo, as declaracións-liquidacións que a continuación se indican deberán presentarse nos prazos especiais que se mencionan:

1.º A correspondente ó período de liquidación do mes de xullo, durante o mes de agosto e os vinte primei-

ros días naturais do mes de setembro inmediatamente posteriores.

2.º A correspondente ó derradeiro período do ano, durante os trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro.

O disposto neste número será igualmente aplicable á entidade organizadora do acontecemento, ós equipos participantes e ás persoas xurídicas a que se refire o punto 1 do número dous anterior.

3. Respecto ás operacións relacionadas cos bens vinculados ó réxime de importación temporal con exención total de dereitos, a que se alude no número catro anterior, resultará aplicable o disposto no artigo 24 da Lei do imposto.

4. O prazo a que se refire a alínea g) do número 3 do artigo 9 da Lei do imposto será, en relación cos bens que se utilicen temporalmente na celebración e desenvolvemento da «Copa América 2007», o previsto no punto 2 do número catro anterior.

5. A regra establecida no número dous do artigo 70 da Lei do imposto non resultará aplicable ós servicios enumerados na letra B) do número 5.º do punto un do dito artigo cando sexan prestados polas persoas xurídicas residentes en España constituídas con motivo do acontecemento pola entidade organizadora da «Copa América 2007» ou polos equipos participantes, e estean en relación coa organización, a promoción ou o apoio do devandito acontecemento.

Seis. Imposto especial sobre determinados medios de transporte.

As embarcacións e os vehículos para o seu transporte a que sexa de aplicación o réxime de importación temporal previsto no artigo catro anterior e mentres lles sexa aplicable o réxime nel previsto non estarán obrigados a matricularse en España nin suxeitos ó imposto especial sobre determinados medios de transporte.

Siete. Réxime fiscal do Consorcio Valencia 2007.

O Consorcio Valencia 2007 será considerado entidade beneficiaria do mecenado para os efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

Oito. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004 e ata o 31 de decembro de 2007, o Consorcio Valencia 2007, as entidades de dereito privado creadas por el para servir de apoio ós seus fins, as entidades que teñan os dereitos de explotación, organización e dirección da XXXII Copa América e as entidades que constitúan os equipos participantes estarán exentos da obriga de pagamento das seguintes taxas e tarifas, en relación coas actividades de preparación, organización e celebración do acontecemento:

1. TAXAS ESTATAIS.

1.1 Taxas da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servicios dos portos de interese xeral:

Taxa por ocupación privativa do dominio público portuario.

Taxa por utilización especial das instalacións portuarias.

Taxa do buque.

Taxa das embarcacións deportivas e de recreo.

Taxa da pasaxe.

Taxa da mercadoría.

Taxa polo aproveitamento especial do dominio público no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servicios.

Taxa por servicios xerais.

Taxa por servico de sinalización marítima.

1.2 Taxas da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións:

Taxa xeral de operadores.

Taxa por numeración telefónica.

Taxa por reserva do dominio público radioeléctrico.

Taxas de telecomunicacións.

1.3 Taxas da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

Canons en relación coa ocupación ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre estatal en virtude dunha concesión ou autorización.

Taxas como contraprestación de actividades realizadas pola Administración.

1.4 Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público estatal.

## 2. TAXAS LOCAIS.

Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

Taxa por prestación de servicios ou realización de actividades administrativas de competencia local.

## 3. TARIFAS POR SERVICIOS DA LEI 48/2003, DO 26 DE NOVIEMBRE, DE RÉXIME ECONÓMICO E DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS DOS PORTOS DE INTERESE XERAL.

Tarifa por servicios comerciais prestados polas autoridades portuarias.

Tarifas por servicios portuarios básicos.

Tarifa relativa ó servico de recepción de refugallos xerados por buques.

As entidades a que se refire o primeiro parágrafo do presente número, en relación coas actividades que se enumeran no dito parágrafo, non estarán obrigadas á constitución das garantías provisional, definitiva e de explotación reguladas na mencionada Lei 48/2003.

O Consorcio Valencia 2007 e as entidades de dereito privado creadas por el para servir de apoio ós seus fins terán dereito ós beneficios en materia de honorarios e aranceis notariais e rexistrais previstos para as administracións que o integran.

### Disposición adicional trixésimo quinta. *Programa PREVER-gasolina.*

Con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2004 modifícase a disposición adicional trixésimo terceira da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que quedará redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional trixésimo terceira. *Renovación do parque de vehículos automóbiles de turismo equipados con motores non aptos para empregaren gasolina sen chumbo.*

Con carácter excepcional e durante un período que finalizará o 31 de decembro de 2006, o importe da deducción prevista no artigo 70 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, ou, tratándose de vehículos automóbiles de turismo usados cunha antigüidade non superior a cinco anos, o importe da deducción prevista no artigo 3 da Lei 39/1997, do 8 de outubro, pola que se aproba o programa PREVER para a modernización do parque de vehículos automóbiles, o incremento da seguridade vial e a defensa e protección do ambiente, elevarase, en ámbolos casos, ata 721,21 euros cando, ademais de se cumpriren os requisitos e as condicións previstos no dito precepto, se dean as seguintes circunstancias:

a) Que o vehículo automóbil de turismo para desmantelamento estea equipado cun motor de gasolina non apto para empregar gasolina sen chumbo. Para estes efectos, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía fará pública a relación de marcas e modelos de vehículos automóbiles de turismo aptos para empregaren gasolina sen chumbo, considerándose que cumpren o requisito previsto neste número aqueles que, estando equipados cun motor de gasolina, non figuren na dita relación.

b) Que o vehículo automóbil de turismo novo ou de antigüidade non superior a cinco anos estea equipado cun motor de gasolina provisto de catalizador ou cun motor diesel. Esta condición considerase cumprida, en canto ós vehículos equipados cun motor de gasolina, por todos aqueles en que a primeira matriculación definitiva en España tivese lugar a partir do día 1 de xaneiro de 2001.»

Disposición adicional trixésimo sexta. *Modificación de Lei 39/1997, do 8 de outubro, pola que se aproba o programa PREVER para a modernización do parque de vehículos automóbiles, o incremento da seguridade vial e a defensa e protección do ambiente.*

Con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2004 modifícanse os números 1 e 4 do artigo 3 da Lei 39/1997, do 8 de outubro, pola que se aproba o programa PREVER para a modernización do parque de vehículos automóbiles, o incremento da seguridade vial e a defensa e protección do ambiente, que quedarán redactados como segue:

«1. As persoas que se indican no número 4 deste artigo poderán deducir da cota íntegra do imposto sobre sociedades ou da cota íntegra do imposto sobre a renda das persoas físicas o importe das bonificacións outorgadas a:

a) Compradores e, se é o caso, arrendatarios financeiros de vehículos industriais de menos de 6 toneladas de peso máximo autorizado, novos ou cunha antigüidade non superior a tres anos, sempre que os ditos compradores ou arrendatarios financeiros xustificuen que deron de baixa para o desmantelamento outro vehículo industrial de menos de 6 toneladas de peso máximo autorizado de que sexan titulares e que concorran as seguintes condicións:

1.º Que o vehículo para o desmantelamento teña máis de sete anos de antigüidade desde a súa primeira matriculación definitiva.

Cando a primeira matriculación definitiva non tivese lugar en España, requirirase, ademais da an-

tigüidade a que se refire o parágrafo anterior, que o vehículo para desmantelamento fose obxecto de matriculación definitiva en España, polo menos un ano antes da súa baixa definitiva para desmantelamento.

2.º Que tanto o vehículo novo ou usado cunha antigüidade non superior a tres anos coma o vehículo para o desmantelamento estean comprendidos nos números 23 e 26 do anexo do Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, así como nalgún dos supostos de non suxeición do imposto especial sobre determinados medios de transporte recollidos na alínea a) do número 1 do artigo 65 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

b) Compradores e, se é o caso, arrendatarios financeiros de vehículos automóbiles de turismo usados cunha antigüidade non superior a cinco anos, sempre que os ditos compradores ou arrendatarios financeiros xustifiquen que deron de baixa para o desmantelamento outro vehículo automóbil de turismo do cal sexan titulares e que concorran as seguintes condicións:

1.º Que o vehículo para o desmantelamento teña máis de 10 anos de antigüidade desde a súa primeira matriculación definitiva. Cando a primeira matriculación definitiva non tivese lugar en España, requirirase, ademais da antigüidade a que se refire o parágrafo anterior, que o vehículo para desmantelamento fose obxecto de matriculación definitiva en España, polo menos un ano antes da súa baixa definitiva para desmantelamento.

2.º Que tanto o vehículo usado cunha antigüidade non superior a cinco anos coma o vehículo para o desmantelamento estean comprendidos nos números 22 e 26 do anexo do Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, e que non estean comprendidos nalgún dos supostos de non suxeición do imposto especial sobre determinados medios de transporte recollidos na alínea a) do número 1 do artigo 65 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.»

«4. A deducción recollida no número 1 deste artigo será aplicada polas persoas seguintes:

a) Cando a bonificación se outorgue na venda dun vehículo novo, a deducción será aplicada polo fabricante, polo primeiro receptor en España ou, se é o caso e en lugar destes, por quen manteña relacións contractuais de distribución co concesionario ou vendedor final.

Neste caso, o concesionario ou vendedor final do vehículo aplicará a bonificación no prezo del, pero a dita bonificación non afectará a base nin a cota do imposto sobre o valor engadido.

Dun modo análogo, a bonificación que se lles efectúe ós adquirentes nas illas Canarias non afectará a base nin a cota do imposto xeral indirecto canario que grave as operacións de entrega de vehículos novos.

No suposto de arrendamento financeiro o importe da bonificación integrarase na base imponible do imposto sobre o valor engadido e do imposto xeral indirecto canario.

O suxeito pasivo a cargo do cal se aboe a bonificación a que se refire este artigo reintegraralle ó concesionario ou vendedor final o importe da bonificación, co tope da contía da deducción establecida no número 2, e este facilitaralle a aquel as facturas xustificativas da aplicación da bonificación e os certificados de baixa dos correspondentes vehículos, para efectos de xustificación das deduccions que estes efectúan no imposto sobre sociedades ou no imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Cando a bonificación se outorgue na venda dun vehículo usado, a deducción será aplicada polo vendedor final del, sempre que se trate de fabricantes de vehículos, de importadores, de distribuidores, de concesionarios ou de empresarios que desenvolvan a actividade de compravenda de vehículos.

Neste caso serán de aplicación as regras previstas na alínea a) anterior con excepción do establecido no seu último parágrafo.

O vendedor final conservará as facturas xustificativas da aplicación da bonificación e os certificados de baixa dos correspondentes vehículos, para efectos de xustificación das deduccions que efectúe no imposto sobre sociedades ou no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Non obstante o anterior, o vendedor final poderá convir co fabricante do vehículo usado, co seu primeiro receptor en España ou con quen manteña relacións contractuais de distribución do dito vehículo, a aplicación da deducción polo procedemento previsto na alínea a) anterior.»

Disposición adicional trixésimo sétima. *Exención no imposto sobre a renda das persoas físicas das indemnizacións polos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige».*

As indemnizacións derivadas dos acordos transaccionais a que se refire o Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, sobre actuacións para o aboamento de indemnizacións en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige», desenvolvido polo Real decreto 1053/2003, do 1 de agosto, estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Disposición adicional trixésimo oitava. *Traslado a España de sociedades en que a actividade e obxecto social exclusivo sexan a emisión de participacions preferentes e/ou outros instrumentos financeiros.*

Introdúcese unha disposición transitoria segunda na Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, que quedará redactada da seguinte maneira:

«Disposición transitoria segunda. *Traslado da sede de dirección efectiva ou do domicilio social a España de sociedades en que a actividade e obxecto social exclusivo sexan a emisión de participacions preferentes e/ou outros instrumentos financeiros.*

Estarán exentos da modalidade de operacións societarias do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, os traslados a España da sede da dirección efectiva ou do domicilio social de sociedades en que a actividade

e obxecto social exclusivo consistan na emisión de participacións preferentes e/ou outros instrumentos financeiros, que estivesen constituídas antes do 6 de xullo de 2003, data de entrada en vigor da Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior e sobre determinadas medidas de prevención de branqueo de capitais.»

Disposición adicional trixésimo novena. *Reducións de cotas respecto de traballadores de determinados ámbitos xeográficos.*

Un. Modifícase o título da disposición adicional trixésima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactado nos termos seguintes:

«Disposición adicional trixésima. *Bonificacións de cotas da Seguridade Social e de achegas de recadación conxunta en determinadas relacións laborais de carácter especial e reducións respecto de traballadores de determinados ámbitos xeográficos.*»

Dous. O número 2 da disposición adicional trixésima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social pasa a constituí-lo último parágrafo do seu número 1.

Tres. O número 2 da disposición adicional trixésima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social queda redactado nos termos seguintes:

«2. Os empresarios dedicados a actividades encadradas nos sectores de comercio, hostalería, turismo e industria, excepto enerxía e auga, nas cidades de Ceuta e Melilla, respecto dos traballadores que presten servicios nos seus centros de traballo situados no territorio das ditas cidades, terán dereito a unha bonificación de ata o 40 por cento nas súas achegas ás cotas da Seguridade Social por contingencias comúns, así como polos conceptos de recadación conxunta de desemprego, formación profesional e fondo de garantía salarial.

Así mesmo, os traballadores encadrados no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos dedicados a actividades encadradas nos sectores de comercio, hostalería, turismo e industria, excepto enerxía e auga, que residan e exerzan a súa actividade nas cidades de Ceuta e Melilla, terán dereito a unha bonificación de ata o 40 por cento nas súas achegas ás cotas da Seguridade Social por contingencias comúns nos termos previstos no parágrafo seguinte.

As bonificacións a que se refiren os parágrafos anteriores estableceranse, se é o caso, por un período de tempo limitado, para os efectos de proceder a avaliar periodicamente o grao de eficacia dela en relación cos obxectivos sociais que se pretenden alcanzar, e requirirá petición previa dos presidentes das cidades de Ceuta e Melilla e informes favorables do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.»

Disposición adicional cuadraxésima. *Exención do pagamento das taxas por reserva do dominio público radioeléctrico para as reservas de uso privativo do*

*dito dominio que se efectúen con destino a cubrir as necesidades derivadas da celebración da XXXII Edición da Copa América que se vai celebrar en Valencia no ano 2007.*

1. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, en por si ou a través do organismo competente para a xestión do dominio público radioeléctrico, poderanlles outorga-lo dereito de uso privativo do dominio público radioeléctrico, con carácter temporal, ás persoas ou entidades públicas ou privadas que presten servicios relacionados coa organización e celebración da XXXII Edición da Copa América 2007 na cidade de Valencia.

2. Queda exenta do pagamento da taxa prevista no anexo 1.3 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, ou equivalente que lle sexa de aplicación, a reserva para uso privativo de calquera frecuencia do dominio público radioeléctrico a favor de calquera persoa ou entidade pública ou privada para a prestación de servicios relacionados coa organización e celebración da XXXII Edición da Copa América 2007 na cidade de Valencia.

3. Para tal efecto, os interesados deberán solicitar fundadamente a exención do órgano competente, fixando na solicitude o prazo para o que solicitan a exención e as razóns que xustifican a afectación do uso das ditas frecuencias ós acontecementos derivados da celebración da dita competición deportiva.

Disposición adicional cuadraxésima primeira. *Conversión á tecnoloxía dixital das emisoras de radiodifusión sonora.*

1. As entidades que dispoñan de título habilitante para prestaren o servicio de radiodifusión sonora en ondas hectométricas poderanlle solicitar autorización ó secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información para a realización das súas emisións con tecnoloxía dixital utilizando o dominio público radioeléctrico que teñan reservado. O prazo para outorga-la autorización e para notifica-la resolución será de tres meses. Transcorrido o prazo especificado sen que se producise resolución expresa, a autorización entenderase denegada.

2. O ente público Radiotelevisión Española deberá inicia-las súas emisións de radiodifusión sonora en ondas hectométricas empregando a tecnoloxía dixital non máis tarde do 1 de xaneiro de 2007.

3. Ás entidades concesionarias do servicio de radiodifusión sonora en ondas hectométricas, de obteren a renovación do seu título, imporáselle-la obriga de que, nun prazo non superior a dous anos desde a renovación, emitan empregando a tecnoloxía dixital.

4. As emisións con tecnoloxía dixital realizaranse en conformidade coa norma CEI 62272-1, equivalente á norma europea ETSI TS 101 980 v.l.2.1 do Instituto Europeo de Normas de Telecomunicación, e o nivel de interferencia na mesma canle ou nas canles adxacentes non será superior á que se produciría con modulación de dobre banda lateral e portadora completa.

5. Será necesaria a presentación de proxecto técnico das instalacións para realiza-las emisións con tecnoloxía dixital e a aprobación do dito proxecto técnico pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións. A axencia terá un prazo de tres meses para examina-lo proxecto e para notifica-la resolución. O termo do prazo especificado sen que se producise resolución expresa, a aprobación do proxecto entenderase denegada.

6. Con carácter previo ó inicio de emisións con tecnoloxía dixital será necesaria a inspección ou o recoñecemento das instalacións pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións, co fin de comprobar que se axustan ás condicións previamente autorizadas.

7. Así mesmo, as entidades que dispoñan de título habilitante para prestaren o servizo de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia poderanlle solicitar autorización ó secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información para a realización das súas emisións con tecnoloxía dixital utilizando o dominio público radioeléctrico que teñan reservado, sempre que existan normas harmonizadas elaboradas por un organismo de normalización europeo recoñecido e que o nivel de interferencia na mesma canle ou nas canles adxacentes non sexa superior ó que se produciría con modulación de frecuencia.

Disposición adicional cuadraxésimo segunda. *Lista de actividades que se desenvolverán na Zona Especial Canaria.*

Con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2004, dáselle unha nova redacción ó anexo do Real decreto lei 2/2000, do 23 de xuño:

#### «ANEXO

#### Lista de actividades

Actividades de produción, transformación, manipulación e distribución por xunto de mercadorías:

Pesca. NACE B.

Industria da alimentación, bebidas e tabaco. NACE DA.

Industria da confección e da peletería. NACE 17.4, 17.5, 17.6, 17 e 18.

Industria do coiro e calzado. NACE DC.

Industria do papel, edición, artes gráficas e produción de soportes gravados. NACE DE.

Industria química. NACE 24.

Prefabricados para a construción. NACE 45.25, 45.3, 45.4, 20.2, 20.3, 25.2, 26.1, 26.2, 26.3, 26.4, 26.7, 24.3, 28.1, 28.2, 28.12, 28.63, 28.7 e 36.1.

Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico. NACE 29.

Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico. NACE DL.

Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras. NACE 36.

Industria da reciclaxe. NACE 37.

Comercio por xunto e intermediarios do comercio. NACE 50 e 51.

Actividades de servizos:

Transportes e actividades anexas. NACE I.

Actividades informáticas. NACE 72.

Servizos relacionados coa explotación de recursos naturais e eliminación de residuos. NACE n.c.

Servizos relacionados coa investigación e o desenvolvemento. NACE 73.

Outras actividades empresariais. NACE 74.

Servizos de formación especializada e posgrao. NACE 80.3 e 80.4.

Produción cinematográfica e de vídeo. NACE 92.11.

Produción de programas de radio e televisión, con exclusión da difusión posterior dos ditos programas. NACE 92.202.

Os centros de coordinación e servizos intragrupo encóntranse excluídos das actividades de servizos comprendidas no grupo 74.15 da NACE ("Outras actividades empresariais").»

Disposición adicional cuadraxésimo terceira. *Afectados do Hotel Corona de Aragón.*

Aquelas persoas que resultaron afectadas con motivo do incendio ocorrido no Hotel Corona de Aragón o 12 de xullo de 1979 que sexan titulares de pensión, de incapacidade permanente, morte e supervivencia previstas no Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social, complementado polo Real decreto 1576/1990, do 7 de decembro, ou no Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado complementado polo Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, poderán acceder, conforme os termos establecidos na citada normativa, ás pensións extraordinarias que nela se recollen.

Igualmente poderán causar-los dereitos recollidos no parágrafo anterior os que sufrisen lesións permanentes invalidantes ou falecesen como consecuencia directa do citado incendio e, naquel momento, non estivesen incluídos nalgún réxime público da Seguridade Social, ou non acreditasen os requisitos establecidos para o dereito a pensión, sempre que cumpran as demais condicións establecidas para as pensións extraordinarias na normativa que, en cada caso, resulte de aplicación.

As citadas pensións extraordinarias, que serán incompatibles coas pensións ordinarias que polos mesmos feitos se puidesen percibir, producirán efectos económicos desde 1 de xaneiro de 2004, sempre que os interesados formulen a súa solicitude durante o ano 2004; noutro caso os efectos económicos contarán desde o primeiro día do mes seguinte á solicitude.

Disposición adicional cuadraxésimo cuarta.

No prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei, o Goberno dictará un real decreto legislativo en que se regularice, aclare e harmonice a normativa legal existente en materia de augas.

Disposición transitoria primeira. *Irretroactividade das modificacións da Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas.*

A modificación introducida polo artigo 69 desta lei no artigo 2 da Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas, resultará unicamente de aplicación sempre que o cambio de destino con cambio de localidade ou área xeográfica que orixine o dereito á compensación económica se produza con posterioridade á entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria segunda. Réxime transitorio para a provisión de administracións da Lotería Nacional.

Ata a entrada en vigor do real decreto de regulación do padroado para a provisión de administracións da

Lotería Nacional a que se refire a disposición derradeira quinta desta lei, subsistirá o actual padroado coa composición e atribucións que determinan as disposicións regulamentarias vixentes que o regulan.

Disposición transitoria terceira. *Procedementos administrativos e procesos xurisdiccionais en materia de igualdade de trato.*

Os procedementos administrativos e os procesos xurisdiccionais que versen sobre as materias a que se refiren o capítulo III «Medidas para a aplicación do principio de igualdade de trato» do título II e os números seis do artigo 50 e un do artigo 51 desta lei, iniciados con anterioridade á entrada en vigor dela, continuarán substanciándose conforme as normas que rexían na data da súa iniciación.

Disposición transitoria cuarta. *Adaptación dos estatutos das caixas de aforro ó disposto no novo parágrafo do artigo 2.3 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforro.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, as caixas de aforro adaptarán os seus estatutos ó disposto no novo parágrafo do número 3 do artigo 2 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforro.

Se a representación correspondente fose distinta á que se obteña seguindo os criterios establecidos no dito novo parágrafo, deberá aquela adaptarse, redistribuíndose tal representación.

De ser necesaria, en aplicación do anteriormente disposto, a designación de novos membros da asemblea xeral, conservando en todo caso os xa designados a representación ata que se produza a súa correspondente renovación, realizarase, con observancia dos referidos criterios, de entre os titulares dos diferentes grupos de representación e de entre os suplentes segundo a última elección, adecuando a orde en que figuran co fin de realiza-la asignación con observancia de tales criterios. Se aínda así, non se cubriren tódolos postos vacantes, os non cubertos permanecerán vacantes ata a correspondente renovación do grupo.

Transcorrido o prazo a que se refire a disposición transitoria seguinte, e completada a adaptación normativa alí prevista, as caixas de aforro deberán axustalos seus estatutos ás modificacións normativas autonómicas no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

Disposición transitoria quinta. *Adaptación da lexislación autonómica sobre caixas de aforro.*

No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei as comunidades autónomas adaptarán a súa lexislación sobre caixas de aforro ás modificacións introducidas na normativa básica de aplicación en materia de caixas de aforro dispostas nesta lei.

Disposición transitoria sexta. *Recoñecemento de viños de calidade producidos en rexións determinadas.*

Os viticultores ou elaboradores de viños con dereito á utilización da mención «viño da terra» antes da entrada en vigor da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do

viño, ou as súas agrupacións ou asociacións, poderán solicitar ata o 31 de decembro de 2004 que se compute o tempo polo que os ditos viños fosen recoñecidos como viños da terra para posibilita-lo seu paso á categoría de viño de calidade con indicación xeográfica ou de forma directa á de viño con denominación de orixe, se na data da citada solicitude o tempo que permanecesen na utilización da mención de «viño da terra» fose de cinco anos ou superior. En todo caso, deberase acreditar, na data de presentación da solicitude e durante o período considerado, o cumprimento dos restantes requisitos esixidos pola Lei da viña e do viño, para o acceso ó nivel de protección en que se solicite o recoñecemento.

Disposición transitoria sétima. *Procedementos concursais en tramitación o 1 de setembro de 2004.*

As modificacións introducidas por esta lei na alínea b) do número 2 do artigo 12 e na alínea b) do número 4 do artigo 81 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, terán efectos para os procedementos concursais iniciados a partir do 1 de setembro de 2004. Os procedementos que se encontren en tramitación na dita data seranlles de aplicación as citadas normas segundo a súa redacción vixente ata o 31 de agosto de 2004 en canto se rexan polo dereito anterior á Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Disposición transitoria oitava. *Materialización da reserva para investimentos en Canarias na subscrición de débeda pública.*

Os suxeitos pasivos a que se refire o artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, poderán subscribir títulos, valores ou anotacións en conta de débeda pública da Comunidade Autónoma de Canarias, das corporacións locais canarias ou das súas empresas públicas ou organismos autónomos, en concepto de materialización das dotacións á reserva para investimentos en Canarias realizadas con cargo ós beneficios obtidos ata o 31 de decembro de 2003.

A dita materialización deberase realizar dentro do prazo máximo de tres anos contados desde a data do devengo do imposto correspondente ó exercicio en que se dotase a reserva, sempre que a débeda pública se destine a financiar investimentos en infraestrutura ou de mellora e protección do ambiente no territorio canario, co límite do 50 por cento das dotacións. Para estes efectos, o Goberno da Nación aprobará a contía e o destino das emisións, a partir das propostas que en tal sentido lle formule a Comunidade Autónoma de Canarias, logo de informe do Comité de Investimentos Públicos.

Disposición derogatoria primeira. *Derrogación normativa.*

1. A partir da entrada en vigor desta lei quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) A referencia, no anexo 2 da disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, do procedemento: «Rexistro e autorización sanitaria dos reactivos para realizar probas de detección de marcadores de infección por virus humanos da familia "Retroviridae" e as súas modificacións» e ás seguintes normas reguladoras:

Resolución do 20 de marzo de 1987, da Subsecretaría, pola que se establece o procedemento e a documentación necesaria para obter a autorización dos reactivos para realizar probas de detección de marcadores de infección por virus humanos da familia «Retroviridae», entre elas as probas de detección de anticorpos fronte ós virus asociados á síndrome de inmunodeficiencia adquirida (SIDA) e as de detección de antixenos correspondentes a eles.

Resolución do 11 de setembro de 1989 pola que se regula a realización de procesos de investigación controlada de reactivos para a detección de marcadores de infección de virus humanos da familia «Retroviridae», entre eles os asociados á síndrome de inmunodeficiencia adquirida (SIDA).

Orde do 13 de xuño de 1983 pola que se regula o material e instrumental médico-cirúrxico estéril para utilizar unha soa vez.

b) A Lei do 22 de xullo de 1939 pola que se crea o Padroado para a provisión das administracións de loterías, expendedorías de tabacos e axencias de aparellos subministradores de gasolina.

c) O artigo 24 da Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ó aforro familiar e á pequena e mediana empresa.

d) O artigo 7 do Real decreto lei 16/1976, do 24 de agosto, sobre medidas fiscais, de fomento á exportación e do comercio interior.

e) O Decreto 509/1977, do 25 de febreiro, sobre criterios para administración e aplicación do fondo de axuda ó desenvolvemento, e composición e funcións da Comisión Instrumental.

f) O Decreto 2399/1977, do 19 de setembro, de modificación da composición e funcións da Comisión Interministerial para Axuda ó Desenvolvemento.

g) O artigo 57 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990.

h) O artigo 61 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991.

i) O artigo 69 da Lei 31/1991, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1992.

j) O artigo 63 da Lei 38/1992, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1993.

k) O artigo 61 e disposición adicional décimo oitava da Lei 21/1993, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1994.

l) O artigo 57 e disposición adicional décimo primeira da Lei 41/1994, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1995.

ll) O artigo 51 e disposición adicional décima da Lei 12/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1997.

m) O artigo 54 da Lei 65/1997, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1998.

n) O artigo 118 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

ñ) O artigo 104 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

o) O artigo 53 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

p) O número 5 do artigo 10 da Lei 16/1995, do 30 de maio, de declaración do Parque Nacional de Picos de Europa; o número 5 do artigo 11 da Lei 33/1995, do 20 de novembro, de declaración do Parque Nacional de Cabañeros; o número 5 do artigo 10 da Lei 3/1999, do

11 de xaneiro, pola que se crea o Parque Nacional de Serra Nevada; e o número 6 do artigo 10 da Lei 15/2002, do 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

q) O número 4 do artigo 18 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposición derogatoria segunda. *Programa PREVER.*

Con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2004 modifícase o número catro da disposición derogatoria única da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Catro. Con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2007, quedarán derogadas as seguintes disposicións:

a) O artigo 70 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

b) O artigo 3 da Lei 39/1997, do 8 de outubro, pola que se aproba o programa PREVER para a modernización do parque de vehículos automóbiles, o incremento da seguridade vial e a defensa e protección do ambiente.»

Disposición derradeira primeira. *Subvencións ó transporte aéreo para residentes nas illas Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla.*

Amplíase ó ano 2004 a autorización concedida ó Goberno para modifica-la contía das subvencións ó transporte aéreo para residentes nas illas Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla, contido no artigo 61 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

A dita modificación nunca poderá supor diminución da axuda prestada ou unha deterioración na calidade do servizo, nin incremento dos créditos asignados a esta finalidade.

En todo caso, para as Comunidades de Canarias e de Baleares observárase o regulado no artigo 6 da Lei 19/1994, do 6 de xuño, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, así como no artigo 5 da Lei 30/1998, do 29 de xullo, de réxime especial das illas Baleares, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Axudas sociais ós afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH).*

Establécese un novo prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte ó da entrada en vigor da lei, para a presentación de solicitudes das axudas previstas no Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio, polo que se lles conceden axudas sociais ós afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH) como consecuencia de actuacións realizadas no sistema sanitario público, cos requisitos e as condicións establecidos nel. O dito prazo establécese sen prexuízo do excepcionalmente previsto no parágrafo segundo do artigo quinto do citado real decreto lei e a ampliación del a tódalas persoas incluídas no ámbito de aplicación.



Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario do réxime da taxa láctea.*

O Goberno, por real decreto, establecerá un sistema integral de control do réxime da taxa suplementaria da cota láctea (taxa láctea) en España, que afectará tódolos operadores que interveñen no proceso de produción, transformación e comercialización do leite e dos produtos lácteos.

O dito sistema recollerá os requisitos, as condicións e as obrigas que deberán cumprilos operadores do sector lácteo nas distintas formas de participación no mercado, que permitan coñecer e identifica-la orixe e o destino da totalidade de leite efectivamente producida e comercializada en España, para os efectos da aplicación do réxime da taxa láctea, así como realiza-lo seguimento pormenorizado e periódico das actuacións dos distintos operadores que interveñen no mercado.

O incumprimento dos requisitos e das obrigas determinantes das autorizacións administrativas para operar no mercado do sector do leite e produtos lácteos determinará a apertura do correspondente procedemento de suspensión ou retirada, na forma que se estableza regulamentariamente, sen prexuízo da imposición das sancións a que tales conductas desen lugar.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Participacións públicas no sector enerxético.*

As modificacións introducidas polo artigo 94 desta lei na disposición adicional vixésimo sétima da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, serán de aplicación ás operacións que teñan lugar trala entrada en vigor desta lei.

Disposición derradeira quinta. *Padroado para a provisión de administracións da Lotería Nacional.*

O Goberno, no prazo dun ano, procederá mediante real decreto á regulación do padroado para a provisión de administracións da Lotería Nacional como órgano colexiado adscrito á entidade pública empresarial Loterías e Apostas do Estado determinando a súa composición, funcionamento e atribucións.

Disposición derradeira sexta. *Plan de adecuación e calidade no comercio.*

O Goberno, nun prazo máximo de tres meses e en coordinación coas comunidades autónomas, aprobará un plan de adecuación e calidade no comercio orientado cara ó logro dunha máis adecuada ordenación espacial da oferta e a unha mellora do contorno físico en que as empresas comerciais desenvolven a súa actividade. O obxectivo do plan será mellora-las condicións de competir das pequenas e medianas empresas comerciais.

Disposición derradeira sétima. *Organismos públicos de investigación.*

Autorízanse os organismos públicos de investigación a celebrar convenios de colaboración con entidades beneficiarias das axudas concedidas ó abeiro da Orde do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía do 5 de decembro de 2000, pola que se establecen as bases

reguladoras para a concesión de axudas a parques científicos e tecnolóxicos, e a convocatoria para as solicitudes de axudas correspondentes ó ano 2000, relativos ó destino final dos equipamentos adquiridos coas ditas axudas, para o cal poderán establecer con cargo ó seu orzamento de gastos os oportunos mecanismos de compensación económica que poderán ser plurianuais.

Disposición derradeira oitava. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución desta lei.

Disposición derradeira novena. *Aplicación do disposto no número catro do artigo 50 polo que se modifica o número 3 do artigo 29 da Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública.*

O previsto no artigo 50, polo que se modifica o artigo 29.3 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública non producirá, en ningún caso, efectos económicos con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

Disposición derradeira décima. *Texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.*

Prorrógase durante 2004 a autorización ó Goberno contida na disposición derradeira cuarta da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición derradeira décimo primeira. *Normas contables.*

1. Para os exercicios que comezan a partir do 1 de xaneiro de 2005, e exclusivamente respecto ás contas anuais consolidadas, as sociedades que, de acordo co previsto na sección terceira do título III do libro primeiro do Código de comercio, se encontren obrigadas a formula-las contas anuais e o informe de xestión consolidados, aplicarán as seguintes normas contables:

a) Se, na data de peche do exercicio, algunha das sociedades do grupo emitiu valores admitidos a cotización nun mercado regulado de calquera Estado membro da Unión Europea, no sentido do número 13 do artigo 1 da Directiva 93/22/CEE do Consello, do 10 de maio de 1993, relativa ós servizos de investimento no ámbito dos valores negociables, aplicarán as normas internacionais de contabilidade aprobadas polos regulamentos da Comisión Europea.

b) Se, na data de peche do exercicio, ningunha das sociedades do grupo emitiu valores admitidos a cotización nun mercado regulado de calquera Estado membro da Unión Europea, no sentido do punto 13 do artigo 1 da Directiva 93/22/CEE do Consello, do 10 de maio de 1993, relativa ós servizos de investimento no ámbito dos valores negociables, poderán optar pola aplicación das normas de contabilidade incluídas na citada sección terceira, do título III do libro primeiro do Código de comercio e as normas que as desenvolven, ou polas normas internacionais de contabilidade aprobadas polos regulamentos da Comisión Europea. De optaren por estas últimas, as contas anuais consolidadas

deberanse elaborar de maneira continuada de acordo coas citadas normas.

2. As sociedades, excepto as entidades de crédito, que de acordo coa sección terceira do título III do libro primeiro do Código de comercio se encontren obrigadas a formula-las contas anuais e o informe de xestión consolidados, e na data de peche do exercicio unicamente emitisen valores de renda fixa admitidos a cotización nun mercado regulado de calquera Estado membro da Unión Europea, no sentido do número 13 do artigo 1 da Directiva 93/22/CEE do Consello, do 10 de maio de 1993, relativa ós servicios de investimento no ámbito dos valores negociables, sen prexuízo do previsto na alínea a) do número anterior, poderán seguir aplicando as normas contidas na sección terceira do título III do libro primeiro do Código de comercio e as normas que as desenvolven, ata os exercicios que comecen a partir do 1 de xaneiro de 2007, salvo que aplicasen nun exercicio anterior as normas internacionais de contabilidade aprobadas polos regulamentos da Comisión Europea.

3. O disposto no número primeiro será de aplicación ós casos en que voluntariamente calquera persoa física ou xurídica dominante formule e publique contas consolidadas.

Disposición derradeira décimo segunda. *Aplicación das modificacións do Código de comercio e do texto refundido da Lei de sociedades anónimas.*

1. A modificación introducida por esta lei no artigo 46 do Código de comercio aplicaráselles ás contas anuais consolidadas correspondentes ós exercicios que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2005, sempre que na data de peche do exercicio algunha das sociedades do grupo emitise valores admitidos a cotización nun mercado regulado de calquera Estado membro da Unión Europea, no sentido do punto 13 do artigo 1 da Directiva 93/22/CEE do Consello, do 10 de maio de 1993, relativa ós servicios de investimento no ámbito dos valores negociables, ou que, mesmo non tendo emitido valores admitidos a cotización nun mercado regulado de calquera Estado membro da Unión Europea, opten pola aplicación das normas internacionais de contabilidade aprobadas polos regulamentos da Comisión Europea.

2. A modificación introducida nos artigos 42, 48 e 49 do Código de comercio aplicaráselles ás contas anuais consolidadas correspondentes ós exercicios que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2005.

3. A modificación introducida nos artigos 200, 201 e 202 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas aplicaráselles ás contas anuais correspondentes ós exercicios que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2005.

Disposición derradeira décimo terceira. *XXXII Edición da Copa América que se vai celebrar en Valencia no ano 2007.*

O Goberno da Nación e, se é o caso, os distintos departamentos ministeriais na esfera das súas respectivas competencias, adoptarán as iniciativas, disposicións, actos e demais medidas que se consideren necesarios para atenderlos compromisos derivados da organización e celebración da XXXII Edición da Copa América 2007 na cidade de Valencia.

Na adopción das ditas medidas atenderase ós compromisos financeiros asumidos polas distintas ad-

ministracións públicas participantes na organización, respectándose a proporción convidada na asunción de obrigas así como o principio de reciprocidade no seu cumprimento.

Disposición derradeira décimo cuarta. *Concesión de visados e permisos de condución.*

1. Habilítase o Goberno para establecer regulamentariamente o procedemento necesario para a concesión de visados, autorizacións de traballo e residencia, e tarxetas de residencia en réxime comunitario para os participantes na Copa América 2007, así como para os membros da organización e para os familiares de ambos.

Para tal efecto establecerase unha oficina ad hoc en Valencia.

A vixencia das autorizacións e tarxetas que se lles concedan a estes estranxeiros terá validez ata o momento en que finalice a súa permanencia en España con motivo da celebración da mencionada proba.

2. Habilítase o Goberno para establecer un procedemento simplificado para o cambio de permisos de condución para as persoas que acrediten a súa residencia legal en España e a súa vinculación coa celebración da Copa América 2007.

Disposición derradeira décimo quinta. *Fundamento constitucional do capítulo III do título II, «Medidas para a aplicación do principio de igualdade de trato», e dos artigos 50.seis e 51.un.*

O capítulo III, «Medidas para a aplicación do principio de igualdade de trato», do título II e os números seis do artigo 50 e un do artigo 51 desta lei díctanse ó abeiro das competencias que o artigo 149.1. 1.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup>, 7.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución española lle atribúen en exclusiva ó Estado, relativas á regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de tódolos españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, lexislación laboral e bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos.

Disposición derradeira décimo sexta. *Modificación da Lei 51/2002, do 27 de decembro.*

Modifícase a disposición adicional décimo terceira da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, que foi engadida pola Lei 19/2003, do 4 de xullo, e que quedará redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional décimo terceira.

O Goberno elaborará e aprobará, no prazo de 15 meses a partir da entrada en vigor desta lei, o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.»

Disposición derradeira décimo sétima. *Modificación da Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario.*

Modifícase a disposición derradeira segunda da Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario, que quedará redactada nos seguintes termos:

«Disposición derradeira segunda.

Autorízase o Goberno para refundir, no prazo máximo de 15 meses e nun só texto, as disposicións vixentes reguladoras do catastro inmobiliario e, especialmente, a normativa sobre a materia contida nesta lei, así como na Lei do 23 de marzo de 1906, que establece o catastro parcelario; Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, de ordenación da cartografía; Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais; Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e a Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. A refundición comprenderá a regularización, aclaración e harmonización das ditas disposicións.»

Disposición derradeira décimo oitava. *Modificación da Lei 46/2002, do 18 de decembro.*

Modifícase a disposición adicional cuarta da Lei 46/2002, do 18 de decembro, de reforma parcial do imposto sobre a renda das persoas físicas e pola que se modifican as leis dos impostos sobre sociedades e sobre a renda de non residentes, que foi modificada pola disposición adicional cuarta da Lei 19/2003, do 4 de xullo, e que quedará redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional cuarta.

O Goberno elaborará e aprobará, no prazo de quince meses a partir da entrada en vigor desta lei, os textos refundidos do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre a renda de non residentes e do imposto sobre sociedades.»

Disposición derradeira décimo novena. *Entrada en vigor.*

Un. Esta lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2004.

Dous. As modificacións do artigo 10 e 25 c) da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, que se recollen no artigo 95 desta lei, e a modificación do número 5 d) do artigo 1 da Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia, que se recolle no artigo 96 desta lei, entrarán en vigor a partir do día 1 de maio de 2004.

Tres. As novas redaccións do número tres do artigo 80 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e do número 6 do artigo 22.º da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, entrarán en vigor o 1 de setembro de 2004.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 30 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

(Esta lei inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 3, do 3 de xaneiro de 2004.)

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**23943** *ORDE APA/3660/2003, do 22 de decembro, pola que se regula en España o sistema de localización de buques pesqueiros vía satélite e pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a adquisición e instalación dos sistemas de localización nos buques pesqueiros. («BOE» 313, do 31-12-2003.)*

O Regulamento (CEE) 2847/93 do Consello, do 12 de outubro de 1993, polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común, estableceu un sistema de localización de buques pesqueiros vía satélite, con obxecto de mellora-la xestión do esforzo pesqueiro e a exactitude dos datos sobre este. Este sistema foi regulado en España pola Orde do 12 de novembro de 1998 pola que se regula en España o sistema de localización de buques pesqueiros vía satélite, modificada polas ordes 140/1999, do 7 de xuño, e 256/1999, do 21 de outubro de 1999.

Posteriormente, o Regulamento (CE) 2371/2002, do 20 de decembro do Consello, sobre a conservación e explotación dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común, estende a obriga de aplica-lo sistema de localización por satélite a tódolos buques pesqueiros de eslora total superior a 15 metros.

Esta orde ten por obxecto recolle-las modificacións normativas xurdidas a partir de 2002 na normativa comunitaria, e introduci-la posibilidade de utiliza-los avances técnicos que se produciron nos sistemas de comunicación por satélite nos últimos anos.

O sistema de localización de buques debe estar integrado por un centro de seguimento de pesca en terra, encargado de controla-las actividades de pesca, e o esforzo pesqueiro, e polos dispositivos de localización de buques vía satélite, instalados nos buques, que transmitirán automaticamente ó centro de seguimento.

Por outra parte, existen diversos dispositivos de localización de buques, polo que se considera adecuado que o propio usuario proceda á adquisición do que considere máis conveniente, sempre que cumpra os requisitos técnicos establecidos nesta orde. Os gastos pola compra e instalación dos equipamentos de localización de buques vía satélite instalados a bordo serán reembolsados ós Estados membros, segundo as decisións anuais da Comisión, relativas á contribución financeira destinada á realización de medidas previstas polos Estados membros para a aplicación dos réximes de control.

O centro de seguimento de pesca español deberá ter capacidade para comunicarse con, aproximadamente, 4000 buques pesqueiros españois con dispositivo a bordo, e cos centros de control instalados en diferentes países. Por iso, é necesario definir con precisión a forma e o contido das mensaxes intercambiadas entre os buques e o centro de control, co obxecto de conseguir un perfecto entendemento entre eles, así como a maior eficacia e economía posible nas comunicacións vía satélite.

Cumpríuse o trámite de comunicación á Comisión, previsto no artigo 38.2 do Regulamento (CE) 2847/93,